

Axenda Urbana de Santiago

Análise e Diagnóstico



**AXENDA
URBANA
2030**
SANTIAGO DE
COMPOSTELA



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Índice de contidos

0. INTRODUCCIÓN	6
1. TERRITORIO, PAISAXE E BIODIVERSIDADE	8
A. ANÁLISE XERAL	9
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	9
1.1. Modelo territorial	9
1.2. Patrimonio e paisaxe	21
1.3. Infraestruturas verdes e azuis	25
A2. MARCO DE GOBERNANZA	29
B. DATOS DESCRIPTIVOS	30
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE 30	
B2. OUTROS DATOS	32
C. ANÁLISE DAFO	34
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE TERRITORIO, PAISAXE E BIODIVERSIDADE	36
2. MODELO DE CIDADE	38
A. ANÁLISE XERAL	39
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	39
2.1. Modelo urbano	39
2.2. Usos e actividades urbanas	53
2.3. Espazo público	55
2.4. Medio ambiente urbano	57
2.5. Rexeneración urbana	62
2.6. Edificación	68
A2. MARCO DE GOBERNANZA	71
B. DATOS DESCRIPTIVOS	72
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	72
B2. OUTROS DATOS	74
C. ANÁLISE DAFO	76
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE MODELO URBANO	78
3. CAMBIO CLIMÁTICO E RESILIENCIA	80
A. ANÁLISE XERAL	81
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	81
3.1. Adaptación	81
3.2. Mitigación	92

3.3. Resiliencia	98
A2. MARCO DE GOBERNANZA	100
B. DATOS DESCRIPTIVOS	101
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	101
B2. OUTROS DATOS	102
C. ANÁLISE DAFO	103
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE CAMBIO CLIMÁTICO	106
4. XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS E ECONOMÍA CIRCULAR	108
A. ANÁLISE XERAL	109
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	109
4.1. Enerxía	109
4.2. Ciclo da agua	115
4.3. Ciclo dos materiais	119
4.4. Residuos sólidos urbanos	121
A2. MARCO DE GOBERNANZA	124
B. DATOS DESCRIPTIVOS	126
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	126
B2. OUTROS DATOS	127
C. ANÁLISE DAFO	128
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE TERRITORIO, PAISAXE E BIODIVERSIDADE	130
5. MOBILIDADE E TRANSPORTE	134
A. ANÁLISE CUALITATIVA	135
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	135
5.1. Cidade de proximidade	135
5.2. Modos de transporte sostibles	147
A2. MARCO DE GOBERNANZA	160
B. DATOS DESCRIPTIVOS	161
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	161
B2. OUTROS DATOS	162
C. ANÁLISE DAFO	163
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE MOBILIDADE	166
6. COHESIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES	168
A. ANÁLISE XERAL	169
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	169
6.1. Vulnerabilidade urbana: risco de pobreza e exclusión social	169

6.2. Igualdade de oportunidades: xénero, idade y discapacidade	178
A2. MARCO DE GOBERNANZA	198
B. DATOS DESCRIPTIVOS	200
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	200
B2. OUTROS DATOS	202
C. ANÁLISE DAFO	204
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA SOCIAL	207
7. ECONOMÍA URBANA	208
A. ANÁLISE XERAL	209
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	209
7.1. Estrutura produtiva local	209
7.2. Turismo	226
A2. MARCO DE GOBERNANZA	248
B. DATOS DESCRIPTIVOS	250
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	250
B2. OUTROS DATOS	251
C. ANÁLISE DAFO	253
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE ECONOMÍA URBANA	256
8. VIVIENDA	258
A. ANÁLISE XERAL	259
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	259
8.1 Parque de vivenda	259
8.2 Acceso á vivenda	273
A2. MARCO DE GOBERNANZA	275
B. DATOS DESCRIPTIVOS	276
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	276
B2. OUTROS DATOS	277
C. ANÁLISE DAFO	278
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE VIVENDA	280
9. ERA DIXITAL	282
A. ANÁLISE XERAL	283
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	283
9.1. Sociedade do coñecemento e Smart Cities	283
9.2. Administración electrónica e fenda dixital	288
A2. MARCO DE GOBERNANZA	294

B. DATOS DESCRIPTIVOS	295
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	295
B2. OUTROS DATOS	296
C. ANÁLISE DAFO	297
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE DIXITALIZACIÓN	
E INNOVACIÓN	299
10. INSTRUMENTOS E GOBERNANZA	302
A. ANÁLISE XERAL	303
A1. ÁMBITOS TEMÁTICOS AUE	303
10.1. Marco normativo e de planificación	303
10.2. Participación cidadá, transparencia y gobernanza	309
B. DATOS DESCRIPTIVOS	322
B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE	322
B2. OUTROS DATOS	223
C. ANÁLISE DAFO	324
D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN	326

Introdución

“A Axenda 2030 é un plan de acción en favor das persoas, o planeta e a prosperidade. Tamén ten por obxecto fortalecer a paz universal dentro dun concepto máis amplo da liberdade. Estamos decididos a liberar a humanidade da tiranía da pobreza e das privacións e a sandar e protexer o noso planeta. Tamén se pretende facer realidade os dereitos humanos de todas as persoas e alcanzar a igualdade entre os xéneros e o empoderamento de todas as mulleres e nenas.”

Así se abre o preámbulo da Axenda 2030 das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Sostible, na que se expón 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). O Goberno de España mostrou o seu compromiso coa Axenda non só a través de diferentes declaracións e iniciativas, senón tamén a través da elaboración dun Plan de Acción que pretende impulsar novas políticas, medidas, métodos de traballo e gobernanza, que concluirán coa adopción dunha Estratexia de Desenvolvemento Sostible 2020-2030 como principal resultado. O Plan de Acción da Axenda 2030, aprobado polo Goberno de España en xuño de 2018, parte da análise e do diagnóstico da situación dos ODS en España para expor unha serie de accións en forma de políticas públicas, medidas, gobernanza, seguimento e avaliación, a través das cales se porá en marcha a Axenda 2030 de forma inmediata. Unha das políticas máis relevantes identificada polo Goberno de España como unha das súas políticas panca, orientadas a acelerar a implementación dos ODS, é a Axenda Urbana Española.

A Axenda Urbana Española preséntase como un documento estratéxico de referencia, elaborado de acordo coa visión estratéxica e os retos expostos na Axenda 2030 e nas dúas Axendas Urbanas Internacionais aprobadas en 2016, **a Nova Axenda Urbana das Nacións Unidas** e **a Axenda Urbana Europea**. A Axenda Urbana Española enmárcase no ODS 11, “Cidades e Comunidades Sostibles”, cuxa finalidade son as cidades sostibles, inclusivas, seguras e resilientes, pero tamén se alíña perfectamente con outros ODS cos que as cidades gardan relación e promove sinerxías cos mesmos para aumentar as posibilidades de éxito no ámbito específico do ODS 11.

Tal e como se menciona no propio documento, a Axenda Urbana Española aposta por un modelo urbano de futuro, que trata de preservar e potenciar os valores da tradición urbanística española das cidades mediterráneas, caracterizadas por ser compactas, densas, cun tamaño medio, espazos urbanos seguros e por conceder protagonismo á vida en sociedade e fomentar a diversidade. Este modelo de cidade e os valores que representa reflíctense na definición dos obxectivos estratéxicos, dos obxectivos específicos e das liñas de actuación que se recollen no documento da AUE, e queda pendente de definición, pola parte das propias administracións públicas implicadas no seu deseño e execución, o plan de acción de cada unha delas, segundo a súa propia esfera competencial. Así, sobre a base dos obxectivos da AUE, **cada un dos actores que se comprometeron coa súa implementación poderá elaborar o seu propio plan de acción**. No caso dos Concellos, que son os



principais protagonistas do desenvolvemento urbano sostible, a implementación da Axenda require un compromiso especial, que deberá materializarse na elaboración do seu propio plan.

Con este documento de análise e diagnóstico da situación do municipio, o Concello de Santiago de Compostela arranca o proceso de deseño da súa propia axenda urbana, concibida como ferramenta de planificación estratéxica e de gobernanza que contribuirá á implementación da AUE, o que evidencia o compromiso municipal tanto coa propia AUE como coa Axenda Urbana Europea e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030.

En coherencia co anterior, a análise e o diagnóstico da situación do municipio, como primeiro paso para a elaboración da axenda urbana de Santiago de Compostela, abórdanse en relación con cada un dos dez obxectivos estratéxicos que se presentan na AUE, que, á súa vez, están aliñados coa nova Axenda Urbana Internacional e cos ODS. Por cada un dos devanditos obxectivos estratéxicos estableceuse un ámbito de análise e diagnóstico: (1) Territorio, paisaxe e biodiversidade; (2) Modelo de cidade; (3) Cambio climático e resiliencia; (4) Xestión sostible dos recursos e economía circular; (5) Mobilidade e transporte; (6) Cohesión social e igualdade de oportunidades; (7) Economía urbana; (8) Vivenda; (9) Era dixital e (10) Gobernanza.

A análise e o diagnóstico por cada un dos ámbitos permitirá mostrar os principais desafíos que o municipio ten que encarar e, a partir destes, xa nunha fase posterior, deseñarse a estratexia municipal, a súa visión, os seus obxectivos estratéxicos e específicos e as súas liñas de acción, en consonancia coa AUE.



01

Territorio, paisaxe e biodiversidade

A. Análise xeral | A1. Ámbitos temáticos AUE

1.1. MODELO TERRITORIAL


1.1.1. Área urbana e dinámicas territoriais

Segundo o último Atlas Estatístico das Áreas Urbanas de España (2020), a área urbana de Santiago componse dos municipios de Santiago de Compostela, Ames e Teo, de acordo coa delimitación xa proposta en anteriores versións deste documento. Situada sobre a depresión meridiana que percorre Galicia do sur ao norte, atópase nunha posición central respecto ao resto das cidades galegas. Forma parte do sistema de cidades que, desde Ferrol á fronteira portuguesa, forman o Eixo Atlántico galego, e que ten continuidade no norte de Portugal ata as cidades de Porto e Aveiro. Articulado pola autoestrada AP-9 e o tren de velocidade alta entre A Coruña e Vigo, este eixo vertebra as áreas economicamente e socialmente máis dinámicas da Galicia actual.


Como o resto das áreas urbanas galegas (agás Lugo), atópase debaixo da cota de 300 metros, na penetración do río Ulla cara ao interior de Galicia, e **insírese nunha rede fluvial que pon a cidade en relación co territorio da ría de Arousa, a través do val do Sar e da vila de Padrón.**

O modelo de continuos urbanos mostra como, desde a cidade de Santiago, se estenden fila-

mentos que seguen as vías históricas, especialmente en dirección suroeste e nordés, e forman un abanico coas zonas máis densas dos municipios de Teo e Ames, onde destacan os núcleos do Milladoiro e Bertamiráns, zonas de clima máis tépedo que o norte de Santiago e relativamente chairas, sobre todo no denominado Val da Maía.



Penetración das cotas 100 e 300 metros en relación co sistema urbano. Fonte: J.G. Harguindey. Elaboración propia.



Modelo de densidades e continuos urbanos. Fonte: J.G. Harguindey. Elaboración propia.


A nivel de tecidos urbanos, atopámonos **cunha área urbana fortemente polarizada sobre o seu núcleo central**, a cidade de Santiago de Compostela, cos seus tecidos densos, compactos e continuos da cidade histórica e o ensanche prolongados por unha serie de polígonos residenciais de diversas tipoloxías edificatorias (bloque aberto, bloque pechado e diferentes mesturas de ambos). Na periferia sur, aparecen tres polaridades urbanas no bordo exterior do límite municipal compostelán: O Milladoiro e Bertamiráns, no municipio de Ames, e Os Tilos, no municipio de Teo. Cunha lóxica similar, aínda que a unha distancia maior, aparece o núcleo urbano de Sigüeiro (Oroso) pegado ao límite norte do municipio de Santiago. Os núcleos do Milladoiro e Bertamiráns desenvólvense con tipoloxías edificatorias moi densas de bloque pechado (especialmente no primeiro caso) e, en menor medida, de bloque aberto. **En toda a periferia sur, que xeográficamente vén coincidir co Val da Maía, prodúcese unha forte dispersión urbana**, ao aparecer salpicadas polo territorio unha serie de pequenas urbanizacións residenciais

de vivenda unifamiliar, en localizacións con boa accesibilidade, e un rosario de vivendas unifamiliares dispersas. O resto do territorio, con moita menos densidade poboacional e edificatoria, está dominado por asentamentos rurais e vivendas unifamiliares dispersas. Por outra banda, débese sinalar que **a localización da industria móstrase moi concentrada no municipio de Santiago, no polígono do Tambre e outros anexos, aínda que recentemente foron aparecendo outros en localizacións exteriores a este: O Milladoiro, Sigüeiro, O Pino etc.**

En canto á evolución demográfica, pódense observar, na análise comparada dos municipios da área urbana (Santiago, Ames e Teo) entre 1900 e 2011, dous períodos claros. De 1900 a 1991, onde Santiago aumentou a súa poboación a un ritmo

constante ata traspasar a barreira dos 100 000 habitantes en 1991 (105 851, segundo o censo), e é o municipio que máis crece en termos porcentuais dos tres que compón a área urbana (400 %). O segundo período, desde 1991 ata hoxe, rexistra un cambio de tendencia e Santiago comeza a perder poboación en favor de Ames e, en menor medida, de Teo. En apenas unha década, Santiago perdeu 10 000 habitantes e cae por debaixo dos 100 000, estabilizándose ao redor de 95-98 000. Ao mesmo tempo, **Ames e Teo situábanse, conxuntamente, ao redor dos 50 000 habitantes, o que supón un terzo do total da área urbana.**

Evolución da poboación municipal 1900-2011



Evolución da poboación municipal 1900-2011


	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2011
Santiago	24.120	24.637	25.870	38.270	49.191	55.553	57.165	70.893	93.695	105.851	93.381	95.397
Ames	7.097	7.271	7.334	7.602	9.153	9.425	9.597	9.833	9.166	9.864	17.737	29.106
Teo	7.036	7.194	7.496	7.998	8.930	9.242	9.848	11.179	10.986	13.066	14.894	18.472
ÁREA URBANA	38.253	39.102	40.700	53.870	67.274	74.220	76.610	91.905	113.847	128.781	126.012	142.975

Evolución da poboación municipal 1900-2011 (Censos). Fonte: INE, 2021. Elaboración propia.

Ames experimenta, durante o período 1991-2011, o maior aumento porcentual de poboación da súa historia, un 271 %, que fai que supere Santiago no crecemento porcentual histórico (un 410 % en total) e se sitúe de maneira clara como o segundo municipio con máis poboación da área. Para comprender mellor a magnitude do incremento da poboación de Ames nun período

tan curto basta observar que, en 1991, Teo tiña 3000 habitantes máis que Ames, mentres que 20 anos despois este último superaba en 10 000 habitantes a poboación do primeiro. Á súa vez, Teo presentara desde o censo de 1981 un aumento continuo da súa poboación e alcanzara un incremento total do 106 % entre 1981 e 2011.

Evolución da poboación municipal 1900-2011 (base 100)



Á espera dos datos do censo de 2021, o padrón anual indícanos que o cambio de tendencia que se empezou a observar en 1991 mantense: Ames segue o seu ascenso e xa supera os 30 000 habitantes (32 104, INE 2020), Teo estáncase (18 632) e Santiago segue sen superar a barreira dos 100 000 que alcanzou en 1991 e perdeu 10 anos despois (97 848). **Este cambio de ten-**

dencia poboacional, unido ao feito de que a influencia económica de Santiago na área urbana se mantivo, dá lugar a unha serie de retos de futuro que requirirán profundas políticas públicas, como é o caso do aumento no fluxo diario de persoas desde os municipios limítrofes cara a Santiago, por motivos laborais.


	2004		2011		2020	
Ames	20 840	100 %	28 852	138 %	32 104	154 %
Teo	16 428	100 %	18 266	111 %	18 632	113 %
Santiago de Compostela	92 298	100 %	95 207	103 %	97 848	106 %
ÁREA URBANA	129 566	100 %	142 325	110 %	148 584	115 %

Evolución da poboación dos municipios da área urbana de Santiago, 2004-2020 (Padrón). Fonte: INE. Elaboración propia.


Non se debe obviar o impacto que este cambio de tendencia produciu sobre a composición sociolóxica da cidade. Os datos do INE neste sentido son claros: un 22,3 % da poboación ten máis de 65 anos (arriba da media española), e, pola contra, só un 12 % está por debaixo dos 14; **o grupo de idade máis numeroso é o comprendido entre os 40-44 anos, polo que, a medio prazo, o envellecemento se agravará e derivará nunha necesidade crecente de políticas públicas asistenciais.**



Ao comparar as pirámides poboacionais de 2004 e 2020, faise evidente que a composición demográfica da cidade en 2020 é practicamente a mesma que en 2004, só que envellecida 20 anos. É dicir, non houbo neste período unha entrada de poboación nova que renovase a parte inferior da pirámide, ao contrario dos municipios periféricos.

Comparación Pirámide de Poboación
2004-2020 Ames




Comparación Pirámide de Poboación
2004-2020 Santiago de Compostela





Pirámides de poboación 2004-2020 dos municipios da área urbana de Santiago de Compostela.
Fonte: INE, 2021. Elaboración propia.

No caso de Ames, ao comparar a pirámide de poboación do 2020 coa do 2004, apréciase claramente o aumento poboacional que seguiu experimentando o municipio durante este período. Aínda que se atopan grupos máis numerosos na franxa de idade de 30 a 60 anos, o que correspondería ao envellecemento natural da poboación residente (como no caso de Santiago), en 2020 estamos ante unha pirámide poboacional dinámica, onde a porcentaxe de menores de 14 anos (17 %) supera a da poboación maior de 65 anos (13 %). Non obstante, cómpre sinalar que a franxa de idade de 40 a 54 anos alcanza xa o 30 % da poboación, o que nos lembra os dous grandes retos xa citados que afectan a área urbana no seu conxunto: un desafío inmediato, que é a xestión sostible do fluxo diario de desprazamentos, en particular, das persoas en idade activa que se dirixen a un posto de traballo que, en moitos casos, non se atopa no seu municipio de residencia; e un segundo desafío a medio prazo, que terá lugar cando chegue a xubilación do actual 30 % de poboación de 40 a 54 anos de Ames, o que implicará necesidades asistenciais, de servizos ou de lecer, moi diferentes ás actuais.



Densidade de poboación 2017 a nivel de sección censual. Fonte: INE, 2021. Elaboración propia.

O mapa da densidade de poboación a nivel de sección censual do ano 2017 mostra o predominio da cidade de Santiago, con valores que superan os 3000 habitantes por km² na súa parte central, diminuíndo cara ao sur, con valores arriba dos 400 hab/km². Os crecementos periféricos dentro da área urbana concéntranse en núcleos de alta densidade, que superan os 1500 habitantes por km², como Bertamiráns, O Milladoiro ou a zona de Cacheiras, onde se forma un crecemento de carácter lineal vinculado á estrada que une Santiago e A Estrada. A parte norte do concello de Santiago é a área de menor densidade de poboación deste ámbito, con densidades inferiores aos 100 hab/km², mentres, na parte sur, se forma un gran continuo urbano con predominio da vivenda unifamiliar, que orixina espazos que superan amplamente os 100 hab/km². No bordo exterior da área urbana, aparecen núcleos illados de alta densidade de poboación, como Negreira, Sigüeiro ou Brión.

Variación de poboación 2010-2020 por entidade de poboación


		2010			2020			
		Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Vrel
Santiago de Compostela	Santiago	78.550	36.286	42.264	81.695	37.654	44.041	104,0%
O Milladoiro	Ames	11.359	5.458	5.901	13.348	6.358	6.990	117,5%
Bertamiráns	Ames	7.166	3.519	3.647	8.949	4.291	4.658	124,9%
Os Tilos	Teo	2.159	1.060	1.099	1.988	974	1.014	92,1%
Cacheiras	Teo	2.251	1.115	1.136	1.351	649	702	60,0%
Fixo	Teo	577	289	288	891	431	460	154,4%
Aldea Nova	Ames	898	438	460	867	427	440	96,5%
San Marcos	Santiago	826	371	455	770	335	435	93,2%
Roxos	Santiago	320	154	166	723	348	375	225,9%
A Ramallosa	Teo	543	284	259	699	361	338	128,7%
Outeiro Do Castiñeiriño	Santiago	534	259	275	519	250	269	97,2%

Fonte: INE 2021. Elaboración propia.

Por outra banda, as proxeccións de poboación do Instituto Galego de Estatística (IGE) prevén, na comarca de Santiago, un incremento poboacional próximo ao 2 % entre 2019 e 2035 (de 170 984 a 173 042 habitantes), cun crecemento inicial moderado pero continuo que, a partir de 2025, daría paso a un estancamento demográfico. **Esta tendencia demográfica, mo-**


deradamente positiva, contrasta coa tendencia xeral esperada para o conxunto de Galicia: forte descenso da poboación, perdendo ata o 7 % dos seus habitantes durante o mesmo período. Dentro desta dinámica xeral, as contornas metropolitanas poderían manter ou incrementar levemente a súa poboación fronte ao despoamento xeneralizado do rural.

Proxeccións de poboación 2019-2035 (base 100)



O mapa do índice de envellecemento de 2017 a nivel de sección censual mostra que a parte sur da área urbana presenta os valores máis baixos de envellecemento, sobre todo nos mencionados núcleos de Bertamiráns, O Milladoiro e no corredor de Cacheiras, pero tamén, aínda que sen chegar a eses niveis, dos espazos interme-

dios entre eles. É unha zona onde, en xeral, o índice de envellecemento é inferior a 1 e, nas zonas máis dinámicas socioloxicamente, chega a un índice menor de 0,50 (dous menores de 16 anos por cada maior de 65 anos).



Índice de envelhecimento 2017 a nivel de sección censual.
Fonte: INE, 2021. Elaboración propia.

As proxeccións do índice de envelhecimento da poboación, proporcionadas polo IGE para o período 2019-2035, indican unha forte tendencia ao envelhecimento da poboación. Pasan dun índice medio para o ámbito estudado do 113,4 a valores próximos ao dobre, o que suporá que a proxección de idade media aumente dos 44,8 anos aos 49,6.

Proxeccións indicadores de envelhecimento 2020-2035



	2020	2022	2024	2026	2028	2030	2032	2034	2035
Índice de envelhecimento	113,4	120,5	129,4	140,6	153,2	169,2	186,2	203,9	212,6
Índice de sobreenvellecemento	17,3	17,8	17,1	16,4	16,2	16,7	17,2	17,7	17,9
Índice de dependencia global	51,8	52,6	53,4	54,2	55	56,4	57,8	60	61,4
Idade media	44,8	45,4	46,1	46,8	47,5	48,1	48,8	49,3	49,6

O tamaño medio do fogar, como tendencia xeral, veu decaendo nas últimas décadas, particularmente en ámbitos urbanos, pero, máis recentemente e de maneira brusca, debido ao envelhecimento da poboación nas contornas rurais. No noso ámbito de estudo, atopamos os valores maiores desta variable nos municipios periféricos da área urbana e mesmo en sectores interiores como as zonas oriental e nordeste do municipio de Santiago, con valores superiores a 3, mentres os valores menores se atopan no núcleo urbano de Santiago de Compostela, con datos que van de 2,25 a 2,50. Os valores intermedios, con indicadores superiores a 2,50, aparecen sobre todo no ámbito meridional da área urbana, coincidindo, en gran medida, coa distribución espacial do índice de envelhecimento.

Isto mostra o fenómeno a través do cal a poboación en idade de ter fillos se situou fóra da cidade central e principalmente nos municipios do sur.

A proxección do tamaño medio do fogar para o período 2018-2033, realizada polo IGE, prevé un lixeiro aumento do tamaño medio do fogar para toda Galicia e pasa do 2,6 actual ao 2,64, unha tendencia basicamente estable. Con todo, para a área urbana de Santiago prevé un escenario no que se daría un fenómeno inverso: **o tamaño medio do fogar mostraría unha significativa diminución, ao pasar do 2,55 actual ao 2,46 de 2033, cun forte aumento dos fogares unipersoais, especialmente de maiores de 65 anos.**

Proxeccións do tamaño medio do fogar 2018-2033



Parques empresariais existentes e previstos. Fonte: IET, Xunta de Galicia. Elaboración propia.


En canto á distribución da actividade económica, o directorio de empresas Ardán de 2016 ofrece un dato moi representativo: **8 de cada 10 empresas que teñen a súa sede social na área urbana están localizadas en Santiago de Compostela.** Isto ten unhas consecuencias que exceden o ámbito municipal de Santiago de Compostel, e afectan a toda a área urbana. Lembremos os escenarios poboacionais, xa vistos en puntos anteriores, nos que a cidade central perdía habitantes en idade activa en favor dos outros dous municipios da área urbana. O escaso tecido empresarial que presentan Ames e Teo, unido ao grandísimo peso de Santiago de Compostela neste aspecto, provoca que unha gran maioría de poboación en idade activa (aproximadamente o 74 % da poboación en Ames e o 70 % da de Teo) dos municipios lindeiros teña o seu posto de traballo na capital galega e deban desprazarse diariamente entre dous municipios, o que provoca un verdadeiro (e importante) reto de presente para a área urbana: lograr unha mobilidade áxil, económica e sostible entre os tres municipios que a compoñen.

1.1.2. Instrumentos de ordenación do territorio

O marco legal da ordenación do territorio en Galicia establéceo a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. Para iso dispón dos seguintes instrumentos: as directrices de ordenación do territorio, os plans territoriais (integrados ou especiais), os plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico.

As **Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia** (DOT), aprobadas o 10 de febreiro de 2011, son as encargadas de definir o modelo territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo, en relación co sistema urbano, os ámbitos supramunicipais de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos. Este instrumento establece ademais a xerarquía territorial dos asentamentos urbanos, formando os dous primeiros niveis xerárquicos: as rexións urbanas (A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra) e as áreas urbanas (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra e Ferrol).

As DOT definen a área urbana de Santiago de Compostela como ‘nodo de calidade urbana’ e sinalan a súa condición de capital de Galicia, con implicacións en canto a representatividade e crecemento dos servizos administrativos e a súa afirmación como destino turístico cultural de carácter internacional, apoiada nos seus valores históricos e no acertado da súa planificación urbanística. O carácter nodal vén dado pola súa posición central no sistema urbano galego e en relación coas infraestruturas aeroportuarias e ferroviarias. Indícase a necesidade de estratexias de cualificación da área urbana, aínda que sen establecer unha delimitación territorial e administrativa precisa desta.



Área urbana de Santiago de Compostela. Fonte: Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, 2011.

A ordenación territorial das áreas urbanas corresponde aos plans territoriais integrados, xa que son os “instrumentos dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais que, ben por presentar características homoxéneas, ben polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas ou dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado”. Os ámbitos dos PTI deberían estar definidos nas DOT, aínda que as hoxe vixentes (anteriores á Lei 1/2021) **non os establecen. Polo tanto, non existe a día de hoxe instrumento ningún de planificación territorial que se**

ocupe de ordenar a área urbana de Santiago no seu conxunto.

Por outra banda, existe unha serie de instrumentos de ordenación do territorio vixentes con incidencia dentro do termo municipal de Santiago: cinco plans sectoriais e dous proxectos sectoriais, algúns de ámbito territorial autonómico ou moi superior ao municipal (e ao metropolitano) e outros restrinxidos a espazos moi concretos. Unicamente o plan sectorial da rede viaria é o que presenta unha dimensión propia da área urbana.

Tipo de Instrumento	Denominación	Data aprobación
Directrices de ordenación do territorio	Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia	2011.02.10
Plan sectorial	Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia	2014.04.30
Plan sectorial	Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por Retegal	2013.05.02
Plan sectorial	Rede Viaria de Santiago, Ames e Teo	2003.07. 24
Plan sectorial	Plan sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa	2001.11.29
Plan sectorial	Cidade da Cultura.	1999.07.29
Proxecto sectorial	Parque empresarial de Sionlla (Santiago de Compostela).	2007.06.07
Proxecto sectorial	Gasoduto Vilalba-Tui	1996.09.26

Instrumentos de ordenación territorial vixentes no municipio de Santiago de Compostela . Fonte: SIOTUGA.

O **Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo**, aprobado o 24 de xullo de 2003, propoñía unha serie de accións agrupadas en tres tipoloxías: novas vías de alta capacidade e/ou longo percorrido encamiñados á mellora da articulación viaria interurbana (cinto oeste e conexión N-550/A-9/Autovía de Lavacolla); pequenas vías de conexión urbana e periurbana para desconxestionar as travesías (variante de Aradas e vía de conexión N-525/N-634/Autovía de Lavacolla); e un grupo de actuacións orientadas á mellora da calidade e seguridade viaria en zonas urbanas e rurais da comarca (terceiro carril A-9; liberar de peaxe en novos tramos da A-9; cuarto movemento na ligazón de Cornes; variante Pontepedriña-Cornes-Romero Donallo;

variante C-543 en Roxos).

Unha parte destas vías previstas están a día de hoxe en funcionamento: dous tramos do cinto oeste: a AC-522, que circunvala o núcleo de O Milladoiro (Ames) entre Pardiñas e As Galanas (Teo) e a AG-58, entre Cacheiras (Teo) e a AG-59; a ampliación da AP-9 coa ligazón á Cidade da Cultura ou as novas variantes e ligazóns na zona de Cornes e Pontepedriña. Tamén está operativa desde hai anos a Autovía Santiago-Brión. Con todo, está pendente de completar a maior parte do cinto oeste, así como o orbital nordés e a vía que enlazará a estrada N-525 e a A-54, coas que quedaría completamente pechado o anel viario exterior de Santiago de Compostela.

O **Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais**, aprobado o 30 de abril de 2014, inclúe, a nivel de área urbana, un total de 24 áreas empresariais (doce en Santiago de Compostela, tres en Ames, dúas en Boqueixón, unha no Pino, tres en Oroso , unha en Teo e dúas en Vedra). De entre estas oito estaban en funcionamento na data de aprobación do Plan, cunha superficie total de 255 ha; dúas, en execución (234 ha); sete, en tramitación (228 ha); dúas, en estudo (74 ha); e cinco constituían novos solos delimitados (296 ha). En total, 1087 ha de solo empresarial distribuído de modo desigual: unha gran concentración de polígonos na zona norte da cidade de Santiago; unha serie de áreas empresariais distribuídas polos concellos do sur; e dous enclaves estratéxicos, en Sigüeiro e O Pino.

1.2. PATRIMONIO E PAISAXE

1.2.1. Patrimonio cultural e natural

A cidade de Santiago de Compostela é singularmente rica en patrimonio cultural: o centro histórico e os camiños de acceso a este, que conformaron os rúeiros, barrios extramuros que se situaban ao longo dos camiños de acceso ás portas da muralla, que á súa vez constituían os tramos finais dos diferentes itinerarios de peregrinación. Estes espazos urbanos acollen os principais elementos de valor patrimonial.

O Plan xeral sinala no seu catálogo a existencia dunha serie de elementos declarados BIC, como o conxunto da cidade histórica, o conxunto formado pola igrexa e o mosteiro de Santa M.^a de Conxo, Manicomio, Hortas e núcleo de Conxo de Abaixo e Campo de Conxo, así como o Camiño Francés. A cidade histórica contén, á súa vez, sete BIC no seu interior: conxunto de San Francisco, conxunto de Santo Domingo de Bonaval, Hospital Real, Pazo de San Lourenzo, conxunto da Catedral, Pazo Arcebispaal-Pazo de Xelmírez, Colexiata de Santa M.^a a Real de Sar.

O patrimonio natural de Santiago de Compostela e a súa área urbana está fundamentalmente ligado á súa rede fluvial. O río Tambre, ao norte do municipio, está protexido nunha parte do seu percorrido como espazo de Rede Natura 2000. Os ríos Sar e Sarela son os principais soportes de zonas verdes e espazos de natureza na cidade e tamén enlazan con espazos de Rede Natura 2000, ao paso do río Sar polo núcleo de Bertamiráns e desde aí ata a súa desembocadura no río Ulla. Tamén é destacable a este respecto o conxunto dos montes que rodean a cidade.

1.2.2. Paisaxe urbana e rural

O Catálogo das paisaxes de Galicia enmarca a área de Santiago de Compostela dentro da Gran Área Paisaxística Central que, á súa vez, para os efectos da catalogación, se subdivide en oito comarcas paisaxísticas. Na comarca paisaxística de Terra de Santiago-A Barcala (7.2), non só aparecen os municipios de carácter metropolitano como Santiago, Ames, Teo e Brión, senón tamén outros como Vedra, partes de Boqueixón, Padrón, Rois e Negreira; ou A Baña e Val do Dubra. O municipio de Oroso intégrase na comarca de Terra de Ordes, e O Pino, na comarca de Terra de Melide-Arzúa. As principais unidades de paisaxe que configuran o territorio da área urbana de Santiago son as seguintes:

Unidades con tipo de paisaxe conxunta histórica, correspondente aos tecidos urbanos históricos delimitados polo PEPRCH, para as cales as directrices de paisaxe promoven a recuperación das edificacións existentes fronte a novas construcións e a vertebración a través duns espazos públicos vivos, habitados e con diversidade de usos.

Unidades con tipo de paisaxe urbana, correspondente ás áreas de cidade compacta, para as cales as directrices de paisaxe promoven unha xestión que favoreza a compactidade e a diversidade de usos compatibles co residencial, integrando a edificación contemporánea.

Unidades con tipo de paisaxe rururbana (diseminada), que ocupan o perímetro da cidade e que se estenden a través do Val da Maía e as súas prolongacións. As directrices buscan aquí que os asentamentos e as construcións se integren na paisaxe, planificados segundo as necesidades de desenvolvemento e buscando a súa compactidade e uns asentamentos rurais que conserven as súas características tradicionais e manteñan o carácter propio do núcleo preexistente e a súa vinculación coa contorna, conservando e valorizando as edificacións tradicionais.

Unidades con tipo de paisaxe de agrosistema intensivo (plantación forestal) que aparecen, en xeral, entrelazadas co ámbito rururbano. As directrices promoven harmonizar unha silvicultura produtiva cunha paisaxe de calidade estética (mestura de especies e idades, bordos harmónicos...), ademais duns espazos forestais xestionados mediante unha planificación forestal, baixo criterios paisaxísticos e coa busca de diversidade de usos e valores.

Unidades con tipo de paisaxe de agrosistema intensivo (mosaico agroforestal), estendido polo conxunto do ámbito, aínda que de maneira fragmentada. As directrices expoñen un mosaico agroforestal no que se recupere a variedade estética e textural, e os valores ecolóxicos asociados, con transicións harmónicas entre usos que respecten a vexetación e os sistemas de peche existentes nos lindes, e no que se promova a consolidación e a expansión de especies autóctonas variadas que doten o mosaico de diversidade ecolóxica e textural.

Unidades con tipo de paisaxe de agrosistema extensivo, que se concentran fundamentalmente no extremo noroccidental do municipio de Santiago. As directrices establecen aquí unha harmonización con bosquetes de frondosas autóctonas, dentro dun modelo produtivo sostible e novas praderías nas que se conserven ou cren sebes, muradelas, aliñacións de árbores e outros sistemas de delimitación tradicionais da paisaxe ligados ao uso.

Unidades con tipo de paisaxe de matogueira e rochedo, que aparecen dispersas por todo o ámbito, xeralmente ao redor dos montes. As directrices promoven a conservación a través dunha actividade agropecuaria que manteña espazos vivos e resilientes ante as dinámicas de abandono e a proliferación de especies invasoras, mediante criterios produtivos ecoloxicamente viábeis e contribuíndo a unha paisaxe de calidade natural e variedade textural.

1.2.3. Instrumentos de planificación.

En relación co patrimonio cultural e natural do municipio de Santiago de Compostela, o catálogo do **Plan xeral de ordenación municipal**, aprobado en 2007, identifica, dentro do conxunto da cidade histórica, 34 edificios monumentais, 68 edificios de singular valor arquitectónico, 293 edificios de interese tipolóxico e arquitectónico e 1411 edificios de interese ambiental. Fóra da cidade histórica, catalóganse 61 elementos de arquitectura urbana, 136 elementos arqueolóxicos, 23 conxuntos parroquiais, 16 igrexas, ermidas e capelas; 117 edificios e conxuntos rurais; 85 muíños, 75 elementos de arquitectura do territorio e 41 elementos menores. En canto aos bens naturais e paisaxísticos, o PXOM cataloga sete espazos naturais protexidos e zonas húmidas (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais do Río Tambre, Brañas de Vrins, Volta das Hortiñas, A Carballa, Encoro de Fecha; ríos Tambre, Penamoura, Gatofero e Oufín e río de Santa Lucía); o sistema hidrográfico formado por cinco ríos, 53 afluentes e dúas zoas húmidas (Brañas do Sar e Brañas do Sarela), 15 áreas de interese paisaxístico, 53 montes e 44 masas forestais de caducifolias.

O **Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica**, aprobado en 1997, centrou as súas actuacións en dous problemas fundamentais: a preservación de usos residenciais na cidade histórica, con mellora das condicións habitacionais, e a rexeneración ambiental dos espazos libres que, aínda que en estado marxinal, foran conservados. Mediante centenas de actuacións con axuda pública e outras tantas de iniciativa privada, conseguíuse levar a cabo un proceso de rehabilitación xeneralizado con esixentes criterios ambientais e patrimoniais. Este plan obtivo en 1998 a concesión do Premio Europeo de Urbanismo da Comisión Europea e o Consello Europeo de Urbanistas.

O **Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela** (Patrimonio da Humanidade-Unesco) é un instrumento de orientación estratéxica integradora que acompaña a revisión do Plan especial da cidade histórica, que fixa os compoñentes principais da estratexia de ordenación, conservación e xestión da cidade histórica e a súa contorna. Este plan inclúe oito obxectivos estratéxicos: A. Desenvolver o potencial de acollida residencial da cidade histórica e recuperar as actividades comerciais e culturais propias e específicas; B. Asegurar a conservación do patrimonio histórico-arqueolóxico nos seus compoñentes e na súa estrutura relacional; C. Integrar a cidade histórica na súa base territorial; D. Reorientar o modelo turístico; E. Profundar no coñecemento do patrimonio, comunicar e educar; F. Impulsar a relación da cidade histórica coa innovación e o coñecemento; G. Integrar a cidade histórica no seu contexto urbano e comarcal; H. Establecer un sistema de gobernanza específico, eficaz, transparente e participativo.

A **Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado de Santiago de Compostela** (EDUSI), de xaneiro de 2016, recolle tres liñas de actuación, con diversas accións aliñadas con este obxectivo específico:

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en materia de patrimonio cultural/natural e paisaxe

A7. Recuperación e promoción do patrimonio cultural

Acondicionamento exterior do Castelo da Rocha
Restauración da contorna dos ríos Sarela, Sar e Vilar

A8. Rehabilitación e promoción do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural

Acondicionamento interior do Castelo da Rocha
Rehabilitación do edificio Casa das Máquinas

A9. Desenvolvemento e promoción de activos culturais e naturais orientados ao turismo

Recentemente púxose en marcha a redacción do **Plan director do parque da Alameda** e do **Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo**. O primeiro deles redáctase co fin de establecer as pautas para a restauración e mantemento futuro do parque e incluírá os espazos situados entre a trama urbana e a alameda, así como as conexións e relacións co Campus Sur da Universidade de Santiago. O segundo inclúe os seus xardíns e hortas, zona de acceso e núcleos da contorna, correspondente ao ámbito PE-1R do PXOM. Na redacción do plan deberán reflectirse, entre outros aspectos, a importancia de preservar a calidade da paisaxe e do patrimonio edificado, mellorar a accesibilidade desde outros puntos da cidade, ademais dun sistema de xestión e sostibilidade que garanta a protección efectiva da área e os bens que abarca.


En canto ás políticas de paisaxe, o marco regulador galego deriva do Convenio Europeo da Paisaxe (CEP), que deu lugar á aprobación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Esta lei establece os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe na comunidade autónoma galega e o seu desenvolvemento está a articularse a través da **Estratexia da Paisaxe de Galicia** e das súas sucesivas revisións. Por mor destes traballos fóronse aprobando diferentes instrumentos normativos e técnicos: **Catálogo das paisaxes de Galicia, Mapa das Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia, Regulamento da Lei de protección da paisaxe de Galicia e Directrices de paisaxe de Galicia**.

Polo momento, non existe ningún instrumento específico de ordenación da paisaxe da cidade de Santiago de Compostela nin da súa área urbana. En primeiro lugar, porque o PXOM de 2007 é anterior e, por tanto, non recolle as determinacións das Directrices de paisaxe; pero tampouco se desenvolveron catálogos nin directrices locais, nin plans de acción da paisaxe ou pactos pola paisaxe.

1.3 INFRAESTRUTURAS VERDES E AZUIS


1.3.1. Elementos existentes

Segundo o indicado no SIOSE, na área Urbana de Santiago coexisten 21 tipos de solos diferentes, para unha superficie total de 45 988 hectáreas. O máis estendido son os prados e cultivos, que ocupan o 25 % desta superficie total (11 516 hectáreas), aínda que ao sumar todos os elementos de solo que compoñen o monte, comprobamos que é maioritario ao ocupar 25 901 hectáreas, o 56 % da superficie total. Divídese en monte alto, que ocuparía un 28 % da superficie total (13 101 hectáreas), e monte baixo, que ocuparía o 18 % (8112 hectáreas). Así, a área urbana presenta un solo dominado en máis da metade da súa superficie por montes, mentres que un cuarto do total está ocupado por prados e cultivos.



Usos do solo SIOSE 2016. Fonte: IGN 2020. Elaboración propia.

O territorio no cal se sitúa a cidade de Santiago é un espazo profundamente transformado na súa estrutura parcelaria e nas formas da súa paisaxe agraria. **As zonas de cultivo neste ámbito caracterízanse por sufrir un intenso e extenso proceso de concentración parcelaria** que ten orixe na década de 1950. A rede viaria que articula estes espazos, de nova creación, que en teoría debería servir para mellorar a produtividade do espazo agrario, está a dar lugar a crecementos residenciais de baixa densidade. De igual maneira, están a ser paulatinamente substituídos os cultivos por masas forestais, especialmente de eucaliptos e piñeiros, seguindo unha tendencia que se dá en toda Galicia.




Concentracións parcelarias e montes comunais. Fonte: IET Galicia. 2016. Elaboración propia.

Por outra banda, **a rede viaria de alta capacidade, que tivo un gran desenvolvemento na área urbana de Santiago durante as últimas décadas, está a producir unha elevada fragmentación do espazo a nivel ambiental**, especialmente na periferia sur.

En canto ao sistema ambiental da área urbana, habería que destacar, en primeiro lugar, os espazos pertencentes á Rede Natura 2000. Neste caso, establécense tres ámbitos ZEC nas proximidades da área urbana de Santiago, dous deles relacionados co río Tambre (río Tambre, de 583 ha, e Esteiro do Tambre, de 1582 ha), e un ámbito relacionado cos ríos Ulla-Deza (Sistema Fluvial Ulla-Deza, de 1633 ha). O ZEC do río Tambre engloba os espazos asociados á conca media, entre as comarcas de Ordes e Santiago. O esteiro do Tambre comeza no fondo da ría de Muros e Noia, e intérase curso arriba polo tramo baixo deste río.

Así mesmo, a área urbana inclúe tres AEIP (Áreas de Especial Interese Paisaxístico) da Estratexia Galega da Paisaxe, así como outras catro nos límites norte e oeste, e unha máis no límite sur. As Torres de Altamira, situadas no municipio de Brión, supoñen unha atalaia sobre ou Val da Maía. O Monte do Pedroso, punto elevado ao NO da cidade de Santiago, forma un miradoiro sobre esta. A Carballeira de Bando, situada ao leste da cidade, na parroquia do mesmo nome, é unha zona de interese de bosque autóctono. Na límites da área urbana protéxense varias zonas asociadas ao río Tambre: no límite oeste os Muíños de Ons, asociados ao rego dos Chavielos, preto da súa desembocadura no Tambre; Ponte Maceira, entre Ames e Negreira, constitúe un conxunto monumental ao redor do río; Portomouro, en Val do Dubra, no límite norte da área, interesante polo seu bosque de ribeira. En Chaián atopamos outro bosque de ribeira asociado ao Tambre. No extremo sur da área urbana sitúase o AEIP de Baixo Ulla-Xirimbao, ligada ao río Ulla entre os municipios de Teo e A Estrada.

Por outra banda, a delimitación de áreas inundables destaca os cursos fluviais do Sar e Sarela na cidade de Santiago, as brañas situadas ao sur de Bertamiráns e no núcleo de Padrón, así como diversos emprazamentos do curso do río Tambre.



Elementos existentes para a definición dunha infraestrutura verde da área urbana de Santiago de Compostela. Escala 1:250.000. Fonte: Varias. Elaboración propia.

Os elementos citados presentan unha **carencia de conectividade que permita configurar unha verdadeira malla verde territorial. Con todo, si sería razoable pensar que estes elementos existentes no territorio poidan chegar a constituír a base para o establecemento dunha infraestrutura verde de escala territorial para a área urbana de Santiago de Compostela.** Neste sentido, a cidade de Santiago podería desempeñar, a nivel de infraestrutura verde, o papel de conector ambiental dos espazos de Rede Natura 2000 da conca do río Ulla, ao sur, e do río Tambre, ao norte. Así, o río Sar actuaría, neste caso, como gran conector ambiental e como columna vertebral que permita dotar dunha estrutura territorial ben articulada á área urbana de Santiago.

1.3.2. Instrumentos de planificación

A nivel tanto municipal como de área urbana, Santiago de Compostela non dispón dunha estratexia ou plan de infraestrutura verde adaptado aos requirimentos do marco normativo anteriormente citado. Con todo, si ten un documento de escala municipal que se pode considerar un precedente deste tipo de políticas: o **Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela**, de decembro de 2010. Trátase dun instrumento de grande interese, cuxas análises e propostas sería interesante integrar nun documento novo e que se presenta como un instrumento de transformación que contribuiría á sostibilidade da cidade, que actúa sobre os espazos verdes, entendidos como espazos de oportunidade, e que incide sobre dous dos fluxos urbanos (auga e materia orgánica) que tradicionalmente caracterizaron a forma urbana e a súa relación co metabolismo. As propostas céntranse na substitución de parte da fertilización por compostaxe dos restos de sega dos propios espazos verdes; a dependencia do consumo de verduras, hortalizas, legumes e tubérculos do menú das escolas de Santiago da produción agroecolóxica da cidade e a definición de 16 concas e subconcas como unidades de proxecto dos espazos verdes, do espazo público e das infraestruturas relacionadas co escoamento da auga.

Tamén cómpre destacar, en materia de infraestruturas verdes, as previsións contidas na **Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032**, que aborda a consolidación do anel de espazos verdes e a potenciación da rede de sendeiros que vinculan os espazos que contén este xunto cos corredores fluviais.

A2. MARCO DE GOBERNANZA

As políticas territoriais supoñen, desde o punto de vista da gobernanza, un dobre reto: por unha banda, a coordinación vertical entre administracións con diferentes competencias sobre o territorio e, por outra, a coordinación horizontal entre municipios dunha mesma área urbana ou metropolitana, onde as dinámicas sociais, económicas e territoriais superan o ámbito administrativo **estrito dun só municipio. Ademais destes dous retos vinculados ao papel das administracións, existe o de canalizar a participación da sociedade civil na toma de decisións sobre o territorio.**

Desde o punto de vista da Administración, sinálanse estes tres niveles:

Nivel 1. Administración Xeral do Estado:

Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; e Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Nivel 2. Xunta de Galicia

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; Consellería do Medio Rural; e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Nivel 3. Administración local

Concello de Santiago e Deputación Provincial da Coruña. De cara ao establecemento de políticas e procesos de planificación a escala de área urbana, é fundamental a coordinación, en primeira instancia, cos concellos limítrofes de Ames e Teo, e tamén con outros concellos da área de influencia da cidade como Brión, Oroso, O Pino, Boqueixón, Vedra, Val do Dubra ou Trazo.

No caso particular de Santiago de Compostela, cómpre sinalar con especial énfase o papel do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela e do Consorcio de Santiago como estruturas estables de cooperación e concertación das accións das tres principais administracións que interveñen na cidade. O papel destas institucións na transformación levada a cabo desde principios da década de 1990 foi crucial e deben seguir desempeñándoo no futuro.

As competencias da Administración municipal exércense a través das seguintes concellerías e organismos:

Concellerías Concellería de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade; Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns; e Concellería de Medio Rural.

Comisiones municipais: Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos; Comisión Asesora do Patrimonio Histórico; e Comisión de Patrimonio Histórico-Artístico.

Por outra banda, aparecen unha serie de organismos de tipo consultivo, con gran relevancia pola súa función de comunicación entre o Concello, os axentes implicados e a sociedade civil:

Consejos municipais: Consello Local de Medio Ambiente; y Consello municipal de participación cidadá.

Finalmente, destaca unha serie de organizacións e asociacións implicadas en materia de territorio, medio natural, paisaxe e patrimonio:

Asociaciones y ONGs: Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia (ADEGA), Asociación de defensa contra incendios forestales, Asociación galega de apicultura, Coordinadora Galega pola Defensa dos Ríos (COGADER), Iniciativas de desenvolvemento enerxético e ambiental, Sociedade protectora de animais e plantas de Santiago.

Asociaciones vecinales.

B. DATOS DESCRIPTIVOS | B1. DATOS DESCRIPTIVOS AUE

TERRITORIO, PAISAXE E BIODIVERSIDADE DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

	RANGOS municipios entre 50 000 e 100 000 habitantes			
	VALOR	VALOR 1eiro CUANTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3eiro CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.02 Territorio e diversidade de hábitats				
D.02.a Superficie de cobertura artificial (%)	6.1	7.3	20.0	39.2
D.02.b Superficie de cultivos (%)	29.2	7.9	23.8	43.8
D.02.c Superficie de zona forestal e pastos (%)	54.6	19.9	33.7	49.3
D.03 Superficie de explotacións agrarias e forestais				
D.03.a Superficie municipal destinada a explotacións agrarias e forestais (%)	0.09	0.02	0.11	0.29
D.03.b Superficie municipal destinada a explotacións agrarias e forestais respecto ao solo urbano e urbanizable delimitado da cidade (%)	0.76	0.1	0.76	2.44
D.04 Superficie de solo non urbanizable %	82.7	49.8	72.3	85.1
D.05 Superficie verde (ha por cada 1000 hab.)	2.9	1.8	2.5	3.8
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.07 Solo urbano discontinuo (%)	52.5	8.3	24.6	51.5
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.ST.02 Porcentaxe de áreas de solo en desenvolvemento %	31.6	30.8	53.4	99.4
D.ST.03 Porcentaxe de solo urbanizable delimitado %	30.4	22.1	47.4	82.2
D.ST.04 Superficie de solo previsto para uso residencial (%)	15.3	17.5	33.8	53.6
D.ST.05 Superficie de solo previsto para actividades económicas (%)	7.1	4.5	13.2	26.1
D.17 Superficie de infraestruturas de transporte				
D.17.a. Superficie de infraestruturas de transporte (ha)	623.9	103.4	181.2	307.8
D.17.b. Superficie de infraestruturas de transporte (%)	2.8	1.4	2.2	4.5
D.32 Variación do número de fogares 2001-2011 (%)	28.9	25.8	35.9	52.9
D.33 Crecemento do parque de vivenda 2001-2011 (%)	24.4	16.7	22.2	31.5
D.ST.06 Vivendas previstas en áreas de desenvolvemento respecto ao parque de vivenda (%)	26.9	16	30.7	89.5
D.ST.07 Número de vivendas previstas en áreas de desenvolvemento (viv./1000 hab.)	156.6	89.5	156.7	268.2
D.37 Figura do plan urbanístico vixente no municipio	PG	-	-	-
D.38 Data da figura de plan urbanístico vixente	2008	1994	2001	2007
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Da lectura dos datos descritivos da Axenda Urbana Española (AUE), que comparan indicadores en municipios de entre 50-100 000 habitantes, despréndese que o territorio municipal presenta unha elevada porcentaxe de zonas forestais, unha baixa porcentaxe de cobertura artificial do solo, unha baixa densidade de poboación en solo urbano e unha elevada proporción de solo urbano descontinuo. A explicación a estes datos débese en boa parte á existencia dunha trama de núcleos rurais de baixa densidade, herdanza do modo histórico de asentamento da poboación, común ao territorio galego, o que tamén redundará nunha extensa malla de camiños rodados. Por outra banda, constátase que o Concello conta cun plan xeral máis recente que a media de cidades españolas.

Destes datos pódese desprender a necesidade dun control estrito da dispersión urbana para evitar un consumo excesivo de solo. Isto é algo que, de feito, xa ocorre no municipio de Santiago, pero non así nos municipios da área urbana.



B. DATOS DESCRIPTIVOS | B2. OUTROS DATOS

Indicadores REDS relacionados

En relación coas políticas de ordenación do territorio, hai un conxunto relevante de indicadores da Rede Española de Desenvolvemento Sostible sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Denominación	Valor
Agricultura ecolóxica (1)	0,25 %
Taxa de emprego en agricultura	0,80 %
Superficies de cultivo	29,19 %
Infraestruturas para o transporte	2,84 %
Volume de auga distribuída	471,36 litros per cápita
Superficie de cobertura artificial (2)	6,09 %
Protección territorial de Espazos Naturais Protexidos (3)	0,44 %
Zona forestal (4)	54,56 %
Zonas verdes (5)	2,92 ha. / 1.000 hab.

1) Agricultura ecolóxica: superficie de agricultura ecolóxica fronte á superficie de agricultura total.

(2) Superficie de cobertura artificial: superficie de cobertura artificial fronte ao total da superficie municipal.

(3) Protección territorial de Espazos Naturais Protexidos: porcentaxe de espazo natural con algún tipo de protección fronte ao total da superficie municipal.

(4) Zona forestal: superficie de solo destinada a zonas forestais e prados fronte á superficie total do municipio.

(5) Zonas verdes: superficie de solo de parques e zonas verdes urbanas fronte á poboación do municipio.

Indicadores Urban Audit relacionados.

Tamén destaca, en relación con este ámbito temático, a información contida nalgúns indicadores da base de datos de Urban Audit:

Denominación	Valor	Ano
Tecido urbano residencial continuo (1)	3,26 %	2014
Tecido urbano residencial discontinuo (1)	5,64 %	2014
Unidades industriais, comerciais, públicas, militares e privadas (1)	3,06 %	2014
Outras zonas artificiais (1)	0,98 %	2014
Zonas verdes urbanas, instalacións deportivas e de lecer (1)	0,96 %	2014
Zonas agrícolas (1)	24,91 %	2014
Zonas naturais (1)	57,33 %	2014

(1) % de solo destinado a cada tipo de uso a través da información sobre usos a nivel de polígono territorial que proporciona SIOSE e a súa intersección coas capas territoriais da publicación obtéñense os resultados finais.

Indicadores de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio (IGE) relacionados

Por último, os informes de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia rexistran datos sobre proteccións de espazos naturais e patrimoniais, que poden resultar de interese para o diagnóstico de axenda urbana:

Denominación	Valor
Rede Galega de Espazos Protexidos	97,68 m ²
Plan de Ordenación de Recursos Naturales	97,68 m ²
Plan Rector de Usos y Gestión	0 m ²
Superficie de interese para a conservación de corredores del POL	0 m ²
Número de Bienes de Interés Cultural (BIC)	12



C. ANÁLISE DAFO | C1. ANÁLISE INTERNA

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. A contorna do Val da Maía presenta unha gran dispersión de vivendas unifamiliares que configuran uns espazos edificadas nos que resulta complicado estender as dotacións e servizos urbanos en condicións equiparables ás dos núcleos de maior densidade. Pero sobre todo resulta practicamente imposible dotalos de transporte público, de maneira que son uns territorios completamente dependentes do automóbil privado.

D2. Segmentación da poboación por idade no territorio da área urbana que provoca que, mentres o municipio de Santiago mostra un perfil poboacional envellecido, en Ames a infancia e a mocidade teñan un peso moi significativo. Isto derivará en necesidades de tipo económico e social moi dispares.

D3. No centro da cidade de Santiago, a diminución do tamaño medio do fogar e a proliferación de fogares unipersoais formados por poboación maior de 65 permite anticipar un forte incremento a futuro das necesidades de tipo asistencial. No conxunto da área urbana a franxa de poboación máis numerosa é a de 40 a 54 anos, o cal implica retos no futuro inmediato, segundo vaian alcanzando a idade de xubilación.

D4. A ausencia de instrumentos de ordenación territorial que coordinen a planificación do conxunto de municipios que conforman a área urbana supón unha incapacidade para tomar decisións de planificación que permitan resolver problemáticas comúns a varios municipios. Os únicos instrumentos de carácter supramunicipal son de carácter sectorial e non comprensivo.

D5. A metade norte rural e, en especial, o sector noroeste do municipio de Santiago está moi pouco integrado na dinámicas da área urbana e presenta o perfil poboacional moi envellecido e con malas previsións de evolución demográfica.

D6. Forte dependencia do automóbil privado debido ao modelo de asentamento e as pautas de localización residencial dos grupos poboacionais en idade de traballar.

D7. A paisaxe agraria tradicional foi drasticamente transformada polos procesos de concentración parcelaria que, ademais, deron soporte á implantación de vivendas unifamiliares dispersas.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. F1. Os municipios da área urbana conteñen unha serie de núcleos urbanos densos e poboados (O Milladoiro, Bertamiráns, Sigüeiro), moi próximos á cidade e incorporados ás súas dinámicas. Sería posible desenvolver unha estratexia territorial que conseguise complexizalos a nivel funcional, integralos a nivel de mobilidade en transporte público e convertelos en nodos dun modelo urbano policéntrico.

F2. A área urbana de Santiago, no seu conxunto, presenta unhas proxeccións de evolución demográfica positiva, aínda que moderada, dentro dun contexto galego de caída xeneralizada da poboación.

F3. O centro urbano de Santiago, así como os núcleos urbanos densos da periferia, presentan unha configuración física que favorece a mobilidade peonil e en transporte público.

F4. O municipio ten un patrimonio cultural e natural de extraordinario valor e que conta con instrumentos adecuados de planificación e xestión.

F5. O río Sar, entendido como eixe territorial norte-sur, que conecta as concas do Tambre e o Ulla, presenta extraordinarias condicións para converterse nun elemento estruturante da área urbana de Santiago, a nivel ambiental e territorial.

C. ANÁLISE DAFO | C2. ANÁLISE EXTERNA

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. Tendencia a demandar vivenda unifamiliar illada por parte dalgúns perfís poboacionais da área urbana, que se ve incrementada e estendida a outros perfís debido á pandemia da vovid-19 e que podería derivar nun incremento da dispersión da poboación.

A2. Tendencia á substitución de superficies agrarias fértiles por explotacións forestais de baixo valor engadido debido aos baixos custos de mantemento.

A3. Tendencia ao abandono do rural que dificulta a posta en valor do territorio e a renovación das explotacións agrícolas e gandeiras.

A4. Risco de insostibilidade económica do modelo de asentamento debido ao aumento do custo dos combustibles fósiles, imprescindibles para garantir a mobilidade nas áreas dispersas do municipio, que se une á insostibilidade ambiental.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. Incremento da valoración social da produción local e dos produtos km 0 que podería favorecer a posta en produción de territorios hoxe en estado ou perigo de abandono.

O2. Existencia dun marco normativo autonómico, estatal e europeo sensible á preservación da paisaxe e máis limitativo de prácticas lesivas como a xeneralización do monocultivo forestal ou outras.

O3. A valoración social cada vez maior da importancia da conservación do patrimonio cultural e natural permite que Santiago sexa unha cidade atractiva para vivir ou visitar e fomenta a implicación das administracións públicas neste tipo de accións.

O4. A existencia de solo agrícola procedente da concentración parcelaria podería ser o soporte para xerar unha nova paisaxe produtiva e poñer en valor o solo periurbano, ben conectado coa cidade.

O5. A promoción das políticas de infraestrutura verde, desde diferentes instancias gobernamentais, supón, no caso de Santiago, unha oportunidade para vertebrar ambiental e territorialmente a cidade coa súa periferia urbana e rural.

D. DIAGNÓSTICO: RETOS PRINCIPAIS EN MATERIA DE TERRITORIO, PAISAXE E BIODIVERSIDADE

O diagnóstico en materia de territorio, paisaxe e biodiversidade poderíase resumir como se plasma a continuación:

RETO

01.

Necesidade de conter a dispersión urbana e dunha planificación conxunta da área urbana, máis alá dos plans de escala municipal.

A dispersión urbana produce un consumo insostible de solo, xera unha maior mobilidade en vehículo privado e favorece a segmentación social do espazo. No caso da área urbana de Santiago, esta dáse con maior intensidade no ámbito do Val da Maía, nos municipios de Ames e Teo.

RETO

02.

Necesidade de articular unha área urbana poli-céntrica, reforzando os núcleos urbanos densos da periferia e favorecendo a súa complexización funcional. Favorecer con iso unha maior autosuficiencia destes núcleos e un funcionamento en rede do conxunto da área urbana, menos dependente de dinámicas pendulares centro-periferia.

A área urbana de Santiago presenta unhas dinámicas de localización dos grupos sociais no territorio e de localización das actividades económicas que favorecen o monocentrismo, a nivel funcional, e a total dependencia das relacións entre periferia e centro.

RETO

03.

Necesidade dunha revitalización do espazo rural que pase pola súa reactivación produtiva, a súa dinamización social e a posta en valor do patrimonio cultural e natural.

A contorna rural da cidade de Santiago de Compostela sofre o risco, especialmente na parte norte do municipio, de despoboarse, dun incremento insostible da dependencia debido ao envellecemento da poboación existente e dun abandono das actividades produtivas que produza a perda de solo agrícola e a súa substitución por plantacións forestais de baixo valor engadido. Ao mesmo tempo, nestes espazos existe un patrimonio arquitectónico e natural de interese.

RETO

04.

Necesidade de favorecer a conectividade ambiental do conxunto da área urbana e dunha rexeneración ambiental da periferia, que teña a rede hídrica e, en especial, o río Sar como eixe articulador.

O municipio de Santiago presenta unha boa dispoñibilidade de zonas verdes e áreas de natureza, ben planificadas, xestionadas e conectadas co centro urbano. Isto, con todo, é moi distinto nos municipios da periferia. Ademais, o conxunto da área urbana ten nos seus bordos exteriores sur e norte a posibilidade de conectarse con grandes áreas naturais protexidas, pertencentes á Rede Natura 2000.



02


Modelo de cidade

A. Análise xeral | A1. Ámbitos temáticos AUE

2.1. MODELO URBANO


2.1.1. Morfoloxía urbana: compactidade e densidade dos tecidos urbanos

O municipio de Santiago de Compostela contaba en 2020, segundo os datos do IGE, cunha poboación de 97 848 habitantes, distribuídos en 239 entidades de poboación. Con todo, o núcleo urbano supón un 83,5 % da poboación total con 81695 habitantes, dato que describe con eloquencia o nivel de concentración da poboación. O resto do territorio municipal organízase en 27 parroquias e 238 asentamentos, que albergan 16 153 habitantes, o que fai unha media de 68 hab./asentamento. Só cinco parroquias superan os 1000 habitantes: Aríns (1416), O Eixo (1004), Laraño (1262), Marrozos (1090) e Vilvestro (2143), e só cinco núcleos, os 300: San Marcos (770), Roxos (723), Outeiro (519), A Devesa (382) e Piñeiro (321).



Parcelas edificadas en Santiago de Compostela segundo índice de edificabilidade. Fonte: Dirección Xeral do Catastro. Elaboración propia.

Desde o punto de vista da morfoloxía urbana, aparecen na cidade dous tecidos de moi alta densidade e compactidade que configuran o centro urbano: por unha banda, a cidade histórica, co seu parcelario estreito, con edificacións de altura limitada onde predomina a propiedade vertical, e que forman longos bloques; e o Ensanche, con bloques máis regulares, patios interiores de bloque e edificación plurifamiliar de grande altura. Desde a cidade histórica xorden ao longo dos camiños históricos de acceso unha serie de estruturas urbanas de carácter lineal, os denominados rueiros, que presentan na actualidade unha densidade edificatoria relativamente alta, pero restrinxida ás parcelas con fronte directa á vía e onde raramente aparece unha segunda ou terceira aliñación de edificacións por detrás destas.




Tecidos urbanos de Santiago de Compostela segundo tipoloxía edificatoria. Fonte: Dirección Xeral do Catastro. Elaboración propia.

En localizacións adxacentes ao centro urbano, e a miúdo apoiándose tanxencial ou lateralmente nalgún dos rúeiros históricos, foron aparecendo unha serie de pezas urbanas de diversas morfoloxías e deseño unitario, en forma de polígonos residenciais: ao norte polígonos como Vite ou Vista Alegre, de bloque aberto e construídos nas décadas de 1960-70, ao mesmo tempo que se ía ateigando o Ensanche; ao nordés, o polígono de Fontiñas, de gran tamaño e trazado extremadamente regular, construíuse a principios da década de 1990 en paralelo á consolidación da capitalidade, seguindo un modelo de bloque pechado que se desenvolve nunha única promoción inmobiliaria, similar ao empregado nos novos ensanches do Plan xeral de Madrid de 1985. Trátase dun barrio onde as funcións comerciais están concentradas nunha única edificación, Área Central, que posúe, á súa vez, vivenda. Na zona sur, aparecen barrios como Choupana (avda. de Barcelona), Conxo ou Restollal, pezas urbanas derivadas do Plan xeral de 1990, morfoloxicamente diversas e complexas e cunha lóxica espacial de consolidar antigos rúeiros e de dar unha configuración urbana acabada aos accesos ao centro urbano desde as novas vías de alta capacidade. O barrio de San Lázaro, no nordés, pertence tamén a esta xeración e comparte as súas mesmas lóxicas. Estes últimos son barrios nos que o Plan xeral

tratou de levar a cabo un modelo de mestura de usos, aproveitando para descentralizar cara a eles diversas actividades terciarias: comerciais (El Corte Inglés), administrativas (San Lázaro), de servizos sanitarios (CHUS), deportivas (estadio), hostaleiras etc.

Na contorna próxima ao núcleo urbano consolidado, formado polo conxunto de tecidos urbanos anteriormente descritos, en situacións de bordo e/ou intersticiais, desenvolvéronse unha serie de crecementos urbanos lineais de vivenda unifamiliar e densidade media-baixa, resultado do crecemento paulatino dos núcleos rurais orixinais a través da malla de camiños. Nas posicións máis periféricas do termo municipal, as densidades edificatorias descenden drasticamente e o asentamento está formado pola constelación de núcleos rurais herdados do modo de asentamento tradicional da poboación neste territorio. A forte concentración de infraestruturas na parte sur e leste da cidade, onde se superpón o ferrocarril, o periférico (SC-20) e a autoestrada do Atlántico (AP-9), funcionou como unha barreira de contención ao crecemento urbano, aínda que tamén para a conectividade transversal, e contribuíu a difundir o crecemento urbano cara aos municipios periféricos, especialmente en localizacións de alta accesibilidade en relación coa rede de infraestruturas viarias de alta capacidade, como son os nós viarios.



En conxunto, poderíase describir o modelo de asentamento do municipio de Santiago como concentrado no núcleo urbano, bastante contido no seu crecemento e, en xeral, respectuoso coas formas territoriais e estruturas urbanas históricas (salvo en casos como Fontiñas). Ademais, trátase dun espazo urbano atravesado por numerosas cuñas verdes que permiten unha transición moi suave e unha continuidade moi lograda cos espazos naturais, forestais e agrarios circundantes, só interrompida pola existencia de determinadas infraestruturas lineais nos bordos este e sur do núcleo urbano.

Tecidos urbanos de Santiago de Compostela segundo idade da edificación (B). Fonte: Dirección Xeral do Catastro. Elaboración propia.

2.1.2. Equipamentos e servizos básicos. Grao de dotación e distribución territorial

De cara ao diagnóstico de Axenda Urbana realízase a continuación unha análise dos principais equipamentos da cidade. Non se tratará dun estudo sistemático do total de equipamentos e dotacións existentes no termo municipal, senón dos que formen redes ou sistemas de servizos básicos, xa que son os que teñen unha maior transcendencia en termos de modelo urbano e de relacións de proximidade. A análise centrarase, por tanto, nas seguintes redes e na súa relación cos tecidos urbanos que forman a cidade de Santiago:

Equip. docentes: diferenciando educación infantil, primaria e secundaria.

Equip. sanitarios: centros de saúde / atención primaria.

Equip. asistenciais: residencias de anciáns.


Equipamentos docentes: educación infantil, primaria e secundaria					
Dotación	Tipo	Sistema PGOM	Nivel educativo		
			Infantil	Primaria	Secundaria/FP
CEIP Apóstolo Santiago	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Carmen de Abaixo. Raíña Fabiola	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Casas Novas. A Sionlla	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Fontiñas (Pol. 1)	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Fontiñas (Pol. 4)	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Lamas de Abade	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP López Ferreiro	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Monte dos Postes	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Pío XII	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Quiroga Palacios	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Ramón Cabanillas	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Rodríguez Xixirei. Lavacolla	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Roxos. Vilvestro	Público	Local	Sí	Sí	Non
CEIP Vite I	Público	Local	Sí	Sí	Non
CIFP Politécnico de Conxo	Público	Xeral	Non	Non	Sí
Colegio San José de Cluny	Concertado	Local	Sí	Sí	Sí
Colegio San Pelayo-Emma	Concertado	Local	Sí	Sí	Sí
Colegio Sta. Apolonia	Privado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio A Milagrosa	Concertado	Local	Sí	Sí	Non
Colexio Compañía de María	Concertado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio Divino Maestro	Concertado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio Júniors (Vilvestro)	Privado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio Juventud	Concertado	Local	Sí	Sí	Non

Equipamentos docentes: educación infantil, primaria e secundaria

Dotación	Tipo	Sistema PGOM	Nivel educativo		
			Infantil	Primaria	Secundaria/FP
Colexio La Inmaculada	Concertado	Local	Sí	Sí	Non
Colexio La Salle	Concertado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio Nuestra Sra. de los Remedios	Concertado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio Peleteiro II (Outeiro)	Privado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio San Francisco Javier	Concertado	Local	Sí	Sí	Sí
Colexio San Jorge	Concertado	Local	Sí	Sí	Non
Colexio Vilas Alborada	Concertado	Local	Sí	Sí	Non
Escola de Hostelería Lamas de Abade (CIFP Compostela)	Público	Xeral	Non	Non	Sí
Escola Infantil "Galiña Azul" de Santiago-O Castiñeiriño	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil Breogán-USC	Público	Xeral	Sí	Non	Non
Escola Infantil Casa do Neno	Iniciativa social	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil de San Roque	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil de Tras Parlamento	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil do CHUS	Público	Xeral	Sí	Non	Non
Escola Infantil municipal de Conxo	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil municipal de Fontiñas	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil municipal Meixonfrío-Salgueiriños	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil Polígono do Tambre	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil Raiola	Iniciativa social	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil Rubido Romero	Iniciativa social	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil Santa Marta	Iniciativa social	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil Santa Susana	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Infantil Vite	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Unitaria O Gaioso. O Eixo	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Unitaria O Rial Laraño	Público	Local	Sí	Non	Non
Escola Unitaria O Sisto Marrozos	Público	Local	Sí	Non	Non
IES Antón Fraguas	Público	Xeral	No	Non	Sí
IES Arcebispo Xelmírez I	Público	Xeral	No	Non	Sí
IES Arcebispo Xelmírez II	Público	Xeral	No	Non	Sí
IES As Fontiñas	Público	Xeral	No	Non	Sí
IES de Sar	Público	Xeral	No	Non	Sí
IES Eduardo Pondal	Público	Xeral	No	No	Sí
IES Lamas de Abade	Público	Xeral	No	No	Sí
IES Pontepedriña	Público	Xeral	No	No	Sí
IES Rosalía de Castro	Público	Xeral	No	No	Sí
IES San Clemente	Público	Xeral	No	No	Sí

Para analizar a distribución dos equipamentos docentes relativos á educación infantil, débense ter en conta dúas consideracións previas: que todos os colexios públicos posúen módulos de educación infantil xunto cos de primaria, e que ese nivel educativo se complementa cunha rede moi numerosa de centros privados distribuídos por toda a cidade, e que veñen suplir as carencias derivadas da insuficiencia dos medios públicos para estes efectos(1.)


Dito isto, en relación coa educación infantil, os centros sitúanse sobre seis localizacións: unha ao norte da cidade histórica (Vite, Almaciga, San Roque, que suma un total de cinco centros); outra correspondente ao Polígono de Fontiñas e a súa contorna (cinco centros); unha terceira, que abarca o Ensanche, Campus Sur e Galeras (seis centros); a cuarta, ao suroeste, entre Santa Marta e Conxo (catro centros); a quinta, ao sueste, correspondente aos barrios de Pontepedriña, Castiñeiriño e Lamas de Abade (catro centros); e a sexta, no extremo norte do centro urbano (Meixonfrío e Salgueiriños, dous centros). Ademais destas seis localizacións, en cada unha das cales aparece un conxunto de centros compartindo unha área xeográfica próxima, existen outras máis periféricas, correspondentes a centros dispersos polo territorio municipal.



1. Para esta análise non se consideran estes centros por non dispoñer de datos sistemáticos sobre eles (número, localización, prazas etc.).

Raio < 300 m a centros de educación infantil, sobre densidade de poboación. Fonte: Varias. Elaboración propia.

En total, a rede de centros está formada por catorce CEIP, quince escolas infantís públicas ou de iniciativa social e tres escolas rurais. Tamén existen quince centros privados ou concertados que ofrecen este servizo, aínda que non se consideran para esta análise. **A poboación situada a menos de 300 metros dalgún centro de educación infantil público ou de iniciativa social é o 54 % da poboación total da cidade.**




Raio < 300 m a centros de educación primaria, sobre densidade de poboación. Fonte: Varias. Elaboración propia.

Respecto á educación primaria, débese apuntar que os centros públicos se sitúan na súa inmensa maioría en localizacións externas ao centro urbano (cidade histórica e Ensanche) pero limítrofes a el, formando unha especie de anel de colexios. Isto débese a que, en boa parte, ocupan os solos dotacionais dos respectivos desenvolvementos urbanísticos. Tamén en tres localizacións periféricas (Roxos, Sionlla e Lavacolla). Os centros concertados, con todo, si ocupan posicións moito máis centrais na cidade: no Ensanche ou na contorna de Virxe da Cerca. Os centros privados, pola súa banda, sitúanse en localizacións periféricas do sur, preto do límite municipal e dos núcleos urbanos de Bertamiráns, O Milladoiro e Os Tilos (en Silvouta, Poza Real e Outeiro). **Os catorce centros públicos existentes cobren, nun raio de 300 metros, un 29 % da poboación santiaguesa, de tal modo que se pode dicir que non mostran unha distribución favorecedora do uso peonil da cidade. Se se considera o complemento da rede de centros**

concertados (sete centros), estaríase a cubrir a un 52 % da poboación a menos de 300 metros, e un 53 % se se inclúen os centros privados (tres centros). Trátase dun grao de servizo bastante mellorable, en vista dos datos expostos, aínda que o PXOM xa contén determinadas previsións de solo para dedicar a estes fins. Con todo, cómpre apuntar que **esta distribución territorial nas partes máis consolidadas da cidade fai que os centros concertados desempeñen un papel moi importante, non tanto en termos de prestación de servizos, senón na súa contribución á capacidade de dar un servizo educativo de proximidade nos espazos centrais da cidade, onde resulta practicamente imposible conseguir novo solo para aumentar as dotacións públicas.**

Os centros de educación secundaria teñen unha distribución moi regular e forman practicamente unha malla reticular sobre a área que ocupa o centro urbano de Santiago. Está formada por dez IES, dous CIFP, sete colexios concertados e tres privados. **A súa área de influencia de 500 metros cobre un 57 % da poboación coa rede pública, que se amplía ata un 67 % se consideramos tamén os centros concertados e privados. Por tanto, presentan unha distribución moi favorecedora da mobilidade peonil, polo menos potencialmente.**




Raio < 500 m a centros de educación secundaria, sobre densidade de poboación. Fonte: Varias. Elaboración propia.

Equipamentos sanitarios: centros de saúde		
Dotación	Tipo	Sistema PGOM
Centro de saúde. Concepción Arenal	Público	Local
Centro de saúde. Conxo	Público	Local
Centro de saúde. Fontiñas	Público	Local
Centro de saúde. Galeras	Público	Local
Centro de saúde. Vite	Público	Local
	Público	Local

En relación cos servizos sanitarios de proximidade, na cidade de Santiago existen cinco centros de saúde que se sitúan no extremo sueste da cidade (Conxo e avda. de Lugo), no extremo noroeste (Galeras e Vite) e no barrio de Fontiñas. Amplas zonas da cidade histórica ou de barrios como Choupana/avenida de Barcelona, San Lázaro-As Cancelas, Meixonfrío ou Restollal-Lamas de Abade, quedan a máis de 500 metros do centro de saúde máis próximo. **Só un 40 %**


do total de poboación municipal se sitúa a unha distancia inferior. Por outra banda, e aínda que non é obxecto específico desta análise, a localización do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) presenta unhas excelentes condicións de accesibilidade, tanto peonil e en transporte público desde a cidade, como por estrada desde a conxunto da área sanitaria.



Raio < 500 m a centros de saúde, sobre densidade de poboación. Fonte: Varias. Elaboración propia.

Equipamentos asistenciais: residencias de maiores			
Dotación	Tipo	Sistema PGOM	Plazas
Residencia Cottolengo de Padre Alegre	Iniciativa social	Local	57
Residencia da terceira idade Porta do Camiño	Público	Local	84
Residencia de anciáns San Marcos	Iniciativa social	Local	220
Residencia de maiores Fundación José Otero-Carmela Martínez (DomusVi Santiago)	Público (concertado)	Local	150
Residencia de maiores Servisenior Santiago	Iniciativa social	Local	55
Residencia de maiores Volta do Castro	Público	Local	150
Residencia de maiores DomusVi San Lázaro	Privado (concertado)	Local	196

Das sete residencias de maiores existentes na cidade, que xeran un total de 912 prazas (arredor do 1 % da poboación empadroada en Santiago), só unha se sitúa nunha localización central (Porta do Camiño, no barrio de San Pedro). O resto localízase en zonas periféricas ou de bordo urbano (Castiñeiriño, Restollal, Volta do Castro, San Lázaro, San Marcos e Outeiro Vello). **Cobren a menos de 500 m un 19 % da poboación. A proximidade das residencias de maiores á trama urbana é moi importante para poder manter o arraigamento destas persoas nos seus barrios e o modelo desenvolto en Santiago non parece favorecer esta proximidade. Por outra banda, e dado o perfil demográfico do municipio, esta é xa unha cuestión da máxima relevancia para garantir un modelo urbano inclusivo.**



Raio < 500 m a residencias de maiores, sobre densidade de poboación. Fonte: Varias. Elaboración propia.




2.1.3. Espazos de oportunidade para a transformación urbana

Como espazos de oportunidade para a transformación de Santiago de Compostela, selecciónanse dez posibles pezas urbanas agrupadas en tres áreas de intervención. Dúas delas refírense a situacións de bordo urbano que contribúen a consolidar os corredores ambientais dos ríos

Sar (dúas intervencións) e Sarela (catro intervencións), mentres que a terceira ten que ver con pequenas operacións situadas en localizacións de cidade consolidada e que poden contribuír á súa transformación (catro intervencións).

Espazos de oportunidade para a transformación urbana			
Nº	Dotación	Superficie	Tipo
01	PE-4R. Curso fluvial do río Sar no treito Conxo-A Rocha.	31,63 ha.	Borde urbano – Corredor río Sar
02	PE-3R. Plan especial de protección das Brañas do Sar	36,45 ha.	Borde urbano – Corredor río Sar
03	PE-8. Parque Xardín Botánico	10,86 ha.	Borde urbano – Corredor río Sarela
04	PE-8R. Parque Deportivo Universitario de Poza de Bar	5,59 ha.	Borde urbano – Corredor río Sarela
05	FE-PE-1/SUD-FE. Terreo do Espiño	2,64 ha.	Borde urbano – Corredor río Sarela
06	SUND-03. A Torreira-Sarela	3,32 ha.	Borde urbano – Corredor río Sarela
07	PERI-5R. Almaciga	1,29 ha.	Cidade consolidada
08	Antigo Hospital Xeral	0,37 ha.	Cidade consolidada
09	MP-OE-4/PERI-12. Peleteiro	0,53 ha.	Cidade consolidada
10	Edificio industrial en avenida de Barcelona	0,15 ha.	Cidade consolidada



Espazos de oportunidade para a transformación urbana identificados para a Axenda Urbana Local de Santiago.



01. Curso fluvial do río Sar no treito Conxo-A Rocha




02. Brañas de Sar



03. Xardín Botánico



04. Poza de Bar



05. Finca do Espiño



06. A Torreira-Sarela



07. Almáciga



08. Antigo Hospital



09. Peleteiro



10. Edif. Av. Barcelona

01. PE-4R. Curso fluvial do río Sar no treito Conxo-A

Rocha: ámbito de gran superficie (31,63 ha), fundamental para garantir a continuidade do corredor ambiental do río Sar, nun espazo atravesado por múltiples infraestruturas lineais de transporte viario e ferroviario. Debe desempeñar un papel importante na configuración dunha conexión entre o centro urbano de Santiago e o núcleo do Milladoiro (Ames) e contribuir ao control de inundacións.

02. PE-3R. Plan especial de protección das Brañas do

Sar: trátase dun espazo de 36,45 ha, onde deben primar as funcións ambientais e climáticas, en primeiro lugar, o control de inundacións e, en segundo, a continuidade cos parques de Belvís, Bonaval e o bosque do Monte Gaiás. Xunto coa anteriormente descrita, é a operación que permitirá consolidar o corredor ambiental do río Sar. Contribuirá a formalizar o bordo urbano sueste, a suavizar o impacto do periférico e a configurar, xunto coa estación intermodal, unha nova porta da cidade. Ten capacidade para acoller usos produtivos, tales como hortas urbanas.

03. PE-8. Parque Xardín Botánico:

ámbito de 10,86 ha. Solo público, pertencente ao Consorcio de Santiago, que permitiría conectar a cuña verde que é o Campus Sur da USC co monte Pedroso e o parque forestal da Selva Negra, ademais de dar continuidade ao corredor ambiental do río Sarela. Mediante a consolidación dun bosque de autóctonas e dun bosque de ribeira, debería contribuir á captura de CO₂ no municipio e a configurar un anel forestal que ille a cidade do contacto directo con masas de especies pirófilas.

04. PE-8R. Parque Deportivo Universitario de Poza de

Bar: peza urbana de 5,59 ha, que permite resolver un bordo urbano e colocar novos equipamentos nunha posición moi próxima ao centro urbano e ao Campus Sur. Está ligada ao corredor do río Sarela.

05. FE-PE-1/SUD-FE. Terreo do Espiño:

ámbito delimitado de 2,64 ha, no corredor do río Sarela, que permitiría a salvagarda de valores patrimoniais e ambientais, mellorar a conexión entre Galeras e o parque do Monte Pío e resolver un bordo urbano, introducindo novas actividades capaces de activar esta contorna residencial.

06. SUND-03. A Torreira-Sarela: espazo de 3,32 ha no que conviría recuperar as edificacións de carácter patrimonial con novas actividades que permitan activar un espazo periférico que dá inicio ao corredor do río Sarela.

07. PERI-5R. Almaciga: peza urbana de 1,29 ha e dunha extraordinaria relevancia, xa que, xunto co parque de Bonaval e os seus museos asociados, permite configurar un centro de gravidade que articule as relacións entre a cidade histórica, a zona de Concheiros, o barrio de Fontiñas, o barrio de Vite e Xoan XII.

08. Antigo Hospital Xeral: edificación que ocupa un espazo de 0,37 ha e cuxa importancia reside na posibilidade que presenta para introducir novas actividades na zona de Galeras que complementen o uso residencial, o que contribuirá á complexización funcional do barrio, incorporando un elemento de memoria da cidade. De non actuar sobre el, córrese o risco de que se converta nun elemento favorecedor da deterioración do barrio.

09. MP-OE-4/PERI-12. Peleteiro: a grande oportunidade que supón esta parcela de 0,53 ha, é que se trata dun dos últimos espazos en transformación dispoñibles no Ensanche e, pola súa posición e dimensións, podería ter un papel moi relevante na introdución de novos usos ou na mellora de determinadas dotacións no centro urbano de Santiago.

10. Edificio industrial en avenida de Barcelona: trátase dunha edificación industrial sobre unha parcela de solo urbano consolidado (de 0,15 ha). Ademais do valor que presenta como arquitectura industrial que se vai rehabilitar, pola súa enorme superficie construída, altura das plantas e pola súa posición na cidade, próxima á emblemática parada de bus do Peregrino, e con conexión directa ao CHUAC, a través da avenida de Barcelona, e ao Campus Sur, a través da rúa Jenaro de la Fuente, debe ser obxecto de reflexión para a súa integración na estratexia de transformación da cidade existente.


2.1.4. Modelo urbano do Plan xeral de ordenación municipal

O **Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela** de 2007, seguindo o ronsel do seu predecesor de 1990, definiu un modelo urbano baseado na compactidade da cidade consolidada e na continuidade dos novos crecementos con esta, na descentralización dos equipamentos superiores xerando novos nodos urbanos e na integración da cidade coa súa contorna rural e natural, garantindo a continuidade do sistema ambiental e poñendo, á súa vez, a planificación da rede viaria ao servizo destes obxectivos de carácter urbanístico.

O modelo de cidade proposto no plan prevé que os usos terciarios se integren na malla urbana xunto co tecido residencial. Respecto á cidade histórica, declarada BIC e Patrimonio da Huma-

nidade, tratouse, a través do **Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica** de 1997, manter e promover os usos residenciais fronte ao turístico ou comercial e de oficinas.

En canto á organización e direccionalidade do crecemento urbano, se o Plan de 1990 propoñía un crecemento cara ao sur, entre as estradas de Noia e Pontevedra, o de 2007 aposta por un reequilibrio da cidade cara ao norte, onde se expoñen novos desenvolvementos tanto residenciais como industriais, sempre en continuidade coa cidade central.




Por outra banda, cómpre lembrar que as políticas urbanísticas dos municipios adxacentes, como Ames, Teo e Oroso, con grandes ofertas tanto de vivenda colectiva como unifamiliar co obxectivo de absorber unha parte relevante do mercado inmobiliario da área urbana, experimentaron un intenso crecemento poboacional que dá lugar a fortes impactos sobre a mobilidade da cidade central, a un desaforado consumo de solo e á aparición de déficits de servizos nas devanditas zonas, situacións que comprometen a consecución dun modelo urbano equilibrado e sostible.

Revisión do PXOM de Santiago. 2007. Fonte: Xunta de Galicia. Siotuga. Elaboración propia.

2.2. USOS E ACTIVIDADES URBANAS

2.2.1. Distribución territorial dos usos urbanos

A análise da distribución de usos no municipio de Santiago permite evidenciar a importancia do Ensanche santiagués, tanto a nivel residencial como da súa capacidade para concentrar actividades terciarias, comerciais e de oficinas.



Localización espacial das actividades: A/ Residencial, B/ Comercial, C/Oficinas e administrativo, D/ Industrial. Fonte: DGC. Elaboración propia.

Aínda que é certo que no Ensanche e as súas prolongacións cara ao sur (Conxo, Choupana, Santa Marta etc.) as actividades aparecen distribuídas pola trama urbana, nos barrios do norte e leste, fano concentradas en grandes contedores de actividade, xa sexa esta comercial (As Cancelas e Área Central) ou administrativa (San Caetano, San Lázaro). O uso industrial atópase practicamente confinado nos polígonos industriais e parques empresariais do norte, salvo algunhas excepcións, como o caso de Televés en Conxo. O uso máis distribuído é, como era de

esperar, o residencial, aínda que se empeza a percibir a capacidade que tivo o Plan xeral de 1990 para ir consolidando novas pezas urbanas nos principais accesos á cidade. Tamén se percibe a porosidade e a discontinuidade de densidades edificatorias que presenta o armazón urbano da cidade, que lle permite irse adaptando ás irregularidades do territorio sobre o que se asenta.

A grandes liñas, o caso de Santiago é o dunha cidade que conseguiu distribuír actividades por toda a súa trama urbana, pero que mantén unha centralidade moi clara no seu Ensanche, que supón o centro de gravidade da vida cotiá.




2.2.2. Equilibrio entre usos residenciais e terciarios

En canto á mestura de usos, ao medir o seu grao entre os usos residencial e terciario¹, que é a que máis favorece á vitalidade urbana, pódese ver como, en coherencia co xa comentado, destaca o Ensanche como lugar onde o grao de mestura é máis alto e estendido, o que xera unha área. A partir do Ensanche, a mestura de usos presenta un compoñente máis lineal, en forma dunha serie de fíos, que alcanzan un menor grao de mestura: cara ao sur, o eixe da rúa Santa Marta-Choupana, o eixe García Prieto-Sánchez Freire e a rúa do Restollal; e cara ao norte, a rúa do Franco e, sobre todo, o eixe Caldeirería-Preguntoiro-San Pedro-Concheiros-Fontiñas.

Esta distribución de espazos con mestura de usos fai pensar na posibilidade de que sexa factible establecer unha rede de rúas comerciais con prioridade peonil, que ademais consigan dar servizo de proximidade aos residentes na súa contorna.

No sentido de favorecer a mestura de usos, o **Plan estratéxico do comercio do Concello de Santiago de Compostela**, de febreiro de 2017, inclúe como un dos seus retos a mellora do 'atractivo comercial dos nosos espazos públicos', con liñas estratéxicas tales como fomento do emprego de espazos infrautilizados para usos lúdico-comerciais-culturais ou mellorar a conectividade e o continuo comercial entre os barrios do municipio.



Grao de mestura entre usos residenciais e terciarios. Fonte: DGC. Elaboración propia.

1. *Represéntanse en vermello escuro as edificacións máis próximas ao 50-50 % na repartición das superficies residenciais e terciarias, degradándose cara aos amarelos ata desaparecer nas edificacións en que a repartición entre as devanditas superficies se aproxima ao 100 % residencial ou ao 100 % terciario.*

2.3. ESPAZO PÚBLICO

2.3.1. Distribución e estado dos espazos públicos

Un dos aspectos máis destacados da cidade de Santiago de Compostela é a calidade e a monumentalidade dos espazos públicos da cidade histórica. O conxunto de prazas que rodean a Catedral (Obradoiro, Praterías, Quintana e Inmaculada/Azabachería) forman un complexo sistema de espazo público e arquitectura monumental de calidade excepcional.

O centro histórico conta con outras prazas de gran valor urbano e arquitectónico como Toural, Mazarelos ou Cervantes, entre outras. No Ensanche, con todo, as poucas prazas existentes (Galicia, Vigo, Roxa etc.) presentan un predominio do seu uso como nós viarios, fronte ao uso como espazos públicos. Nos barrios periféricos existe unha boa dotación e distribución de espazos públicos, resultado das cesións urbanísticas previstas no plan, que permite falar dun grao de servizo máis que aceptable.



Sistema General de ESPACIOS LIBRES

Espacios públicos

DOTACIÓN/LOCALIZACIÓN	Nº EN PLANO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)		
			EXISTENTE	DISPONIBLE	OBTENCIÓN
Pza. Obradoiro	ZL.1	6.460	6.460	-	Existente
Pza. da Quintana	ZL.2	3.500	3.500	25.653	Existente
Pza. do complexo administrativo de Salgueriños	ZL.3	25.653	-	-	Dispoñible
Pza. do auditorio	ZL.4	5.236	5.236	-	Existente
Pza. do Parlamento	ZL.5	6.989	6.989	-	Existente
Zonas verdes y libres universit. (1)	EU.2/EU.4	118.150	-	118.150	Dispoñible
TOTAL ESPACIOS PÚBLICOS		165.988	22.185	143.803	

O Plan xeral recolle seis espazos libres pertencentes aos sistemas xerais, aínda que a inmensa maioría pertence aos sistemas locais, que ade-

mais son os que teñen unha maior incidencia sobre a dotación de proximidade.

2.3.2. Instrumentos de planificación

A cidade de Santiago non dispón dun instrumento específico para a planificación do espazo público, máis alá das escasas propostas que neste sentido contiña o **PMUS** de 2012 (área de prioridade residencial no Ensanche e programa de melloras peonís e ciclistas). Con todo, si conta cun instrumento de xestión como é o **Plan director de zonas verdes e espazo público**, que ademais inclúe determinadas liñas estratéxicas.

Ademais, as liñas de actuación 'A5. Recuperación do espazo público urbano e mellora da contorna' e 'A16. Mellora da accesibilidade en edificios públicos' da **EDUSI** conteñen medidas específicas neste ámbito, tanto para espazos públicos exteriores como para edificios públicos. Así mesmo, na liña 'A6. Fomento da mobilidade urbana sostible' está comprometida a redacción dun novo Plan de mobilidade urbana sostible para Santiago de Compostela.

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en fase de execución financiadas polo FEDER no marco do eixe 12 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

LA 5 - Recuperación do espazo público urbano e mellora da contorna

Actuación nas rúas Patio de Madres e Castrón Douro. Fase I

Recuperación do Campus Sur para a cidadanía

LA 6 - Fomento da mobilidade urbana sostible

Actualización do Plan de mobilidade urbana sostible


Reordenación da vía Clara Campoamor




2.4. MEDIO AMBIENTE URBANO

2.4.1. Zonas verdes. Distribución e características

O Plan xeral de ordenación municipal propón unha configuración do sistema ambiental do municipio que integra os solos de especial protección ligados ao sistema de espazos libres e zonas verdes, e cuxos elementos estruturantes serán os corredores dos ríos Sar e Sarela no bordo da cidade compacta e dous grandes montes, Pedroso e Monterroso, situados ao oeste e ao sur da cidade central como grandes pulmóns verdes territoriais.



Analizando a cartografía dixital do Plan xeral, existen a día de hoxe 67,6431 hectáreas (676.431 m²) de espazos libres e zonas verdes, sen incluír gran parte do sistema ambiental nin as rúas e prazas peonalizadas. Isto dáunos unha media de 6,85 m² de zonas verdes por habitante.



Áreas servidas por zonas verdes, segundo os criterios da AUE, sobre densidade de poboación.
Fonte: Varias. Elaboración propia.

Ratio de accesibilidade a zonas verdes (Axenda Urbana)	
Superficie de zona verde (m2)	Distancia
De 1.000 a 5.000	300 m.
De 5.000 a 10.000	500 m.
Maior de 10.000	900 m.

Fonte: Axenda Urbana Española

Aplicando os ratios de accesibilidade a zonas verdes da Axenda Urbana Española, e cruzándoos cos datos do censo de poboación de 2011, conclúese que o 85 % da poboación cumpre os criterios de accesibilidade a zonas verdes da AUE, o que resulta nun grao de cumprimento extraordinariamente alto.

O sistema xeral de espazos libres do Plan xeral recolle dous parques periurbanos (que supoñen 2 259 800 m²), trinta parques e zonas verdes públicas (1 598 318 m²) e cinco parques recreativos (1 250 821 m²), que suman un total de 5 108 939 m², boa parte dos cales están pendentes de procesos de xestión urbanística para poder chegar a formalizarse.

Parques periurbanos

DOTACIÓN/LOCALIZACIÓN	Nº EN PLANO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)			OBTENCIÓN
			EXISTENTE	DISPONIBLE		
Parque forestal de Pedroso PE-9R	PF. 1	2.089.800	726.000	765266		Disponible/ exprop.
Parque fluvial de Chaián PE-8R	PF. 2	170.000	-	170.000		Disponible
TOTAL PARQUES PERIURBANOS		2.259.800	726.000	935.286		

Parques recreativos

DOTACIÓN/LOCALIZACIÓN	Nº EN PLANO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)			OBTENCIÓN
			EXISTENTE	DISPONIBLE		
Parque da Leira do Sesto	PR. 1	110.200	110.200	-		Existente
Parque dá Selva Negra	PR. 2	207.088	-	-		Expropiación
Parque de Monte do Gozo	PR. 3	372.800	372.800	-		Existente
Parque en S. Lázaro	PR. 4	108.000	-	-		Cesión
Parque Cidade da Cultura	PR. 5	452.733	-	452.733		Disponible
TOTAL PARQUES RECREATIVOS		1.250.821	463.000	452.733		

Sistema Xeral de ZONAS VERDES PÚBLICAS

Parques públicos

DOTACIÓN/LOCALIZACIÓN	Nº EN PLANO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m ²)			OBTENCIÓN
			EXISTENTE	DISPONIBLE		
Parque de Sta. Susana	PU.1	82.173	79.962	-		Existente/ Exprop.
Zonas verdes Residencia Campus (ZV-1-PE-8)	PU.2	28.124	28.124	-		Existente
Parque de Sto. Domingo	PU.3	30.537	30.537	-		Existente
Parque das Fontiñas	PU.4	101.787	91.692	10.095		Existente/ Exprop.
Parque de Belvis	PU.5	72.948	72.948	-		Existente e en execu- ción
Parque de Vite	PU.6	64.155	64.155	-		Existente
Parque Mte. da Condesa. Campus	PU.7	38.480	38.480	-		Existente
Parque do Sar. Ponte Pedriña	PU.8	16.212	-	15.309		Disponible/ Cesión
Parque do Sar. Eugenio Granell.	PU.9	146.000	69.025	-		Exist./ Ce- sión/ Exprop.
Parque en Monte de Conxo	PU.10	15.600	15.600	-		Existente e en execución
Parque da Colexiala do Sar	PU.11	11.279	-	-		Expropiación
Parque lineal de Volta do Castro	PU.12	42.789	-	11.700		Disponible/ Cesión

Sistema Xeral de ZONAS VERDES PÚBLICAS					
Parques públicos					
DOTACIÓN/LOCALIZACIÓN	Nº EN PLANO	CUALIFICACIÓN	SUPERFICIE SOLO (m²)		OBTENCIÓN
			EXISTENTE	DISPONIBLE	
Parque Xardín Botánico	PU.13	104.850	-	40.155	Dispon./ Ex-prop.
Parque de Monte Pío	PU.14.1	38.924	25.929	-	Existente/ Cesión
Parque do Sarela	PU.14.2 e 3	31.276	-	-	Expropiación
Parque do Monte de Penamaría	PU.15	58.678	-	-	Cesión
Parque do Outeiro da Cancela	PU.16	116.043	-	-	Cesión
Parque Castro de Picou	PU.17	47.652	-	-	Cesión
Parque lineal da Regueira de Fontenla	PU.18	27.798	-	-	Cesión
Parque das Brañas de Sar	PU.19	330.056	-	-	Expropiación
Parque das Hortas	PU.20	10.708	-	-	Cesión
Parque do Camiño Francés	PU.21	35.015	-	-	Cesión
Parque do Castro de Conxo	PU.22	16.646	-	-	Cesión
Zona verde Salgueriños	ZV.1	19.105	15.000	1.725	Existente/ Dispon./ Ex-prop.
Zona verde Miradoiro de Meixonfrío	ZV.2	5.522	-	-	Cesión
Parque das Cancelas	ZV.3	25.492	571	-	Existente/ Cesión
Zona Verde Galeras (ZD-1)	ZV.4	23.421	23.421	-	Existente
Parque de Almáciga	ZV.5	25.803	22.145	-	Existente/ Cesión
Parque Tras A Igrexa.	ZV.6	9.420	-	-	Cesión
Parque cemiterio Boisaca (1)	ZV.C1	22.825	-	-	Cesión
TOTAL PARQUES URBANOS		1.598.318	590.674	78.984	

2.4.2. Áreas de restauración ecolóxica

O Concello de Santiago prevé abordar a restauración ecolóxica do antigo vertedoiro de Aríns, de 32 ha, para a creación dun gran parque público forestal, que contribúa a diminuír o risco de incendios das masas forestais adxacentes e a mellorar a conectividade ecolóxica.



Zona do antigo vertedoiro de Aríns previsto para a súa restauración ecolóxica. Fonte: Google Earth.

2.4.3. Instrumentos de planificación

Os principais instrumentos con que conta o Concello para a planificación e a xestión das zonas verdes son o **Plan director de zonas verdes e espazo público**, de 2015, máis centrado na xestión, e o **Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela**, de 2010, como un documento de directrices básicas para unha transformación que contribúa á sostibilidade da cidade orientada cara ao metabolismo urbano.

Pola súa banda, a **Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032** aborda a creación dun “dobre anel”, que comprende as seguintes actuacións e ámbitos:


- Reordenar os espazos perimetrais á améndoa, coa praza de Galicia como nodo central
- Consolidar o anel de espazos verdes
- Potenciar a rede de sendeiros que vinculan todos os espazos do anel verde xunto cos corredores fluviais
- Realizar actuacións nos dous corredores que conectan ambos os aneis: a rúa do Hórreo e a rúa do Sar

En relación co ambiente urbano, a **EDUSI** prevé na súa liña de actuación ‘A5. Recuperación do espazo público urbano e mellora da contorna’, actuacións de reurbanización e humanización de rúas. E o **Plan estratéxico do comercio** presenta unha liña estratéxica específica sobre ‘embelecemento e ornato público’.

2.5. REXENERACIÓN URBANA

2.5.1. Barrios vulnerables

Segundo o Observatorio da Vulnerabilidade Urbana do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no seu informe de 2011, en Santiago existen dúas áreas estatísticas vulnerables (AEV)¹. Ambas presentan baixos niveis de vulnerabilidade, vinculados unicamente ao indicador de estado das vivendas.



Barrios vulnerables de Santiago . Fonte: Observatorio da Vulnerabilidade Urbana. MTMAU. Elaboración propia.

2. Agrupación de seccións censuais lindeiras e de certa homoxeneidade urbanística, de entre 3500 e 15 000 habitantes nas que polo menos un dos tres indicadores de vulnerabilidade considerados (índice de estudos, de paro ou de carencias nas vivendas –sen auga corrente, sen wc dentro da vivenda, ou sen baño ou ducha) do conxunto supere o valor establecido como referencia.

O **AEV 1507801** abarca gran parte do centro histórico e prolóngase polo intercambiador de Xoán XXIII e a súa contorna. Ten unha superficie de 56,16 ha, unha poboación de 3645 persoas e alberga 2905 vivendas, do que resulta unha densidade de 51,72 viv./ha e 6490 hab./km². Presentaba en 2011 unha vulnerabilidade baixa, tanto no nivel de estudos da poboación como no nivel de paro, e superaba levemente o índice de vulnerabilidade polo estado das vivendas, cun 18,07 % fronte a 17,50 % do valor de referencia.

O **AEV 1507802** ocupa o lado oeste da avenida de Lugo. Con 34,27 ha de superficie, 4595 habitantes e 2555 vivendas, do que resulta unha densidade de 74,55 viv./ha e 13 407 hab./km². Presentaba en 2011 unha vulnerabilidade baixa, tanto no nivel de estudos da poboación como no nivel de paro, e superaba levemente o índice de vulnerabilidade polo estado das vivendas (17,50 %), cun 18,98 %.



2.5.2. Áreas de rehabilitación integral

Segundo o Instituto Galego de Vivenda e Solo, no municipio de Santiago detectáronse un total de catro ARI, cun total de 4799 vivendas obxecto de rehabilitación. Destaca a área de rehabilitación do centro histórico de Santiago que, con 2407 vivendas, supón un 50 % do total. No resto de ámbitos trátase de polígonos residenciais de bloque aberto das décadas de 1960 e 1970 do século pasado.

ARI Polígono de Vista Alegre

Área declarada o 17 de abril de 2006, que comprende 752 vivendas distribuídas en 47 edificios. Cunha superficie de 5,9 hectáreas, localízase ao noroeste da cidade. Polígono residencial previsto no Plan xeral de 1959, trátase de vivendas de protección oficial de promoción privada. Aínda que os terreos sobre os que se edificou eran de titularidade pública, neste caso do Concello, a promoción, construción e venda das vivendas correron por conta de entres privados. A construción de vivendas fíxose en tres fases. A primeira delas, entre 1970 e 1971, determinou

a morfoloxía de todo o barrio. A peculiaridade máis notoria é a existencia de terrazas nos bloques que presentan un elevado estado de deterioración. A segunda fase, de 1987, foi un apéndice da promoción inicial que segue os mesmos patróns estéticos. A terceira fase, de finais de 1987, ten como características diferenciadoras, respecto das dúas anteriores, a existencia de ascensores interiores e o aspecto exterior dos bloques.



Situación do ARI Polígono de Vista Alegre. Fonte: Instituto Galego de Vivenda e Solo

ARI Grupos de Vivendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios” do Barrio de Pontepedriña

Área declarada o 23 de decembro de 2008, localizada ao suroeste da cidade, na que existen 376 vivendas en 42 edificios. Polígono residencial conformado polos grupos Compostela e Cardeal Quiroga Palacios, que forman unha unidade estrutural definida por dous espazos residenciais que unicamente se diferencian pola estética edificatoria.

Na súa orixe foron vivendas de promoción pública. O Grupo Compostela ocupouse en 1955

e o Cardeal Quiroga Palacios, en 1972. Os dous grupos caracterízanse por ter unha morfoloxía composta por un armazón aberto no que os edificios en forma de bloques se dispoñen de forma illada, deixando numeroso espazo libre entre eles. As alturas dos edificios oscilan entre catro (Grupo Compostela) e cinco andares (Grupo Cardeal Quiroga), incluído o baixo.



Situación do ARI Grupos de Vivendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios”. Fonte: Instituto Galego de Vivenda e Solo.

ARI Barrio de Vite (Área de Rehabilitación Integral Xeral)

Área declarada o 15 de febreiro de 2016. Conta co seu ámbito delimitado con 1263 vivendas, en edificios de tipoloxía residencial colectiva. O actual barrio de Vite sitúase na zona norte da cidade e xorde como unha peza planificada a través do Plan parcial do polígono de Vite redactado en 1968 e aprobado en 1969. A área delimitada constitúe un sector homoxéneo cunha serie de características tipolóxicas, morfolóxi-

cas e estruturais que lle confiren racionalidade interna e idiosincrasia propia no conxunto da cidade. Son vivendas de promoción pública construídas nos anos 1970/1980 con tipoloxía de bloque aberto. Atópase nunha zona que conta con espazos verdes e zonas libres de gran riqueza e dimensión e próxima a áreas cunha importante actividade administrativa e docente.



Situación del ARI Barrio de Vite. Fuente: Instituto Galego de Vivenda e Solo.

ARI Casco Histórico de Santiago de Compostela (Área de Rehabilitación de Centro histórico)

Área declarada el 9 de enero de 1998, que incluye 2.407 viviendas objeto de rehabilitación y tiene una superficie de 169,9 hectáreas. Comprende el antiguo recinto intramuros y los rúes históricos. El ámbito de la Ciudad Histórica de Santiago fue delimitado por el Plan General de 1990, siendo reajustado por el Plan Especial de Protección y Rehabilitación, aprobado en marzo de 1997. Para el Plan Especial, la preserva-

ción del uso residencial y del tejido social que sustenta la vida urbana de la ciudad histórica, constituye la base más sólida para su recuperación. En la ciudad histórica existen 2.660 edificios y 6.717 viviendas. Excluyendo el total de edificios con una sola vivienda la media es de cuatro viviendas por edificio. Destaca el reducido tamaño de las viviendas, ya que más del 56% no supera los 70 m².



Situación del ARI Grupos de Viviendas “Compostela e Cardeal Quiroga Palacios”. Fuente: Instituto Galego de Vivenda e Solo.

2.6. EDIFICACIÓN

2.6.1. Estado da edificación. ITE e IEE


Non se dispón de datos sobre Inspeccións técnicas de edificios nin informes de avaliación do edificio que permitan avaliar o estado da edificación no municipio de Santiago de Compostela.

2.6.2. Rehabilitación e reforma de edificacións

A pesar de non coincidir cos datos de vivendas rehabilitadas que sinala a Xunta de Galicia nas súas ARI, segundo os datos da Dirección Xeral do Catastro, desde o ano 1991 ao 2011 rehabilitáronse en Santiago un total de 773 bens inmobles, que suman un total de 720 055 m², que se reparten por usos en:

Superficie rehabilitada por usos 1991-2011						
	Vivendas	Comercial	Industrial	Oficinas	Outros usos	Total
%	49,16	13,84	0,22	2,68	34,10	100
m ²	353.973	99.682	19.270	19.270	245.562	720.055

Fonte: DGC. Elaboración propia.



Bens inmobles rehabilitados (m²) entre 1991 e 2011. Fonte: DGC. Elaboración propia.

Superficie rehabilitada por tipoloxías 1991-2011		
	m²	n.º de bens inmobles
Edificación colectiva aberta	633	1
Edificación colectiva en bloque	493.820	720
Edificación unifamiliar illada ou acaroadada	1.012	4
Comercial	10.878	6
Hoteis, hostais e moteis	211.507	39
Restaurantes	1.813	1
Equipamentos	392	1
TOTAL	720.055	772

Fonte: DGC. Elaboración propia.

Deste xeito pódese concluír como a maior porcentaxe de m² rehabilitados se dedica a vivenda colectiva en bloque, cun valor que rolda o 50 % do total, pero destaca o número e a cantidade de superficie en que se rehabilita en hoteis, hostais e moteis.

Espacialmente, o ámbito principal de rehabilitación vai ser o centro histórico, cos rúas que saen da améndoa central, e o bordo norte do Ensanche.

O **Plan xeral de ordenación municipal de Santiago**, de 2007, xunto co seu predecesor de 1990 e co **Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica**, de 1997, configuraron

o marco de planificación e normativo do grande impulso á rexeneración dos tecidos urbanos históricos de Santiago de Compostela durante o último cuarto de século, consolidando programas públicos de axudas, investimentos privados, prácticas administrativas e capacitación de técnicos nos ámbitos público e privado.

Recentemente, a **EDUSI**, a través da súa liña de actuación 'A10. Mellora da eficiencia enerxética e aumento das enerxías renovables', incorporou tres propostas relacionadas en relación coa rehabilitación de edificacións, a través da mellora da eficiencia enerxética en edificios públicos e/ou privados.



2.6.3. Instrumentos de planificación

A **Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032** inclúe o denominado proxecto Compostela Cultural Area, que pretende utilizar os espazos patrimoniais dispoñibles, xunto con outros infrautilizados ou que se poidan xerar en áreas periféricas da cidade, como base de novas propostas culturais, de residencias de artistas internacionais e de novos intercambios culturais, ademais dunha serie de actuacións vinculadas coa recuperación de espazos infrautilizados, a rehabilitación e conservación do tecido residencial, así como coa revitalización do tecido comercial (programas de revitalización e adecuación ás condicións de uso, habitabilidade e accesibilidade dos locais comerciais e os edificios susceptibles de admitir ese tipo de usos).

Ademais, as liñas de actuación “A1. Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos”, “A3. Actuacións en vivendas en barrios desfavorecidos”, “A8. Rehabilitación e promoción do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural”, “A 10. Mellora da eficiencia enerxética e aumento das enerxías renovables” da **EDUSI** conteñen medidas específicas neste ámbito.

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en fase de execución financiadas polo FEDER no marco do eixe 12 do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020

LA 1 - Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos

Centro Municipal de Atención Integral ás persoas sen fogar de Santiago de Compostela (CIPIS)

Centro de Excelencia Tecnolóxica de Emprego e Coñecemento (CETEC)

LA 3 - Actuacións en vivendas en barrios desfavorecidos

Mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos

LA 8 - Rehabilitación e promoción do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural

Acondicionamento interior do Castelo da Rocha

Rehabilitación do edificio Casa das Máquinas

LA 10 - Mellora da eficiencia enerxética e aumento das enerxías renovables

Rehabilitación enerxética de edificios de titularidade municipal

A. Análise xeral | A2. MARCO DE GOBERNANZA

A definición dun modelo urbano é unha cuestión complexa que, aínda que recae fundamentalmente sobre as competencias urbanísticas, implica a coordinación de múltiples aspectos sectoriais e a asunción duns principios comúns que guíen a acción de distintos departamentos.

As administracións públicas competentes nesta materia son:

Nivel nacional (AXE):

Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Nivel autonómico (Xunta de Galicia):

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Consellería de Sanidade, Consellería de Política Social, e Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Nivel local (Administración local):

Concello de Santiago. Para unha definición do modelo urbano que sexa capaz de integrar todo o territorio que participa das dinámicas urbanas de Santiago, resulta crucial a coordinación cos municipios máis estreitamente vinculados con esta cidade, que nesta materia son Ames, Teo, Brión e Oroso.

O **Consortio de Santiago** asume un papel fundamental no establecemento do modelo urbano da cidade e en múltiples frontes de actuación: na rehabilitación de edificacións, nas súas actuacións sobre o espazo público, na obtención e a xestión de espazos verdes ou mesmo na creación de institucións culturais, que reforzan a actividade na cidade.

As competencias da Administración municipal exércense a través das seguintes concellerías e organismos:

Concellerías:

Concellería de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade; Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns; Concellería de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas; e Concellería de Centros Socioculturais, Barrios, Obras e Relacións Veciñais.

Comisións municipais:

Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos; Comisión da Área Social, Cultura, Participación, Igualdade e Transparencia.

Por outra banda, aparecen unha serie de organismos de tipo consultivo, con gran relevancia pola súa función de comunicación entre o Concello, os axentes implicados e a sociedade civil:

Consellos municipais:

Consello Económico e Social; Consello Municipal de Turismo e Cidade; Consello Municipal de Medio Ambiente; Consello Municipal de Saúde; Consello Municipal de Educación; Municipal de Accesibilidade; Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade; e Consello de Relacións veciñais.

Finalmente, débese sinalar a importancia de integrar as asociacións veciñais, tanto no que teña que ver coa planificación a escala de barrio, como a nivel de modelo urbano xeral, para o municipio e a súa área urbana.

B. Datos descriptivos | B1. Datos descriptivos AUE

MODELO DE CIDADE

DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

RANGOS municipios entre 50.000 y 100.000 habitantes

	VALOR	VALOR 1eiro CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3eiro CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.07 Solo urbano discontinuo (%)	52.5	8.3	24.6	51.5
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.09 Compactidade urbana (m2t/m2s)	0.7	0.58	0.75	0.88
D.10 Compactidade residencial				
D.10.a. Sup. construída uso residencial (m2t/m2s)	0.39	0.36	0.43	0.53
D.10.b. Sup. construída uso residencial (%)	55.8	55.3	61.0	64.8
D.11 Complexidade urbana	-	-	-	-
D.12 Parques e equipamentos de zonas verdes	-	-	-	-
D.13 Espazo público	-	-	-	-
D.ST.01 Densidade de vivenda prevista nas áreas de solo de desenvolvemento (viv./ha)	23.0	14.8	21.9	29.3
D.ST.02 Porcentaxe de áreas de solo en desenvolvemento %	31.6	30.8	53.4	99.4
D.ST.03 Porcentaxe de solo urbanizable delimitado %	30.4	22.1	47.4	82.2
D.ST.04 Superficie de solo previsto para uso residencial (%)	15.3	17.5	33.8	53.6
D.ST.05 Superficie de solo previsto para actividades económicas (%)	7.1	4.5	13.2	26.1
D.14 Antigüidade do parque edificatorio. Parque edificatorio anterior ao ano 2000 (%)	74.3	57.9	67.8	73.2
D.16 Calidade do silencio	-	-	-	-
D.22 Envellecemento da poboación				
D.22.a Índice de envellecemento da poboación (%)	21.1	13.5	16.1	19.7
D.23.b Índice de senectude da poboación (%)	19.7	12.9	14.8	19.5
D.23 Poboación estranxeira (%)	3.9	5.2	8.9	15.5
D.24 Índice de dependencia				
D.24.a Índice de dependencia total (%)	51.5	46.4	48.7	52
D.24.b Índice de dependencia infantil (%)	19.6	21.9	48.7	26.3
D.24.c Índice de dependencia de maiores (%)	32.3	20.1	24.3	30.6
D.29 Parque de vivenda (viv./1000 hab.)	582.7	423.9	489.0	565.5
D.30 Tipoloxía de vivenda	-	-	-	-
D.31 Vivenda protexida	-	-	-	-
D.32 Variación do número de fogares 2001-2011 (%)	28.9	25.8	35.9	52.9
D.33 Crecemento do parque de vivenda 2001-2011 (%)	24.4	16.7	22.2	31.5
D.34 Vivenda secundaria (%)		4.5	8.0	19.7
D.35 Vivenda baleira (%)		11.7	15.2	21.5
D.ST.06 Vivendas previstas en áreas de desenvolvemento respecto ao parque de vivenda (%)	26.9	16	30.7	89.5
D.ST.07 Número de vivendas previstas en áreas de desenvolvemento (viv./1000 hab.)	156.6	89.5	156.7	268.2
D.37 Figura do plan urbanístico vixente no municipio	PGOM	-	-	-
D.38 Data da figura de plan urbanístico vixente	2008	1994	2001	2007
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Entre os datos descritivos da Axenda Urbana Española (AUE) destacan para o caso de Santiago de Compostela, respecto ao resto de cidades españolas de entre 50 000 a 100 000 habitantes, os elevados índices de envellecemento e senectude da poboación (por encima do terceiro cuartil), que moi probablemente teña que ver co desprazamento das parellas novas con fillas/os aos municipios periféricos. Ademais, existe unha baixa densidade de poboación en solo urbano, derivada do modo histórico de asentamento da poboación. Así mesmo, constátase que o Concello conta cun plan xeral máis recente que a media de cidades españolas.

Dos datos comparativos da AUE destaca a problemática do desprazamento de poboación nova aos municipios periféricos, que dá lugar a unha área urbana con poboación moi segmentada e que favorece que no municipio central se concentre a poboación maior. Isto introduce, por unha banda, esixencias de adaptación do modelo urbano ás necesidades destes grupos sociais e, por outro, a necesidade de promover medidas que fagan viable a retención e a atracción de poboación nova.



B. Datos descriptivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados

En relación co modelo urbano, a Rede Española de Desenvolvemento Sostible dispón dun conxunto relevante de indicadores sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Definición	Valor
Ratio 20:20 en desigualdade da renda (1)	5,48 %
Taxa de poboación en pobreza alta (2)	7,1 %
Taxa de pobreza infantil (3)	17,2 %
Taxa de poboación en risco de pobreza (4)	13,7 %
Poboación matriculada nun título superior	257 / 1.000 hab.
Gasto en educación	35,85 €/per cápita
Accesos a servizos de primeiro ciclo de educación infantil	74,94 %
Poboación con nivel educativo de primeiro ciclo de secundaria	25,86 %
Poboación con nivel educativo de segundo ciclo de secundaria	19,08 %
Poboación con nivel educativo de terciaria ou superior	55,06 %
Prazas en centros sociosanitarios	29,89 / 1.000 maiores de 75 anos
Resiliencia urbana (5)	N/A
Infraestrutura para o transporte (6)	2,84 %
Vivenda protexida (7)	3,77
Vulnerabilidade urbana (8)	18,74
Índice de acceso á vivenda (9)	4,17 %

(1) Ratio 20:20 en desigualdade da renda: cociente entre a renda do 20 % máis rico e o 20 % máis pobre.

(2) Taxa de poboación en pobreza alta: poboación con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 40 % da mediana.

(3) Taxa de pobreza infantil: poboación menor de 18 anos con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 40 % da mediana.

(4) Taxa de poboación en risco de pobreza: poboación con ingresos por unidade de consumo por baixo do 60% da mediana.

(5) Resiliencia urbana: índice de resiliencia urbana. Datos do artigo “Towards an Urban Resilience Index: A Case Study in 50 Spanish cities” de Marta Suárez et al. Extrapolouse o valor da capital da provincia ás súas cidades próximas.

(6) Infraestrutura para o transporte: superficie de uso aeroportuario, portuario, rede ferroviaria, rede viaria, aparcamento e zona peonil sen vexetación sobre o total municipal.

(7) Vivenda protexida: proporción entre o número de cualificacións de vivendas acumuladas de 1991 a 2019 fronte ao total de vivendas.

(8) Vulnerabilidade urbana: % poboación que vive en seccións censuais vulnerables.

(9) Índice de acceso á vivenda: proporción do prezo da vivenda libre fronte á renda bruta anual por fogar.

Indicadores Urban Audit relacionados

Tamén cómpre destacar, en relación con este ámbito temático, a información contida nalgúns indicadores da base de datos de Urban Audit:

Definición	Valor
Tamaño medio dos fogares (2017)	2,56 pers./hogar
Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares (2017)	29,12 %
Número de vivendas convencionais segundo catastro (2016)	52.034
Proporción de vivendas baleiras (2011)	16,93 %
Esperanza de vida ao nacer (2015)	82,92 anos
Uso do solo: tecido urbano residencial continuo (2014)	3.26 %
Uso do solo: tecido urbano residencial descontinuo (2014)	5.64 %
Uso do solo: unidades industriais, comerciais, públicas, militares e privadas (2014)	3.06 %
Uso do solo: Infraestruturas de transporte (2014)	3.86 %
Uso do solo: zonas verdes urbanas, instalacións deportivas e de lecer (2014)	0.96 %
Uso do solo: zonas naturais (2014)	57.33 %

C. Análise DAFO | C1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. O modelo de asentamento territorial nas áreas do norte do municipio e nos espazos máis periféricos está formado por pequenos núcleos dispersos de escasa poboación aos que resulta moi complicado dotar de servizos en condicións minimamente equiparables aos da cidade.

D2. Hai unha excesiva dependencia do sector privado á hora de dar determinados servizos de proximidade, como as escolas infantís ou a educación primaria, en especial nos barrios centrais da cidade.

D3. O modelo de distribución de determinados equipamentos básicos, como colexios ou centros de saúde, non favorece como debería a consolidación dunha cidade peonil e camiñable.

D4. A localización das residencias de maiores non favorece o arraigamento e a continuidade da vida social das persoas maiores nos seus barrios, senón que as sitúa en lugares xeralmente desconectados.

D5. Hai unha carencia de espazos públicos de convivencia e intercambio social no Ensanche que, con todo, é o espazo urbano que concentra máis actividades.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. O modelo de asentamento favoreceu a consolidación dun núcleo urbano compacto, no que resulta viable a dotación de servizos e que posúe capacidade de irradiar servizos aos asentamentos de poboación da contorna.

F2. A cidade desenvolveu un proceso continuo de planificación e xestión urbanística desde a posta en marcha do Plan xeral de 1990, que lle permite soste un modelo urbano coherente no tempo e sentar as bases para o futuro. Conta ademais cunha fortaleza institucional notable e con extraordinarios instrumentos de xestión e intervención como o Consorcio de Santiago.

F3. A cidade conta cun tecido urbano onde se produce un razoable equilibrio entre usos terciarios e residenciais, que ademais vén coincidir con tecidos urbanos históricos como os rúes.

F4. A cidade conta cunha rede moi variada e ben distribuída de espazos verdes que ofrecen unha enorme dotación á cidadanía. E conta, ademais, coas previsións para ampliála.

F5. A posición central de Santiago dentro do sistema urbano galego e da rede de vías de alta capacidade e o seu papel como capital de Galicia confírenlle un papel de extraordinaria relevancia no conxunto da comunidade autónoma.

C. Análise DAFO | C2. Análise Externa

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. Posicionamento dos municipios periféricos no mercado inmobiliario da área urbana, dando cabida a vivenda a menor prezo, o que lles permite atraer poboación nova e estudantes debido ao incremento constante de prezos que se dá na cidade de Santiago.

A2. Nos servizos onde o sistema público non é capaz de dar un servizo de proximidade, determinados grupos sociais poden ver dificultado o seu acceso a eles. Ademais, as Administracións públicas perden capacidade de control sobre a oferta de servizos e as súas condicións.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. Os procesos de adaptación ao cambio climático e a transición enerxética e ecolóxica poden actuar como panca para unha nova revisión do modelo urbano que Santiago vén desenvolvendo durante os últimos anos.

O2. Os espazos de oportunidade para a transformación urbana están perfectamente identificados e clasificados no PXOM e permiten darlles continuidade ás liñas mestras que seguiu a transformación urbana de Santiago durante o últimas tres décadas, pero permitindo ademais algunhas cuestións pendentes, como a resolución de determinados bordos urbanos e a superación das barreiras físicas e ambientais que supoñen as grandes infraestruturas lineais.

O3. Os novos desenvolvementos previstos no PXOM que propoñen un mix de usos na cidade compacta, entre o residencial e o terciario, ofrecen unha gran posibilidade de profundar no modelo de cidade compacta.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Modelo Urbano

O diagnóstico, en canto ao modelo urbano de Santiago, poderíase resumir en:

RETO

01.

Necesidade de coordinar un modelo territorial cos municipios limítrofes para garantir a viabilidade, continuidade e extensión do modelo urbano de Santiago

A pesar de que se apostou por un modelo de cidade compacta e continua e con equilibrio de usos, a competencia dos municipios limítrofes polo crecemento urbano está a dar lugar a un modelo de área urbana dispersa e desarticulada.

RETO

02.

Necesidade de revisar as dotacións existentes e previstas na cidade con criterios de cidade paseable e/ou cidade dos 15 minutos

A localización dalgunhas redes de servizos básicos non tende a favorecer como debería as relacións de proximidade dentro da malla urbana.

RETO

03.

Necesidade de revisar os criterios de distribución das residencias de maiores e mesmo o seu modelo de funcionamento interno para favorecer a continuidade da vida social das persoas maiores desde o momento en que empezan a requirir coidados

A distribución territorial das residencias de maiores tende a desarraigalos dos seus barrios e a situalos en lugares illados, nun contexto en que a poboación santiaguesa tende a un rápido envellecemento.

RETO

04.

Posibilidade de establecer redes de percorridos peonís, en forma de corredores comerciais, que enlacen barrios de diferente morfoloxía e composición social, mantendo o equilibrio entre usos terciarios e residenciais

A cidade conta cunha serie de eixes comerciais nos que se produce un bo equilibrio entre a actividade económica terciaria e o uso residencial.

RETO

05.

Posibilidade de resolver, a través dunha ambiciosa estratexia ambiental que teña o corredor do río Sar como columna vertebral, os bordos urbanos inacabados ou inco nexos, mellorando a conectividade ecolóxica e lonxitudinal, e recuperando conexións transversais que axuden a coser o territorio

O modelo de desenvolvemento seguido foi respectuoso coa contorna e conseguiu unha interesante continuidade entre cidade e territorio, por exemplo, na fachada oeste da cidade. Con todo, o Periférico (SC-20) e as novas vías de alta capacidade que foron aparecendo ao sur da cidade supoñen importantes barreiras, que acumulan certos bordos urbanos non resoltos.



03

Cambio Climático e Resilencia


A. Análise xeral | A1. Ámbitos temáticos AUE

3.1. ADAPTACIÓN


3.1.1. Riscos asociados ao cambio climático no municipio

Para a identificación dos riscos asociados ao cambio climático no territorio de Santiago de Compostela, cómpre coñecer, con carácter previo, os perigos climáticos aos que está exposto o municipio. Para iso consúltanse os datos referidos ás variables climáticas sobre distintas proxeccións, contidas no Plan nacional de adaptación ao cambio climático e dispoñibles para a súa consulta no visor web Adaptecca, para as seguintes variables analizadas e para dous dos escenarios previstos, RCP 4.5 e RCP 8.5, no 5º Informe de avaliación do IPCC (2014):


- **Calor extrema:** trátase da invasión de aire moi quente, nunha zona ampla, que dura dalgúns días a varias semanas.



	Dato hco.	RCP 4.5			RCP 8.5		
		2011-2040	2041-2070	2071-2100	2011-2040	2041-2070	2071-2100
t. ^a máx. media	17,89°C	18,67°C	19,52°C	19,72°C	18,76°C	20,11°C	21,70°C
t. ^a máx. extrema	34,22°C	35,37°C	36,11°C	36,38°C	35,52°C	35,36°C	37,07°C
Difer. T. ^a	16,33°C	16,85°C	15,84°C	17,35°C	16,44°C	15,25°C	15,37°C
Durac. máx. ondas calor	8,96 días	10,71 días	13,89 días	14,68 días	11,40 días	15,86 días	25,92 días
N.º noites cálidas	36,40	47,99	61,47	65,79	50,02	70,39	95,66
N.º días cálidos	36,40	55,91	73,11	80,82	57,99	84,52	116,52



Evolución temperatura máxima. Escenario RCP 8.5. Fonte: Adaptecca.



Evolución da duración máxima de ondas de calor. Escenario RCP 8.5. Fonte: Adaptecca.

As proxeccións establecen un horizonte no cal se dan subas xeneralizadas, de entre 2 a 4 °C, das temperaturas máximas (tanto medias como extremas), un incremento ao dobre ou ao triplo da duración das ondas de calor e do número de días e noites cálidos.

• **Precipitacións fortes:** episodio de precipitacións que se dá durante un período de 1 a 48 horas cunha precipitación total que supera un limiar determinado para un lugar dado.


Dato hco.	RCP 4.5			RCP 8.5			
	2011-2040	2041-2070	2071-2100	2011-2040	2041-2070	2071-2100	
Precip. máx. en 24 h. (mm/día)	77,86	83,55	83,14	80,33	79,13	82,68	82,65

O volume de precipitacións fortes aumentará levemente, segundo as proxeccións dos dous escenarios analizados.



• **Seca:** defínese como o período de tempo anormalmente seco o suficientemente longo como para provocar un desequilibrio hidrolóxico grave que pode derivar en desequilibrios hídricos a longo prazo e en recursos hídricos insuficientes para satisfacer os requisitos medios a longo prazo.

	Dato hco.	RCP 4.5			RCP 8.5		
		2011-2040	2041-2070	2071-2100	2011-2040	2041-2070	2071-2100
Precip. media diaria (mm/día)	5,01	4,98	4,53	4,85	4,93	4,72	4,48
Precip. media mensual (mm/mes)	150,3	149,4	135,9	145,5	147,9	141,6	134,4
Evotransp. Potencial (mm/mes)	60,70	-	-	-	62,99	66,24	71,11
Grao de humidade (%)	59,61	-	-	-	57,41	53,22	47,09



Evolución do n.º días de choiva. Escenario RCP 8.5. Fonte: Adaptecca.


Prevese un aumento da seca, como resultado da combinación de dous fenómenos: a diminución dos días de choiva, cun descenso de entre o 3-10 % das precipitacións medias e o aumento da evotranspiración potencial. Isto provocará, así mesmo, un descenso do grao de humidade.

O efecto combinado do aumento das temperaturas máximas, o incremento da duración das ondas de calor e dos días e noites cálidos, así como a maior recorrencia dos eventos de seca supoñen uns riscos moi considerables en canto a eventos de calor extrema, con forte impacto sobre a saúde da poboación e en relación cos incendios forestais. Por outra banda, o ciclo integral da auga pode ver fortemente alterado o seu equilibrio pola diminución das choivas e a alteración nos seus patróns.

O Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) asigna un risco potencial de emerxencias (RPE) moi alto ao municipio de Santiago de Compostela, xa que presenta valores altos en vulnerabilidade poboacional e nos riscos especiais. Isto significa que no termo municipal existe unha probabilidade estatística alta de materialización dun risco e de que afecte dalgún modo á poboación, aos seus bens, ao patrimo-

nio cultural e artístico ou ao medio natural, pero non dá idea das consecuencias concretas que a materialización do risco puidese provocar neses ámbitos. O Plan de emerxencia municipal de Santiago de Compostela (2013) avalía unha serie de riscos no municipio, algúns dos cales teñen relación co cambio climático:

- **Incendio forestal:** considérase un índice de risco moi alto, xa que a probabilidade de ocorrencia é alta e que o índice de danos pódese considerar como moi alto. A activación do PEMU prodúcese sempre que estean ameazadas zonas densamente poboadas. Neste caso recoméndase a elaboración dun plan de actuación municipal ante o risco de incendios forestais, que se habrá de incorporar ao PEMU.



Mapa de risco de incendios forestais. Fonte: Plan de emerxencia municipal de Santiago de Compostela, 2013.


• **Incendio industrial:** índice de risco moderado, con probabilidade de ocorrencia baixa e índice de danos moi alto. A activación do PEMU só se produce en casos moi excepcionais.

• **Incendio urbano:** se considera un índice de riesgo **muy alto** ya considérase un índice de risco moi alto, xa que o índice de probabilidade é alto (ocorre varias veces ao ano) e o índice de danos pódese considerar moi alto. A activación do PEMU só se produce en casos moi excepcionais, xa que os recursos habituais son suficientes na maior parte das ocasións.

• **Choivas intensas:** considérase un índice de risco moderado tendo en conta que a probabilidade de choivas intensas é alta e que o índice de danos é baixo, de maneira que só produce activación do PEMU en casos excepcionais.

• **Inundación:** considérase un índice de risco alto, xa que o índice de probabilidade é moderado (dáse unha cada varios anos), en tanto que o índice de danos é moi alto, en función do número de persoas que se poden ver afectadas. A activación do PEMU só se produce en casos moi excepcionais. En calquera caso, recoméndase a elaboración dun plan de actuación municipal ante o risco de inundacións, que se haberá de incorporar ao PEMU.

• **Nevadas:** considérase un índice de risco moderado, cun índice de probabilidade moderado (aparece unha vez cada ano), en tanto que o índice de danos é alto, atendendo ao volume de poboación afectada. A activación do PEMU só se produce en casos moi excepcionais.



Mapa de risco de inundacións. Fonte: Plan de emerxencia municipal de Santiago de Compostela, 2013.

• **Secas:** considérase un índice de risco moderado tendo en conta que a probabilidade é baixa e que o índice de danos é alta, de maneira que só produce activación do PEMU en casos excepcionais.

• **Temporais:** considérase un índice de risco moi alto, xa que o índice de probabilidade é alto (prodúcense varias veces ao ano) e o índice de danos pódese considerar moi alto. A activación do PEMU prodúcese cando se prevén efectos catastróficos.

• **Xeadas:** considérase un índice de risco moderado, xa que o índice de probabilidade é alto, ao rexistrarse varias ao ano, mentres que o índice de danos se considera moderado, atendendo aos posibles efectos persoais e danos materiais. A activación do PEMU só se produce en casos moi excepcionais.



Por outra banda, o documento de Avaliación de riscos e vulnerabilidades (ERV) do PACES de Santiago de Compostela (2020), identifica os seguintes riscos climáticos no termo municipal:

TIPO DE RISCO CLIMÁTICO	NIVEL ACTUAL DE RISCO	CAMBIO DE INTENSIDADE PREVISTO	CAMBIO DE FRECUENCIA PREVISTO
Incendios forestais	Alto	Incremento	Incremento
Secas	Moderado	Incremento	Incremento
Inundacións	Moderado	Incremento	Incremento
Precipitacións extremas	Moderado	Incremento	Incremento
Calor extrema	Baixo	Incremento	Incremento
Frío extremo	Baixo	Estabilización	Incremento

Riscos asociados ao cambio climático en Santiago de Compostela. Fonte: Avaliación de Riscos e Vulnerabilidades, PACES Santiago de Compostela, 2020.

É dicir, o **principal risco climático existente no municipio**, como ocorre en tantos outros de Galicia, é o da aparición de incendios forestais que, ademais da evidente perda de masa forestal e de biodiversidade que xeran, supoñen un elevado risco para a poboación, especialmente nas áreas de asentamento disperso.

Así mesmo, aparecen unha serie de **riscos ligados á xestión do ciclo da auga**: secas, inundacións e precipitacións extremas, todas elas con risco medio. Esta circunstancia obrigará a mellorar a capacidade do municipio para xestionar o elevado volume de auga que recibe anualmente, de maneira que se poida limitar o impacto dos devanditos riscos.

Como se viu, a identificación de riscos do PACES e do PEMU móstranse moi coherentes entre si e aparecen moi aliñadas coas proxeccións que ofrecen os modelos climáticos do IPCC.

Por outra banda, as variables referidas a **calor extrema e fría** extremo presentan un nivel de risco baixo, aínda que é conveniente telas en conta, en especial para a xestión da saúde urbana, con especial énfase nas áreas do municipio con poboación máis envellecida, que no caso de Santiago de Compostela se trata de amplas áreas do seu territorio. Neste sentido, o documento do PACES de Santiago sinala que a cidade parte dunha boa base para afrontar os retos derivados do cambio climático, xa que se trata dunha urbe de tamaño contido, rodeada dun perímetro agrario e forestal e cunha dotación de zonas verdes e de árbores en relación coa poboación moi superiores ás recomendadas por organismos internacionais como a OMS.



Finalmente, e en canto á vulnerabilidade fronte ao cambio climático, a Avaliación de riscos e vulnerabilidades do PACES describe o seguinte estado da cuestión:

TIPO DE RISCO CLIMÁTICO	NIVEL ACTUAL DE RISCO	CAPACIDADE DE ADAPTACIÓN	VULNERABILIDADE
Incendios forestais	Alto	Mínima	Alta
Precipitacións extremas	Moderado	Media	Media
Inundacións	Moderado	Media	Media
Frío extremo	Baixo	Mínima	Media
Secas	Moderado	Significativa	Baixa
Calor extrema	Baixo	Significativa	Baixa

Riscos asociados ao cambio climático en Santiago de Compostela. Fonte: Avaliación de riscos e vulnerabilidades, PACES Santiago de Compostela, 2020.

3.1.2. Instrumentos de planificación

O Plan de acción polo clima e as enerxías sostibles (PACES) de 2020 contén un plan de adaptación ao cambio climático que recolle as seguintes accións nos ámbitos da auga e a saúde (A1-A2), a agricultura e silvicultura (A3), a mobilidade (A4-A6) e un conxunto de accións de carácter transversal (A7-A10):

- **A1.** Renovación da EDAR de Silvouta, para incrementar a capacidade de depuración de augas residuais.
- **A2.** Teledetección e seguimento dos tanques de tormenta na rede de saneamento.
- **A3.** Actividades formativas sobre repoboación forestal e prevención de incendios.
- **A4.** Plan de accesibilidade universal do Concello de Santiago. Acción incluída na estratexia EDUSI.
- **A5.** Actualización do Plan de mobilidade urbana sostible. Acción incluída na estratexia EDUSI.
- **A6.** Reordenación da vía Clara Campoamor. Acción incluída na estratexia EDUSI.
- **A7.** Tropa Verde. Acción recollida no programa operativo URBACT III.
- **A8.** Formación e divulgación sobre adaptación ao cambio climático (continuidade da iniciativa Tropa Verde).
- **A9.** Proxecto ocupacional para formar equipo de axentes enerxéticos de edificios.
- **A10.** Sistema de xestión ambiental para a rede de espazos verdes de Santiago.

O **Plan de emerxencia municipal** (PEMU) de 2013 non recolle, debido á súa propia natureza, accións concretas para realizar, senón que define un conxunto de medidas de protección e un catálogo de medios e recursos para aplicar as devanditas medidas en caso de ser necesarias. Tamén expón medidas para a implantación do plan e o mantemento da súa operatividade. As medidas de protección incluídas agrúpanse nos seguintes cinco ámbitos:

- **Medidas de protección a la población** (avisos, confinamento en lugares seguros, afastamento, evacuación, seguridade cidadá e control de accesos).
- **Medidas de socorro a la población** (primeiros auxilios e asistencia sanitaria, albergue de emerxencia e abastecemento ás persoas desprazadas).
- **Medidas de intervención para combatir el suceso catastrófico** Medidas de intervención para combater un suceso catastrófico (habilitación de accesos, conducción de medios e abastecemento de equipos e subministracións á zona de intervención).
- **Medidas de protección a bienes:** bens de alto valor, Bens de Interese Cultural e medio natural.
- **Medidas reparadoras:** valoración dos danos, restablecemento das infraestruturas e servizos públicos afectados e accións específicas para a volta á normalidade.




3.2. MITIGACIÓN

3.2.1. Emisións de GEI e calidade do aire

Para a medición das emisións de gases de efecto invernadoiro, os datos organízanse de dúas formas: por unha banda, unha análise por sectores que permita identificalas en función do tipo de actividade e, por outra, unha análise segundo as fontes das cales procede esa enerxía. Segundo o inventario de emisións de referencia do PAES de Santiago de Compostela (2016), durante o ano 2015 emitíronse á atmosfera 588 329 tCO₂e, desde o municipio, o que equivale a 6,2 tCO₂e por habitante. A repartición das devanditas emisións por sectores presenta a seguinte distribución:

SECTOR	EMISIONES (tCO ₂ e/ano)	PESO RELATIVO (%)
Industria	217.610	37,0
Transporte	168.134	28,6
Residencial	108.906	18,5
Servizos non municipais	64.504	11,0
Residuos	20.969	3,6
Iluminación pública	5.970	1,0
Edificios municipais	2.236	0,4
TOTAL	588.329	100,0

Por fonte de enerxía, o consumo eléctrico era en 2015 o responsable do 48 % das emisións atmosféricas producidas en Santiago de Compostela, a mesma cifra que supón o conxunto dos combustibles fósiles, que presentan a seguinte repartición: gasóleo, o 29 %; gas natural, o 12 %; gasolina, o 4 %, e gasóleo de calefacción, o 3 %. Outras fontes representan un 4 % do total de emisións.




Emisións (tCO₂e/ano) por sector e tipo de enerxía no municipio de Santiago de Compostela durante o ano 2015. Fonte: Plan de acción para as enerxías sostibles (PAES) de Santiago de Compostela, 2016.

Cruzando ambas as análises obtense que **o consumo eléctrico se reparte fundamentalmente entre a industria, o sector residencial e os servizos, mentres que os combustibles fósiles concentran o seu uso no sector dos transportes**, coa excepción do gas natural, cuxo uso está orientado á industria e á vivenda, e o gasóleo de calefacción que se emprega case en exclusiva para o sector residencial. Ademais, cómpre sinalar que **a parte que é competencia directa da Administración municipal (iluminación pública, edificios municipais e residuos) representa un 5 % sobre o total de emisións.**

Por outra banda, no seguimento de emisións realizado para o exercicio 2019 no Inventario de Emisións de Referencia (IER) do PACES de 2020, detectouse unha redución de emisións totais desde as 588 329 tCO₂e /ano de 2015 ás 432 463 tCO₂e /ano de 2019, é dicir, unha redución do 26,5 % en catro anos. Esta redución impútase, en primeiro lugar, ao sector da industria e, en segundo, ao transporte. En menor medida ao sector residencial, servizos, residuos e iluminación pública. O sector dos edificios, equipos e instalacións municipais aumentou lixeiramente, aínda que en 2015 non se consideraron as emisións derivadas do tratamento de augas.

SECTOR	EMISIONES 2015 (tCO ₂ e/ano)	EMISIONES 2019 (tCO ₂ e/ano)	REDUCCIÓN 2015-2019	REDUCCIÓN ESPERADA 2020
Industria	217.610	150.746	30,73%	10%
Mobilidade (transportes)	168.134	126.246	24,91%	25%
Sector residencial	108.906	82.592	24,16%	31%
Servizos (non municipais)	64.504	46.930	27,24%	30%
Recollida e tratamento RSU	20.969	16.369	21,94%	0%
Iluminación pública	5.970	3.225	45,97%	65%
Edif./Equip./Inst. municipais	2.236	4.059	-81,53%	52%
TOTAL	588.329	430.168	26,88%	20,50%



Comparativa emisións (tCO₂e/ano) por sector en Santiago de Compostela entre 2015 e 2019. Fonte: Plan de acción polo clima e a enerxía sostible (PACES) de Santiago de Compostela, 2020.

En canto á calidade do aire, hai que facer notar que, debido ás características climáticas de Galicia (inestabilidade frecuente, altas precipitacións e baixa radiación solar), a calidade do aire é mellor que o rexistrado noutros lugares do Estado español. En Santiago de Compostela existen dúas estacións que miden as partículas contaminantes presentes no aire situadas no Campus Sur, nas inmediacións da residencia Monte da Condesa, e en San Caetano, preto das instalacións da Xunta de Galicia.

Índice de calidade do aire urbano 2019

Estación	Buena	Admisible	Mala	Moi mala
Santiago-Campus	354	5	1	0
Santiago-San Caetano	352	5	6	0

Fonte: Dirección Xeral de Calidade Ambiental

Os datos recollidos en 2019 nestas estacións mostraron que non hai problemas coa calidade do aire en Santiago de Compostela, posto que a cualificación foi boa ou admisible o 98 % dos días do ano.

Datos sobre partículas rexistrados en Santiago de Compostela en 2020

Dióxido de xofre

Estación	Máximo horario (ug/m ³)	Máximo diario (ug/m ³)	Media anual (ug/m ³)	Sup.H (350 ug/m ³)	Sup. D (ug/m ³)	Media invernal (ug/m ³)
Campus	22	6	1,6	0	0	1,3
San Caetano	47	12	2,8	0	0	3,2

Dióxido de nitróxeno (NO₂)

Estación	Máximo horario (ug/m ³)	Media anual (ug/m ³)	Sup.VL Horario (200 ug/m ³)
Campus	68	7,9	0
San Caetano	111	13	0

PM₁₀

Estación	sup. VLD (50 ug/m ³)	Media anual (ug/m ³)	Máximo diario (ug/m ³)
Campus	3	17	87
San Caetano	2	16	69

Concentracións de aire ambiente de PM_{2,5}					
Estación	Media anual (ug/m3)	Máximo diario (ug/m3)			
Campus	8,5	28			
San Caetano	9,6	35			
Ozono					
Estación	Superacións VO (120 ug/m3)		Media anual (ug/m3)	Sup.LI horario (180 ug/m3)	Sup. LA horario (240 ug/ m3)
	2018-2020	2020			
Campus	6	4	72	0	0
San Caetano	6	3	67	0	0
Monóxido de Carbono					
Estación	Media anual (mg/m3)	Sup.VL (10 mg/m3)	Máximo octohorario (mg/m3)		
Campus	0,15	0	0,45		
San Caetano	0,22	0	0,8		

Fonte: Informe anual de calidade do aire Galicia 2020

Os datos desagregados por partículas, para esas mesmas estacións, pero para o ano 2020, mostran que todos os contaminantes se mantiveron ao longo do ano nos límites recomendados, fóra das partículas de PM₁₀, que viron superado o valor recomendado en tres ocasións no Campus e dous en San Caetano, aínda que é certo que estes valores poden estar condicionados polas restricións de mobilidade da covid-19.

Por outra banda, Santiago participa no proxecto europeo **TRAFAIR** (Understanding Traffic Flows to Improve Air Quality) en colaboración coa universidade e o Centro de Supercomputación de Galicia. Este proxecto ten como obxectivo estudar a calidade do aire en función das condicións climáticas e do tráfico rodado, para o que existen 10 sensores en diferentes puntos da cidade, e cuxos datos serán accesibles no portal de datos abertos do Concello.

E, por último, neste aspecto, tamén se debe mencionar o programa **Descarboniza! Que non é pouco** que busca identificar prácticas de baixo consumo enerxético nas vivencias das persoas que participan nos grupos de traballo, para logo trasladarlle os resultados á Administración.

3.2.2. Instrumentos de planificación

O Concello de Santiago de Compostela adheriuse ao Pacto dos Alcaldes o 17 de marzo de 2016. En decembro dese mesmo ano, e para facer efectivos os compromisos adquiridos, presentou o documento do **Plan de acción para as enerxías sostibles** (PAES), onde se fixaba uns obxectivos de redución das emisións de CO₂ dun 20,5 % ata 2020 e dun 40,6 % ata 2030, respecto das existentes no ano de referencia, neste caso 2015. O marco xeográfico deste plan de acción é o do propio termo municipal de Santiago de Compostela e as accións de mitigación dos efectos do cambio climático previstas, focalizadas na redución de emisións atmosféricas, agrupáronse nos seguintes sectores: edificios, equipos e instalacións municipais (5 accións); iluminación pública (3); edificios domésticos (6); industria (3); comercio (2); mobilidade (13) e residuos (2).

No ano 2020, o PAES revisouse e ampliouse coa elaboración do **Plan de acción polo clima e a enerxía sostible** (PACES) que, ademais, cumpriu a función de facer seguimento da implantación das medidas recollidas no Plan de acción do PAES. Como consecuencia, no PACES modificáronse algunhas accións, elimináronse outras cuxa execución non estaba prevista e incluíronse algunhas novas. A redución de emisións prevista era a seguinte:

SECTOR	REDUCIÓN EMISIÓN S 2030 (tCO ₂ e)	INVERSIÓN PREVISTA
Edif./Equip./Inst. municipais	2.236	1.770.000
Iluminación pública	5.329	38.750.000
Mobilidade	100.611	40.375.000
Edificios domésticos	43.562	11.600.000
Industria	65.283	0
Recollida e tratamento RSU	4.194	809.840
Turismo	22.576	1.000.000
TOTAL	243.791	94.304.840

Para alcanzar a devandita redución de emisións o PACES propón as seguintes accións:

- **ER1.** Licitación de subministración eléctrica do Concello co 100 % de “enerxía verde”.
- **ER2.** Certificación enerxética de inmobles municipais con superficie igual ou superior a 250 m².
- **ER3.** Rehabilitación enerxética integral dos inmobles municipais con maior gasto enerxético.
- **ER4.** Sistema de seguimento e xestión de enerxía dos inmobles municipais con maior gasto enerxético.
- **ER5.** Accións de eficiencia enerxética en iluminación.
- **ER6.** Contratación dunha empresa de servizos enerxéticos.

- **ER7.** Cambio a LED de iluminación e iluminación en aparcadoiros municipais.
- **M1.** Plan ciclista.
- **M2.** Plan peatonal.
- **M3.** Creación de sendeiros de Compostela para peóns y ciclistas.
- **M4.** Camiño escolar seguro: Colecamiños.
- **M5.** Reorganización das liñas de autobuses.
- **M6.** Incremento do número de paneis informativos con información en tempo real sobre frecuencia de autobuses.
- **M7.** Actualización do Plan de mobilidade urbana sostible.
- **M8.** Incremento da superficie para peóns na cidade consolidada.
- **M9.** Actuacións no espazo público para diminución do tráfico, segregación e convivencia.
- **M10.** Rede de cargadores para vehículos eléctricos.
- **M11.** Normas fiscais e normativas para favorecer o vehículo eléctrico.
- **M12.** Renovación da flota de autobuses municipais.
- **M13.** Renovación progresiva de vehículos do parque móbil municipal por vehículos eléctricos.
- **M14.** Reordenación da vía Clara Campoamor.
- **ED1.** Proxecto ocupacional para formar equipo de axentes enerxéticos de edificios.
- **ED2.** Oficina de Rehabilitación e Vivenda.
- **ED3.** Plan de execución de district heating con enerxías renovables.
- **ED4.** Plan e execución de rehabilitación enerxética.
- **EI1.** Bonificacións en IAE por autocosumo e produción con enerxía de fontes renovables.
- **T1.** Plan de apoio á circulación de negocios no sector turístico.
- **R1.** Campaña de concienciación sobre a recollida da fracción orgánica.
- **R2.** Campaña de concienciación punto limpo.
- **R3.** Campaña de valorización de biorresiduos.

Por outra banda, o Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS) de 2012 expuña dous programas de acción que prevén a súa contribución á redución de emisións de CO₂: o “Programa 2. Mellora do uso do transporte público colectivo”, que pretendía alcanzar unha redución de emisións cuantificada en 13 toneladas/día; e o “Programa 3. Tráfico e ordenación da circulación”, cuxo obxectivo primordial era a regulación e redución dos tránsitos en modos privados.

Así mesmo, a liña de actuación A10. da EDUSI ocúpase especificamente da mitigación do cambio climático mediante catro actuacións de mellora na iluminación pública e na edificación. Na liña A6, inclúese outra acción relacionada.

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en materia de cambio climático

LA 6 - Fomento da mobilidade urbana sostible

Rede de itinerarios sostibles para a redución da pegada de carbono - Fase 1.

A 10 - Mellora da eficiencia enerxética e aumento das enerxías renovables

Rehabilitación enerxética de edificios de titularidade municipal.

3.3. RESILIENCIA

3.3.1. Condicións do municipio para asumir os cambios derivados do cambio climático

O concepto de resiliencia fronte ao cambio climático, sendo próximo ao de adaptación, pódese dicir que incorpora todos os aspectos da mitigación que inciden nunha diminución das necesidades enerxéticas e na capacidade de introducir elementos de produción autónoma de enerxía que axuden a reducir a dependencia da conexión a redes. Por outra banda, este concepto implica unha visión a longo prazo enfocada máis na capacidade de resposta da poboación que sobre aspectos físicos, territoriais ou materiais, aínda que tamén.

Neste sentido, a principal dificultade da cidade de Santiago é que ten a día de hoxe unha poboación moi envellecida, cun índice de envellecemento da poboación do 21,1 % e un índice de senectude do 19,7 % (segundo datos da Axenda Urbana Española), e cunha tendencia demográfica que implica un progresivo aumento da poboación dependente. Aínda que é certo que o modelo de cidade, pola relativa compactidade do núcleo urbano e a súa boa dotación de zonas verdes, presenta boas capacidades de adaptación aos cambios, a situación é distinta na periferia, onde a progresiva consolidación dun modelo urbano disperso compromete as posibilidades de responder ás esixencias derivadas do cambio climático.



A necesidade de mellorar a capacidade de resposta fronte aos incendios forestais e os seus impactos e de garantir unha xestión do ciclo integral da auga, para reducir a vulnerabilidade fronte a secas e inundacións, supoñen os principais obstáculos para un incremento da resiliencia, xunto cun modelo enerxético aínda moi baseado no consumo de combustibles fósiles e con escasas capacidades de autoconsumo.

3.3.2. Instrumentos de planificación

Planificar a resiliencia fronte ao cambio climático supón, máis que o establecemento de instrumentos específicos, a aplicación de criterios climáticos transversais aos instrumentos de planificación territorial, urbanística e sectorial, de maneira que se consiga un tratamento integral das problemáticas derivadas do cambio climático.

Ante a ausencia dun instrumento que estableza este tipo de criterios transversais, hai sinalar que o **Plan de acción polo clima e as enerxías sostibles** (PACES) de 2020, na medida en que integra nun mesmo marco accións de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático, é o que presenta unha contribución máis clara neste sentido. Tamén se deben sinalar as achegas doutros plans que, tratando diferentes temáticas (**PMUS, Estratexia Verde** etc.), axudan a mellorar de maneira parcial a resiliencia fronte ao cambio climático.

A. Análise xeral | A2. Marco de Gobernanza

A dificultade fundamental que presenta a gobernanza das políticas climáticas a nivel local é a insuficiencia deste nivel para facer fronte a unha problemática de escala global. Por outra banda, aínda que as competencias máis directas en políticas climáticas tenden a situarse nos departamentos de medio natural, os ámbitos competenciais relacionados son moi variados.

O marco para a toma de decisións establécese non só os grandes acordos de carácter internacional, senón tamén a recente lei contra o cambio climático ou o Pacto dos alcaldes. Tamén se debe considerar o papel das políticas de infraestrutura verde para a planificación climática. Neste sentido, a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde establece un sistema de planificación en ferverza que inclúe a gobernanza como un aspecto fundamental. As Administracións implicadas son as seguintes:

- **Nivel Nacional (AGE):** Ministerio Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

- **Nivel Autonómico (Xunta de Galicia):** Consellería Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e Consellería do Medio Rural e do de Mar.

- **Nivel Local (Administración Local):** Concello de Santiago de Compostela. Sería interesante establecer unha coordinación en políticas climáticas, polo menos, cos municipios máis integrados na área urbana e cos que se comparten maiores riscos climáticos: Ames e Teo.

A nivel local, o Concello de Santiago de Compostela ten as atribucións relacionadas cambio climático e infraestrutura verde repartidas da seguinte maneira:

- **Concellerías:** Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns; Concellería de Urbanismo, Igualdade, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade; Concellería de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas; Concellería de Medio Rural.

- **Comisións:** Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.

Por outra banda, a nivel local cóntase cunha serie de órganos de tipo consultivo, que achegan información sobre o cambio climático e poden ter certo poder de decisión:

- **Consejos municipais:** Consello Local del Medio Ambiente

Así mesmo, neste aspecto, a Lei 7/2021, de cambio climático e transición ecolóxica, crea outros organismos consultivos a nivel nacional, que deben de ser tidos en conta:

- **Consellos nacionais:** Comité de Persoas Expertas de Cambio Climático e Transición Enerxética; Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático; Asemblea Nacional Cidadá do Cambio Climático.

Ademais, existen unha serie de organismos autónomos, participados polo Concello de Santiago de Compostela, que teñen relevancia á hora de cumprir cos obxectivos do cambio climático:

- **Transporte Urbano de Santiago** Sociedade Anónima (TUSSA) e Consorcio da Cidade de Santiago.

Deixando atrás o ámbito de Administracións Públicas, atopámonos cunha serie de actores públicos con poder de decisión neste punto:

- **Actores públicos:** Instituto para a diversificación e aforro da enerxía (IDEA), Consorcio de compensación de seguros, Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), Instituto de Estudos do Territorio (IET), Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), Augas de Galicia e Sociedade galega do medio ambiente (Sogama).

B. Datos Descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE

CAMBIO CLIMÁTICO E RESILIENCIA DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

	VALOR	VALOR 1º CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3º CUANTIL
	RANGOS municipios entre 50.000 y 100.000 habitantes			
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.02 Territorio e diversidade de hábitats.				
D.02.a Superficie de cobertura artificial (%)	6.1	7.3	20.0	39.2
D.02.b Superficie de cultivos (%)	29.2	7.9	23.8	43.8
D.02.c Superficie de zona forestal e dehesas (%)	54.6	19.9	33.7	49.3
D.03 Superficie de explotacións agrarias e forestais				
D.03.a Superficie municipal destinada a explotacións agrarias e forestais (%)	0.09	0.02	0.11	0.29
D.03.b Superficie municipal destinada a explotacións agrarias e forestais respecto ao solo urbano e urbanizable delimitado da cidade (%)	0.76	0.1	0.76	2.44
D.05 Superficie verde (ha por cada 1000 hab.)	2.9	1.8	2.5	3.8
D.12 Parques e equipamentos de zonas verdes	-	-	-	-
D.14 Antigüidade do parque edificatorio Parque edificatorio anterior ao ano 2000 (%)	74.3	57.9	67.8	73.2
D.18 Índice de motorización				
D.18.a. Vehículos domiciliados cada 1000 habitantes	548.6	508.9	537.6	567.6
D.18.b. Porcentaxe de turismos (%)	78.7	70.5	73.5	75.8
D.18.c. Porcentaxe de motocicletas (%)	5.6	7.3	9.2	12.7
D.21 Dotación de vías ciclistas	-	-	-	-
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Os datos descriptivos relacionados co cambio climático que a Axenda Urbana Española destaca para o caso de Santiago son, en primeiro lugar, a elevada porcentaxe de zonas forestais xunto a unha baixa porcentaxe de cobertura artificial do solo; segundo, unha elevada antigüidade do parque edificatorio; e, en terceiro lugar, unha elevada porcentaxe de turismos e unha baixa porcentaxe de motocicletas (cuxa explicación combinada seguramente teña moito que ver co perfil climático da cidade).

Neste sentido pódense destacar unhas boas condicións de partida para despregar políticas de adaptación, a necesidade de incidir na mellora da eficiencia enerxética do parque edificatorio para a mitigación do cambio climático e a importancia da relación entre clima e mobilidade á hora de planificar esta última.

B. Datos Descriptivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados

En relación co cambio climático, a Rede Española de Desenvolvemento Sostible dispón dunha serie de indicadores sobre o municipio de Santiago de Compostela de grande interese para a Axenda Urbana:

Definición	Valor
Concentración de NO ₂	15 ug/m ³
Concentración de O ₃	40 días
Concentración de PM ₁₀	3 días
Superación de límites de PM ₁₀ (1)	5 días
Media anual de PM ₁₀	19 ug/m ³
Resiliencia urbana (2)	N/A
Emisións de CO ₂ por habitante	12,45 tCO ₂ per cápita
Emisións de CO ₂ por edificios e industria	6,15 tCO ₂ per cápita
Emisións de CO ₂ por transporte	6,52 tCO ₂ per cápita
Pacto de alcaldes (3)	66,67
Superficie de cobertura artificial (4)	6,09
Protección territorial de espazos naturais protexidos (5)	0,44
Zonas forestais (6)	54,56
Zonas verdes (7)	2,92

(1) Superación de límites de PM₁₀: número de días durante o ano que superaron os 50µg/m³ (límite OMS) de partículas PM10 na peor estación de todas as estacións de medición.

(2) Resiliencia urbana: índice de resiliencia urbana. Datos do artigo “Towards an Urban Resilience Index: A Case Study in 50 Spanish cities” de Marta Suárez et al. Extrapolouse o valor da capital da provincia ás súas cidades próximas.

(3) Pacto de alcaldes: elaboración a partir dos niveis publicados no programa “Covenants of Mayors for Climate & Energy Europe”.

(4) Superficie de cobertura artificial: superficie de cobertura artificial fronte ao total da superficie municipal.

(5) Protección territorial de espazos naturais protexidos: porcentaxe de espazo natural con algún tipo de protección fronte ao total da superficie municipal.

(6) Zona forestal: superficie de solo destinada a zonas forestais e dehesas fronte á superficie total do municipio.

(7) Zonas verdes: superficie de solo de parques e zonas verdes urbanas fronte á poboación do municipio.

C. Análise DAFO | c1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. Existencia de amplos grupos de poboación vulnerable debido ao envellecemento, que se agrava pola diminución do tamaño medio do fogar e o aumento de fogares unipersoais.

D2. A maior dispersión do asentamento no ámbito suroeste do municipio, unida á presenza de masas forestais non xestionadas, fai desta unha zona máis vulnerable ao risco de incendio.

D3. Alta dependencia do automóbil privado para a mobilidade, que deriva nun incremento das emisións de CO₂ e nun maior illamento das persoas dependentes.

D4. Pouca capacidade de influencia directa do Concello sobre as principais fontes de emisións de GEI.

D5. Os criterios climáticos non están, en xeral, incorporados aos instrumentos de planificación o que vén sumarse á ausencia de instrumentos de ordenación territorial que aborden o territorio no seu conxunto, máis alá dos límites municipais, e que dean un tratamento específico ao solo rural.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. O modelo urbano desenvolvido pola cidade contribuíu a limitar a dispersión xeneralizada da poboación e conseguiu unha ampla dotación de zonas verdes, que incrementan a resiliencia da poboación fronte aos riscos para a saúde.

F2. Os parques situados no perímetro do bordo urbano supoñen a existencia de masas vexetais xestionadas e de especies autóctonas, que provocan unha ruptura da continuidade entre o tecido urbano e as masas forestais de eucalipto, de maneira que se mellora a protección da cidade fronte aos incendios forestais.

F3. A cidade dispón de instrumentos de planificación que permiten identificar e xestionar algúns riscos e vulnerabilidades, establecer medidas correctoras destes e planificar a curto, medio e longo prazo.

C. Análisis DAFO | c2. Análisis Externo

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. Risco para a saúde das persoas, debido aos incrementos de temperatura, de duración das ondas de calor e dos días e noites cálidos, pero tamén do frío extremo. Todo iso, con especiais repercusións sobre a poboación maior.

A2. Risco cada vez maior de incendios forestais e de danos á produción agrícola e gandeira, polo efecto combinado do aumento das temperaturas, duración das ondas de calor e incremento dos períodos de seca.

A3. Risco de inundacións fluviais, debido aos novos patróns de choiva, máis caóticos e irregulares, cunha maior probabilidade de choivas intensas e concentradas.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. A existencia dunha extensa rede de parques pode dar lugar a unha rede de rúas verdes que os conecten, incrementando o arboredo urbano dentro da cidade.

O2. Posibilidade de incrementar a produción distribuída de enerxía, a través do parque de vivenda.

O3. A xestión de residuos é un campo pouco desenvolto no municipio e con capacidade para mellorar a súa resiliencia fronte ao cambio climático, desde a redución de residuos á reutilización e/ou valorización destes.

O4. As políticas de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático poden ser unha panca para unha maior colaboración e integración dos municipios que forman parte da área urbana, xa que se trata de fenómenos que non se circunscriben ao ámbito territorial municipal e que esixen repostas máis amplas.



D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Cambio Climático

O diagnóstico, en canto ás políticas de adaptación ao cambio climático, poderíase resumir do seguinte xeito:

RETO

01.

Necesidade de actuar sobre a mobilidade e a organización da loxística

O transporte supón un 28,6 % do total de emisións do municipio e, concretamente, as que máis afectan á calidade do aire.

RETO

02.

Necesidade de aumentar a capacidade de produción eléctrica local (distribuída)

Por fontes de enerxía, a enerxía eléctrica é responsable do 48 % do total de emisións.

RETO

03.

Necesidade de introducir medidas indirectas que afecten a sectores externos ao municipal

Os sectores directamente dependentes do Concello só representan un 5 % do total de emisións, fronte a un 37 % da industria ou un 18,5 % do sector residencial.

RETO

04.

Necesidade de facer máis eficiente a xestión de residuos

Aínda así, do 5 % municipal, un 3,6 % corresponde aos residuos.

O diagnóstico en canto ás políticas de mitigación do cambio climático poderíase resumir do seguinte xeito:

RETO

01.

Incremento da probabilidade de incendios forestais e inundacións, que esixe a implementación de medidas de adaptación, prevención, alerta temperá e de mellora da capacidade de resposta

As previsións de cambio climático para Santiago de Compostela anuncian un descenso da probabilidade de choivas de ao redor dun 25 %, con chuvascos máis intensos e máis concentrados no tempo e menos días de choiva.

RETO

02.

Necesidade de coordinación entre municipios para dar resposta aos riscos derivados do cambio climático e planificar a adaptación

Segundo o Pladiga, o termo municipal de Santiago e os municipios da súa contorna son zona de alto risco de incendios forestais. Inungal indícanos que o risco de inundacións é medio, aínda que alto nos municipios da área urbana situados na conca do Sar

RETO

03.

Necesidade de adaptar o espazo urbano para diminuír os efectos das ondas de calor sobre a poboación

Ademais do incremento previsto nas temperaturas máximas e medias, estímase que a duración media das ondas de calor aumente de cinco a dez días para 2050 respecto de 2001 e que supere as dúas semanas en 2010, de forma que se terán máis que duplicado. Hai que considerar que isto se suma a un perfil demográfico de poboación cada vez máis envellecida.



04

Xestión Sostible dos Recursos e Economía Circular

A. Análise xeral | A1. Ámbitos temáticos AUE

4.1. ENERXÍA

4.1.1. Consumo de enerxía por sectores

O inventario de emisións de referencia do PAES de Santiago de Compostela estima que durante o ano 2015 se produciu un consumo total de enerxía de 1844 757 MWh, correspondente ao 3,8 % do consumo total de Galicia e ao 8,6 % do consumo total da provincia da Coruña. En termos relativos á poboación, o valor per cápita do consumo de enerxía no municipio, 19,3 MWh/hab., era nesa data superior á media da provincia da Coruña (19,0 MWh/hab.), á de Galicia (17,7 MWh/hab.) e á do conxunto de España (12,8 MWh/hab.).


Analizando o consumo de enerxía segundo sectores de actividade, cómpre destacar o peso da industria (35,38 %) e do transporte (34,37 %) sobre o conxunto do consumo enerxético do municipio, co que cada un destes sectores supón algo máis dun terzo do consumo total. Nun segundo nivel sitúanse o sector residencial (18,57 %) e o terciario (10,55 %) que conxuntamente ocupan algo menos dun terzo do consumo total (29,12 %). O consumo dependente do Concello supón pouco máis dun 1 % do total.



SECTOR	CONSUMO (MWh)	PESO RELATIVO (%)
Industria	652.635,37	35,38
Transporte	634.099,30	34,37
Residencial	342.656,57	18,57
Terciario	194.631,42	10,55
Iluminación pública	14.740,10	0,80
Municipal	5.994,00	0,32
TOTAL	1.844.756,76	100,00

Fonte: Plan de acción para as enerxías sostibles de Santiago de Compostela, 2015.

Consumo de energía por sectores de actividad




Fonte: Plan de acción para as enerxías sostibles de Santiago de Compostela, 2015.

Se se observa a repartición do consumo segundo o tipo de enerxía consumida, destaca o feito de que o consumo eléctrico supón un 38 % do total da enerxía, fronte a un 62 % procedente do conxunto dos combustibles fósiles. De entre estes destaca o gasóleo, que supón un 56 % dos combustibles fósiles consumidos e un 35 % do consumo enerxético total. O gas natural tamén presenta un peso significativo (29 % dos combustibles fósiles e 18 % do total), mentres que a gasolina (5 %) e o gasóleo de calefacción (4 %) teñen unha significación menor.

FONTE	CONSUMO (MWh)	PESO RELATIVO (%)
Electricidade	701.007,57	38,00
Gasóleo	645.664,87	35,00
Gas natural	332.056,22	18,00
Gasolina	92.237,84	5,00
Gasóleo de calefacción	73.790,27	4,00
TOTAL	1.844.756,76	100,00

Fonte: Plan de acción para as enerxías sostibles de Santiago de Compostela, 2015.

Consumo de energía por fuente




Fonte: Plan de acción para as enerxías sostibles de Santiago de Compostela, 2015.

Por outra banda, se descompoñemos os 701 007,52 MWh de consumo eléctrico en función dos sectores nos cales se produce o devandito consumo, temos que un 58 % é responsabilidade do sector industrial, un 24 % do residencial, o sector terciario consome un 15,2 % e o conxunto de consumos dependentes do Concello (edificios, infraestruturas e iluminación público) un 2,8 %.

O seguimento realizado ao PAES para a elaboración do PACES de 2020 desenvolveu que o consumo total de enerxía en Santiago era en 2019 de 1246 339 MWh, o que supón unha redución do 32,5 % sobre a existente en 2015.

Consumo de energía eléctrica por sector




Fonte: Plan de acción para as enerxías sostibles de Santiago de Compostela, 2015.

4.1.2. Consumo de enerxía pola edificación, infraestruturas e servizos públicos

O Concello e os seus sectores dependentes teñen, como dicíamos, un peso moi pequeno no consumo enerxético global do municipio, segundo os datos elaborados para o PAES de 2016. Concretamente, o seu consumo supón un 1,12 % do total de enerxía consumida no termo municipal. Se a isto se engade o 1,3 % consumido polo transporte público (1 %) e pola frota municipal (0,3 %), a suma ascende ata o 2,42 % sobre o total.

Segundo as fontes de enerxía, o Concello é responsable dun 2,8 % do consumo eléctrico, que presenta unha repartición moi protagonizada pola iluminación pública, que supón un 75 % do consumo eléctrico do Concello. A distribución do consumo é a seguinte:

Consumo de electricidade del sector municipal



Fonte: Plan de acción para as enerxías sostibles de Santiago de Compostela, 2015.

Neste sentido, o Concello asinou en 2017 un novo contrato de subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión, como resultado dun concurso público, que lle permite un aforro de máis de 600 000 €/ano en electricidade e que, ademais, garante que o 100 % da electricidade subministrada ao Concello sexa de orixe renovable.

4.1.3. Producción local de enerxía

Segundo os datos do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), no municipio de Santiago de Compostela existen en 2021 un total de 19 centrais eléctricas, que teñen unha potencia total instalada de 35 479,7 kW.

Producción local de enerxía eléctrica		
Tipo de central	Número	Potencia (Kw)
Centrais de coxeración	5	33.054
Centrais fotovoltaicas	13	225,7
Centrais minihidráulicas	1	2.200

Fonte: INEGA.

O maior número de centrais represéntano as fotovoltaicas, con 13, aínda que a súa potencia instalada é moito menor. Neste sentido, as cinco centrais de coxeración existentes na cidade supoñen máis do 93 % da potencia instalada. Son as seguintes:

Centrais de Coxeneración, detalle			
Central	Potencia (Kw)	Data posta en marcha	Combustible
Coxeración Noroeste (Finsa Santiago)	23.960	1995	Fuelóleo
Papeleira de Brandía.	4.464	1999	Gas Natural
USC (Campus Sur)	2.198	2002	Gas Natural
Panrico	1.490	1999	Gas Natural
USC (Campus Norte)	942	2002	Gas Natural

Fonte: INEGA.

Entre elas, destaca con moita diferenza a de Finsa, que é a máis potente, a máis antiga (26 anos) e a única que utiliza fuel óleo como combustible. Representa un 72,5 % da potencia instalada en centrais de coxeración no termo municipal de Santiago e un 67,5 % do total de produción local de enerxía.

4.1.3. Instrumentos de planificación

O **Concello de Santiago de Compostela dispón dun Plan de acción para as enerxías sostibles** (PAES), de decembro de 2016, cuxo obxectivo fundamental é o de conseguir unha redución das emisións de GEI dun 40,6 % entre 2015 e 2030, mediante a implementación dunha serie de accións orientadas a aumentar a eficiencia enerxética e a diminuír o consumo de enerxía no municipio. Do total da redución de emisións prevista, o 39 % correspóndelle ao sector transportes; o 27 %, ao sector industrial; o 18 %, ao residencial; o 11 %, ao comercio; o 2 %, á iluminación pública; o 2 %, aos residuos; e o 1 % restante, aos edificios municipais.

As accións recollidas no PAES revisáronse en 2020 coa redacción do **Plan de acción polo clima e a enerxía sostible** (PACES). Este plan inclúe unha redución de 243 791 tCO₂e, cun programa que inclúe catro accións no ámbito dos edificios, equipos e instalacións municipais; tres accións en iluminación pública; catorce accións referentes á mobilidade; catro accións encamiñadas aos edificios domésticos; unha actuación no ámbito da industria; unha acción de turismo; e, por último, tres accións pertencentes ao sector dos residuos.

Por último, a **Estratexia Local de Fomento da Economía Circular en Santiago de Compostela** inclúe as seguintes liñas de actuación relacionadas coa redución do consumo de enerxía:

- Redución do consumo a través de actividades de EC e novos modelos sociais e empresariais
- Promoción do eco-deseño
- Edificación e obra pública
- Urbanismo e mobilidade

4.2. CICLO DA AUGA

4.2.1. Redes de abastecimento e saneamento. Rede hídrica


En canto á rede de abastecemento de Santiago, a captación e depuración de augas realízase na estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Challán, situada na marxe esquerda do río Tambre. Esta planta, inaugurada en 1989, ten unha capacidade de elevación de 900 litros/segundo o que asegura un abastecemento para 156 000 habitantes cunha dotación de 500 litros/habitante/día. Ademais do Tambre, existen outras fontes secundarias procedentes dos mananciais de Brins e O Pedroso.

Desde a ETAP do Tambre bombéase a auga, unha vez tratada, aos seguintes depósitos de almacenamento:

- **Depósito de Vilares**, situado en cota 351,50 m e con capacidade para 25 700 m³. Desde aí abastécese a rede principal de 450 mm de diámetro e a rede secundaria.
- **Depósito do Polígono**, situado en cota 410 m e con capacidade para 7750 m³. Desde aí abastécese o polígono industrial do Tambre en rede de 500 mm, ao depósito Salgueiriños (en cota 353 m) de 10 000 m³, a rede principal de 350 mm de diámetro e a rede secundaria.
- **Depósito das Cancelas**, con capacidade para 8250 m³.

Depósito do Monte do Gozo, situado en cota 377 m e con capacidade para 600 m³. Este depósito recibe auga desde a rede que abastece o depósito de Almáciga a través da estación de bombeo de San Lázaro, con capacidade de elevación de 20 l/seg. Desde este depósito abastécese a rede.

- **Depósito da Almáciga**, situado en cota 314 m e con capacidade para 15 630 m³. Recibe auga desde o depósito de Vilares e desde aquí distribúese á rede principal (ao centro urbano e ás zonas de Aríns e Labacolla), a través de dúas arterias de 450 mm, unha de 350 mm e unha de 275 mm. Desde este depósito parte a rede de abastecemento aos concellos de Ames e Brión.



Esquema xeral da rede de abastecemento dos sistemas de Santiago de Compostela e de Ames-Brión. Fonte: Plan de seca da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, 2012.

O conxunto da rede de abastecemento de Santiago de Compostela ten unha lonxitude superior a 620 km. Para a inspección e control do sistema, o Servizo Municipal de Augas dispón dun sistema de telecontrol que permite a optimización dos recursos humanos e materiais, ao dispoñer de información en tempo real dos puntos vitais da rede, o que fai posible o automatismo das instalacións, a transmisión automática de alarmas, e efectuar telemandos e consultas desde os postos de información e control. O centro de control atópase na ETAP do Tambre.

En canto á demanda, o Concello de Santiago presenta, segundo o Plan da seca da DH Galicia-Costa de 2012, un consumo medio de 355 l/s que aumenta na época estival ata un pico de 420 l/s, o que supón un incremento dun 18 %. O termo municipal santiagués sèrvese integramente a través do seu sistema de abastecemento propio, que ademais achega o 52 % da auga que se consome no municipio de Ames (866 170 m³/ano, sobre un total de 1 665 170) e o 58 % da de Brión (210 000 m³/ano, sobre 364 271).

CONCELLO	SISTEMA SANTIAGO DE COMPOSTELA (m ³ /ano)	SISTEMAS INTERNOS (m ³ /ano)	CONSUMO TOTAL (m ³ /ano)
Santiago de Compostela	11.048.547	0	11.048.547
Ames	866.170	799.000	1.665.170
Brión	210.000	154.271	364.271
Negreira	0	360.000	360.000
TOTAL	12.124.717	1.313.271	13.437.988

A infraestrutura de saneamento, pola súa banda, é maioritariamente unitaria, salvo nalgúns áreas de urbanización recente como a subconca do Polígono das Fontiñas ou o Polígono do Tambre, nas que existe rede separativa. A conca urbana pódese caracterizar en dúas tipoloxías: unha con urbanización máis pechada, cun 80 % de área impermeable (cidade vella, Ensanche e Polígono das Fontiñas) e outra de urbanización máis aberta, con ao redor dun 20 a 40 % de área impermeable. O conxunto desta rede, xunto coa do Milladoiro (Ames), conéctase á estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Silvouta. O colector unitario reúne as augas residuais domésticas, industriais e pluviais, e condúceas ata a depuradora, onde son tratadas e devoltas ao río Sar. A depuradora de augas residuais de Silvouta é de tipo convencional de lodos activos (sen posibilidade de eliminar o nitróxeno e o fósforo). Está formada por dúas liñas:

- **Liña de auga residual**, a que forma a auga residual que chega polo colector. Consta de obra de chegada (pozo que recibe a auga do colector, onde se extraen os sólidos); parafuso de Arquímedes (para elevar a auga); devaste e pretratamento; medición de caudal; decantador primario; cuba de aireación; e decantador secundario.

- **Liña de lodo**, recolle por gravidade os lodos que se producen no fondo dos dous decantadores. Consta de espesador (para o lodo dos decantadores primarios), flotador (para o lodo dos decantadores secundarios), acondicionamento (onde se mesturan os lodos e se lles engaden reactivos) e filtro prensa. O resultado deste proceso é o chamado torta de lodos, cuxo destino pode ser o aproveitamento agrícola como fertilizante ou o vertedoiro como residuo ou para rexeneración.

En canto ao estado da rede e as problemáticas detectadas, existe constancia, a través da observación da rede mediante cámaras de TV, de numerosas infiltracións do terreo, mananciais incorporados á rede de entrada de augas procedentes de achiques de sotos. Nos últimos anos realizáronse importantes obras e outras están en marcha, para eliminar os problemas de inundacións e mellorar o sistema de colector-interceptores que discorre paralelo aos ríos Sar e Sarela, pero é totalmente necesario avanzar no estudo global e detallado da rede.

Ao tratarse dun sistema maioritariamente de tipo unitario, en época de choivas vértense nos ríos a través dos aliviadores as augas que polo seu volume non poden ser transportadas á depuradora de augas residuais de Silvouta. Así, un elevado volume de auga con certa carga contaminante estase vertendo durante estes sucesos de choiva coa subseguinte deterioración dos ríos. Así mesmo, o efecto combinado do elevado nivel freático do terreo en que se asenta a cidade e da deficiente impermeabilidade da rede de sumidoiros provoca que, días despois de producirse as choivas, siga entrando un elevado caudal na devandita rede e, por tanto, sexa conducido ata a depuradora conxuntamente coas augas fecais. Estímase que ata un 45 % das augas xeradas na conca urbana se corresponde con augas parasitas (14,80 hm³).

Débese tamén sinalar que a depuradora de Silvouta se atopa a miúdo ao bordo do colapso, posto que os caudais máximos que é capaz de tratar son en ocasións superados mesmo en tempo seco. Está a tratarse como caudal medio un caudal superior ao que razoablemente admiten, polo seu deseño, os clarificadores actuais para obter un óptimo rendemento. As dificultades de operar a planta nesta situación, que debería ser excepcional e non ordinaria, fai que tanto a liña de auga como a de lodos poidan desequilibrarse e, por tanto, a calidade do río Sar augas abaixo da depuradora empeore considerablemente. A relación entre o volume de augas residuais aliviadas e o caudal do río está comprendida entre 1:2 e 1:5, o que dá unha idea

do grande impacto que estas verteduras teñen na canle.

Os datos sobre a rede de saneamento de Santiago de Compostela levan á conclusión de que é necesario avanzar no deseño do sistema de saneamento empregando modernas técnicas enfocadas a preservar a calidade da auga no medio receptor (o río Sar), ademais de proxectar a ampliación da actual EDAR. O Plan de saneamento de Galicia inclúe esta ampliación como obra de interese xeral, polo que será financiada nun 75 % polo Ministerio de Medio Ambiente e nun 15 % pola propia Xunta de Galicia.

4.2.2. Autosuficiencia hídrica

Non se dispón de datos sobre a porcentaxe de autosuficiencia hídrica da rede de abastecemento de Santiago de Compostela.


4.2.3. Instrumentos de planificación

Non se dispón de instrumentos de planificación específicos sobre o ciclo integral da auga de Santiago, aínda que a **Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago** 2021-2027-2032 si inclúe, dentro do proxecto denominado “Xestión de fluxos”, unha liña de actuación sobre o ciclo integral da auga, denominada “Proxecto Integral da auga”, que comprende unha fase de traballos encargada de describir de forma crítica o modelo hídrico actual para a definición dunha nova cidade sensible á auga.

Por outra banda, existe un informe técnico antigo sobre a rede de abastecemento no marco do Plan Auga, no que se propoñían as seguintes actuacións:

- Un novo impulso ao depósito do Polígono.
- A necesidade de aumentar os depósitos para incrementar a capacidade de regulación e novos bombeos, así como melloras no depósito de Almaciga.
- Peche do cinto arterial de 500 mm en fundición.
- Novas arterias que permitan a subministración ás novas zonas de crecemento planificadas.

Por último, a **Estratexia Local de Fomento da Economía Circular en Santiago de Compostela** inclúe unha liña de actuación de xestión da auga.



4.3. CICLO DOS MATERIAIS

4.3.1. Metabolismo urbano

O metabolismo urbano é unha cuestión de alta complexidade para a cal é moi difícil dispoñer de datos que permitan avaliala dunha maneira cuantitativa e comparable entre distintas cidades. A pesar diso, no caso de Santiago, pódese destacar a existencia de dous instrumentos de planificación que tentaron realizar unha aproximación parcial a esta cuestión, coa vontade de integrala aos procesos de planificación.

Por unha banda, o **Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela** inclúe a recuperación actualizada da relación entre a cidade e o territorio a través de cinco compoñentes: o ciclo integral da auga, a vinculación enerxética aos recursos locais, a xestión circular dos residuos, o uso dos solos fértiles para alimentación, e o uso público dos espazos ligados aos ríos Sar e Sarela e ao medio rural do contorno.

Preténdese redeseñar o funcionamento do ciclo da auga para recuperar os principios do sistema tradicional, captando a maior cantidade posible de auga e canalizando as augas pluviais cara a usos vinculados aos espazos libres. En segundo lugar, elaborar un novo modelo enerxético para a cidade histórica que atenda as demandas de benestar das persoas residentes e usuarias, utilizando de forma intelixente as características favorables dos edificios e os seus materiais, para resolver problemas contemporáneos cunha visión de adaptación dos recursos renovables. Para iso cómpre mellorar o coñecemento das condicións particulares e específicas dos edificios históricos da cidade histórica e desenvolver modelos de adecuación enerxética apropiados e eficientes. E, en relación coa conexión co territorio, débense acondicionar os accesos ás zonas rurais e ás ribeiras dos ríos para fomentar o seu uso recreativo e de interpretación cultural por parte de residentes e visitantes. Todo iso para alcanzar o obxectivo estratéxico de integrar a cidade histórica na súa base territorial, recuperando os principios sostibles dos sistemas tradicionais de auga, enerxía, residuos e fertilidade, aplicando as tecnoloxías máis evolucionadas.

Ademais, o **Estudo das bases e o alcance dun-**

ha estratexia verde para Santiago de Compostela analiza o papel da estrutura da auga, do espazo público e da parcelaria agraria na xestión do metabolismo urbano da cidade tradicional e como este sistema en equilibrio rompe coa industrialización, desde o recoñecemento de que os espazos verdes da cidade actual perderon toda función produtiva para converterse en espazos consuntivos. O documento prevé mellorar o metabolismo urbano a través dunha xestión máis eficiente das zonas verdes.

Á parte dos dous instrumentos citados, o Concello de Santiago de Compostela está a implementar algúns programas para unha mellora do metabolismo urbano:

En canto á produción local de alimentos, a cidade conta na actualidade cunha rede de oito espazos de hortos urbanos municipais (Belvís de Arriba, Belvís de Abaixo, As Fontiñas, Almá-ciga, Caramoniña, Brañas do Sar, Santa Marta-Conxo-Volta do Castro e Campo das Hortas). Trátase de terreos públicos que o Concello lle cede en uso á cidadanía, proporcionando terra e auga para regar, durante un período de catro anos para ser usados como terreos hortícolas. Existen un total de 294 hortas neses oito espazos.

Por outra banda, o **Programa Santiagua** busca alcanzar un consumo de auga máis sostible e respectuoso co medio, cambiando os hábitos da cidadanía menos afeitada a beber auga da billa mediante a promoción do consumo desta auga nos locais de hostalería da cidade. Trátase dunha auga que conta coa certificación ISO 22000 de seguridade alimentaria e control da inocuidade da auga potable.

Tamén hai que destacar, en relación co metabolismo urbano, o **proxecto Illas de compostaxe comunitarias** para mellorar a xestión dos residuos orgánicos no municipio.

4.3.2. Xestión do ciclo dos materiais

Aínda que o Concello non dispón dun instrumento específico para a xestión do ciclo dos materiais, os dous documentos citados na epígrafe anterior conteñen propostas neste sentido. Por unha banda, desde o **Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela** propóñense cinco indicacións concretas para os instrumentos urbanísticos::

- **C1.** Redeseñar os sistemas ligados ao metabolismo urbano da cidade histórica para ligalos coa súa matriz biofísica e os seus procesos naturais.
- **C2.** Regular as condicións de implantación e desenvolvemento das redes de subministración compatibles coa conservación do patrimonio, que sexan funcionalmente adecuadas e que respondan aos principios da renovabilidade e a circularidade.
- **C3.** Favorecer a reconversión enerxética dos edificios para introducir instalacións de fonte renovable e mellorar a súa eficiencia enerxética.
- **C4.** Adaptar a regulación para favorecer as solucións colectivas relacionadas co metabolismo urbano.
- **C5.** Incorporar o uso de cultivo de produtos alimentarios en espazos interiores de bloques, edificios conventuais e zonas verdes.

Por outra banda, o **Estudo das bases e o alcance dunha estratexia verde para Santiago de Compostela** pretende conseguir unha transformación que contribúa á sostibilidade de Santiago a través dunha reconfiguración das zonas verdes da cidade que permita, en primeiro lugar, que sexan capaces de recoller a auga que captan da choiva ou que reciben das súas concas hídricas para convertelas en espazos xestores da dinámica de escoamento (control de inundacións, infiltración ao solo, xestión diferenciada segundo calidades da auga etc.). En segundo lugar, preténdese recuperar o peche de ciclo da materia orgánica e, por conseguinte, a capacidade do medio natural de rexenerar a materia orgánica degradada, a través de dúas funcionalidades: a absorción de materia orgánica residual e a produción de materia orgánica con utilidade social (substitución de parte da fertilización por compostaxe dos residuos de sega dos propios espazos verdes da cidade e produción de alimentos locais para os comedores escolares da cidade).

Ademais, o **Plan estratéxico do comercio** inclúe

como un dos seus retos o ‘Tránsito de Santiago de Compostela cara a unha economía circular’, con catro liñas estratéxicas neste sentido e once accións.

Por último, a **Estratexia Local de Fomento da Economía Circular en Santiago de Compostela** inclúe as seguintes liñas de actuación relacionadas co metabolismo urbano:

- Redución do consumo a través de actividades de EC e novos modelos sociais e empresariais.
- Promoción do ecodeseño.
- Incorporación da EC nos procesos produtivos de alimentos.

4.4. RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

4.4.1. Xeración de RSU no municipio

A recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) no municipio de Santiago de Compostela prodúcese a través de dúas vías: a rede de colector de RSU e os dous puntos limpos existentes no termo municipal: un situado no Polígono Industrial do Tambre e o outro en Piñor.


A rede de recollida de residuos sólidos urbanos no municipio está formada polos seguintes elementos:

TIPO DE RESIDUO	TIPO DE COLECTOR	CANTIDADE
Materia orgánica	90 litros	800
	120 litros	84
	140 litros	13
	240 litros	1.215
	240 litros (verde Santiago)	1.215
	800 litros	1.548
	1.100 litros	248
	1.400 litros (metálicos Polígono do Tambre)	2
	2.400 litros	230
	3.200 litros	27
Envases lixeiros	240 litros	15
	800 litros	122
	2.400 litros (carga lateral)	27
	3 m ³ (tipo iglú)	68
	3.200 litros (carga lateral)	68
Vidro	Modelo normalizado	104
Papel	2.500 litros	164
Pilas	20 litros	207
	90 litros	2
	En envases lixeiros e vidro	104
Papeleiras	Modelo normalizado	1.214
	Para cans	11

Fonte: Concello de Santiago de Compostela

A tendencia que viña seguindo a xeración de RSU en Santiago durante os últimos anos era a dun lento pero continuo aumento, ata alcanzar o 468 kg de residuos por habitante en 2019. Esta tendencia interrómtese en 2020 (426 kg/hab.), previsiblemente pola redución de turistas provocada pola irrupción da pandemia da covid-19. De todos os xeitos, o aspecto máis significativo que presenta a xeración de RSU en Santiago é o feito de que máis do 87 % destes se produzan recorrentemente na fracción resto, fundamentalmente debido á ausencia de recollida selectiva dos residuos orgánicos.


Evolución de la recogida de residuos



Fonte: Concello de Santiago de Compostela.

Por outra banda, pódese constatar un aumento continuado do volume de residuos recollidos e xestionados nos puntos limpos, cunha clara tendencia ascendente no punto limpo do Polígono do Tambre e cunha evolución moi irregular no de Piñor. Se estas cifras se poñen en relación coas observadas para a rede de recollida, poderíase pensar que máis que un aumento significativo na produción de residuos, estaríase a producir un aumento na concienciación cidadá que estaría a dar lugar a un incremento da recollida selectiva. Agora ben, cos datos dispoñibles non se pode afirmar categoricamente que isto estea realmente ocorrendo.

Volumen de residuos gestionados en los puntos limpios



Fonte: Concello de Santiago de Compostela.

4.4.2. Xestión dos RSU

En canto á xestión dos RSU, o Concello non dispón de ningún instrumento de planificación que aborde especificamente este ámbito de actuación. Con todo, hai dous instrumentos que tocan parcialmente esta cuestión: o **PACES** de 2020 contén tres accións concretas neste ámbito: ‘R1. Campaña de concienciación sobre a recollida da fracción orgánica’, ‘R2. Campaña de concienciación punto limpo’ e ‘R3. Campaña de valorización de biorresiduos’; e, pola súa banda, a **EDU-SI** inclúe na súa liña de actuación ‘A18. Mellora da xestión de residuos sólidos urbanos’ un novo modelo de xestión dos RSU.

Con todo, si se está traballando na implementación de programas relacionados coa concienciación cidadá e cunha mellor xestión dos RSU, tales como os que se citan a continuación:

A **plataforma Onde o tiro?** Que, introducindo o enderezo do domicilio, indica os colectores máis próximos para cada tipo de residuo, co obxectivo de favorecer a adecuada separación destes.

Outro programa é **Recollida porta a porta**, que busca fomentar a separación selectiva do vidro nos locais de hostalería da cidade (a nivel Galicia xeran o 50 % dos residuos de vidro). Para iso, de maneira gratuíta, instálase un colector para o vidro nos locais que o soliciten, e unha empresa retíraos paulatinamente adaptándose aos horarios e necesidades de cada establecemento, dando recompensas aos que maior cantidade de vidro consigan reciclar.

O programa **Tropaverde** é o único proxecto Urbact, financiado pola Comisión Europea, dos 17 financiados en España especificamente ambiental. Trata de fomentar a reciclaxe de aceite, tapóns, tóners, roupa, pilas, papel e cartón entre a cidadanía por medio de recompensas en forma de descontos en comercios locais, integrando deste xeito máis de 3000 cidadáns, os puntos de recollidas de residuos e 115 comercios e locais de hostalería.

Ademais, existe unha colaboración entre unha empresa de economía social e o propio Concello para a recollida e reciclaxe de aceite usado. O Concello ten repartidos polos centros socioculturais e cívicos colectores para depositar o aceite usado, e a empresa encárgase da súa recollida. Segundo os datos de 2019, recolléronse un total de 3647 litros de aceite, aumentando a porcentaxe de recollida nun 265 % entre 2014 e 2018.

A **Estratexia Local de Fomento da Economía Circular en Santiago de Compostela** inclúe unha liña de actuación de xestión dos residuos.

Por último, Santiago forma parte da Rede Estatal de Entidades Locais pola Compostaxe Doméstica e Comunitaria desde 2017, co compromiso de desenvolver políticas locais que fomenten a compostaxe. Na actualidade está en marcha o proxecto piloto Illas de compostaxe comunitarias. Trátase de nove **illas de compostaxe** localizadas en Galeras, Santa Marta, Salgueiriños, Grixoa, Figueiras, Villestro, Laraño, A Gracia e A Sabugueira; Aquí as familias que o desexen poden solicitar unha tarxeta, que abre o contedor para depositar os seus restos orgánicos. Recentemente, engadíronse á rede sete composteiros de 320 litros de capacidade nos seguintes centros educativos: Raíña Fabiola, Vite, Santiago Apóstolo, As Fontiñas, Ramón Cabanillas, Roxos e Lavacolla.

A2. MARCO DE GOBERNANZA

A principal dificultade que entraña a gobernanza da economía circular é a transversalidade propia desta materia, que dá lugar a unha concorrencia de temáticas que provoca que os ámbitos competenciais que lle son propios tendan a estar dispersos en diferentes departamentos das Administracións públicas. A nivel europeo, o Plan de acción europeo para a economía circular constitúe un importante punto de referencia. En España, a Estratexia Española de Economía Circular establece unha comisión interministerial, formada polos ministerios cuxas políticas teñen un impacto directo na economía circular, e un grupo de traballo composto por representantes do MITERD e do resto da Administración Xeral do Estado presente na Comisión de coordinación en materia de residuos, das CC. AA. e da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). A nivel autonómico, a Estratexia Galega de Economía Circular establece un marco xeral para estas políticas.

Neste caso, as Administracións directamente competentes son as seguintes:

- **Nivel Nacional (AGE):** Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico; Ministerio de Consumo; Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- **Nivel Autonómico (Xunta de Galicia):** CConsellería de Infraestruturas e Mobilidade; Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Consellería de Economía, Empresa e Innovación; Consellería do Medio Rural e do Mar.
- **Nivel Local (Administración local):** Concello de Santiago de Compostela. Ademais, no caso de Santiago faise imprescindible contar cos municipios de Ames e Brión, pola súa participación no ciclo da auga da cidade. Tamén podería ser interesante incluír a outros municipios do contorno.

As competencias da Administración municipal exércense a través das seguintes concellerías e organismos:

- **Concellerías:** Alcaldía (competencias en Promoción Económica, Emprego e Comercio); Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns; Concellería de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local; Concellería de Medio Rural.
- **Comisións municipais:** Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.

Por outra banda, aparecen unha serie de organismos de tipo consultivo, con gran relevancia pola súa función de comunicación entre o Concello, os axentes implicados e a sociedade civil:

- **Consellos municipais:** Consello Local de Medio Ambiente.

Por outra banda, existen unha serie de empresas, públicas e privadas, de escala autonómica e municipal que desempeñan un papel fundamental na xestión dos ciclos que forman parte da economía circular:

- **Augas de Galicia; Sociedade galega do medio ambiente (Sogama); Instituto Enerxético de Galicia (INEGA); Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE); Instituto Galego do Consumo e da Competencia; (IGCC); Mercados Centrais de Abastecemento de Santiago (Mercagalicia, S.A.); Viaqua; Clúster Galego de Solucións Ambientais e Economía Circular (Viratec).**



B. Datos Descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE

XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS E ECONOMÍA CIRCULAR DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

	RANGOS municipios entre 50.000 y 100.000 habitantes			
	VALOR	VALOR 1eiro CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3eiro CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.14 Antigüidade do parque edificatorio Parque edificatorio anterior ao ano 2000 (%)	74.3	57.9	67.8	73.2
D.15 Consumo de auga	-	-	-	-
D.33 Crecemento do parque de vivenda 2001-2011 (%)	24.4	16.7	22.2	31.5
D.ST.06 Vivendas previstas en áreas de desenvolvemento respecto ao parque de vivenda (%)	26.9	16	30.7	89.5
D.ST.07 Número de vivendas previstas en áreas de desenvolvemento (viv./1000 hab.)	156.6	89.5	156.7	268.2
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

De entre os datos descriptivos que a Axenda Urbana Española (AUE) establece para a xestión sostible dos recursos e a economía circular, só destacan respecto ao resto de cidades españolas de entre 50 000 a 100 000 habitantes a baixa densidade de poboación e unha elevada antigüidade do parque de vivendas.

Neste sentido, poderíase sinalar a posibilidade de integrar criterios de economía circular na renovación e rehabilitación do parque inmobiliario e, en especial, a produción de enerxía para autoconsumo e a xestión individual ou comunitaria dos residuos nas vivendas unifamiliares situadas en zonas suburbanas ou no medio rural.

B. Datos Descriptivos | B2. Datos Descriptivos AUE

Indicadores REDS relacionados.

En relación con la economía circular y la gestión sostenible de los recursos, la Red Española de Desarrollo Sostenible dispone de una serie de indicadores acerca del municipio de Santiago de Compostela de gran interés para la Agenda Urbana:

Definición	Valor
Balance en orzamentos para o servizo de augas (1)	N/A
Canon para abastecemento e saneamento de augas (2)	4,47 € por mes
Índice de esforzo para pago polo abastecemento (3)	N/A
Volume de auga distribuída (4)	471,36 Litros per cápita
Prezo de abastecemento de auga	7,3 € por mes
Prezo de saneamento de auga	14,76 € por mes
Redución do gasto en iluminación pública (5)	20,06 %
Impacto do gasto en electricidade sobre a renda (6)	2,01 %
Enerxía renovable	23,62 %
Índice de calidade da subministración eléctrica (7)	0,36 horas/ano
Concentración de NO ₂	15 ug/m ³
Concentración de O ₃	40 días
Concentración de PM ₁₀	3 días
Superación de límites de PM ₁₀ (8)	5 días
Media anual de PM ₁₀	19 ug/m ³
Resiliencia urbana (9)	N/A
Reciclaxe de envases lixeiros (10)	18,52 kg per cápita
Residuos improprios (11)	25,5 %
Reciclaxe de papel e cartón (10)	23,54 kg per cápita
Reciclaxe de vidro (10)	22,53 kg per cápita

(1) Balance en orzamentos para o servizo de augas: gasto do orzamento municipal destinado á auga.

(2) Canon para abastecemento e saneamento de augas: valor medio do canon municipal.

(3) Índice de esforzo para pago polo abastecemento: índice de esforzo dos usuarios domésticos para o pago de abastecemento de auga.

(4) Volume de auga distribuída: litros de auga distribuídos por día e por habitante.

(5) Redución do gasto en iluminación pública: Balance do Orzamento Municipal para a política de gasto 165 iluminación pública de 2018 fronte ao de 2014.

(6) Impacto do gasto en electricidade sobre a renda: gasto medio por fogar en electricidade por comunidade autónoma sobre a renda media por fogar en cada municipio.

(7) Índice de calidade da subministración eléctrica: datos de continuidade da subministración eléctrica (TIEPI - tempo de interrupción equivalente da potencia instalada) a nivel urbano.

(8) Superación de límites de PM₁₀: número de días durante o ano en que se superaron os 50 µg/m³ (límite OMS) de partículas PM10 na peor estación de todas as estacións de medición.

(9) Resiliencia urbana: Índice de resiliencia urbana. Datos do artigo 'Towards an Urban Resilience Index: A Case Study in 50 Spanish Cities' de Marta Suárez et al. e publicado por MDPI en 2016. Extrapolouse o valor da capital da provincia ás súas cidades próximas.

(10) Cantidade recollida por habitante ao ano.

(11) Residuos improprios: porcentaxe de residuos improprios do total do material recolleito para reciclaxe.

C. Análise DAFO | c1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. A EDAR de Silvouta é insuficiente para o volume de auga que ten que tratar, xa que en ocasións os caudais máximos se superan mesmo en tempo seco.

D2. A rede de saneamento é unitaria na súa inmensa maior parte, de maneira que as augas pluviais non se tratan de maneira separada e contribúen ao colapso da EDAR. Ademais, desta forma, impídese a reutilización desta auga para outros usos.

D3. Todo o municipio de Santiago e unha parte importante da periferia sur da área urbana dependen dun único punto de captación de auga, o da ETAP de Challán.

D4. Non se realiza unha recollida selectiva da fracción orgánica, o que fai que unha porcentaxe superior ao 85 % dos RSU se vaia á fracción resto, a que ten peores posibilidades de tratamento. Isto incide ademais no custo que os RSU teñen para as arcas municipais e o prezo das taxas de recollida.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. A extensa rede de parques da cidade, así como o territorio agrario e forestal circundante, pode ser soporte de elementos que permitan aumentar a capacidade de retención de auga, para mellorar a xestión do seu ciclo.

F2. O aumento do volume de residuos xestionados nos puntos limpos, claramente superior ao leve incremento da recollida de lixos, permiten pensar nunha maior concienciación da poboación santiaguesa ante a reciclaxe. Esta é unha cuestión fundamental para a posible implementación dunha recollida selectiva da fracción orgánica, que é a que maior peso achega sobre o total.

F3. Novo contrato de subministración de enerxía eléctrica en baixa e media tensión, que permite rebaixar a factura da luz en máis de 600 000 € anuais, e que garante que a enerxía eléctrica fornecida sexa procedente ao 100 % de orixe renovable.

C2. Análisis Externo

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. Risco de colapso do sistema de tratamento de augas debido ao incremento de eventos extremos de choiva e tormentas, que deriven en inundacións.

A2. Risco de insuficiencia da captación de auga debida á ampliación e maior recorrencia dos períodos de seca

A3. Dependencia elevada do gasóleo, que supón un 35 % das fontes de enerxía empregadas no municipio, e presenta os escenarios de evolución de prezos máis complicados de entre os combustibles fósiles.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. A existencia dunhas precipitacións medias moi elevadas pode dar pé á introdución de medidas baseadas na natureza enfocadas á retención dos excedentes de auga, que permitan unha mellor regulación do seu ciclo e unha garantía de dispoñibilidade do recurso.

O2. Posibilidade de aproveitar os recursos forestais existentes para a xeración de biomasa, e do parque de vivenda unifamiliar para a instalación de caldeiras de biomasa que poidan aproveitar o recurso.

O3. Oportunidade de tratar os residuos orgánicos para a obtención de compost que se podería reutilizar na extensa rede de zonas verdes da cidade, o que favorecería a economía circular.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Economía Circular

O diagnóstico en canto ao consumo de enerxía en Santiago poderíase resumir en:

RETO

01.

**Necesidade de actuar sobre a
mobilidade e a organización
da loxística**

O transporte supón un 34,4 % do total do consumo enerxético do municipio e un 55,5 % do consumo de combustibles fósiles.

RETO

02.

Convén aumentar a capacidade de produción eléctrica local (distribuída) e inducir unha redución da demanda de gasóleo en particular e de combustibles fósiles en xeral

As principais fontes de enerxía utilizadas son a enerxía eléctrica (38 % do total) e o gasóleo (35 %).

RETO

03.

Necesidade de continuar mellorando a súa eficiencia

A iluminación pública supón un 75 % do consumo de enerxía eléctrica dos servizos municipais.

O diagnóstico, en canto á xestión do ciclo integral da auga en Santiago de Compostela, poderíase resumir en:

RETO

01.

Necesidade de aumentar a capacidade de depuración da auga

Para emprender accións de rexeneración ambiental nas ribeiras do Sar

RETO

02.

Necesidade de aumentar a dispoñibilidade de redes separativas

Para unha xestión posterior da auga de choiva, que permita o seu aproveitamento para outros usos.

RETO

03.

Necesidade de aumentar a capacidade de retención de auga

Tanto na rede como, especialmente, no territorio para a prevención e xestión de inundacións, que se poderían ver incrementadas como resultado do cambio climático.

O diagnóstico en canto á xeración de residuos sólidos urbanos no municipio poderíase resumir en:

RETO

01.

Ineficiencia, aumento de custos e imposibilidade de reciclar/reutilizar

Non se fai unha xestión específica da fracción orgánica, o que provoca que entre o 85-90 % dos residuos se sitúen na fracción resto.

RETO

02.


Necesidade de actuar en redución

A tendencia de xeración de RSU en Santiago é cara a un aumento progresivo e moderado só interrompido pola pandemia en 2020.

RETO

03.

O aumento do volume de residuos xestionados nos puntos limpos podería considerarse positivo, a condición de que signifique que hai unha maior concienciación entre a poboación, aspecto que non está claro en función dos datos dispoñibles.





05


Mobilidade e Transporte

A. Análise Cualitativo | A1. Ámbitos Temáticos AUE

5.1. CIDADE DE PROXIMIDADE

5.1.2. Distribución territorial dos centros de traballo e da residencia

Para poder entender as claves que determinan a mobilidade nunha cidade como Santiago de Compostela, a primeira cuestión que cómpre analizar é a repartición de orixes e destinos ao longo do territorio, e sendo conscientes de que tanto uns como outros presentan unha dimensión que supera o ámbito municipal e que abarca a área urbana. De feito, a mobilidade é un aspecto clave para aproximarse á dimensión metropolitana de calquera cidade.




Matriz de orixes das viaxes na área urbana de Santiago de Compostela (segundo número de vivendas). Fonte: D. X. Catastro. Elaboración propia.

No caso de Santiago, existe unha división moi clara entre dous tipos diferentes de orixe de viaxes: por unha banda, os tecidos urbanos densos, que concentran grandes cantidades de poboación (e, por tanto, de orixes) en espazos moi reducidos; e, por outra, as vivendas dispersas polo territorio, que xeran unha multiplicidade de orixes. As primeiras correspóndense en Santiago a espazos tales como o Ensanche, o polígono de Fontiñas, os novos polígonos do sur (Choupana, Santa Marta, Conxo, Pontepedriña, Restollal, etc.), os polígonos do norte (Vite, Vista Alegre, Salgueiriños etc.), pero, tamén, núcleos dos municipios periféricos como O Milladoiro, Bertamiráns ou Os Tilos. Trátase de ámbitos territoriais con gran densidade de poboación, nos que resulta perfectamente viable a dotación de servizos de transporte público.

As segundas correspóndense aos núcleos rurais herdados do modelo tradicional de asentamento, a crecementos e densificacións dos devanditos núcleos ou sobre a rede viaria e a vivendas unifamiliares dispersas. Estas formas de crecemento urbano dan lugar a unha matriz de orixes de elevada complexidade, de baixa densidade e practicamente imposible de servir mediante o transporte público.

Cómpre tamén sinalar que, en canto á matriz de orixes, os municipios da área urbana, Ames e Teo, teñen un peso moi relevante sobre o conxunto. De feito, a poboación destes dous municipios supón un terzo da total da área urbana, e ten, ademais, unha porcentaxe de poboación activa superior á do municipio de Santiago.




Matriz de destinos das viaxes na área urbana de Santiago de Compostela (segundo superficie de actividades xeradoras de viaxes). Fonte: D.X. Catastro. Elaboración propia.

A matriz de destinos presenta, con todo, patróns espaciais moi diferentes: está moito máis concentrada no municipio central e, dentro deste, no centro urbano e en grandes contedores de actividade, como os hospitais, centros administrativos, universidade e centros educativos etc. O tecido urbano do Ensanche móstrase relevante para estes efectos, pero a nivel territorial destacan fortemente os polígonos e parques empresariais situados ao norte da cidade (Tambre, Sionlla, Costa Vella etc.).

A diferenza do que ocorre coas orixes, a nivel de destinos, a importancia dos municipios periféricos decae con moita forza. Con todo, si se deben sinalar diferenzas relevantes entre municipios: mentres Ames presenta tres atractores de certa importancia (os núcleos urbanos do Milladoiro e Bertamiráns e o parque empresarial Novo Milladoiro), en Teo os atractores son practicamente inexistentes, máis alá dos centros educativos e de pequenas actividades dispersas.

A tradución desta matriz de orixes-destino a fluxos concretos de poboación pódese abordar desde os datos que ofrece o Instituto Nacional de Estatística (INE) relativos aos desprazamentos da poboación. O INE Experimental ofrece datos estatísticos baseados na posición dos dispositivos de telefonía móbil ao longo do tempo, fronte á súa metodoloxía tradicional baseada nas entrevistas censuais. A forma de agrupar os datos ofrece, para un municipio como Santiago, datos a escala inframunicipal (segundo unha serie de distritos delimitados polo propio INE) que permiten obter información sobre os desprazamentos interiores e delimitar con maior precisión os espazos atractores. A pesar do seu interese, débense tomar estes datos con cautela, xa que se corresponden ao período do estado de alarma.



Do estudo destes novos datos obtense que, en cifras globais, cada día existe un fluxo con orixe no municipio de Santiago de 24 138 persoas, das cales 20 483 circulan interiormente, entre os distintos distritos da cidade, mentres que 3655 o fan cara a outros municipios, fundamentalmente do contorno metropolitano. Por outra banda, circulan en Santiago un total de 43 131 persoas, das cales 20 483 (47,5 %) se corresponden coa xa citada circulación interior, procedentes doutros distritos do propio municipio, e 22 648 (52,5 %) chegan desde outros municipios. Disto resulta un saldo positivo entre as persoas que entran ao municipio fronte ás que saen de 18 993 persoas.

Se analizamos a procedencia das persoas que se desprazan diariamente a algún dos distritos de Santiago, o 22,03 % do total procede dos municipios de Ames e Teo, os máis estreitamente ligados á capital e que, segundo o Atlas do Ministerio de Fomento, conforman a área urbana compostelá. As persoas con orixe en Ames (6045) superan o fluxo orixinado en calquera outro distrito de Santiago, salvo o 04 con 6087. No caso de Teo, con 3453 persoas desprazándose diariamente a Santiago, situaríase por detrás dos distritos 03 (3621), 04 (6087) e 05 (3987). Estas cifras dan unha idea do nivel de integración nas dinámicas da cidade de Santiago que presentan estes dous municipios. A este respecto, cómpre lembrar que Ames e Teo presentan un crecemento poboacional continuo durante os últimos anos, en detrimento dunha cidade central que experimentou un estancamento. Ademais, contan cunha poboación máis dinámica e na súa maioría en idade activa (74 % en Ames e 70 % en Teo), o que vén dar conta dun certo papel de cidade-dormitorio que ambos os municipios veñen desempeñando no conxunto da área urbana. Con todo, no caso de Ames, pola densidade poboacional dos seus principais núcleos e pola implantación de actividades económicas, este papel está a empezarse a matizar, a medida que vai gañando centralidade.



— < 25 — 26 — 50 — 51 — 100 — 101 — 250 — 251 — 500 — 501 — 1000 — 1001 — 2500 — 2501 — 5000 — > 5001


Fluxos de commuters (a nivel de celas) 2020. Fonte: INE, 2021. Elaboración propia.

Orixe	Destino	Fluxo	%
Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	20.483	84,86%
Santiago de Compostela	Ames	1.188	4,92%
Santiago de Compostela	Teo	612	2,54%
Santiago de Compostela	Boqueixón e Touro	397	1,64%
Santiago de Compostela	Oroso	262	1,09%
Santiago de Compostela	O Pino	229	0,95%
Santiago de Compostela	A Estrada	192	0,80%
Santiago de Compostela	Padrón	175	0,72%
Santiago de Compostela	Vedra	97	0,40%
Santiago de Compostela	Val do Dubra e A Baña	83	0,34%
Santiago de Compostela	Outros municipios	420	1,74%
Total (fluxos con orixe en Santiago de Compostela)		24.138	100,00%
Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	20.483	47,49%
Ames	Santiago de Compostela	6.045	14,02%
Teo	Santiago de Compostela	3.453	8,01%
Oroso	Santiago de Compostela	1.135	2,63%
Brión	Santiago de Compostela	1.026	2,38%
Estrada, A	Santiago de Compostela	1.025	2,38%
Val do Dubra e A Baña	Santiago de Compostela	956	2,22%
Boqueixón e Touro	Santiago de Compostela	766	1,78%
Vedra	Santiago de Compostela	561	1,30%
O Pino	Santiago de Compostela	433	1,00%
Ordes	Santiago de Compostela	432	1,00%
Padrón	Santiago de Compostela	420	0,97%
Noia	Santiago de Compostela	408	0,95%
Negreira	Santiago de Compostela	361	0,84%
Comarca de O Barbanza (Ribeira, Boiro, Rianxo, Pobra do Caramiñal)	Santiago de Compostela	867	2,01%
Área urbana de A Coruña (A Coruña, Oleiros, Arteixo, Cambre, Culleredo)	Santiago de Compostela	712	1,65%
Outros municipios	Santiago de Compostela	4.048	9,39%
Total (fluxos con destino en Santiago de Compostela)		43.131	100,00%

Matriz de fluxos orixe-destino entre Santiago de Compostela e outros municipios. Fonte: INE. Elaboración propia.

Sumando a Ames e Teo as cifras doutros municipios limítrofes (Oroso, Brión, Val do Dubra, A Baña, Boqueixón, Touro, Vedra e O Pino), obtense un fluxo diario cara a Santiago de 14 375, un 33 % do total. Así mesmo, destaca a estreita relación de Santiago co municipio da Estrada (1025 persoas, un 2,38 %) e coa comarca do Barbanza (867 persoas, 2,01 %), o que fala do poder de atracción da cidade como centro de servizos dun amplo territorio que supera as dimensións comarcal e metropolitana.

Por outra banda, tamén resulta moi descritivo comparar as dimensións dos ámbitos territoriais de emisión e recepción de desprazamentos: mentres un 96,74 % das persoas con orixe en Santiago e destino noutros municipios se despraza a localidades limítrofes co termo municipal, o 78,45 % das persoas que recibe Santiago procede deses mesmos concellos, e un 21,55 % de municipios non limítrofes.



División en distritos da cidade de Santiago para os efectos dos datos procedentes do INE experimental. Fonte: INE, 2021. Elaboración propia.

Distritos Santiago	Fluxo orixe		Fluxo destino		Saldo neto	
	Outros distritos	Total	Outros distritos	Total	Outros distritos	Total
Distrito 01	2.778	3.360	1.569	2.798	-1.209	-560
Distrito 02	2.927	3.189	4.144	8.373	1.217	5.184
Distrito 03	3.621	3.787	2.189	3.512	-1.432	-275
Distrito 04	6.087	7.161	4.906	8.919	-1.181	1.758
Distrito 05	3.987	4.959	6.324	15.952	2.337	10.993
Distrito 06 e Trazo	1.083	1.682	1.351	3.577	268	1.895
Total	20.483	24.138	20.483	43.131	0	18.995

Matriz de fluxos orixe-destino entre distritos de Santiago de Compostela. Fonte: INE. Elaboración propia.

Observando agora os desprazamentos nos distritos de Santiago obtéñense algunhas conclusións que, aínda que esperables, non deixan de ser relevantes. Por unha banda, os principais distritos atractores son fundamentalmente o 05 (15 952 persoas), onde se sitúan o Hospital, o Campus, o Ensanche e os novos polígonos do sur; e nun segundo nivel o 04 (8919 persoas), onde se sitúan o polígono de Fontiñas, a zona da av. de Lugo e Concheiros, o barrio de Pontepedriña ou o corredor da N-525; e o 02 (8373 persoas) que conta cos polígonos industriais do norte como atractores. Por outra banda, os principais distritos emisores son o 04 (7161 persoas), o 05 (3787 persoas) e o 03 (3787 persoas). A nivel municipal os distritos 02, 05 e 06 teñen un balance positivo, mentres que o 01, 03 e 04 emiten máis fluxo cara a outros distritos do que reciben. Todos os distritos de Santiago presentan un balance positivo nos fluxos respecto a outros municipios.



5.1.2. Mobilidade urbana. Distribución modal

Segundo os datos do Plan de mobilidade urbana sostible de Santiago de 2012, obtidos a través de 6253 enquisas telefónicas e 6616 enquisas a bordo do transporte público, a repartición modal da mobilidade no municipio de Santiago e a súa área urbana é o seguinte:

Viaxes totales						
Indicador	Santiago		Municipios periféricos		Total área urbana	
	Viaxes/día	%	Viaxes/día	%	Viaxes/día	%
Viaxes totais	253.909	100,0 %	131.275	100,0 %	385.184	100,0 %
Viaxes motorizadas	138.346	54,5 %	109.791	83,6 %	248.137	64,4 %
Viaxes non motorizadas	115.562	45,5 %	21.485	16,4 %	137.047	35,6 %
Viaxes en vehículo privado	107.812	42,5 %	98.276	74,9 %	206.088	53,5 %
Viaxes en transporte público	30.534	12,0 %	11.515	8,8 %	42.049	10,9 %
Viaxes a pé	114.414	45,1 %	21.101	16,0 %	135.515	35,2 %
Viaxes en bicicleta	1.148	0,5 %	384	0,3 %	1.532	0,4 %

Viaxes totales						
Indicador	Santiago		Municipios periféricos		Total área urbana	
	Viaxes/día	%	Viaxes/día	%	Viaxes/día	%
Viaxes totais	229.168	100,0 %	127.147	100,0 %	356.315	100,0 %
Viaxes motorizadas	114.152	49,8 %	105.319	82,8 %	219.471	61,6 %
Viaxes non motorizadas	115.016	50,2 %	21.828	17,2 %	136.844	38,4 %
Viaxes en vehículo privado	85.732	37,4 %	93.595	73,6 %	179.327	50,3 %
Viaxes en transporte público	28.420	12,4 %	11.724	9,2 %	40.144	11,3 %
Viaxes a pé	114.086	49,8 %	21.278	16,8 %	135.364	38,0 %
Viaxes en bicicleta	930	0,4 %	550	0,4 %	1.480	0,4 %

Viaxes con el exterior						
Indicador	Santiago		Municipios periféricos		Total área urbana	
	Viaxes/día	%	Viaxes/día	%	Viaxes/día	%
Viaxes totais	15.195	100,0 %	12.830	100,0 %	28.025	100,0 %
Viaxes motorizadas	15.144	99,7 %	12.830	100,0 %	27.974	99,8 %
Viaxes non motorizadas	51	0,3 %	0	0,0 %	51	0,2 %
Viaxes en vehículo privado	13.739	90,4 %	12.386	96,5 %	26.125	93,2 %
Viaxes en transporte público	1.404	9,2 %	444	3,5 %	1.848	6,6 %
Viaxes a pé	0	0,0 %	0	0,0 %	0	0,0 %
Viaxes en bicicleta	51	0,3 %	0	0,0 %	51	0,2 %

Como se destaca no propio documento do PMUS, unha das principais características da área de Santiago é o elevado número de viaxes por persoa: 3,05 no municipio de Santiago; 2,69 en Teo; 2,26 en Ames; 2,35 en Oroso e 2,44 en Brión. Estes cinco municipios son os que o plan de mobilidade delimita como área metropolitana, e que neste documento se conceptualizan como área urbana, diferenciando ademais o municipio central (Santiago de Compostela) dos catro periféricos (Ames, Teo, Brión e Oroso), para tratar de identificar con maior precisión as diferenzas entre as súas dinámicas.


A primeira cuestión que se debe destacar é o gran peso que teñen os desprazamentos a pé, sobre o total de viaxes xeradas desde Santiago: un 45,1 % do total de viaxes, que ascenden ao 49,8 % ao considerar só os internos ao municipio. Nos catro municipios periféricos, as viaxes a pé son un 16 % do total e un 16,8 % dos internos. Estes datos deixan unha primeira conclusión: **a existencia dunha división radical entre as pautas de mobilidade do municipio central, onde as viaxes a pé constitúen o principal modo de transporte, e a periferia, onde este modo resulta moi minoritario, mesmo nos desprazamentos internos. En termos de sostibilidade o municipio de Santiago presenta unhas boas condicións que, con todo, se ven cuestionadas polo modelo de mobilidade das periferias.** Aínda así, no conxunto da área urbana temos un 35,6 % de viaxes non motorizadas fronte a un 64,4 % motorizadas.

Nas viaxes con orixe en Santiago, o vehículo privado supón un 42,5 % (37,4 % en viaxes internas), fronte a un 74,9 % nas orixinadas nos municipios periféricos (73,6 % en viaxes internas). **Queda pois patente a excesiva dependencia do vehículo privado no funcionamento cotián da periferia santiaguesa.**

O transporte público supón un 10,9 % do total de viaxes na área urbana, porcentaxe que ascende ao 12 % no municipio de Santiago (12,4 % en viaxes internas) e descende ao 8,8 % nos municipios periféricos (9,2 % en viaxes internas). De maneira que o transporte público presenta un peso aínda moi pequeno na mobilidade da área urbana de Santiago, especialmente nos municipios periféricos. Con todo, segundo os datos do propio PMUS, nas viaxes desde os municipios da área urbana a Santiago o peso do transporte público é do 13,8 %, fronte a un 7,5 % nos desprazamentos en sentido contrario. Isto pode significar que os santiagueses entenden o transporte público como un medio para desprazarse polo interior da cidade e non cara ao exterior desta, ao contrario que os residentes na periferia, ou que a concentración dos atractores é maior en Santiago que na periferia, onde, ao estar dispersos, sería máis complicado servilos con transporte público.

A bicicleta é, a día de hoxe, practicamente irrelevante en todos os municipios da área urbana, con porcentaxes sobre a repartición modal que oscilan entre o 0,2 e o 0,5 % do total.

Nas viaxes cara ao exterior da área urbana desde o municipio de Santiago a repartición é 91-9 % respectivamente para o vehículo privado e o transporte público, e 93-7 % nos municipios periféricos. A levemente mellor porcentaxe de Santiago débese a posuír un acceso máis directo ás terminais de autobuses e ferrocarril. Pero, en ambos os casos, o peso do transporte público nas conexións cara ao exterior da área urbana é extremadamente reducido.




Variación de poboación día-noite (a nivel de celas) 2020. Fonte: INE, 2021. Elaboración propia.

A distribución da poboación nos distintos períodos do día ofrece unha imaxe moi gráfica das dinámicas de mobilidade na área urbana de Santiago: mentres os distritos de Santiago aumentan a súa poboación ao redor dun 20 % durante o día, nos municipios de Ames e Teo esta descende durante as horas de traballo ata un 70 % da poboación residente, dato que describe con claridade unha dinámica pendular centro-periferia.

O distrito 02, que alberga os principais polígonos industriais e empresariais do municipio, concentrando unha gran cantidade de postos de traballo e con pouca poboación residente, é o que presenta unha maior diferenza de poboación entre o día e a noite, con incrementos de ata o 25 %. Os distritos 01, 02, 03 e 06 aumentan a súa poboación en valores próximos ao 20 % dos residentes, mentres que os distritos 04 e 05, os máis poboados, quedan en incrementos do 11 ao 16 %.

Poboación porcentual por franxas horarias



Poboación porcentual por franxas horarias												
Hora	00:00	2:00	4:00	6:00	8:00	10:00	12:00	14:00	16:00	18:00	20:00	22:00
Distrito 01	100	101	103	105	106	113	115	110	107	105	102	100
Distrito 02	100	101	104	106	111	121	125	123	120	116	107	101
Distrito 03	100	100	101	102	107	113	117	117	111	107	102	100
Distrito 04	100	99	98	98	100	105	107	109	111	111	109	104
Distrito 05	100	100	104	105	110	112	115	116	112	112	101	103
Distrito 06 e Trazo	100	100	101	101	102	117	114	115	120	110	99	101
Ames	100	100	97	96	91	70	69	76	89	84	91	97
Teo	100	99	94	92	88	73	72	80	82	84	92	98

Commuters destino Santiago, modo só en coche						
Orixe	Total	Non procede	Outros modos	Só en coche conduciendo	% só coche	
Santiago de Compostela	30.955	4.160	15.665	11.130	35,96%	
Ames	6.490	70	1.970	4.450	68,57%	
Teo	3.140	10	620	2.510	79,94%	
Brión	1.140	0	300	840	73,68%	
A Estrada	690	0	165	525	76,09%	
Oroso	1.295	5	340	950	73,36%	
Boqueixón e Touro	700	0	220	480	68,57%	
A Coruña	1.655	105	565	985	59,52%	
Total	46.065	4.350	19.845	21.870	47,48%	

Matriz de fluxos orixe-destino entre distritos de Santiago de Compostela. Fonte: INE. Elaboración propia.

No referido especificamente ao modo só en coche conducindo, os datos do censo falan dun 36 % de desprazamentos que teñen orixe no municipio de Santiago. Nos que teñen orixe en municipios metropolitanos as cifras soben desde o 69 % de Ames ata o 80 % de Teo. Con todo, desde un municipio moito máis afastado como A Coruña, a porcentaxe baixa ata o 60 %, debido ao papel que o transporte público (bus e ferrocarril) desempeña para absorber parte das viaxes.

5.1.3. Distribución urbana de mercadorías

A **Estratexia de loxística urbana sostible en Santiago de Compostela** pretende racionalizar a distribución urbana de mercadorías (DUM) no centro histórico para maximizar a súa eficiencia ambiental, socio-patrimonial e económica, minimizando o impacto sobre a cadea de distribución urbana, así como estimular os mercados locais nunha dobre dirección: impulsando a demanda de solucións tecnolóxicas locais adaptadas ao sistema produtivo local e desenvolvendo o xerme dunha iniciativa de integración de produtores primarios locais no sistema loxístico. Proponse desenvolver un proxecto piloto que aborde catro aspectos: a modelización da cadea de subministración urbana, a construción de capital social, o desenvolvemento do modelo de negocio dun operador loxístico e a creación dunha plataforma tecnolóxica para o sistema loxístico.

Neste mesmo sentido, o **Proxecto Smartiago** inclúe a implementación dunha serie de solucións tecnolóxicas enmarcadas en tres liñas de actuación, unha das cales, referida á mobilidade intelixente e sostible, que se apoia na xestión do acceso de vehículos de residentes, visitantes e transporte de última milla ao centro e centro histórico da cidade. Os obxectivos globais desta liña de actuación son posibilitar a racionalización da loxística de última milla e o cumprimento de normas de acceso e estacionamento en centro histórico para reducir custos e conservar o patrimonio; e promover a sostibilidade ambiental reducindo emisións. Os obxectivos específicos son producir e validar a viabilidade dun novo vehículo eléctrico para a loxística de última milla que permita o respecto ao patrimonio, multifuncionalidade e cero emisións; e desenvolver o algoritmo que permita o control de acceso, estacionamento e rastrexabilidade de loxística baseado en smartphone, eliminando infraestrutura tradicional, como cámaras ou morróns.

Por último, a **Estratexia plurianual do Consorcio de Santiago 2021-2027-2032** inclúe, dentro do proxecto denominado “Xestión de fluxos”, unha liña de actuación sobre loxística urbana que se materializará nunha estratexia global de loxística urbana sostible.

5.2. MODOS DE TRANSPORTE SOSTIBLES

5.2.1. Transporte público e intermodalidade

A rede de transporte público de Santiago de Compostela está xestionada pola empresa municipal TUSSA e consta de 24 liñas. A súa distribución territorial está caracterizada pola preeminencia do eixe nordés-suroeste, seguindo a traza da estrada N-550 e coa rúa Virxe da Cerca como o eixe de maior densidade de servizo. Soporta un 12 % da repartición modal dos desprazamentos internos ao municipio (PMUS, 2012) e a distribución de liñas é a seguinte:



Mapa de liñas de transporte público urbano de Santiago . Fonte: TUSSA.

Entre os factores clave, de cara ao futuro do transporte público en Santiago de Compostela, atópanse os catro seguintes: a mudanza da estación de autobuses desde San Caetano a Pontepedriña, para dar lugar, xunto co ferrocarril, á nova estación intermodal; a asunción, por parte da empresa municipal de transportes (TUSSA), da conexión co aeroporto; os recentes cambios en materia de transporte metropolitano; e a subida dos prezos da vivenda na cidade. A primeira, porque achega a estación de autobuses ao centro urbano e aumenta o número potencial de pasaxeiros, especialmente entre os usuarios de tren, que xa non teñen que percorrer unha distancia en moitos casos determinante para non considerar os autobuses como unha alternativa de transporte. A segunda, porque ao xuntar un transporte principalmente dirixido aos desprazamentos internos á cidade cunha ruta que conecta esta co aeroporto e que reclama rapidez en alcanzar o destino, nun escenario de crecemento continuo de turistas, vai dar lugar á necesidade de reorganizar as liñas de autobús para adecuar este novo destino ás liñas urbanas dunha maneira eficiente. En canto á terceira, cómpre destacar a integración dos sistemas de transporte urbano e metropolitano, que favorecen enormemente a funcionalidade do segundo, e contribúe a reforzar o servizo. Por último, a suba nos prezos do alugueiro na cidade principal empurra a persoas que na súa maioría desenvolven a súa actividade en Santiago, incluíndo estudantes, a residir en municipios periféricos, o que aumenta o tráfico de entrada á cidade e o reto de lograr articular un transporte público que lle dea a alternativa ao vehículo privado.

A área de transporte metropolitano de Santiago, xestionada pola Xunta de Galicia, abarca un total de 18 municipios organizados en 12 zonas de transporte.

En canto aos centros atractores de viaxes, o PMUS estuda catro moi concretos e analiza a estrutura de mobilidade que permite acceder a eles:

- **Nos dous campus (norte e sur), o 51 % da po-boación universitaria acode a pé** (o 50 % desde zonas limítrofes aos campus), a participación modal do transporte público, 11,6 %, é lixeiramente inferior ao conxunto da cidade. O principal motivo para non usar transporte público é a escasa distancia ao destino e a incompatibilidade horaria.
- O Complexo Hospitalario Universitario de Santiago é o núcleo central dunha área sanitaria formada por 46 municipios e un total de 450 136 habitantes rexistrados con tarxeta sanitaria (a data de decembro de 2014). Por tanto, a gran maioría dos usuarios (71 %) non procede da cidade de Santiago, o que deriva en que **o uso do vehículo privado alcance o 78 % das viaxes globais, que nas internas á cidade diminúe ata o 46 %, destacando o uso do autobús entre persoas que viven en Santiago, que alcanza o 16 %** (fronte a un 12 % sobre o conxunto de viaxes na cidade). Este maior uso do transporte público no caso do hospital achácase á boa oferta e frecuencia da liña 1, mentres que as razóns para non utilizalo débense a cuestións relacionadas coa oferta, ben por incompatibilidade horaria (33 %) ou por falta de oferta (14 %).
- O Polígono do Tambre presenta a particularidade, respecto a outros grandes atractores, de estar illado do centro urbano, o que complica o acceso a pé. Ademais, recibe un gran número de persoas externas á cidade, polo que **o transporte en coche alcanza o 93 % da elección modal, mentres que un 6 % o fan en autobús, o que supón unha moi ampla marxe de mellora**. Os motivos esgrimidos para un uso tan baixo do transporte público teñen que ver coa oferta de transporte, cuxa razón principal é a incompatibilidade horaria (53,4 %), seguida da falta de oferta (27,6 %).

Estes datos, sumados os xa analizados sobre os desprazamentos en modo só en coche, evidencian que **a problemática de Santiago de Compostela en relación co transporte público non se centra nunha necesidade de incrementar o seu uso en clave de mobilidade interna ao centro urbano, onde a gran maioría dos desprazamentos se fai a pé, e os datos indican que podería haber incluso marxe de mellora neste sentido, senón en clave de mobilidade externa, cara á periferia municipal e metropolitana, en especial, facilitando a competitividade do transporte público nos desprazamentos desde outros concellos.**

Neste aspecto, a recente finalización da estación intermodal supón un feito especialmente relevante para a mellora do acceso a Santiago por transporte público, xa que, por unha banda, ao constituírse como unha verdadeira porta de acceso á cidade, no mesmo centro, permite que traballadores con postos de traballo situados no centro e que residían en zonas ás que o tren non daba servizo, accedan dunha maneira moito máis sinxela e directa. Por outra, o feito de que trens e autobuses cheguen ao mesmo espazo crea un fluxo homoxéneo de entrada que facilita a súa absorción e distribución por parte do transporte público urbano. Unha correcta configuración das liñas e as frecuencias de autobús urbano entre a nova estación intermodal e puntos clave da cidade, adaptadas aos fluxos de viaxeiros provenientes do exterior, así como a máxima adaptación dos horarios dos trens e autobuses ás necesidades horarias maioritarias dos traballadores, preséntase como unha grande oportunidade para a diminución do uso do vehículo privado nos desprazamentos a Santiago.



Neste sentido, observáronse carencias que dificultan a rebaixa no uso do vehículo privado para acceder a Santiago: á redución de frecuencias de Renfe (aínda non solucionada), provocada pola pandemia da covid-19, algunhas, como o tren das 15:30 cara á Coruña, con grande afluencia de traballadores, súmaselle que os autobuses de ruta non sempre se adaptan aos horarios dos viaxeiros frecuentes e non complementan os horarios dos trens, especialmente nos que menor oferta deste medio hai. Ademais, detéctase un grave problema de conectividade do transporte público co aeroporto, situado a 10 km da cidade, para os voos programados á primeira hora da mañá:

Conexións aeroporto-Santiago de Compostela primeira hora								
	Xoves	Venres	Sábado	Domingo	Luns	Martes	Mércores	Xoves
Voos programados horario 6:00-7:00 (n.º)	3	4	5	3	5	4	3	4
Voos programados horario 7:00-8:00 (n.º)	0	0	0	1	0	0	1	0
1eiro autobús Santiago-Aeroporto	6:00	6:00	6:00	6:00	6:00	6:00	6:00	6:00
Tempo estimado de chegada	30'	30'	30'	30'	30'	30'	30'	30'
1eiro autobús A Coruña-Aeroporto (Monbus)	6:00	6:00	12:00	12:00	6:00	6:00	6:00	6:00
Hora de chegada ao aeroporto*	7:00	7:00	13:00	13:00	7:00	7:00	7:00	7:00
1eiro autobús Sobrado-Aeroporto (Monbus)	6:45	6:45	-	-	6:45	6:45	6:45	6:45
Hora de chegada ao aeroporto*	7:55	7:55	-	-	7:55	7:55	7:55	7:55
1eiro autobús Lugo-Aeroporto (Monbus)	6:45	6:45	8:15	8:15	6:45	6:45	6:45	6:45
Hora de chegada ao aeroporto*	8:20	8:20	9:50	9:50	8:20	8:20	8:20	8:20
1eiro tren A Coruña-Santiago	5:35	5:35	5:35	5:35	5:35	5:35	5:35	5:35
Hora de chegada a Santiago*	6:12	6:12	6:12	6:12	6:12	6:12	6:12	6:12
1eiro tren Vigo-Santiago	5:10	5:10	6:40	6:40	5:10	5:10	5:10	5:10
Hora de chegada a Santiago*	6:40	6:40	7:40	7:40	6:40	6:40	6:40	6:40
1eiro tren Ourense-Santiago	7:55	7:55	7:55	7:55	7:55	7:55	7:55	7:55
Hora de chegada a Santiago*	8:33	8:33	8:33	8:33	8:33	8:33	8:33	8:33

*Datos segundo páxinas web das compañías.

Nestas horas, concéntranse voos operados por aeroliñas de baixo custo como Ryanair ou Vueling a destinos atractivos como Tenerife, Sevilla, Fuerteventura, Ámsterdam, Londres ou Lanzarote. Ademais, a maioría deles, só se ofertan en Galicia no aeroporto compostelán. A antelación que se esixe nos aeroportos (dun mínimo de 45 minutos), combinado coa pobre oferta de transporte público neses horarios desde outras cidades, e a hora á que empeza a funcionar o autobús ao aeroporto (6:00 h) provocan que para acceder a estes voos de primeira hora desde calquera punto de Galicia sexa practicamente inevitable usar o vehículo privado, xa sexa compartido, ou como condutor, con custos de peaxes e aparcamento aparellados; ou recorrer a un taxi, cuxa factura está establecida en 21 € desde Santiago. Todo iso incrementa o custo total da viaxe e fai que estas rotas, en principio máis baratas, poidan perder atractivo.

Por outra banda, a rede de aparcadoiros públicos do municipio de Santiago de Compostela está formada por un total de 25 que dispoñen un total de 8602 prazas de aparcamento público, que desempeñan un papel moi relevante no intercambio modal.

5.2.2. Mobilidade branda: carrís bici e áreas peonís


A compactidade residencial e de servizos que existe en Santiago de Compostela fai que esta sexa unha cidade cómoda para o desprazamento a pé, aínda que existen factores como o atmosférico, cun 38 % de días ao ano con precipitacións superiores a 1 mm que poden desincentivar o uso deste tipo de desprazamento. A cidade conta cunha fortaleza neste ámbito, que é a súa experiencia na implantación deste tipo de mobilidade. Segundo consta na memoria do Plan xeral de 2007, na década de 1980 introduciuse unha primeira zona regulada, que abarcaba a améndoa sur, á que se foron sumando novas rúas durante os primeiros 90 ata a súa regulación completa en 1993, cando se estendeu a regulación de tráfico, cunha fórmula intermedia que permite circulacións a determinadas horas do día para garantir o servizo a establecementos e ás vivendas, á práctica totalidade da améndoa, salvo o percorrido Travesía da Universidade-Praza de Mazarelos-Arco de Mazarelos. O desprazamento de tráfico foi dixerido polas actuacións realizadas ao sur da cidade histórica

e polos novos aparcadoiros subterráneos (Praza de Galicia, San Clemente, La Salle etc.) que se foron creando. No Plan xeral sinálase a evidente vocación peonil do centro de Santiago, con rúas que alcanzan en ocasións os 3000 peóns/hora, e a extensión das viaxes peonís a través da estrutura viaria dos rúeiros, moi favorable ao peón, e cunha configuración inapropiada para o tráfico rodado. A reordenación das rúas do Ensanche con ampliación de beirarrúas e regulación do tráfico e do aparcamento contribuíu a dotar de máis protagonismo o peón na cidade, limitando a circulación rodada no Ensanche a un carril dunha soa dirección. Estas medidas, xunto á configuración do propio tecido urbano, propiciaron que dentro do municipio de Santiago de Compostela o modo de transporte preeminente, segundo o PMUS de 2012, sexa o desprazamento a pé (45,1 %).

Tempo en minutos de desprazamento peonil segundo motivo de viaxe			
Motivo da viaxe	Todas as viaxes	Viaxes interzonais	Viaxes intrazonais
Casa	14,2	16,1	11,1
Traballo	12,4	14,2	9
Xestións por traballo	13,2	14,2	11,2
Estudos	16,1	17,9	11,1
Compras	11,5	13,2	9,4
Médico	17,7	18,4	15,6
Asunto persoal	15,4	16,7	12,3
Lecer	15,8	17,3	13,2
Acompañante	9,2	10,2	8,1
Outros	15,3	18,5	10,6
Media	14	15,8	11,1

Fonte: PMUS 2012

Segundo esta mesma fonte, as viaxes peonís duran en termos xerais unha media de 14 minutos. A viaxe para visitar ao médico é na que maior tempo consome a poboación nos seus desprazamentos a pé, mentres que o tempo de desprazamento ao traballo e ás compras é relativamente baixo.



Regulación viaria da cidade: rúas peonís (azul), sentido único de circulación (verde), sentido dobre de circulación (laranxa). Fonte: Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela, 2007.

O documento tamén aborda as deficiencias para a mobilidade peonil detectadas por medio de enquisas realizadas a peóns. Estas deficiencias consisten, na gran maioría dos casos, na estreiteza dalgúns tramos de beirarrúa, que dificulta o cómodo desprazamento, e o excesivo estacionamento indebido, que dificulta aínda máis a mobilidade por elas, ademais de ocupar en ocasións pasos de peóns ou paradas de autobús.

Deficiencia	%
Beirarrúas estreitas	40%
Semaforización penalizante	0%
Sinalización escasa	9%
Perigo	17%
Escasos itinerarios	2%
Excesivo estacionamento indebido	32%

Fonte: PMUS 2012

Este punto é identificado no PMUS como unha das posibles causas de que preto do 50 % dos desprazamentos en vehículo na cidade sexa para percorrer unha distancia inferior a 3 km, do que se desprende que podería haber unha substancial marxe de mellora nas porcentaxes da mobilidade peonil acomeitando unha revisión e mellora do estado xeral das infraestruturas peonís na cidade de Santiago de Compostela.

Non transporte público	%	Non vehículo privado	%
Custo	4%	Cativo	18%
Non hai oferta	1%	Custo	1%
Exercicio físico	32%	Dificultade de estacionamento	11%
Distancia	51%	Exercicio físico	22%
Incompatibilidade horaria	12%	Distancia	49%
Masificado	0%		

Fonte: PMUS 2012

En canto á razón pola que se decide utilizar o modo andando fronte ao transporte público ou o vehículo privado, na gran maioría dos casos (50 % no caso do transporte público e 49 % en caso do vehículo privado) obedece á escasa distancia por percorrer para alcanzar o destino. En canto aos motivos específicos que alegan as persoas que se desprazan camiñando para non usar o vehículo privado, cómpre destacar o case 20 % de persoas que alegan estar cativas, é dicir, que ou ben non posúen vehículo privado ou ben non saben conducir, e un 11 % que considera que é complicado atopar estacionamento.

Descrición	Unidades	Obxectivo desexado	Valor actual
Participación modal de modos brandos	Viaxes en modos brandos/viaxes anuais en todos os modos na área Metropolitana de Santiago de Compostela.	Aumento	35,60%
	Viaxes en modos brandos/viaxes anuais en todos os modos (interno Santiago de Compostela).	Aumento	50,20%
Espazos para a mobilidade branda	Lonxitude de vías exclusivas para peóns (rúas peonís) fóra da zona vella	Aumento	0
	Lonxitude de carrís bici	Aumento	0

Fonte: PMUS 2012

Dos indicadores de mobilidade branda extraídos do PMUS de 2012, podemos destacar as diferenzas entre o uso da mobilidade branda respecto a todos os modos de transporte da cidade de Santiago, onde isto supón o 50 %, en comparación coa área metropolitana, onde esta porcentaxe descende ao 35,60 %, debido á dispersión entre os núcleos de poboación nos municipios de Ames e Teo e a falta de infraestruturas peonís e ciclistas, o que dificulta a mobilidade a pé.

Por outra banda, a nivel interno de Santiago de Compostela, destácase que fóra da cidade histórica non existen rúas peonís, nin carrís bici, aínda que é certo que, nos últimos anos, esta situación cambiou lixeiramente:

As últimas actuacións en materia de peonalización fóra da cidade histórica realizáronse na rúa de San Pedro, que pasou a só estar permitida a circulación de autobuses, e a rúa Carreira do Conde, que se vetou ao tráfico por completo. Así mesmo, tamén se levaron actuacións destinadas a primar o peón sobre o tráfico roda-

do, como é a creación dunha praza-cruzamento peonil na rúa Xeneral Pardiñas, que foi acompañado dunha redución do límite de velocidade nas rúas do Ensanche.

Coa pandemia mundial da covid-19, ábrese un novo espazo de oportunidade ao crearse a necesidade de obter máis espazo para os peóns, de modo que se poida respectar a distancia de seguridade social esixida para frear a expansión do virus dunha maneira cómoda. Para iso, optouse por un modelo de peonalización branda, consistente en pechar ao tráfico rúas durante determinadas horas, mediante valos, permitindo que os transeúntes circulen pola calzada.

Estas peonalizacións de carácter brando, que nalgúns casos se estenderon máis alá do estado de alarma, serviron como estudo para o comportamento do tráfico coas rúas cortadas, e cristalizaron en propostas de proxectos de peonalización permanente, en rúas como a xa citada Xeneral Pardiñas ou Alfredo Brañas, ambas no Ensanche, e que presentan unhas excelentes condicións de centralidade e soportan un escaso tráfico rodado.

Descrición	Unidades	Obxectivo desexado	Valor
Concienciación e adaptación a favor da mobilidade sostible	Taxa de bicicletas por fogar no municipio de Santiago de Compostela.	Aumento	0,64
	Taxa de bicicletas por fogar na área Metropolitana de Santiago.	Aumento	0,75

Fonte: PMUS 2012

En canto á mobilidade en bicicleta, o PMUS de 2012 cifra en apenas un 0,50 % o impacto da bicicleta no total das viaxes en Santiago de Compostela e, por outra banda, indica que hai un número relativamente baixo (0,64) de bicicletas por fogar en Santiago de Compostela. Por outra banda, cómpre sinalar que tanto na cidade histórica, polas características das rúas, como no Ensanche, pola sección das vías e a densidade circulatoria de peóns resulta moi complicado unha introdución de carrís bici segregados para bicicletas, considerando ademais a idoneidade que este espazo central da cidade presenta para a mobilidade peonil. É, con todo, na relación do centro cos barrios periféricos, como Vite, Fontiñas, Conxo, Choupana etc., na relación destes barrios entre si e na conexión con

núcleos urbanos próximos doutros municipios da área urbana como O Milladoiro (Ames) ou Os Tilos (Teo) onde a bicicleta pode ofrecer mellores prestacións e onde as vías teñen capacidade suficiente para albergar carrís segregados. Neste sentido, será crucial considerar, por unha banda, a conexión cos grandes centros atractores de viaxes, como o Hospital, o Campus, os centros administrativos da Xunta de Galicia ou os polígonos industriais; e, por outra, as características de densidade, proximidade e perfil sociodemográfico que presentan núcleos como O Milladoiro, para o que a bicicleta pode representar un medio que incremente o seu nivel de integración nas dinámicas da cidade de Santiago de Compostela.

5.2.3. Instrumentos de planificación

O **Plan de mobilidade urbana sostible** (PMUS) de Santiago de Compostela, de 2012, e cuxa revisión, dentro do marco da EDUSI, se atopa actualmente en fase de licitación, contiña un conxunto de medidas que abordaban de forma global este obxectivo. Este é o conxunto de actuacións de integraban cada un dos seis programas que formaban o plan:

Programa 1. Planificación para unha mobilidade sostible

- Presentación do PMUS da área metropolitana de Santiago de Compostela
- Sinatura do Pacto pola Mobilidade
- Campañas de sensibilización en centros educativos

Programa 2. Mellora do uso do transporte público colectivo

- Adecuación da zona de intercambio modal urbano-interurbano
- Reordenación das liñas de transporte público urbano
- Execución de infraestruturas de apoio ao transporte público
- Mellora da información sobre itinerarios e horarios

Programa 3. Tráfico e ordenación da circulación

- Fomento do coche compartido
- Área de prioridade residencial no Ensanche

Programa 4. Programa de integración urbanística

Programa 5. Programa de aparcamento

- Xestión do aparcamento no CHUS-Gil Casares.
- Ampliación e homoxeneización da zona O.R.A.
- Mellora das condicións de Park & Ride

Programa 6. Programa de melloras peonís e ciclistas

- Peche total da zona antiga coa prohibición do acceso motorizado a Praciña da Universidade e Praza de Mazarelos
- Definición de áreas de convivencia entre modos motorizados e non motorizados

O **Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela** considera que é preciso deseñar un novo esquema de mobilidade e accesibilidade específico para a cidade histórica, tanto para o seu espazo libre como para edificios, apropiado para a sensibilidade do contorno do patrimonio e as condicións particulares dos residentes en xeral.

Este novo esquema debe tomar a forma de plan e comprometer os diversos axentes involucrados para adoptar as medidas necesarias para facer compatible a accesibilidade para residentes con mobilidade reducida e para todo tipo de residentes; a accesibilidade de persoas usuarias ás funcións centrais urbanas e de capitalidade galega; e a persoas usuarias das súas actividades culturais e creativas; e, ao mesmo tempo, establecer unhas condicións de uso do espazo público transitable onde prevaleza o dereito do peón e as condicións de estancia comfortable.

En termos máis concretos, vaise ordenar o uso da Praza de Galicia e Virxe da Cerca, desposuíndoas da súa carga de tráfico rodado. Ao mesmo tempo atoparanse solucións para mellorar e fortalecer significativamente o vínculo entre

a cidade histórica e Santiago e a súa área de influencia, incluído o uso da bicicleta vinculada a usos económicos e recreativos (distribución e peregrinación).

O **PACES**, de 2020, contén, no seu plan de acción de mitigación, un conxunto de nove accións encadradas no sector mobilidade e transportes:

- Plan ciclista. Creación dunha serie de itinerarios ciclistas en vías pacificadas e dunha rede de aparcadoiros de bicicletas particulares en puntos de afluencia.
- Plan peonil. Creación dunha serie de itinerarios peonís entre barrios, puntos de atracción e transporte intermodal.
- Camiño escolar seguro: Colecamiños. Sinalización, persoal de acompañamento, tecnoloxía de localización e premio para promover que os nenos vaian camiñando á escola.
- Reorganización das liñas de autobuses. Optimización de frecuencias, transbordos e destinos.
- Incremento do número de paneis informativos con información en tempo real sobre frecuencia de autobuses.
- Actualización do PMUS.
- Incremento da superficie para peóns na cidade consolidada.
- Actuacións no espazo público para mellora do tráfico, segregación e convivencia.
- Rede de cargadores para vehículos eléctricos.

Por outra banda, o Plan de acción de adaptación inclúe tres accións no ámbito da mobilidade:

- Plan de accesibilidade universal do Concello de Santiago, cuxo obxectivo é contribuír a unha maior calidade ambiental e de vida. Trátase dunha ferramenta para que os proxectos de obra derivados e calquera outra actuación contén cun marco de referencia.
- Actualización do Plan de mobilidade urbana sostible, co obxectivo de incorporar decididamente a mobilidade a pé e en bicicleta e fomentar o transporte público. En desenvolvemento dos obxectivos da EDUSI.
- Reordenación da vía Clara Campoamor, para configurala como parte esencial dos percorridos peonís entre zonas da cidade hoxe en día mal conectadas. Tamén como vía principal de acceso á nova estación intermodal.



A **Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela** contén unha liña de actuación (A6) sobre mobilidade sostible, aliñada con este ámbito temático da Axenda Urbana Local.

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en materia de mobilidade

A6. Fomento da mobilidade urbana sostible

Actualización do Plan de mobilidade urbana sostible.

Reordenación da vía Clara Campoamor.

Rede de itinerarios sostibles para a redución da pegada de carbono - Fase 1.

O Plan estratéxico do comercio propón como un dos seus retos 'Optimizar o transporte público e potenciar o seu uso, como servizo público determinante da competitividade das áreas comerciais'.

Por outra banda, débense considerar pola súa relevancia para a mobilidade a escala urbana e metropolitana unha serie de plans elaborados polo goberno autonómico:

- O Plan sectorial da rede viaria de Santiago, Ames e Teo que, aínda sendo un documento antigo (de 2003), marca as directrices da rede viaria a escala metropolitana. Debe considerarse conxuntamente co Plan MOVE (2009), que actualiza algunha das súas previsións.
- O Plan sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos (2012). Propón para a área urbana de Santiago de Compostela a construción de oito aparcadoiros de intercambio modal (Pontepedriña, Xoán XXIII, Estación de Ferrocarril, Meixonfrío, Cacheiras, Bertamiráns, Teo e Recinto Feiral de Amio); tres aparcadoiros de intercambio modal e car-pool (Santa Marta, Salgueiriños e San Lázaro), e un aparcamento de car-pool en Fontiñas.
- En materia de mobilidade alternativa, o Plan director de mobilidade alternativa de Galicia (2016) que presenta varios corredores ciclistas de ámbito autonómico, varios dos cales atravesarían a cidade de Santiago, xunto a unha serie de conectores menores de escala urbana e metropolitana. A Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia (2016) explica varias sendas de conexión da cidade co contorno do val de Amaía: cara a Bertamiráns, pola AC-543, a través da zona de Roxos; e cara ao Milladoiro a través do eixe viario menor de camiños pola zona da Rocha Vella.

Finalmente, aínda que non se trate estritamente dun instrumento de planificación, senón máis ben de apoio á gobernanza, en 2016 aprobábase o **Pacto Local pola Mobilidade**. Consiste nun documento que recolle un acordo político dos grupos da corporación xunto coa participación de numerosos colectivos e asociacións. Os seus principios xerais son os seguintes: polo dereito

á cidade; por unha cidade inclusiva e accesible; por unha cidade saudable e ecolóxica; pola soberanía enerxética; pola seguridade; por unha cidade de proximidade; pola garantía do dinamismo económico; e pola integración de todos os colectivos e administracións.

Os obxectivos do pacto agrúpanse en tres grandes bloques:

- **Circulación e estacionamento.** O obxectivo debe ser conseguir unha presenza equilibrada e racional do vehículo privado dentro da cidade, garantindo a fluidez na circulación, unhas dotacións suficientes de estacionamento, a seguridade viaria e a calidade do aire. Para iso, o Pacto Local pola Mobilidade aposta por promover os aparcadoiros de bordo, establecer medidas que reduzan o tráfico de paso pola cidade a favor do tráfico de residentes e de carga e descarga; e por implantar medidas de índole fiscal e tarifaria que incrementen proporcionalmente as taxas por circular e estacionar os automóviles de maior tamaño, cilindrada e consumo enerxético. Ademais, prevese a redución da velocidade media, fixando o 30 km/h como velocidade máxima xeral na cidade, aínda que asumindo que en determinadas vías se poida chegar aos 50.
- **Transporte colectivo.** Necesidade de deseñar unha rede de transporte de calidade e fiable para o usuario, para un servizo no que se reduza o tempo de estancia en parada dos autobuses, e no que estean previstos posibles servizos de transporte a demanda en áreas do municipio con baixa densidade de poboación. Tamén se recomenda priorizar o espazo público dedicado ao transporte colectivo en detrimento do vehículo privado, a través de plataformas e carrís reservados para autobuses, priorización de cruzamentos ou modificación de ciclos semaforicos.
- **Modos brandos de transporte.** Modos como os desprazamentos peonís ou as bicicletas, que deben ser priorizados sobre os modos convencionais. Para iso, desenvolveranse itinerarios peonís accesibles, cómodos e seguros; e executaranse medidas para mellorar a accesibilidade. Tamén se aposta por desenvolver plans ciclistas, aumentar o número de unidades de aparcadoiros para bicicletas e executar medidas que aumenten a seguridade dos ciclistas. A mobilidade eléctrica é outro dos retos, que inclúe a posta en marcha de plans de investimento para a incorporación de vehículos eléctricos nas empresas municipais de transporte e nas frotas de vehículos municipais.

A2. Marco de Gobernanza

A nivel de gobernanza, as políticas de mobilidade presentan unha gran vantaxe sobre outros ámbitos temáticos, xa que se trata dunha cuestión ben delimitada en cada un dos niveis da administración e que, por tanto, conta con actores e reparticións competenciais moi claramente establecidos. Neste sentido os retos fundamentais son tres: a coordinación vertical entre administracións titulares das diferentes infraestruturas e a coordinación horizontal entre concellos da área urbana (que comparten dinámicas de mobilidade) e unha boa interlocución entre axentes públicos e operadores privados que permita a intermodalidade e a conexión entre diferentes sistemas de transporte.

As administracións públicas competentes son as seguintes:

- **Nivel Nacional (AXE):** Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- **Nivel Autonómico (Xunta de Galicia):** Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- **Nivel Local (Administración local):** Concello de Santiago e Deputación provincial da Coruña. Por outra banda, a nivel de área urbana resulta fundamental unha coordinación das políticas de mobilidade entre os distintos concellos con poboación vinculada mediante fluxos de mobilidade diarios. Neste sentido deberíase integraraos seguintes: Ames, Teo, Brión, Oroso, Boqueixón e Vedra.

As competencias da Administración municipal exércense a través das seguintes concellerías e organismos:

- **Concellerías:** Concellería de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas.
- **Comisións municipais:** Comisión de Seguimento do Pacto Local pola Mobilidade Sostible; Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos.
- **Servizos municipais:** Servizo de Tráfico e Servizo de Policía Local.

En canto ás empresas públicas, pola súa singular importancia nesta materia, débese destacar o papel da empresa municipal de transporte: Transporte Urbano de Santiago Sociedade Anónima (TUSSA).

Po último, aparecen un conxunto de actores, tanto públicos como privados, de gran relevancia para a mobilidade e o transporte en Santiago de Compostela:

- **Actores públicos:** Transporte Público de Galicia, Transporte Metropolitano de Galicia, RENFE, ADIF, AENA, AESA.
- **Actores privados:** TRANSGACAR; Clúster da Función Loxística de Galicia; Federación galega de transporte de mercadorías (FEGATRAMER); Asociación Empresarial de Transporte de Mercadorías por Estrada de Galicia (APETAMCOR); AUDASA, Asociación Compostelá de Autotaxi (Radiotaxi), Teletaxi Compostela, Socitransa; Flixbus; Monbus; UTEGalicia; Aer Lingus; Air Europa; Air Nostrum; Easy Jet; Edelweiss air; Iberia; Lufthansa; Privilege Style; Ryanair; Vueling airlines; Michelín; Repsol, Enatcar Internacional.

B. Datos Descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE

MOBILIDADE E TRANSPORTE

DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

RANGOS municipios entre
50.000 y 100.000 habitantes

	VALOR	VALOR 1º CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3º CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.07 Solo urbano descontinuo (%)	52.5	8.3	24.6	51.5
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.09 Compactidade urbana (m2t/m2s)	0.7	0.58	0.75	0.88
D.10 Compactidade residencial				
D.10.a .Sup. construída de uso residencial (m2t/m2s)	0.39	0.36	0.43	0.53
D.10.b. Sup. construída de uso residencial (%)	55.8	55.3	61.0	64.8
D.11 Complexidade urbana	-	-	-	-
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.17 Superficie de infraestruturas de transporte				
D.17.a. Superficie infraestruturas de transporte (ha)	623.9	103.4	181.2	307.8
D.17.b. Superficie infraestruturas de transporte (%)	2.8	1.4	2.2	4.5
D.19 Densidade de liñas de autobús e modos ferroviarios	-	-	-	-
D.20 Accesibilidade aos servizos de transporte público	-	-	-	-
D.21 Dotación de vías ciclistas	-	-	-	-
D.22 Envellecemento da poboación				
D.22.a Índice de envellecemento da poboación (%)	21.1	13.5	16.1	19.7
D.23.b Índice de senectude da poboación (%)	19.7	12.9	14.8	19.5
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-			

Entre os datos descritivos da Axenda Urbana Española con incidencia na mobilidade destacan en Santiago de Compostela o perfil demográfico, que mostra unha poboación envellecida, con elevados índices de envellecemento e senectude (que moi probablemente ten que ver co desprazamento das parellas novas con fillos aos municipios periféricos); así como unha baixa densidade de poboación en solo urbano, combinada cunha alta porcentaxe de solo urbano descontinuo, que derivan do modelo tradicional de asentamento.

Para a xestión da mobilidade, débese considerar a influencia do modelo de asentamento e do perfil de idade da poboación na organización da mobilidade. Especialmente no transporte público, pola importancia que este ten para garantir o acceso da poboación maior aos servizos básicos e polo reto que supón a mobilidade da poboación dispersa e, mesmo, o solapamento que en rural se dá entre ambas as situacións.

B. Datos Descritivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados.

En relación coa mobilidade, a Rede Española de Desenvolvemento Sostible dispón dun conxunto relevante de indicadores sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Denominación	Valor
Mortes por enfermidade infecciosa do sistema respiratorio	70,94 / 100.000 hab.
Mortes por accidente de tráfico	1,03 / 100.000 hab.
Concentración de NO ₂	15 ug/m ³
Concentración de O ₃	40 días
Concentración de PM ₁₀	3 días
Superación de límites de PM ₁₀ (1)	5 días
Media anual de PM ₁₀	19 ug/m ³

(1) Superación de límites de PM₁₀: número de días durante o ano que se superaron os 50µg/m³ (límite OMS) de partículas PM10 na peor estación de todas as estacións de medición.

Indicadores de Urban Audit

Tamén é de destacar, en relación con este ámbito temático, a información contida nalgúns indicadores da base de datos de Urban Audit:

Denominación	Valor
Desprazamentos ao traballo en coche (2011)	44,59 %
Desprazamentos ao traballo a pé (2011)	19,29 %
Desprazamentos ao traballo en transporte público (2011)	10,49 %
Duración media desprazamento ao traballo (2011)	18,88 minutos

C. Análise DAFO | C1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. O papel central da cidade de Santiago como principal cidade administrativa de Galicia provoca uns fluxos con destino a ela de grande importancia, nunha escala territorial ampla, pero especialmente respecto dos municipios da súa área urbana, como é o caso de Ames e Teo.

D2. A matriz de orixes de desprazamentos ten unha estrutura moi dispersa a nivel de área urbana, debido ao modelo tradicional de asentamento e ao crecemento urbano disperso dos municipios periféricos, o que fai moi difícil a dotación de transporte público en extensas áreas do territorio municipal e metropolitano.

D3. A cidade de Santiago exerce influencia sobre un territorio moi amplo, cunha gran poboación vinculada, pero non dispón de ningún mecanismo para condicionar nin organizar a mobilidade que recibe deste.

D4. O uso do vehículo privado na modalidade de só en coche conducindo alcanza valores por encima do 50 % con destino a Santiago, o cal deriva en importantes problemas de conxestión de tráfico e de dificultade para atopar aparcamento.

D5. O uso do vehículo privado nas conexións entre municipios periféricos e o municipio central da área urbana alcanza practicamente o 75 %, o que converte a mobilidade da área urbana de Santiago nun modelo totalmente insostible.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. Ciudad compacta y con alta densidad que facilita el tránsito peatonal. Especialmente en el centro urbano que conforman conjuntamente la Ciudad Histórica y el Ensanche, que además son adyacentes al Campus Sur de la USC.

F2. A mobilidade en modo andando entre os distintos distritos do municipio é considerablemente alta: segundo o PMUS un 45 % sobre o total de desprazamentos e un 49,8 % sobre as viaxes internas ao municipio.

F3. Aposta histórica pola peonalización e primacía do peón sobre o vehículo, que se traduciu en que o modo de transporte principal sexa a pé.

F4. Estación intermodal ben situada respecto ao centro da cidade, e pertencente ao eixe atlántico ferroviario, a menos de dúas horas dos dous extremos do eixe (Vigo e A Coruña), o que fai que sexa cómodo acceder a Santiago de Compostela usando transporte público e desprazarse andando grazas á súa compactidade.

F5. O Concello dispón dunha empresa municipal de transporte, que lle permite unha maior operatividade para implementar medidas en materia de mobilidade.

C. Análise DAFO | c2. Análise Externa

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. O forte crecemento disperso producido nos municipios lindeiros, especialmente na periferia sur, onde se foi consolidando un modelo de cidade difusa que dá lugar a unha multiplicación das orixes e destinos, facendo moi difícil o desenvolvemento dun transporte público eficiente.

A2. A localización dos novos solos de actividade empresarial propónse exclusivamente desde o punto de vista da accesibilidade rodada, xeralmente colgados dos grandes nós viarios e sen unha integración do transporte público nin dos modos de mobilidade branda.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. A apertura da estación intermodal pode axudar a captar para o transporte público varios tipos de desprazamentos (desde municipios da área urbana ou desde outros exteriores), e a aumentar a súa atractiva fronte ao transporte privado, reducindo o tráfico de coches cun só ocupante e aumentando a cota do transporte público na repartición modal. Así mesmo, a localización do fluxo de viaxeiros externo en tren e autobús nun único lugar, coas medidas adecuadas, pode facilitar a mobilidade interna da cidade en transporte público.

O2. O Plan de aparcadoiros disuasorios da Xunta de Galicia, de seguir desenvolvéndose, pode axudar tamén a reducir o volume de vehículos que acceden ao centro urbano e a aumentar o uso do transporte público. Neste sentido, sería moi positivo implantar o seu uso non só na periferia urbana senón tamén nos municipios de orixe dos desprazamentos.

A3. Falta de coordinación entre os distintos actores do transporte público con presenza na cidade, que dificulta a intermodalidade, aumenta os tempos de espera, os prezos e reduce a competitividade do transporte público como alternativa ao coche privado.

O3. A existencia de núcleos urbanos densos nos municipios periféricos (O Milladoiro, Bertamiráns, Sigüeiro, Os Tilos etc.) pode supoñer unha oportunidade para xerar unha rede de transporte público que lle reste moitas viaxes ao coche nas conexións centro-periferia e periferia-periferia.

A4. A pesar de que o Concello dispón de instrumentos de planificación en materia de mobilidade, algúns deles están obsoletos e non xeraron mecanismos permanentes de control e seguimento que permitan unha avaliación das políticas levadas a cabo.

O4. As novas actividades que se implanten no municipio de Santiago poden contribuír á viabilidade e sostibilidade do transporte público se se propoñen coa intención de reforzar centralidades urbanas e de optimizar percorridos de transporte.

O5. A existencia do Pacto Local pola Mobilidade debería supoñer un marco moi favorable para o acordo político e social e para a gobernanza en materia de mobilidade.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Mobilidade

O diagnóstico en canto ás políticas de mobilidade poderíase resumir en:

RETO

01.

Necesidade de terminar de configurar un centro urbano peonil, que se poida ver complementado exteriormente cunha rede ciclista que estableza novas conexións centro-periferia e entre periferias, con especial atención á conexión de grandes atractores de viaxes como os campus, o hospital ou os polígonos industriais.

A cidade levou a cabo unha aposta durante as últimas décadas pola peonalización da cidade histórica e pola prioridade peonil cada vez maior no Ensanche.

RETO

02.

Necesidade de consolidar a intermodalidade, estendéndoa a todos os modos de transporte, para multiplicar as alternativas ao vehículo privado, xa sexa en viaxes completas ou en parte delas.

As Administracións están a realizar un grande esforzo para conectar as conexións ferroviarias e de autobús a través do proxecto da estación intermodal. Con todo, algúns aspectos de importancia, como as conexións co Aeroporto de Lavacolla, están moi pouco optimizados.

RETO

03.

Necesidade de reforzar o transporte público e de intensificar a relacións cos núcleos urbanos densos da periferia para restar viaxes aos modos en vehículo privado a favor do transporte público.

O uso do vehículo privado é absolutamente predominante nos desprazamentos que involucran os municipios periféricos. Con todo, a existencia de núcleos urbanos densos nos municipios limítrofes a Santiago permite pensar en novos escenarios para o transporte público.

RETO

04.

Necesidade de revisar as previsións de implantación de actividades previstas polo plan urbanístico e pola planificación sectorial, así como a estrutura do crecemento residencial previsto para favorecer modelos de desenvolvemento urbano orientados ao transporte público (tod).

A matriz de destinos presenta unha estrutura bastante concentrada en polaridades, o que a fai eficiente, ao contrario que a matriz de orixes, onde o grao de dispersión é moito maior.

RETO

05.

Necesidade de actualizar os instrumentos de planificación, introducindo procesos continuos de avaliación, control e seguimento das políticas implementadas e de incorporar unha gobernanza máis activa que permita a toma de decisións a longo prazo, incorporando a participación pública e o diálogo cos municipios da área urbana.

As políticas en materia de mobilidade requiren fortes procesos de planificación a medio e longo prazo. O Concello dispón de instrumentos de planificación, pero non desenvolveu mecanismos de avaliación, control e seguimento. Por outra banda, o feito de dispoñer dun instrumento de intervención, como a empresa pública de transporte, e dun instrumento de gobernanza, como o Pacto Local, deberían facilitar a planificación e a toma de decisións en materia de mobilidade.



06


Cohesión Social e Igualdade de Oportunidades

A. Análise xeral | A1. Ámbitos temáticos AUE

6.1. VULNERABILIDADE URBANA: RISCO DE POBREZA Y EXCLUSIÓN SOCIAL

6.1.1. Caracterización socioeconómica do municipio


A distribución espacial da renda media dispoñible por persoa no Concello de Santiago de Compostela indícanos que os maiores niveis de renda dispoñible se atopan na zona centro da cidade, cunha media que nalgúns puntos chega a superar os 19 000 €/persoa. Obsérvase un corredor que se estende desde o centro urbano e, a través da estrada de Noia, ata o concello de Ames, onde ten continuación, aínda que con rendas lixeiramente inferiores. Na zona norte do municipio rexístranse as menores rendas dispoñibles, con valores entre 6500 e 9500 €/persoa.



No data 6500,01 - 9500,00 10000,01 - 11000,00 13000,01 - 15000,00 17000,01 - 19000,00
< 6500,00 9500,01 - 10000,00 11000,01 - 13000,00 15000,01 - 17000,00 > 19000,01 €/persoa

Renda media dispoñible por persoa en cada sección censal no ano 2018. Fonte: INE. Elaboración propia.

Estes datos non deben analizarse de maneira illada, senón que se deben matizar mediante o seu contraste co coeficiente de Gini, que indica o grao de desigualdade da renda existente en cada sección censual, nun intervalo comprendido entre 0 e 1, onde 0 é perfecta igualdade e 1 é máxima desigualdade. Neste sentido, pódese observar como en Santiago de Compostela existe unha maior desigualdade no centro urbano e nos barrios do sur da cidade, mentres que na parte do municipio situada ao norte da cidade se aprecia unha maior homoxeneidade na renda dispoñible. Esta mesma lóxica esténdese aos municipios limítrofes, xa que son os do sur, Ames e Teo os que mostran unha maior desigualdade.



Coeficiente de Gini por sección censual ano 2018. Fonte: INE. Elaboración propia.

O Instituto Galego de Estatística proporciona unha serie de datos que permiten elaborar unha primeira caracterización do risco de pobreza na cidade. Neste sentido, o dato máis evidente é da taxa de risco de pobreza, que nos últimos anos se situou arredor do 9-12% da poboación santiaguesa. Así mesmo, a porcentaxe de fogares cuxa principal fonte de ingresos son prestacións era dun 33 % en 2019, de entre os cales máis da metade (o 17,7 % sobre o total) teñen o 100 % dos seus ingresos procedente de prestacións. Ambas as cifras mantivéronse relativamente estables no tempo, aínda que con altibaxos.

Dentro do conxunto de prestacións sociais, que inclúen entre outras as pensións e as prestacións por paro, a Renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e as Axudas de inclusión social (AIS) son as que van dirixidas aos colectivos máis vulnerables. Ambas as prestacións aumentaron

a súa poboación beneficiaria no municipio de Santiago entre 2011 e 2019: as primeiras multiplicáronse por máis de tres e as segundas por máis de seis. Por outra banda, observando os datos de ingresos mensuais dos fogares débese sinalar que, nese mesmo período, os fogares con rendas dispoñibles máis baixas (inferiores a 1500 €/mes) diminuíron, mentres os de rendas entre 1500 a 3000 €/mes se mantiveron estables ou lixeiramente á alza e os de rendas superiores a 3000 €/mes incrementáronse. O cruzamento entre os datos anteriores permite pensar que, **se as rendas dos fogares aumentaron, mentres se incrementaban tamén as prestacións aos fogares máis vulnerables, o nivel de cobertura da poboación en risco de pobreza debería ser maior en 2019 do existente en 2011.**

		2011	2013	2015	2017	2019
Estrutura de ingresos dos fogares	Traballo por conta allea	61,31	58,8	58,74	62,91	57,56
	Traballo por conta propia	10,66	11,86	10,99	10,51	11,03
	Prestacións	22,88	27,3	27,98	23,09	27,81
	Rendas e outros ingresos	5,16	2,04	2,29	3,49	3,61
Taxa de risco de pobreza		9,43	10,73	12,31	9,55	11,91
Taxa de risco de pobreza (Estratexia Europa 2020)		16,15	18,02	16,61	12,47	13,63
Fogares con ingresos por prestacións >50% ingresos	Máis dun 50%	28,45	32,63	33,22	27,11	33,06
	Máis dun 75%	22,47	27,01	26,49	19,14	22,09
	O 100%	17,55	25,59	23,18	15,63	17,69
Poboación beneficiaria da RISGA	Homes	35	70	87	108	106
	Mulleres	45	82	130	158	156
	Total	80	152	217	266	262
Poboación beneficiaria de AIS	Homes	3	5	13	38	47
	Mulleres	16	10	31	53	76
	Total	19	15	44	91	123
Distribución de fogares segundo ingresos/mes	Ata 1.000€	17,00%	18,42%	18,49%	12,58%	12,13%
	De 1.000,01 a 1.500€	15,18%	15,50%	17,66%	12,15%	11,00%
	De 1.500,01 a 2.000€	14,58%	18,46%	13,52%	13,15%	14,36%
	De 2.000,01 a 2.500€	13,69%	15,56%	17,41%	18,34%	16,29%
	De 2.500,01 a 3.000€	11,96%	11,06%	10,23%	10,61%	10,97%
	de 3.000,01 a 4 .000€	13,73%	11,91%	12,48%	16,38%	18,99%
	Máis de 4.000 €	13,86%	9,09%	10,21%	16,79%	16,26%
Distribución de fogares segundo ingresos/mes	Con facilidade ou moita facilidade	48,72%	34,87%	45,74%	50,31%	67,21%
	Con dificultade	36,08%	45,38%	38,25%	42,66%	28,84%
	Con moita dificultade	15,19%	19,74%	16,01%	7,03%	3,95%
Ingreso medio mensual por fogar		2.378	2.184	2.216	2.617	2.699

Fonte: IGE.

6.1.2. Identificación de barrios vulnerables

Segundo o Catálogo de Barrios Vulnerables do Observatorio da Vulnerabilidade Urbana do Ministerio de Fomento, en Santiago de Compostela **existen actualmente dúas áreas estatisticamente vulnerables (AEV) con carácter leve**, que engloban unha poboación de 8240 persoas. É dicir, o 8,42 % da poboación de Santiago vive nunha área que foi catalogada como vulnerable polo Ministerio de Fomento. Estas dúas AEV abarcan 0,9043 km², o 0,4 % da superficie total de Santiago de Compostela, aínda que se localizan en pleno centro urbano, englobando a zona monumental e o barrio de Vite.

Segundo os Indicadores Básicos de Vulnerabilidade (IBVU) que achega o Observatorio, ambos os barrios presentan unha leve vulnerabilidade en IBVU Vivendas, definida como a porcentaxe de vivendas familiares en estado ruinoso, malo ou deficiente sobre o total de vivendas familiares:

IBVU	AEV Zona Monumental	AEV Av. de Lugo	Valor de referencia de Vulnerabilidade
IBVU Estudos	3,67%	5,11%	16,38%
IBVU Vivendas	18,07%	18,98%	17,50%
IBVU Paro	19,82%	34,09%	42,33%

IBVU nas áreas catalogadas como vulnerables. Fonte: Atlas da vulnerabilidade, Ministerio de Fomento. Elaboración propia.

Os outros dous indicadores, o IBVU estudos, definido como a porcentaxe de poboación analfabeta e sen estudos de 16 anos ou máis, sobre o total da poboación de máis de 16, e o IBVU paro, definido como porcentaxe da poboación de 16 anos ou máis en situación de paro, respecto á poboación activa de 16 anos ou máis, obtéñense **en ambas as AEV valores sensiblemente inferiores aos de referencia de vulnerabilidade. Por tanto, en ambas as áreas atopamos unha vulnerabilidade urbana asociada ao estado da edificación, de modo que a súa corrección depende da capacidade para rehabilitar as vivendas que presentan un estado de conservación catalogado como malo, moi malo ou ruinoso.**



Áreas catalogadas como vulnerables. Fonte: Atlas da vulnerabilidade, Ministerio de Fomento. Elaboración propia.

Respecto á AEV da zona monumental, a edificación existente presenta, en xeral, unha idade anterior a 1940, e cuxos materiais de construción máis frecuentes son a pedra e a madeira. Trátase dunha zona de elevado valor patrimonial e interese tipolóxico e arquitectónico, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1985. A rehabilitación de vivendas require aquí un alto investimento ademais de longos prazos de tramitación administrativa. Na AEV da Av. de Lugo predomina a edificación desenvolta a partir de 1960, aínda que nalgúns casos sometida tamén a protección patrimonial. Temos, así, **a zona monumental cuns custos de rehabilitación moi elevados e outra zona con menores custos de rehabilitación, pero tamén menor renda. Ambas as circunstancias dificultan unha solución á vulnerabilidade.**




Área de protección patrimonial. Fonte: Xeoportál

6.1.3 Servizos sociais: medios, plans e programas

Segundo a Memoria de xestión dos servizos sociais, en 2020 foron atendidas nalgún momento 23 376 persoas (o 24 % da poboación de Santiago) polos servizos sociais do Concello. Esta cifra, propiciada pola covid-19, máis que duplica á do ano anterior (11 478 persoas) e supón o número máis alto desde 2015, aínda que é certo que **estas cifras viñan aumentando de maneira constante entre 2015 e 2018, cun leve descenso en 2019**. A atención focalizouse especialmente en apoio económico para cubrir gastos básicos, atención a persoas maiores que viven soas, persoas que pasan a noite na rúa e as que se atopan en situacións graves relacionadas coa vivenda. Nestas singulares circunstancias tamén se atendeu a persoas afectadas por ERTE, persoas maiores afectadas por peches de centros de días ou autónomos que perderan o seu emprego.

Poboación única atendida desde os servizos sociais



Fonte: Memoria de xestión dos Servizos Sociais de Santiago de Compostela 2020.

A área de acción social do Concello de Santiago de Compostela componse de tres dispositivos complementarios: os servizos sociais básicos (definidos pola lei), a unidade municipal de atención ás drogodependencias e o centro de información á muller. Con todo, **as competencias sobre estes dispositivos repártense entre dúas concellerías**: a Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns, e a Concellería de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural e Igualdade.



Para desenvolver o seu labor, a área de acción social ten á súa disposición múltiples equipamentos propios, que ben son utilizados directamente polos distintos dispositivos ou son cedidos a outras entidades para que os xestionen. Os servizos sociais, segundo a súa memoria de xestión do ano 2020, son os que maior número de equipamentos dispoñen:



Servicios Sociales	UMAD	Igualdad
Centro Municipal de servicios Sociales Casa de Asociaciones de Bienestar Social (CABE) Espacios cedidos en el CSC de Fontiñas y ensanche 10 pisos municipales cedidos a distintas entidades		CIM Casa Xoana Torres

Recursos inmobiliarios dispoñibles para os servizos sociais. Fonte: Memoria de xestión dos Servizos Sociais 2020. Elaboración propia.


Así mesmo, os servizos sociais na cidade organízanse en cinco Puntos de Atención de Servizos Sociais (PASS), cuxas funcións son orientar, xestionar peticións, dar apoio e alternativas á convivencia, apoiar as familias e derivar aos servizos sociais específicos. Distribúense en varias localizacións da cidade: Conxo, Fontiñas, Ensanche, Galeras e Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES). Cada un deles ten unha área xeográfica de actuación definida e os habitantes desas áreas que necesiten a asistencia dos servizos sociais deben dirixirse ao PASS de referencia da súa área. O CABES (situado en Salgueiriños) ten ademais a función de dar cabida a organizacións para fomentar o tecido asociativo. Todos eles contan con varias UTS (Unidades de Traballo Social), un total de 15, con diferentes ámbitos xeográficos de actuación. **Cómpre destacar que en Santiago se leva a cabo un estudo poboacional actualizado constantemente con obxectivo de conseguir unha repartición eficiente das UTS**, adaptándoas á poboación e á caracterización sociolóxica desta, para así lograr un equilibrio da carga laboral de cada UTS e unha redución do tempo de espera para ser atendido.

En canto ao equipo profesional que compón os servizos sociais de Santiago de Compostela atópanse, segundo a memoria de xestión de 2020, un total de 29 profesionais con diversas funcións que se reparten da seguinte maneira: unha xefa de servizo, unha xefa de sección, unha asesora xurídica, 1,5 psicólogas, un axente de desenvolvemento local, un técnico de xestión, cinco unidades administrativas e doce traballadoras sociais.

Estes profesionais son os que se encargan de manter os cinco grandes programas que os servizos sociais de Santiago ofrecen:

- **Programa de valoración, orientación e información**
- **Programa básico de inserción social**
- **Programa de fomento da cooperación e a solidariedade**
- **Servizo de educación e apoio familiar**
- **Servizo de axuda en fogar e teleasistencia domiciliaria** (especialmente para persoas dependentes e maiores)

Para o ano 2020, a partida de servizos sociais e a promoción social do orzamento municipal alcanzou os 7 770 617 €, o que supón que **está por debaixo da media das sete cidades galegas en canto a gasto en servizos sociais e promoción social.**



Fonte: Elaboración propia a través de datos de Newtral Transparencia.

Santiago de Compostela, ademais, impulsou unha **Ordenanza Municipal de Garantía Básica Cidadá**, onde regula o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos para a cidadanía de Santiago que se atopen en situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social, e preténdese dar cobertura económica e social á falta temporal de ingresos, establecéndose nesta ordenanza dous tipos de prestacións que se tramitan nos PASS: **Renda Municipal de Garantía Básica Cidadá e Prestacións de Rescate Social**.

A primeira está dirixida a todas as persoas en situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social, que non teñan dereito a percibir a RISGA, nin unha PNC ou calquera outra prestación de igual ou superior contía. Pódese percibir durante un máximo de 12 meses, ampliables a outros 12 se persiste a situación. O Concello proverá o importe equivalente ao 100 % do IPREM (532,51 €-2016) por cada unidade de convivencia, aumentando un 10 % por cada integrante adicional ata un máximo do 150 % do IPREM (798,77 €-2016). A segunda está destinada a atender situacións de urxencias puntuais: alimentación, aloxamento, débedas, gas, luz, medicinas, matrículas do colexio...

6.1.4. Instrumentos de planificación

A **Estratexia de Emprego e Plan de Emprego de Santiago de Compostela 2015-2020** contén unha serie de liñas de actuación que comparten este obxectivo: ‘A 1.1. Mellorar o coñecemento, a proximidade e a accesibilidade da poboación desempregada aos recursos sociolaborais’; ‘A 1.2. Desenvolver itinerarios individualizados dirixidos á construción do proxecto profesional e á inserción laboral’;

‘A 3.3. Desenvolver unha estratexia de emprego protexido como mecanismo específico de inclusión laboral e social das persoas en risco de exclusión’; ‘A 3.4. Impulsar unha estratexia de emprego garantido’.

Así mesmo, a liña de actuación “A1. Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos” da **EDUSI** ocúpase da vulnerabilidade urbana.

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en materia social

A 1 - Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos


Centro Municipal de Atención Integral ás persoas sen fogar de Santiago de Compostela (CIPIS) .
Programa de fomento da cultura emprendedora “Aposta por ti, aposta polo teu barrio”.
Centro de Excelencia Tecnolóxica de Emprego e Coñecemento (CETEC).
Programa de dinamización económica dos barrios “Faino ti”.
Iniciativa Urbana Sostible de Patrimonio Natural e Emprego.

6.2. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES: XÉNERO, EDADE Y DISCAPACIDADE


6.2.1. Caracterización sociolóxica do municipio

Os datos do padrón municipal extraídos en xuño de 2021 revelan que Santiago de Compostela é unha cidade con 98 727 habitantes onde conviven persoas de 118 nacionalidades diferentes, nadas en 129 países diferentes. Segundo o Padrón municipal, 93 010 (94,2%) persoas son de nacionalidade española e 5717 (5,8 %), de nacionalidade estranxeira.

Clasificación da poboación residente en Santiago de Compostela por municipio de nacemento e nacionalidade




Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia.



Distribución espacial da poboación oriúnda. Fonte: INE. Elaboración propia.


Os oriúndos de nacionalidade española ou estranxeira que residen na cidade (49 838) forman o grupo máis numeroso, aínda que practicamente hai o mesmo número de persoas non oriúndas residindo na cidade (48 889). Destas, a maioría (43 339) é de nacionalidade española e o resto (5550) ten unha nacionalidade estranxeira. En canto á súa distribución espacial, no centro da cidade atopámonos as menores porcentaxes de poboación oriúnda, que son maiores nas seccións lindeiras á parte central do municipio, onde existen illas que superan o 65 % moi localizadas na parte norte da cidade, cara aos barrios de Fontiñas, e na parte sur da cidade, na zona do Restollal e Pontepedriña. A este respecto, cómpre sinalar tamén a enorme proporción de poboación non oriúnda que se dá nas seccións censuais de carácter urbano e suburbano máis próximas á cidade de Santiago, como as correspondentes ao Milladoiro e Bertamiráns (e as situadas entre ambos os núcleos), en Ames; aos Tilos, en Teo, ou a Sigüeiro, en Oroso. Isto é claramente debido a que se trata de áreas receptoras de poboación procedente da cidade de Santiago ou vinculadas á actividade económica que nela ten lugar.

Pirámide de poboación 2004-2020 Santiago de Compostela



Comparativa entre pirámides de poboación, 2004-2020. Fonte: INE. Elaboración propia

A pirámide poboacional móstranos unha poboación composta maioritariamente por mulleres, cunha media de idade de 46,22 anos, que envelleceu en comparación coa pirámide de 2004, cando había un gran número de individuos nas cohortes de poboación inferiores aos 30 anos, pero nas que aumentou a natalidade e hai máis menores de 10 anos.



División da poboación residente en Santiago de Compostela, segundo criterios de sexo e idade. Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia.


	2011	2013	2015	2017	2019
Variación poboación					
Nacementos	850	860	860	803	656
Nacementos de homes	446	415	438	416	324
Nacementos de mulleres	404	445	422	387	332
Defuncións	854	920	946	925	864
Defuncións de homes	420	451	458	431	419
Defuncións de mulleres	434	469	488	494	445
Saldo vexetativo	-4	-60	-86	-122	-208
Poboación total	95.207	96.041	95.612	96.456	97.260
Crecedemento neto	629	82	308	475	756
Saldo migratorio	633	142	394	597	964
Taxa xeral de fecundidade	35,42	36,68	37,8	36,18	29,93
Idade media de maternidade	33,78	33,55	33,65	34,25	33,95
Porcentaxe de nacementos fóra do matrimonio	34,94	37,09	45,58	48,07	48,78
Taxa bruta de reprodución	0,51	0,58	0,58	0,55	0,5

Fonte: IGE.

Nese sentido, cómpre sinalar o saldo vexetativo negativo que caracteriza o municipio de Santiago e que mostra unha tendencia á alza, mentres que a taxa xeral de fecundidade presenta unha clara tendencia á baixa. A taxa bruta de reprodución mantense estable ao redor de 0,5, do mesmo xeito que a idade media da maternidade, que se sitúa arredor dos 34 anos. Trátase de cifras que, en calquera caso, sinalan unha preocupante ausencia de dinamismo demográfico, soamente compensadas por un saldo migratorio que se consolida en cifras positivas (+964 habitantes en 2019), cun descenso nos anos centrais da crise económica.

O cruzamento dos datos anteriores permite apreciar diferenzas substanciais entre a poboación de nacionalidade española, máis envellecida, cunha idade media de 46,92 e un índice de envellecemento do 180,77 %, aínda que cunha maior proporción de mozas de 0 a 16 anos (13,77 %); fronte a unha poboación estranxeira que ten unha media de idade (34,97 anos) e un índice de envellecemento (41,72 %) substancialmente menor que no caso dos españois.

Características población extranjera residente en Santiago de Compostela



Características población española residente en Santiago de Compostela




Diferencias poboación española vs. estranxeira residente en Santiago de Compostela. Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia

Analizando o nivel de estudos, pódese observar como case a metade de residentes en Santiago ten como máximo nivel formativo o bacharelato ou o bacharelato elemental (49,33 %), seguidos dos que son licenciadas/os, arquitectas/os ou enxeñeiras/os superiores (17,85 %). É tamén importante o número de persoas sen estudos, que alcanza o 11,93 % da poboación e o número de persoas que teñen un doutoramento ou pos-grao, o 6,32 %.

Novamente podemos atopar diferenzas neste campo entre as persoas residentes de nacionalidade española e as de nacionalidade estranxeira, xa que as primeiras teñen principalmente un nivel de estudos de bacharelato superior fronte ao bacharelato elemental, maioritario nas segundas.

Con todo, **en termos xerais, podemos dicir que a poboación estranxeira residente en Santiago de Compostela está mellor formada que a poboación nacional**, xa que a suma de persoas con bacharelato elemental, superior, e licenciadas en arquitectura ou enxeñería superior alcanza o 82,41 % da poboación estranxeira, fronte ao 66,22 % da de nacionalidade española. Así mesmo, o número de persoas sen estudos alcanza o 12,57 % na poboación residente española, fronte ao 1,7 % da estranxeira.


Nivel de estudos das persoas residentes en Santiago de Compostela



Estudos da poboación residente en Santiago de Compostela. Fonte: Padrón Municipal. Elaboración propia.

Como xa se comentou, a poboación estranxeira en Santiago de Compostela alcanza o 5,8 %. Isto supón, segundo o IGE, estar case dous puntos por encima da media galega (4 %) e un punto por encima da media do resto de cidades da comunidade (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), que se sitúa no 4,8 %. As cidades da Coruña, Lugo e Ourense contan tamén con arredor do 6 % de poboación estranxeira. En total son 117 as nacionalidades non españolas presentes na cidade, que engloban a 5717 persoas. A comunidade estranxeira máis numerosa é a venezolana, con 641 persoas, seguida da portuguesa (460) e a italiana (411). Por grandes áreas, o 30 % procede de países da UE-28 e o 38 %, de América do Sur.


A distribución espacial da poboación estranxeira por sección censual reflicte **as maiores porcentaxes de poboación estranxeira na parte central da cidade, no centro histórico e partes do Ensanche, con porcentaxes que superan o 20 % da poboación que habita na sección censual e tende a estenderse cara á parte sur da cidade, onde se rexistran porcentaxes entre o 5 % e o 10 %**. A presenza de poboación estranxeira vaise atenuando cando imos cara á parte norte da cidade, descendendo as porcentaxes ata valores comprendidos entre o 1 % e o 2,50 %, chegando a ser menores do 1 % na zona que linda cos municipios de Val do Dubra e Trazo e cunha pequena illa de porcentaxe lixeiramente superior na área lindeira co concello de Oroso.




Distribución espacial da poboación estranxeira. Fonte: INE. Elaboración propia.

Segundo os datos do padrón municipal de maio de 2021, en Santiago de Compostela hai 22 171 persoas que superan os 65 anos, que en porcentaxe supón que o 22 % da poboación da cidade ten máis de 65 anos. Como se comentou anteriormente, esta poboación é principalmente feminina e de nacionalidade española. Xeograficamente, as maiores porcentaxes de poboación maior de 65 anos sitúase cara ao norte, cara aos límites cos municipios de Val do Dubra, Trazo e Oroso, superando o 30 %, e pequenas zonas moi localizadas da zona histórica e o Ensanche, onde as porcentaxes superan o 35 %.

Os mozos representan o 13 % da poboación total de Santiago, cunha media de idade de 8,66 anos. Conviven mozos de 56 nacionalidades. A cohorte de idade máis numerosa é a comprendida entre os 10 e 14 anos e a menos numerosa a de 0 a 4 anos. Xeograficamente, a distribución dos mozos na cidade é bastante uniforme, con valores entre o 12 % e o 17 % para todas as seccións censuais da área da cidade, con pequenas zonas moi localizadas na parte superior da zona histórica, e na parte inferior, onde a porcentaxe aumenta ata o 20 %, superando nalgúns destes puntos o 21 %.



Porcentaxe de poboación maior de 65 anos por sección censual. Fonte: INE. Elaboración propia.




Porcentaxe de xente nova por sección censual. Fonte: INE. Elaboración propia.


		2011	2013	2015	2017	2019
Distribución da poboación por idade	% Poboación menor de 20 anos	16.20%	16.06%	16.14%	15.99%	15.86%
	% Poboación entre 20 e 64 anos	64.52%	63.96%	64.25%	63.69%	63.16%
	% Poboación +65	18.08%	17.92%	18.00%	17.84%	17.70%
Índice de dependencia xeral	Homes	40.83	43.32	46.16	48.10	49.31
	Mulleres	46.58	48.9	51.48	53.8	56.35
	TOTAL	43.84	46.24	48.96	51.1	52.99
Índice de dependencia xuvenil	Homes	18.82	19.89	20.71	21.43	21.42
	Mulleres	16.15	16.88	17.44	18.11	18.68
	TOTAL	17.42	18.31	18.99	19.68	19.99
Índice de dependencia senil	Homes	22.01	23.43	25.45	26.67	27.89
	Mulleres	30.43	32.02	34.05	35.7	37.67
	TOTAL	26.42	27.93	29.97	31.42	33.01
Índice de envellecemento	Homes	88.46	91.34	96.25	96.88	99.43
	Mulleres	141.26	145.75	150.09	152.96	155.53
	TOTAL	114.21	117.75	122.5	124.08	126.73
Índice de sobre-envellecemento	Homes	9.73	10.52	10.95	11.38	11.90
	Mulleres	17.10	17.94	18.53	19.57	19.83
	TOTAL	14.18	14.98	15.48	16.28	16.63
Índice da estrutura da poboación en idade activa	Homes	100.62	109.19	118.55	130.29	139.68
	Mulleres	113.11	119.74	130.17	142.16	152.37
	TOTAL	106.97	114.59	124.51	136.39	146.16
Índice de recambio da poboación en idade activa	Homes	140.8	153.05	156.24	153.73	146.21
	Mulleres	162.99	183.03	187.18	201.14	197.11
	TOTAL	151.77	167.83	171.83	176.86	170.57
Fogares compostos por persoas de 65 anos ou máis		15.99	19.41	14.97	14.94	17.94
Fogares segundo a tipoloxía do fogar	Unipersoal	19.77	21.93	26.28	22.05	22.07
	Parella con fillas/os	34.45	37.73	32.5	34.67	28.23
	Parella sen fillas/os	23.32	24.03	21.63	24.7	25.65
	Monoparental	11.38	7.83	10.7	10.29	11.84
	Outro tipo	11.08	8.47	8.89	8.29	12.21
Idade media dos fogares unipersoais		57.64	59.36	52.82	54.71	57.84

Fonte: IGE.

A distribución xeográfica do tamaño medio do fogar débúxanos o centro histórico da cidade como a zona con menor tamaño, con menos de dúas persoas de media nalgúns puntos, con máximos entre 2,01 e 2,15 persoas por fogar. Ao desprazármonos cara ao leste da zona centro, obsérvase un aumento no tamaño medio do fogar, que alcanza as tres persoas por fogar nos lindes cos concellos de Vedra e Boqueixón. Na parte norte este crecemento é menos pronunciado xa que se atopa un tamaño de fogar medio situado entre as 2,41 persoas e as 2,60.



.Tamaño medio do fogar. Fonte: INE. Elaboración propia.



Fonte: IGE.

No outro lado, temos a porcentaxe de fogares unipersoais, cuxa distribución xeográfica volve diferenciar de maneira clara o centro urbano, pero esta vez como a zona onde se dan as maiores porcentaxes de fogares unipersoais, que superan o 30 % de media en toda esta área e cun corredor onde se concentra entre un 27 e un 30 % de vivenda unipersoal que se estende desde o centro urbano ata o límite cos municipios de Teo e Ames. Na parte leste da cidade, onde vemos o maior tamaño medio do fogar do municipio, a porcentaxe de fogares unipersoais rexistrada representa menos da metade dos valores da zona centro e sitúase por debaixo do 17 %. Desde o centro urbano cara aos lindes cos concellos de Val do Dubra e Trazo, atopamos un corredor onde a porcentaxe de fogares unipersoais se sitúa entre o 17 e o 22 %.

Atendendo ás diferenzas entre sexos, en Santiago de Compostela hai unha poboación feminina composta por 52 786 mulleres, que representan o 54 % da poboación. Cen das 118 nacionalidades con poboación empadroada na cidade teñen poboación feminina (84 %). A media de idade desta poboación sitúase nos 47,87 anos, lixeiramente superior á idade media do total de poboación, que se situaba en 46,22 %, debido a que a proporción de mulleres maiores de 65 anos é tres puntos superior á media total de Santiago (26,34

fronte a 23,74). Vemos, ademais, que a media de idade das mulleres que superan ese tramo de idade é de 77,41, sendo a cohorte de mulleres de máis de 85 a que máis poboación ten dentro desta franxa. Como consecuencia, **o índice de envellecemento feminino sitúase no 211,58 %, fronte ao 173,88 % da media santiaguesa, e o índice de dependencia de maiores aumenta dun 37,93, a un 43,04.**

Pola súa banda, a proporción de mozas é un punto inferior na poboación feminina que na poboación xeral, o que reduce en consecuencia o índice de dependencia da mocidade, pasando dun 21,82 para todo Santiago a un 20,34 no caso específico das mulleres. O nivel de estudos das mulleres que estudan en Santiago de Compostela é moi similar ao global da cidade. A maioría da poboación feminina conta con bacharelato superior, bacharelato elemental ou licenciatura (64,99 %), pero hai un número importante sen estudos (13,48 %) e un 8,43 % que ten ou un doutoramento ou un posgrao ou son diplomadas en escola universitaria.

A poboación masculina de Santiago de Compostela é inferior en número á poboación feminina, pois abarca unha poboación de 45 941 persoas, o 46 % da poboación total da cidade. Pero é unha poboación algo máis nova que a feminina, cunha idade media de 44,33 anos e un índice de envellecemento alto, aínda que moito menor que o das mulleres, o que se ve reflectido na proporción de maiores de 65 (20,76 % fronte ao 26,34 % da poboación feminina) e maior número de nacionalidades (111) presentes.

A diferenza máis significativa entre o nivel de estudos da poboación masculina e a feminina residente en Santiago de Compostela é unha menor porcentaxe de persoas sen estudos entre os homes, que se produce maioritariamente nas cohortes de idade máis avanzada, xa xubiladas, ao contrario do que sucede nas cohortes de idade máis baixas. Con todo, o paro rexistrado segue sendo maior entre as mulleres (2814 fronte a 2264 homes a xullo de 2021) como xa se identificou no informe Análise sociolóxica-social do Plan de igualdade do Concello de Santiago de Compostela do ano 2008.





54 % de mujeres

12,45 %
Proporcion de Jovenes

61,21 %
Proporcion de Adultos (18-64)

26,34 %
Proporcion de Mayores (+65)

52.786

Poblacion Total

100

Número de nacionalidades

20,34 %
Indice de dependencia jovenes


43,04 %
Indice de dependencia mayores

211,58 %
Indice de envejecimiento

47,87
Edad Media

Características da poboación feminina residente en Santiago de Compostela. Fonte: Padrón Municipal. Elaboración propia.

Nivel de estudos mujeres residentes en Santiago de Compostela



Nivel de estudos das mulleres residentes en Santiago de Compostela. Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia.



15,05 %
Proporción de Jovenes

64,19 %
Proporción de Adultos (18-64)

20,76 %
Proporción de Mayores (+65)

45.941
Poblacion Total

111
Número de nacionalidades

23,45 %
Índice de dependencia jovenes


32,34 %
Índice de dependencia mayores

137,90 %
Índice de envelhecimento

44,33
Edad Media

Características da poboación masculina residente en Santiago de Compostela. Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia

Nivel de estudos homes residentes en Santiago de Compostela



Nivel de estudos dos homes residentes en Santiago de Compostela. Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia

En relación coa violencia de xénero, o poder xudicial presenta anualmente datos sobre accións xudiciais relacionadas con este ámbito, neste caso, referentes ao Partido Xudicial de Santiago de Compostela, conformado polos municipios de Ames, Boqueixón, Santiago de Compostela, Teo e Vedra.

Estes datos permiten ver como no partido xudicial durante o últimos tres anos tenderon a aumentar os delitos ingresados, singularmente durante o ano 2020 e moi probablemente derivado da situación creada pola irrupción da pandemia da covid-19. Mentres tanto, o número de denuncias mantívose relativamente estable, o que en consecuencia significa que diminuíu respecto ao número de delitos. As ordes de protección mantéñense en cifras practicamente inmóbiles.

Indicadores do Poder Xudicial		2018	2019	2020
Violencia sobre a muller. Delitos ingresados	Homicidio	0	0	0
	Aborto	0	0	0
	Lesións ao feto	0	0	0
	Lesións e malos tratos	177	179	253
	Contra a liberdade	0	0	12
	Contra a liberdade e indemnidade sexual	0	0	0
	Contra a integridade moral	0	27	0
	Contra a intimidade e o dereito á propia imaxe	0	7	6
	Contra a honra	0	0	6
	Contra dereitos e deberes familiares	0	0	0
	Quebrantamentos de penas	25	33	6
	Quebrantamentos de medidas	47	105	118
	Outros	0	0	0
Ordes de protección e seguridade das vítimas	Incoadas	90	90	89
	Adoptadas	68	68	69
Número de denuncias por violencia de xénero		356	329	356
Ratio ordes e medidas/denuncias		43%	29%	26%
Porcentaxe de denuncias por violencia de xénero nas que a vítima se acolle á dispensa da obrigaón de declarar		0%	0%	3%

Fonte: Poder Xudicial

Por outra banda, durante os últimos anos, en Santiago de Compostela púxéronse en marcha diversas iniciativas centradas en analizar a situación da muller en Santiago de Compostela para poder tomar accións concretas destinadas á eliminación do problema da desigualdade de xénero existente na sociedade contemporánea:

- Aprobación do IV Plan de Igualdade (2017-2020) de Santiago de Compostela.
- Creación de “Compostela, Territorio das Mulleres”, unha plataforma que busca reunir nun mesmo lugar todas as iniciativas a prol da igualdade, para darlles visibilidade e axudar ao traballo en conxunto, e que inclúe un observatorio sobre a situación da muller en Santiago de Compostela, aínda que non se actualiza desde 2016.
- Proceso participativo de diagnóstico sobre as desigualdades de xénero en Santiago de Compostela (2015).

Así mesmo, contra o problema da violencia machista, en 2015 púxose en marcha a campaña “Compostela en negro” contra as violencias machistas que, durante a semana do 25 de novembro e mediante distintas actuacións, busca sensibilizar e facer unha denuncia social desta, mostrando o rexeitamento a todo tipo de violencias machistas.

Os principais problemas extraídos do proceso de diagnóstico elaborado en 2015 son os seguintes:

- Invisibilización e illamento da muller no rural.
- Dificultade de conciliación e falta de cultura de corresponsabilidade.
- Maioría de homes en postos directivos.
- Falta de visibilidade do emprendemento feminino.
- Ausencia de igualdade de xénero en espazos concretos.
- Estereotipos e barreiras de acceso á formación.
- Falta de formación do persoal sanitario en aspectos de saúde feminina, pois non teñen en conta os aspectos diferenciais do sexo.
- Falta de recursos para a interrupción voluntaria do embarazo.
- Soidade de mulleres maiores.
- Ausencia tradicional de políticas municipais en clave de xénero, con ausencia de concellería específica da muller e con pouco peso da concellería de igualdade.
- Invisibilización do deporte feminino con inexistencia de redes de mulleres deportivas e pouco apoio institucional.

- Escasa participación das mulleres a nivel de estruturas e organizacións políticas, e invisibilización das mulleres en cargos de muller.
- Incapacidade para conseguir a implicación de novas mulleres no ámbito asociativo e dificultades de traslado e accesibilidade aos espazos de participación, que se atopan localizados en lugares que se identifican con movementos feministas.
- Falta de traballo en rede, escasa coordinación entre grupos de mulleres.
- Inexistencia de espazos específicos para a participación das mulleres e falta de canles de comunicación e información que traballan no ámbito das mulleres.
- Compostela non é unha cidade referente na igualdade de oportunidades, con pouca visibilidade das actividades e iniciativas en materia de igualdade por parte do concello e a outros niveis.
- Pouca aplicación da igualdade de xénero na Administración local e inmovilismo da Administración, o que dificulta a súa aplicación.

Por outra banda, a integración das políticas de igualdade de xénero na Administración local de Santiago presentou avances significativos desde a creación do Consello Municipal da Muller en 2000 e do Centro de Información ás Mulleres (CIM) en 2004, como se mostra na táboa seguinte:

Táboa resumo de integración da perspectiva de xénero na Administración local

Número de mulleres e homes que forman parte da Xunta de Goberno Local	Homes	5
	Mulleres	4
Número de mulleres e homes que forman parte do Goberno municipal	Homes	6
	Mulleres	4
Plans de igualdade a nivel municipal	I Plan de igualdade municipal	2001-2014
	II Plan de igualdade municipal	2005-2008
	III Plan de igualdade municipal	2009-2011. Prorrogado hasta 2014
	IV Plan de igualdade municipal	2017-2020
Organismos municipais de políticas para as mulleres	Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Compostela	2004
	Concellería de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade	2019
	Mesa local de coordinación de violencia de xénero	2016
Consellos municipais dos dereitos das mulleres	Consello Municipal da Muller	2000
	Consello Sectorial da Familia, Benestar Social e Igualdade	2012
	Consello de Participación das Mulleres	Vontade política na actualidade

Fuente: Observatorio para la Igualdad

En relación coa discapacidade, cómpre sinalar que as persoas con algunha discapacidade en Santiago supoñen arredor do 9 % da poboación, porcentaxe que se mantén estable durante os últimos anos. Por xénero, ao redor do 55 % das persoas con algunha discapacidade son mulleres, fronte ao 45 % de homes, diferenza que podería explicarse pola maior idade media das primeiras.

		2017	2018	2019	2020
Persoas con algunha discapacidade	Homes	4.145	3.889	4.003	3.990
	Mulleres	4.978	4.663	4.805	4.772
	Total	9.123	8.552	8.808	8.762
	% sobre poboación total de Santiago.	9,46%	8,87%	9,06%	8,95%

Fonte: IGE

6.2.2. Identificación de fendas sociais

As principais fendas sociais que se detectaron en Santiago de Compostela durante esta fase diagnóstica son as seguintes:


- Fenda de estudos
- Fenda de ingresos

Segundo os datos do Padrón municipal, aproximadamente un 10 % do total de residentes en Santiago de Compostela (10 501) non ten estudos. Neste grupo poboacional é especialmente palpable a fenda entre os sexos, pois o 62 % deste grupo está formado por mulleres, polo 38 % dos homes. Dito doutro xeito, case dúas de cada tres persoas que non teñen estudos en Santiago son mulleres. A idade é tamén un factor para ter en conta nesta distinción. A idade media destas persoas é de 74,92 anos, e máis do 82 % ten máis de 65 anos, polo 17,71 que teñen entre 18 e 64 anos. A pirámide de poboación deste grupo mostra que, a partir dos 50 anos, empeza a aumentar rapidamente a súa poboación.

Características poboación de Santiago de Compostela sin estudios



Pirámide de poboación habitantes de Santiago de Compostela sin estudios



Fenda de estudos. Poboación sen estudos. Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia

En canto aos estudos superiores, un 22 % da poboación residente dispón de estudos superiores e deste grupo, a maior porcentaxe pertence á poboación feminina (59 %). A media de idade destas persoas con estudos superiores sitúase nos 43,73 anos, mentres que apenas un 5 % de persoas maiores de 65 anos ten este nivel de estudos. Por tipoloxía de estudos superiores, a maioría son licenciados (69,75 %), seguidos dos diplomados (16,07 %).



Fenda de estudos. Poboación con estudos superiores. Fonte: Padrón municipal. Elaboración propia

A distribución espacial do índice de Gini permite identificar unha fenda de ingresos en Santiago de Compostela ao mostrar como existe unha maior desigualdade de renda dispoñible cara ao sur da cidade, mentres que no norte se da unha maior homoxeneidade. En canto á orixe dos ingresos, **existe unha porcentaxe importante dos fogares de Santiago, historicamente arredor do 20-30 %, que ten ingresos por prestacións sociais. En 2019 un 17,69 % de fogares da cidade presenta un 100 % de ingresos procedentes de prestacións.**

6.2.3. Instrumentos de planificación

O **IV Plan de igualdade de Santiago de Compostela**, 2017-2020 toma como referencia o Proceso participativo de diagnóstico sobre as desigualdades de xénero en Santiago de Compostela de 2015 e baséase nas seguintes seis liñas estratéxicas:

- **Mainstreaming de xénero:** dotar o concello das medidas dirixidas a incorporar a perspectiva de xénero no deseño e a implementación das políticas municipais.
- **Corresponsabilización, sensibilización e promoción da igualdade:** afianzar a toma de conciencia dos axentes sociais, as institucións e a sociedade sobre a necesidade de traballar na consolidación dun modelo social equitativo en clave de xénero.
- **Apoderamento e participación:** fomentar o fortalecemento do tecido asociativo.
- **Prevenición, apoio ás mulleres e eliminación da violencia machista:** atender as mulleres que sofren violencia de xénero e informar e sensibilizar a cidadanía.
- **Contornos de convivencia igualitaria:** facilitarase o acceso a servizos públicos e sociais.
- **Compostela, Territorio das mulleres:** visibilización e proxección pública do plan a través do sector turístico, o comercio e a hostalería.

A **Estratexia de Emprego e Plan de Emprego** incide abundantemente nos aspectos relacionados coa igualdade a través das seguintes liñas de actuación:

- Fomentar a contratación regular das mulleres que están na economía informal.
- Promover programas que faciliten a reincorporación ao traballo tras un período de inactividade por coidado de familiares.
- Diminuír a segregación horizontal
- Realizar unha política de emprego público con perspectiva de xénero.
- Incorporar cláusulas sociais, criterios de compra ética e reservas de mercado na contratación municipal.

Finalmente, a liña de actuación “A1. Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos” da **EDUSI** ocúpase da igualdade de oportunidades.

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en materia de igualdade de oportunidades.

A 1 - Rexeneración económica e social en barrios e/ou colectivos desfavorecidos

A. Análisis general | A2. Marco de Gobernanza

As políticas sociais e de igualdade son desde o punto de vista da gobernanza unhas das que presentan maior complexidade, xa que ao papel que desempeñan as administracións públicas, cunha repartición competencial moi distribuída hai que sumar o das numerosas asociacións e organismos con interese nalgunha das múltiples ramas que abarcan estas políticas.

Desde o punto de vista da Administración, sinálanse estes tres niveles:

- **Administración General del Estado: Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030; Ministerio de Igualdade; e Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.**

- **Xunta de Galicia: Consellería de Política Social**, á que lle corresponde proñoer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e políticas de mocidade e voluntariado.

- **Administración local: Concello de Santiago**. Pola características da área urbana, sería necesario coordinar, polo menos cos concellos de Ames e Teo, os datos sobre uso dos servizos sociais, e na medida do posible coordinar programas.

As competencias da Administración municipal exércense a través das seguintes concellerías e organismos:

- **Concellerías: Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns (Servizos Sociais); Concellería de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade (Centro de Información á Muller); Concellería de Centros Socioculturais, Barrios e Obras (Servizo de Centros Socioculturais); Concellería de Medio Rural.**

- **Comisións municipais: Comisión de Área Social, Cultura, Participación, Igualdade e Transparencia.**

- **Organismos municipais:**

- **De políticas para as mulleres: Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Santiago de Compostela e Mesa local de coordinación da violencia de xénero.**

- **De atención á drogodependencia: Unidade Municipal de Apoio á Drogodependencia (UMAD).**

Por outra banda, aparecen unha serie de organismos de tipo consultivo, con gran relevancia pola súa función de comunicación entre o Concello, os axentes implicados e a sociedade civil:

- **Consellos municipais: Consello Económico e Social; Consello sectorial de**

Familia, Benestar social e Igualdade; Consello municipal da Mocidade.

Hai que tamén destacar unha serie de organizacións e asociacións implicadas en políticas sociais e igualdade:

- **Fundacións con participación Municipal:** Fundación Síndrome de Down.
- **Asociacións e ONG:** Anciáns do mundo; Asemblea Comarcal da Cruz Vermella; Asociación solidaria de Galicia-ONG de voluntariado; Fundación Interred; Solidarios para o desenvolvemento; Seminario galego de educación para a paz.

Finalmente débese sinalar a importancia de incorporar axentes que permitan dar soporte técnico e axuden no seguimento das accións para unha gobernanza máis eficaz:

Universidade: **Observatorio Socioeconómico da USC (IDEGA).**



B. Datos Descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE


COHESIÓN SOCIAL E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

RANGOS municipios entre 50.000 y 100.000 habitantes

	VALOR	VALOR 1º CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3º CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.09 Compactidade urbana (m2t/m2s)	0.7	0.58	0.75	0.88
D.10 Compactidade residencial				
D.10.a. Sup. construída uso residencial (m2t/m2s)	0.39	0.36	0.43	0.53
D.10.b. Sup. construída uso residencial (%)	55.8	55.3	61.0	64.8
D.11 Complexidade urbana	-	-	-	-
D.12 Parques e equipamentos de zonas verdes	-	-	-	-
D.13 Espazo público	-	-	-	-
D.ST.01 Densidade de vivenda prevista nas áreas de solo de desenvolvemento (viv./ha)	23.0	14.8	21.9	29.3
D.20 Accesibilidade aos servizos de transporte público	-	-	-	-
D.22 Envellecemento da poboación				
D.22.a Índice de envellecemento da poboación (%)	21.1	13.5	16.1	19.7
D.23.b Índice de senectude da poboación (%)	19.7	12.9	14.8	19.5
D.23 Poboación estranxeira (%)	5.23%			
D.24 Índice de dependencia				
D.24.a Índice de dependencia total (%)	51.5	46.4	48.7	52
D.24.b Índice de dependencia infantil (%)	19.6	21.9	48.7	26.3
D.24.c Índice de dependencia de maiores (%)	32.3	20.1	24.3	30.6
D.26 Número de traballadores/as				
D.26.a Traballadoras/es no sector da agricultura (%)	1	0.4	1.1	2.1
D.26.b Traballadoras/es no sector da industria (%)	7.1	4.3	7.7	13.4
D.26.c Traballadoras/es no sector da construción (%)	4.1	4.5	6	7.5
D.26.d Traballadoras/es no sector servizos (%)	87.9	73.9	81	87.9
D.28 Taxa de paro				
D.28.a Porcentaxe de parados total (%)	9.5	9.2	11.6	14.3
D.28.b Porcentaxe de parados entre 25 e 44 anos (%)	47.3	40.6	42.6	45.1
D.28.c Porcentaxe de paro feminino (%)	54.4	55.5	57.8	59.6
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Da lectura dos datos descritivos da Axenda Urbana Española (AUE), que comparan indicadores en municipios de entre 50-100 000 habitantes, despréndese que Santiago de Compostela presenta unha poboación moi envellecida, con índices elevados de envellecemento, senectude e dependencia de maiores. Como aspecto positivo aparece unha porcentaxe de paro feminino inferior ao da media das cidades analizadas na AUE.

Como reto derivado destes datos, poderíase extraer a necesidade de integrar as necesidades presentes e futuras da poboación maior nas políticas sociais e urbanas da cidade.



B. Datos Descriptivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados.

En relación coas políticas sociais e de igualdade, hai un conxunto relevante de indicadores da Rede Española de Desenvolvemento Sostible sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Denominación	Valor
Ratio 20:20 en desigualdade da renda (1)	5,48 %
Gastos en servizos de promoción social	64,61 €/per cápita
Taxa de poboación en pobreza alta (2)	7,1 %
Taxa de pobreza infantil (3)	17,2 %
Taxa de poboación en risco de pobreza (4)	13,7 %
Poboación matriculada nun título superior	257 / 1.000 hab.
Gasto en educación	35,85 €/per cápita
Accesos a servizos de primeiro ciclo de educación Infantil	74,94 %
Poboación con nivel educativo de primeiro ciclo de secundaria	25,86 %
Poboación con nivel educativo de segundo ciclo de secundaria	19,08 %
Poboación con nivel educativo de terciaria ou superior	55,06 %
Fenda salarial en pensións (5)	30,93 %
Fenda salarial en asalariados (6)	22,23 %
Violencia e explotación sexual (7)	43,18 / 1.000 hab.
Violencia de xénero (8)	63,17 / 1.000 hab.
Paridade en cargos electos (9)	52 %
Poboación por baixo do limiar da pobreza (10)	10,1 %
Integración laboral de persoas con discapacidade (11)	1,96 %
Integración laboral de estranxeiros (12)	33 %
Índice Gini (13)	0,45
Índice de dependencia (14)	51,54 %
Concentración da riqueza (15)	7,72 %
Índice de acceso á vivenda (16)	4,17 %
Prazas en centros sociosanitarios	29,89 / 1.000 maiores de 75 anos
Vulnerabilidade urbana (17)	18,74 %

- (1) Cociente 20:20 en desigualdade da renda: cociente entre a renda gozada polo 20 % máis rico e o 20 % máis pobre.
- (2) Taxa de poboación en pobreza alta: poboación con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 40 % da mediana.
- (3) Taxa de pobreza infantil: poboación menor de 18 anos con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 40 % da mediana.
- (4) Taxa de poboación en risco de pobreza: poboación con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 60 % da mediana.
- (5) Fenda salarial en pensións: proporción de percepcións salariais entre homes e mulleres por provincia.
- (6) Fenda salarial en asalariados: proporción de percepcións salariais entre homes e mulleres por provincia.
- (7) Violencia e explotación sexual: delitos contra a liberdade e indemnidade sexual (agresión sexual con penetración e restos de delitos por cada 100 000 persoas.
- (8) Violencia de xénero: números de por violencia de xénero por cada 1000 habitantes.
- (9) Paridade en cargos electos: proporción de mulleres concelleiras electas nas eleccións municipais de 2019.
- (10) Poboación por baixo do limiar da pobreza: poboación con ingresos por unidade de consumo inferiores ao 50 % da mediana.
- (11) Integración laboral de persoas con discapacidade: porcentaxe de contratos a persoas con discapacidade sobre o total de contratos por provincia.
- (12) Integración laboral de estranxeiros: porcentaxe de traballadores estranxeiros afiliados á seguridade social en alta laboral fronte ao total de estranxeiros censados por provincia.
- (13) Índice Gini: grao de desigualdade de ingresos entre os cidadáns da cidade, sendo 0 a máxima igualdade e 1 a máxima desigualdade.
- (14) Índice de dependencia: suma do índice de dependencia infantil e de maiores.
- (15) Concentración da riqueza: concentración da renda local entre os declarantes con maiores ingresos do municipio.
- (16) Índice de acceso á vivenda: proporción do prezo da vivenda libre fronte á renda bruta anual por fogar.
- (17) Vulnerabilidade urbana: % poboación que vive en seccións censuais vulnerables.

C. Análise DAFO | c1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. As áreas socialmente máis dinámicas da cidade son, á súa vez, as máis vulnerables, isto é, máis problemático na periferia onde pode implicar segregación espacial dos grupos sociais.

D2. Identifícanse tres tipos de vulnerabilidade: feminina, xa que as mulleres están de media máis envellecidas e son máis dependentes; territorial, xa que a zona norte do municipio concentra poboación maior máis illada e con peor acceso a servizos; e da vivenda, xa que, a pesar dos esforzos realizados en rehabilitación de vivendas, aínda existen bolsas de vivenda en mal estado, segundo o Atlas da Vulnerabilidade do Ministerio de Fomento.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. A porcentaxe de fogares en risco de pobreza cubertos por prestacións sociais é maior que o que se producía nos anos máis críticos da crise económica posterior ao estalido da burbulla inmobiliaria.

F2. Servizos sociais ben definidos con constante adaptación aos cambios do contorno.

DEBILIDADES

Factores limitantes

D3. As mulleres identifican unha serie de problemáticas en materia de igualdade de xénero: invisibilización, existencia de barreiras de acceso, saúde, autonomía persoal, falta de participación ou insuficiencia das políticas públicas. Por outra banda, os datos sobre violencia de xénero sinalan un aumento dos delitos e un estancamento das denuncias, o que apunta a unha vixencia e enquistamento desta problemática.

D4. O gasto medio en servizos sociais é inferior á media das cidades galegas. Aínda que isto pode ser consecuencia dunhas necesidades menores neste ámbito, pode ser un risco en caso de situacións sobrevindas.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F3. Baixo nivel de vulnerabilidade asociada ao nivel de estudos da poboación ou ao paro. É dicir, a poboación de Santiago presenta un nivel de estudos superior á media e un nivel de paro inferior.

F4. Existencia de plans de actuación en materias de igualdade, emprego e servizos sociais. Estes plans contan, ademais, con continuidade no tempo.

F5. Tecido educativo moi consolidado, en todos os niveis de ensino.

C. Análise DAFO | c2. Análise Externo

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. O modelo territorial da área urbana pode estar a expulsar poboación vulnerable a municipios limítrofes e situala fóra do radar dos servizos sociais municipais. Existen poucos datos que permitan facer seguimento destas situacións.

A2. A existencia dalgúns grupos poboacionais envellecidos e con baixo nivel de estudos pode facer que ante a dixitalización vexan dificultada a súa relación coa Administración local.

A3. As tendencias demográficas, no relativo a envellecemento, tamaño medio do fogar e índices de dependencia, poden levar a un aumento das vulnerabilidades que supoñan un problema para a súa xestión desde os servizos sociais.

A4. A suba de prezos medios da vivenda pode facer aumentar a cantidade de poboación vulnerable.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. A diversidade de rendas existente dentro do centro urbano pode ser unha oportunidade para a convivencia e o encontro entre diferentes, o que posibilita a xeración de cohesión social. O feito de que as maiores taxas de poboación estranxeira se atopen nos barrios máis centrais da cidade pode favorecer a integración social e evitar a formación de guetos.

O2. A necesidade de introducir políticas públicas que incrementen a igualdade entre homes e mulleres, a integración das necesidades derivadas dunha poboación máis envellecida e a inclusión das persoas con discapacidade (que representan un significativo 9 % da poboación), pode converterse nun motor de cambio que dea lugar a unha cidade máis habitable para o conxunto da poboación.

O3. Necesidade de explorar novas fórmulas residenciais que integren a vulnerabilidade. Posibilidade de xerar novas economías dos coidados e novas formas de socialización.

O4. Posibilidade de fixar unha parte da poboación que acode a estudar á Universidade de Santiago de Compostela e ten unha formación superior.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia Social

O diagnóstico en materia de política social e igualdade de oportunidades poderíase resumir en:

RETO

01.

Necesidade de favorecer a configuración do centro urbano como un espazo para a convivencia entre diferentes e de xerar novos modelos residenciais que respondan as necesidades concretas de colectivos como os maiores, as persoas social e economicamente vulnerables ou os discapacitados.

O centro urbano de Santiago é un espazo que tende a concentrar vulnerabilidade asociada ao envellecemento e a dependencia, que tende a concentrar desigualdade de rendas e diversidade social. Ao mesmo tempo, é un espazo que, pola súa configuración, non sempre está adaptado ás necesidades de colectivos como os discapacitados

RETO

02.

Necesidade de adaptar os servizos sociais ás transformacións demográficas e tecnolóxicas en marcha e a establecer mecanismos de cooperación entre municipios da área urbana.

Os servizos sociais municipais están a dar unha resposta adecuada ás necesidades do presente, pero non está claro que estean ben dimensionados para os retos de futuro. Por outra banda, sería conveniente unha coordinación en materia de servizos sociais e igualdade cos municipios da área urbana, na medida en que o espazo social non está suxeito a límites administrativos municipais.

RETO

03.

Necesidade de manter e incrementar os esforzos públicos en materia de igualdade de xénero superando as visións sectoriais do problema e integrando a súa abordaxe nunha política integral que teña un punto de apoio fundamental no reforzamento dos servizos sociais.

A pesar do reforzamento das políticas de igualdade de xénero levadas a cabo durante os últimos anos, as problemáticas asociadas a esta permanecen viventes e ven confirmadas na análise das diferentes fendas sociais.



07


Economía Urbana

A. Análise xeral | A1. Ámbitos temáticos AUE


7.1. ESTRUTURA PRODUCTIVA LOCAL

7.1.1. Estrutura económica do municipio

A praza do Obradoiro, ademais da súa evidente significación urbana e cultural, é un espazo que reúne nos seus 7000 m² catro edificios históricos que son a sede de cinco institucións que aínda hoxe marcan a economía da cidade: o Colexio de San Xerome, sede da reitorado da Universidade de Santiago de Compostela, institución de máis de 500 anos de antigüidade situada entre as 500 mellores universidades do mundo, que durante o curso 2019 acolleu 16 726 alumnos e 2000 traballadoras/es nas súas distintas instalacións da cidade; o Pazo de Raxoi, sede do Concello da cidade e da Presidencia do Goberno autonómico, a Xunta de Galicia; o Hostal dos Reis Católicos, hoxe en día sede do parador da cidade e buque insignia da actividade hostaleira da cidade, que en 2019 alcanzou 1464 634 estancias; e a Catedral de Santiago de Compostela, lugar de peregrinación católica internacional por albergar no seu interior o sepulcro do apóstolo Santiago O Maior, un itinerario que atraeu 347 578 peregrinos en 2019, segundo os datos da Oficina do Peregrino.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) sinalan que durante o período 2014-2019 houbo un incremento do 3 % no número total de empresas da cidade, cunha evolución dispar en número en función de cada un dos catro sectores produtivos. Así, mentres aumentaban as empresas con actividades pertencentes ao sector servizos, **o sector da agricultura e a pesca perdía un 10 % das súas empresas nos cinco anos deste período, e o da construción, un 8%. Esta situación deixou un escenario no que o sector servizos aumenta o número de empresas ano a ano, aglutinando xa a máis do 80 % das da cidade, e os outros sectores ou ben reducen o número de sociedades en pouco tempo (construción, agricultura e pesca) ou manteñen con altibaixos cifras similares (industria, incluída a enerxía).**

Así, das 10 045 empresas que compoñían o tecido empresarial de Santiago no ano 2019, segundo os datos do IGE, un 84 % (8397) encadraba a súa actividade dentro deste sector servizos, mentres que a agricultura e pesca, tras a importante redución do número de sociedades que operan neste sector durante este período, queda con 252 empresas, un 3 % do total de corporacións da cidade, 216 das cales son persoas físicas. É dicir, **o sector primario ten un peso na economía santiaguesa practicamente irrelevante.**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Respecto ao tamaño destas empresas segundo o número de traballadoras/es, a mesma fonte revela que **o tecido empresarial de Santiago durante este período está composto nun 94 % por microempresas**, isto é, que contan con menos de 10 empregados/as en persoal. Este fenómeno dáse principalmente no sector con maior número de corporacións, o de servizos, no que a porcentaxe de microempresas rolda o 95 % de media entre todas as actividades principais deste ámbito, a mesma porcentaxe que no caso da construción. No sector da industria, esta porcentaxe redúcese ao 85 %, cunha porcentaxe do 11 % correspondente a pemes e un 1 %, a grandes empresas.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE


Porcentaxe de microempresas, pemes e grandes empresas segundo o número de traballadores/as e actividade principal en 2019

	Micro-empresas	Pequenas empresas	Medianas empresas	Grandes empresas	Nº total asalariados
S. INDUSTRIA					
B. Industrias extractivas	100%	0%	0%	0%	6
C. Industria manufacturera	88%	10%	1%	1%	455
D. Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	86%	11%	4%	0%	28
E. Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	58%	17%	8%	17%	14
F. Construción	95%	4%	1%	0%	986
G. Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	94%	5%	0%	0%	2.936
H. Transporte e almacenamento	92%	6%	2%	0%	536
I. Hostalería	92%	8%	0%	0%	1.235
J. Información e comunicacións	86%	11%	3%	1%	354
S. SERVICIOS					
K. Actividades financeiras e de seguros	95%	4%	0%	0%	315
L. Actividades inmobiliarias	99%	1%	0%	0%	480
M. Actividades profesionais, científicas e técnicas	97%	3%	0%	0%	1.860
N. Actividades administrativas e servizos auxiliares	90%	8%	3%	0%	532
P. Educación	87%	9%	3%	0%	598
Q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	91%	6%	2%	1%	786
R. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	95%	5%	0%	0%	423
S. Outros servizos	96%	4%	0%	0%	779

Centrando agora a análise no sector predominante en Santiago de Compostela, vemos que **dentro dos servizos a actividade de “comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas” é a predominante no ano 2019, en canto a número de empresas e de asalariados**, pois agrupa o 24 % das 8397 empresas do sector e dá traballo a 2936 persoas (o 27 % dos servizos e o 24 % do total de empresas). Con todo, é unha actividade dominada por empresas que teñen menos de 10 traballadoras/es (94 %).

A seguinte actividade con maior número de entidades dentro dos servizos é a de actividades profesionais científicas e técnicas, co 20 % e 1860 asalariadas/os no ano 2019 (17 % do sector e 15 % do total de empresas). Igual que no caso do comercio, esta actividade está dominada por empresas cunha cantidade inferior aos 10 traballadoras/es (97 %).

Por último, a terceira actividade maioritaria deste sector servizos é a hostalaría, co 11 % das empresas que se engloban no sector servizos e con 1236 asalariadas/os, ou o que é o mesmo, un 11 % dos que traballan no sector servizos. Das tres actividades principais deste sector, é a que menor porcentaxe de microempresas posúe, cun 92 %.



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Dentro do 20 % de empresas pertencente ao grupo de “actividades profesionais, científicas e técnicas” cómpre destacar as catorce que, a maio de 2021, están recoñecidas como Peme Innovadora polo Ministerio de Ciencia e Innovación. O cruzamento dos CIF destas pemes coa base de datos de Ardán do ano 2016, permítenos coñecer a facturación e o VAB que xeran, que en 2016 foi de 3 341 782.853 € e 13 111 885 € respectivamente. Así mesmo, tamén é destacable o número de empresas biotecnolóxicas en Santiago de Compostela. Segundo o informe anual do sector biotecnolóxico en Galicia de 2017, elaborado por Bioga, as presentes na capital de Galicia representan o 25 % das 91 existentes Galicia, o que lle outorga ao municipio unha posición de referencia dentro da comunidade autónoma.

Transformar a economía municipal, reducindo a dependencia do sector servizos, foi unha das grandes prioridades da cidade na última década. Neste aspecto, o Concello fomenta desde 2016 un programa denominado **Compostela Móvese**, que integra e lles dá continuidade a programas anteriores como Santiago Investors Support ou Compostela Activa para a promoción da cultura emprendedora e a creación de novas empresas.

Neste contexto e co obxectivo de crear un punto de encontro que favoreza o diálogo institucional para fomentar a colaboración para o desenvolvemento económico e social de Santiago de Compostela, o 16 de xaneiro de 2017 formalizábase o **Acordo da Sionlla**, subscrito pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia representada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVUS), a Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia representada polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igapo), o Concello de Santiago, a Universidade de Santiago, a Cámara de Comercio de Santiago e Asociación Área Empresarial do Tambre.

Este acordo ten entre os seus fins a realización de actividades conxuntas que favorezan a reindustrialización e a atracción empresarial, a pro-

moción da fixación de empresas e a captación de investimento nos sectores biotecnolóxicos e da madeira, o que converteu o Parque Empresarial da Sionlla no destinatario de todas as iniciativas que poden xurdir neste sentido.

Este acordo permitiu o desenvolvemento dun **Polo de Innovación en Biotecnoloxía**, un proxecto catalogado polo pleno como de interese xeral municipal. Este polo inclúe a creación de edificios propios no Parque Empresarial da Sionlla, froito da colaboración público-privada, que se concibe como estratéxico para a transformación da economía de Santiago de Compostela e da imaxe proxectada, moi ligada ao turismo e á Administración. Aspira a converterse nun referente rexional, nacional e internacional, cos seguintes impactos esperados para a cidade:

- Transformar Santiago de Compostela en capital do coñecemento innovador ao albergar unha parte significativa do ecosistema biotecnolóxico galego e das entidades e empresas referentes neste campo.
- Industrializar a cidade a partir de empresas de alta tecnoloxía do sector biotecnolóxico, que atraerá novas compañías clientes e provedoras destas.
- Converter Santiago de Compostela nun referente da biotecnoloxía a nivel nacional e internacional baseado nun novo modelo de estrutura de apoio ao xurdimento de novas empresas do sector.
- Romper os estereotipos de Santiago de Compostela e enriquecer a súa imaxe de marca como cidade, incrementar a proxección de Santiago de Compostela como cidade atractiva para a captación de investimentos e para o asentamento de novas empresas.
- Facer da cidade un centro empresarial moi especializado e conectado cos principais centros xeradores de coñecemento do mundo, así como con outras zonas industriais onde a biotecnoloxía teña un gran protagonismo.

- Converter o Polígono da Sionlla nun espazo para a atracción de empresas de alta tecnoloxía dando unha nova perspectiva á súa orientación industrial.
- Mellorar as infraestruturas da cidade para satisfacer a demanda de novas empresas que se sitúen nela.

Para o seu desenvolvemento, constituíuse en 2020 a empresa **Sionlla Biotech**, Sociedade Limitada, composta pola Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras (UNINOVA), a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela a Asociación Área Empresarial do Tambre, e nun futuro, está previsto que se incorpore o Clúster Tecnolóxica Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA). Ademais, **o Igape concedeulle unha axuda de máis de 4 millóns de euros a través da convocatoria de axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa de centros de fabricación avanzada).**

Complementario a este proxecto principal, grazas ao traballo conxunto dos asinantes do Pacto pola reindustrialización de Compostela, conseguíronse outros dous proxectos; o Proxecto Spin&UP, que busca estimular e favorecer a transferencia bidireccional empresa-universidade de coñecemento e tecnoloxía no Espazo de Cooperación Interrexional Galicia-Norte de Portugal, financiado con 1112125,04 €; e BioIncubaTech, unha incubadora de alta tecnoloxía para o fomento das innovacións e a transferencia de biotecnoloxía no ámbito da saúde e as tecnoloxías alimentarias. Así mesmo, foi o proxecto mellor valorado a nivel nacional de todos os presentados, cofinanciado pola Xunta de Galicia cun orzamento de 1859908,78 €.

Pero o Pacto pola reindustrialización de Compostela (Acordo da Sionlla) vai máis alá do ámbito biotecnolóxico, e a través da posta en marcha da edición 2021 do Programa Compostela Móvese propónse impulsar un modelo económico para a Gran Compostela, promocionando a maiores da biotecnoloxía, a transformación da madeira como sector económico estratéxico para o desenvolvemento económico de Santiago de Compostela de cara ao futuro.

En rede con este pacto, tamén cómpre desta-

car no ámbito da innovación o papel da USC que impulsou o chamado Campus Vida, como Campus de Excelencia Internacional que aspira a converterse en referencia internacional na docencia, a investigación, a transferencia e a creación sostible de riqueza, equidade e valores sociais sobre Ciencias da Vida. Neste campus está integrada a Rede de Centros Singulares de Investigación da USC (RCSI), formada polo Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información (CITIUS), Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CIMUS) e o Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materias Moleculares (CIQUS), que aglutinan a un total de máis de 300 investigadoras/es.

No contexto provocado pola irrupción da covid-19, a necesidade dunha transformación do modelo económico de Santiago faise máis patente que nunca. Segundo os datos do Informe Ardán de 2016, unha de cada cinco empresas con sede social en Santiago pertence a actividades relacionadas co turismo, que achega á cidade 42 519 829 € de VAB (11 % do VAB do sector servizos local e 6 % do VAB global). Este conglomerado, que agrupa 103 empresas locais, está composto nun 43 % por empresas cuxa actividade CNAE se inclúe nos servizos de comida e bebida, especialmente os restaurantes, que son os máis afectados polas restricións introducidas. O Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19 elaborado pola Xunta de Galicia estima unha caída dun mínimo do 33,2 % da actividade turística galega sobre os niveis de 2019, e unha redución do 50 % na estimación de chegadas de peregrinos para o ano Xacobeo 2021, que se situaría en 250 000, unha cifra sensiblemente inferior aos 347 578 de 2019. Segundo os datos da Enquisa de Ocupación Hostaleira, en Santiago a caída en 2021 foi do 38,2 % nos viaxeiros, aínda que os meses de tempada alta presentaron unha recuperación nestas cifras superior á maioría dos municipios españois.

A boa situación de partida de Santiago de Compostela coas súas diversas fortalezas, a disposición das distintas corporacións locais que durante a última década gobernaron en Santiago para apostar pola innovación, a implicación dos principais actores económicos da localidade e unha visión clara do obxectivo desexado, son factores determinantes que van favorecer a consecución da transformación económica de Santiago de Compostela na próxima década.

7.1.2. Producción local, tecido asociativo e economía social

Santiago de Compostela, concentraba en 2020 unha cifra de 97 848 habitantes, o que supón o 3,62 % da poboación total galega (2 701 819, IGE 2020). Esta cifra implica que a capital de Galicia é o quinta municipio por poboación da comunidade autónoma, só superada por Vigo (10,98 %), A Coruña (9,16 %), Ourense (3,91 %) e Lugo (3,65 %).

Concello	PIB Total (miles de €)	% sobre PIB de Galicia	Poboación 2020 (hab.)	% sobre poboación Galicia
Vigo	7.846.296	12,61	296.692	10,98
A Coruña	7.457.263	11,98	247.604	9,16
Santiago de Compostela	3.658.369	5,88	97.848	3,62
Arteixo	2.454.039	3,94	32.738	1,21
Ourense	2.307.365	3,71	105.643	3,91
Lugo	2.274.901	3,66	98.519	3,65
Pontevedra	2.106.248	3,38	83.260	3,08
Ferrol	1.557.896	2,50	65.560	2,43
O Porriño	913.990	1,47	20.100	0,74
As Pontes	866.895	1,39	10.068	0,37

Comparativa entre os 10 concellos galegos con maior PIB (2018). Fonte: IGE.

Con todo, no aspecto económico, o peso de Santiago de Compostela respecto ao PIB de Galicia aumenta ata o 5,88 %, o que se traduce en 3 658 369 miles de € de PIB, é dicir, o terceiro municipio de Galicia, a distancia dos dous primeiros: Vigo e A Coruña, que achegan respectivamente o 12,6 % e o 12 % do PIB total da comunidade autónoma, pero tamén da cuarta localidade, que é Arteixo (3,9 %), municipio da área urbana da Coruña.

Analizando comparativamente **o VAB por sectores entre os dez municipios con maior PIB de Galicia, vemos que no sector servizos Santiago colócase no estrato máis alto, xunto a Ourense, ambas con arredor dun 87 % de peso do sector servizos sobre o VAB municipal. Pola contra, trátase do último dos dez en peso do sector industrial (cun 7,4 %)**, xa que este sector é inferior, en termos absolutos, ao de municipios poblacionalmente moito menores como Arteixo, O Porriño ou As Pontes de García Rodríguez. Na maior parte destes municipios o peso da industria sitúase por encima do 10 %. O peso da construción tamén é menor que no conxunto das sete cidades de Galicia, salvo Ferrol. Pero este dato pódese matizar vendo o peso da construción en municipios da **área urbana, como Ames ou Teo, onde supera o 13 % en ambos os casos.**

Concello	VAB Primario		VAB Industria		VAB Construción		VAB Servizos		VAB Total (miles €)
	(miles €)	%	(miles €)	%	(miles €)	%	(miles €)	%	
Vigo	116.082	1,6	1.275.576	17,7	429.824	6,0	5.369.138	74,7	7.190.620
A Coruña	21.690	0,3	912.434	13,4	430.462	6,3	5.469.526	80,0	6.834.112
Santiago de C.	17.110	0,5	251.360	7,4	175.553	5,2	2.949.428	86,9	3.393.451
Arteixo	10.798	0,5	267.462	11,4	59.118	2,5	2.010.673	85,6	2.348.051
Ourense	4.468	0,2	215.822	10,4	104.978	8,2	1.749.704	84,3	2.074.972
Lugo	37.127	1,8	183.484	8,9	131.159	6,4	1.703.598	82,9	2.055.368
Pontevedra	7.370	0,4	270.195	14,1	156.645	8,2	1.486.307	77,4	1.920.517
Ferrol	5.883	0,4	113.234	8,1	62.129	4,4	1.220.333	87,1	1.401.579
O Porriño	5.141	0,6	439.972	51,3	28.201	3,3	384.644	44,8	857.958
As Pontes	6.968	0,8	678.977	81,6	20.790	2,5	124.398	15,0	831.673

VAB dos 10 concellos galegos con maior PIB (2018). Fonte: IGE.

Concello	VAB Primario		VAB Industria		VAB Construción		VAB Servizos		VAB Total (miles €)
	(miles €)	%	(miles €)	%	(miles €)	%	(miles €)	%	
Ames	5.432	1,4	22.123	5,7	53.535	13,7	308.668	79,2	389.758
Teo	5.017	2,1	17.780	7,5	32.129	13,5	183.582	77,0	238.508

VAB de concellos > 10.000 hab. do contorno de Santiago de Compostela (2018). Fonte: IGE.

Atendendo agora á actividade concreta das empresas con maior facturación de Santiago e ampliando a mirada aos municipios do contorno (superando incluso os límites da área urbana e da comarca), empezan a destacar unha serie de empresas, de sectores e de localizacións. En primeiro lugar, moi destacada, **a madeireira Finsa: é a primeira empresa en facturación (con máis de 660 millóns de euros) e en emprego, con 2539, malia que, aínda que ten dúas fábricas neste ámbito territorial (en Santiago e Padrón), parte dese emprego correspóndese con outras fábricas do grupo. En segundo lugar, aparece o sector do aluminio, cun conxunto de catro empresas á fronte (Cortizo, Exlabesa, Sistemas Técnicos e Alumisan) que facturaron 578 millóns de euros en 2019 e daban emprego a 1629 persoas. Este sector está moi focalizado sobre a localidade de Padrón. Pola súa banda, o sector lácteo, centralizado en Ames ao redor de Feiraco e a unión de cooperativas Clun, facturou máis de 218 millóns de euros e xerou 345 empregos.**

Empresa	Facturación (millóns €)	Sector	Ano Constit.	Localización
Financiera Maderera, S.A. (FINSA)	660,3	Industrial - Madeira		Santiago de Compostela
Aluminios Cortizo, S.A.U.	312,1	Industrial - Aluminio		Padrón
EXLABESA Extrusión Padrón, S.L.	127,9	Industrial - Aluminio		Padrón
Cooperativas Lácteas Unidas S.C.G. (CLUN)	125,7	Lácteo		Ames
Puentes y Calzadas Infraestructuras	108,3	Construción		Oroso
Sistemas Técnicos del Accesorio y Componentes	106,0	Industrial - Aluminio		Padrón
Televés, S.A.	98,4	TIC		Santiago de Compostela
Feiraco Lácteos, S.L.	77,1	Lácteo		Ames
Tecnoloxías PLEXUS, S.L.	67,7	TIC		Santiago de Compostela
Piensos NANFOR, S.A.	66,2	Pensos		Padrón
Gasolinas, Lubrificantes, Repuestos, S.A. (GALURESA)	59,6	Energía - Carburantes		Santiago de Compostela
Víaqua Gestión Integral Aguas de Galicia	59,6	Servizos urbanos		Santiago de Compostela
Nedgia Galicia, S.A.	56,7	Energía		Santiago de Compostela
Carrocera Castrosúa, S.A.	50,6	Indus. - Automoción		Santiago de Compostela
Espina Obras Hidráulicas, S.A.	44,9	Servizos urbanos		Santiago de Compostela

15 Empresas da área de Santiago con maior facturación (2019). Fonte: Informe Ardán.

Empresa	Facturación (millóns €)	Sector	Ano Constit.	Localización
Financiera Maderera, S.A. (FINSÁ)	2.539	Industrial - Madeira	1946	Santiago de Compostela
Tecnoloxías PLEXUS, S.L.	905	TIC	2000	Santiago de Compostela
Aluminios Cortizo, S.A.U.	805	Industrial - Aluminio	1985	Padrón
Viaqua Gestión Integral Aguas de Galicia	535	Servizos urbanos	2013	Santiago de Compostela
Espina Obras Hidráulicas, S.A.	514	Servizos urbanos	1989	Santiago de Compostela
Sistemas Técnicos del Accesorio y Componentes	470	Industrial - Aluminio	2001	Padrón
Carrocera Castrosúa, S.A.	410	Indus. - Automoción	1971	Santiago de Compostela
COREMAIN, S.L.U.	410	TIC	1991	Santiago de Compostela
Instituto Policlínico Rosaleda, S.A.	409	Servizos sanitarios	1969	Santiago de Compostela
Espina & Delfín, S.L.	337	Servizos urbanos	1977	Santiago de Compostela
Televés, S.A.	337	TIC	1961	Santiago de Compostela
Puentes y Calzadas Infraestructuras	336	Construción	2006	Oroso
EXLABESA Extrusión Padrón, S.L.	284	Industrial - Aluminio	2006	Padrón
Cooperativas Lácteas Unidas S.C.G. (CLUN)	247	Lácteo	2016	Ames
Santos, Cocina y Baño, S.L.	190	Mobiliario	1992	Boqueixón

15 Empresas da área de Santiago con maior n.º de empregadas/os (2019). Fonte: Informe Ardán.

Son cuantitativamente relevantes o sector enerxético, cuxas seis principais empresas facturan 208 millóns de euros e dan emprego a 332 persoas, ou o das empresas ligadas ás obras hidráulicas e a xestión de redes de abastecemento e saneamento, neste caso tres compañías que facturaron 145 millóns de euros e empregaron a 1386 persoas. Pero en ambos os casos trátase de empresas que xeran un emprego moi disperso, xeralmente a escala de Galicia e cuxo impacto directo sobre a cidade é menor do que a súa dimensión parecería indicar.

Caso diferente é o do sector de empresas relacionadas coas TIC: as cinco primeiras facturan 205 millóns de euros e empregan a 1902 persoas. É dicir, son empresas moi intensivas en

emprego e este está moito máis localizado na cidade que nos casos anteriores. Aquí habería que distinguir dous mundos: Televés, por unha banda, unha empresa con 60 anos de bagaxe e que supón case o 48 % da facturación citada, aínda que o seu peso sobre o emprego se limita a 337 persoas; e as consultoras tecnolóxicas (Plexus, Coremain, Dinahosting e Balidea), estas si, moi intensivas en emprego e máis novas, xa que teñen entre 20 e 30 anos de antigüidade. Este sector tecnolóxico, que hai poucos anos sufriu o golpe do fracaso da empresa fabricante de produtos electrónicos Blu:Sens, **presenta grandes posibilidades de crecemento e de sinerxía con empresas doutros sectores e resulta moi interesante para a cidade pola súa capacidade para xerar emprego de calidade.**

Como contrapunto a este sector máis baseado na innovación, está o da venda e a reparación de vehículos que na área de Santiago ten unha presenza moi importante. As catro empresas líderes neste sector (Caeiro, Yáñez, Gonzacar e Compostela Motor) facturan un total de 157 millóns de euros e dan emprego a 509 persoas. **Sitúanse en localizacións con moi boa conectividade e moi probablemente o seu peso en Santiago teña moito que ver coa situación da cidade en relación coa rede de infraestruturas viarias de Galicia, xa que a cidade posúe unha posición privilexiada que aumenta considerablemente a capacidade de captación de clientes destas empresas de servizos.**

En canto á importancia de cada un dos sectores produtivos dentro do PIB local, en Santiago de Compostela notamos que o sector servizos, que lembremos que é o que maior número de sociedades aglutina en Santiago de Compostela (84 % das empresas da cidade) é o sector que xera maior valor engadido bruto (VAB), con case o 80 % do total, 2 949 428 miles de euros. Dito doutro xeito, **8 de cada 10 euros xerados en Santiago de Compostela proceden unha empresa cunha actividade englobada dentro do sector servizos, que, ademais achegan un 87 % do VAB municipal.**

Porcentaje generado por cada sector de cada 10€ de VAB producido en Santiago de Compostela




● Sector Servizos ● Sector Construcción ● Sector Industria

Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

O mesmo ocorre coa construción, que é o segundo sector en número de empresas, co 9 %, pero só xera o 4,8 % do VAB. Pola contra, o sector da industria, que aglutina un número de empresas que é practicamente a metade das dedicadas ao da construción (484 fronte a 912), ten unha gran rendibilidade que o sitúa na segunda posición en canto á súa contribución ao PIB (6,9 %), co que supera en case dous puntos porcentuais a construción (4,8 %).

Con todo, estes dous sectores produtivos, tres sumando o primario, que apenas representa o 0,5 % do produto interior bruto, teñen unha contribución inferior ao PIB que a dos impostos netos sobre produtos. Estas taxas representan o 7,2 % do PIB compostelán ou, o que é o mesmo, 264 918 miles de euros.


Estrutura do produto interior bruto (PIB) dos 10 concellos con maior PIB de Galicia. Ano 2018



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

En canto á comparación cos dez concellos con maior PIB de Galicia, pódese observar como Santiago de Compostela destaca respecto ás outras municipalidades polo gran peso do sector servizos, porcentaxe que só é superada por Arteixo. En canto á industria, que viamos que era o segundo sector con máis importancia no PIB, e o que se revela como máis rendible, a capital de Galicia está situada á cola en comparación co peso que este sector ten no resto de municipios con maior PIB, cunha porcentaxe (6,9 %) moi por debaixo da media, que se atopa en 21,03 %. Así mesmo, nos sectores de construción e primario, Santiago aparece na metade da táboa en canto ao peso total do PIB.


Afiliacións á Seguridade Social por alta laboral de persoas residentes en Santiago de Compostela por sector de actividade. 2011-2021



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

En canto ao emprego, e analizando a afiliación á Seguridade Social durante un período de dez anos (2011-2021), atopámonos, en primeiro lugar, un trienio 2011-2013, coincidente cos anos centrais da crise financeira e inmobiliaria, no que o número de persoas afiliadas á seguridade social diminúe. Posteriormente, crecerá de maneira continuada ata 2019, máximo histórico do período con 39 261 persoas afiliadas, e, finalmente, descender ata a situación de 2021, por mor da crise derivada do impacto da covid-19.

Analizando as altas por sector de actividade, observamos unha estabilidade nas porcentaxes que representan as altas á seguridade social por sectores respecto ao total de altas anual. O sector servizos é o predominante en canto ao emprego, co 87 % das altas, seguido de industria, arredor do 7 %, e construción que aglutina o 5 %. O sector primario permanece invariable durante este período, co 1 % das altas.




Distribución das empresas na área urbana de Santiago segundo a súa VAB. Fonte: Informe ARDÁN

O mapa de localización territorial das empresas mostra como a estrada N-550 é o grande eixe concentrador de actividade económica na área de Santiago, o que fai que efectos de localización empresarial a área urbana se estenda desde Oroso ata Padrón. Por outra banda, os nós onde entran en contacto a N-550 e a AP-9 tenden a unha maior concentración de actividade. Destacan con claridade o centro urbano e o contorno dos polígonos do Tambre, Costa Vella e A Sionlla, aínda que se perciben outros polos periféricos de relativa importancia. Débese ter en conta que das seis empresas con maior volume de facturación da área só Finsa está localizada no termo municipal de Santiago.

Por tanto, Santiago de Compostela ten unha produción local dominada por un sector servizos que aglutina a gran maioría das empresas da cidade (84 %) e ten un peso do 87 % no VAB total do municipio e no emprego. O comercio polo miúdo é a actividade CNAE á que se dedican unha maioría das empresas encadradas neste sector (seguido polas actividades profesionais e a hostalería).

A industria eríxese como o sector máis rendible, pois engloba o 5 % das empresas, pero supón o 7,4 % do VAB e o 7 % do emprego. En termos comparativos cos 10 municipios de maior PIB de Galicia, o peso da industria sobre o PIB municipal é moi modesto en Santiago, xa que representa o 6,9 % do PIB fronte ao 22,4 % de media do conxunto deses dez concellos (11,4 % de media nas sete cidades). Por outra banda, a industria na área de Santiago está moi descentralizada cara aos municipios periféricos.

Tipoloxía de asociacións en Santiago de Compostela. 2016



Fonte: Elaboración propia a través de datos do IGE

Segundo o artigo 2 da Lei 5/2011 de economía social, denomínase economía social ao conxunto das actividades económicas e empresariais que no ámbito privado levan a cabo entidades que, de conformidade cos principios recollidos no artigo 4, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.

A lei recoñece no seu artigo 5 como entidades da economía social as cooperativas, as mutualidades, as fundacións, as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares cuxas regras de funcionamento respondan aos principios de economía social. Así mesmo, o Libro branco da economía social en Galicia inclúe as comunidades de montes e mancomunidades de montes de man común por tratarse dunha fórmula asociativa singular do código Civil galego.


A pesar de que todas as entidades pertencentes á economía social responden aos principios do artigo 4 da Lei de economía social, non hai unha normativa única, senón que cada entidade se rexe pola súa propia normativa.

O nivel de datos dispoñibles sobre estas entidades é dispar; mentres que as cooperativas, as sociedades laborais, os centros especiais de emprego, as sociedades de inserción laboral e as mutualidades de previsión social son facilmente accesibles de forma desagregada e a nivel municipal, a través dos diversos rexistros da Xunta de Galicia ou do propio Concello, nas fundacións, as sociedades agrarias de transformación, as comunidades de montes e mancomunidades de man común, non dispoñen de datos a nivel urbe e, por tanto, non poden ser obxecto de análise no presente documento.

Tendo isto en conta, en Santiago de Compostela contabilizáronse un total de 912 entidades de economía social, das que as asociacións supoñen o grupo máis numeroso, seguido das cooperativas.

Segundo os datos obtidos no portal de datos abertos do Concello de Santiago de Compostela, en 2019 na cidade había un tecido asociativo composto por 715 asociacións. Con todo, estes datos non aparecen desagregados pola tipoloxía de asociacións. Para obter esta información podemos acudir aos datos de 2016 do rexistro de asociacións do concello, onde si aparecen desagregados por tipos, aínda que existía un número sensiblemente inferior (628). Ese ano, case unha de cada tres asociacións que estaban rexistradas no ano 2016 pertencía á categoría deportiva (32 %), seguidas das culturais (18 %), asistenciais (11 %) e as asociacións veciñais (10 %).

Distribución das cooperativas en Santiago de Compostela por tipo



Fonte: Elaboración propia do rexistro de cooperativas da Xunta de Galicia

Concello	Nº cooperativas de vivenda	Nº cooperativas/1.000 hab
Santiago de Compostela	32	0,33
Vigo	30	0,10
A Coruña	13	0,05
Pontevedra	3	0,04
Lugo	2	0,02
Ferrol	1	0,02
Ourense	0	0,00
Ames	2	0,06

VAB dos dez concellos galegos con maior PIB (2018). Fonte: IGE.

Segundo os datos extraídos do rexistro de cooperativas da Xunta de Galicia, existen en Santiago de Compostela 103 sociedades cooperativas, entre as que destacan as de traballo asociado, que abarcan o 51 % das cooperativas da capital galega, seguidas das 32 de vivenda que representan o 31 % do total.

Paga a pena deterse na cuestión das cooperativas de vivenda, xa que Santiago de Compostela é o municipio galego con maior número de cooperativas deste tipo, concretamente 32, que son un terzo exacto das 96 vixentes en Galicia en xullo de 2021. **A presenza deste tipo de cooperativismo ten unha importancia notable para unha diversificación do mercado inmobiliario e pode representar unha panca moi importante para a implementación de políticas públicas de vivenda.**

Por último, chama a atención a escasa relevancia das cooperativas agrarias (4 %), tendo en conta que o territorio de Santiago e os seus municipios adxacentes é o máis transformado de Galicia mediante procesos de concentración agraria que, en principio, viñan aumentar a capacidade de produción deses territorios. **O escaso peso das cooperativas agrarias, unido ao aínda máis exíguo que representan as cooperativas de consumidores (3 %), falan dun sector económico aínda por desenvolver como é o da produción local de alimentos e o consumo de produtos km 0, que está a experimentar un importante crecemento.**

7.1.3. Instrumentos de planificación

A Estratexia de Emprego e Plan de Emprego baséase en nove obxectivos: 1. Mellorar a empregabilidade das persoas (tres liñas de actuación); 2. Diminuír a desigualdade de xénero existente no acceso ao emprego (tres); 3. Transformar o ámbito do emprego local, para facelo máis igualitario e inclusivo (catro); 4. Incrementar o peso da economía social, emprego protexido e terceiro sector na contratación pública (unha); 5. Implicar o tecido empresarial (cinco); 6. Visibilizar e sensibilizar sobre a economía social (dúas); 7. Favorecer e fomentar o emprendemento (tres); 8. Mellorar a coordinación mediante unha rede de recursos socio-laborais (catro); 9. Mellora continua das competencias do persoal técnico municipal (catro).



O Plan estratéxico do comercio contén unha ampla batería de medidas no sentido de mellorar a produtividade local, agrupadas en retos tales como: impulso da creación de novos comercios, con especial consideración ao comercio de proximidade; desenvolvemento socioeconómico do tecido comercial dos barrios do municipio; aumento da competitividade comercial; ou mellora da planificación conxunta na dinamización comercial da cidade mediante a integración do comercio na súa oferta cultural e turística, aproveitando a potencialidade da marca Santiago.

A EDUSI inclúe tres liñas de actuación no ámbito da economía urbana: A13. Mellora da competitividade empresarial (mediante subvencións a empresas); A14. Promoción da innovación empresarial (SPIN&UP); e A15. Promoción da innovación social (Talent Factory Social).

O Acordo para a reindustrialización de Compostela (Acordo da Sionlla) asinado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Asociación Área Empresarial do Tambre, a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela, ten como obxectivo a reindustrialización da capital de Galicia, a promoción do asentamento de empresas e a captación de proxectos de investimento.

Froito deste pacto, o Concello de Santiago de Compostela tramitou e obtivo en xaneiro de 2020 o Certificado de “Concello Emprendedor” outorgado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias dentro da iniciativa “Concellos Doing Business Galicia-Concello Emprendedor”.

7.2. TURISMO

7.2.1. Caracterización turística do municipio. Perfil, especialización, estacionalidade e grao de madurez

Tomando como base para delimitar as actividades CNAE que abarca o sector turístico a clasificación realizada na liña ICO Sector Turístico Actividades conexas-COVID-19/Thomas Cook, e utilizando os datos extraídos do Sistema de Análise de Balances Ibéricos (SABI) para acoutar a procura de empresas a Santiago de Compostela, atopámonos cun sector turístico que na cidade comprende 469 empresas.

Santiago de Compostela é unha cidade que posúe unhas características diferenciais para o turismo. Forma parte do 0,01 % de cidades no mundo (269) declaradas como patrimonio mundial pola Unesco e é ademais un dos principais lugares de peregrinación mundiais, por acharse na Catedral o sepulcro do apóstolo Santiago o Maior. Como consecuencia, existen varios itinerarios de peregrinación internacional con séculos de tradición e en clara tendencia ascendente desde 1993 ata o estalido da pandemia da covid-19, que teñen o municipio como destino, e que no 2019 (último ano prepandemia) atraeron a 347 578 peregrinos (un 335 % da poboación empadroada en Santiago) de ata 169 nacionalidades distintas segundo as estatísticas da Oficina do Peregrino.




Fonte: elaboración propia a través de datos da Oficina do Peregrino e o Plan de xestión do monte do Gozo

Intimamente ligado á peregrinación atópase o Ano Santo Compostelán. Esta celebración, de motivación puramente relixiosa, ten a súa orixe en 1120, coa colocación da última pedra da catedral primitiva. O papa Calixto II outorgoulle o privilexio a Santiago de Compostela de celebrar o devandito Ano Santo, nos que o 25 de xullo (festividade do Apóstolo) coincida en domingo, de maneira que quen peregrina a Santiago en Ano Santo gaña as mesmas grazas que se outorgan en Roma os anos xubilares. A principios da década de 1990, o goberno galego puxo en marcha o Xacobeo, un ambicioso programa para dinamizar o Camiño de Santiago, que tivo a súa primeira edición no Ano Santo de 1993, a partir do cal o Ano Xubilar Compostelán transcendeu o relixioso para converterse nun evento cultural de masas cunha extensa axenda cargada de actos de primeiro nivel (como a visita papal de 2010), que poñen a Santiago no centro de atención mundial e que disparan o número de visitantes á cidade e a Galicia.

Aínda que o número de peregrinos que acudiron anualmente a Santiago nos últimos lustros é moi importante, os informes anuais realizados polo Centro de Estudos Turísticos (CETUR), en concordancia co observado no número de viaxeiros por punto turístico da Enquisa de Ocupación Hostaleira, que veremos máis adiante en detalle, sinalan que esta cifra é só unha parte do número total de viaxeiros que se situou arredor do 40 % durante os últimos anos.

Comparativa peregrinos/viaxeiros



Fonte: INE e Estatísticas Oficina do Peregrino. Elaboración propia.

E é que Santiago constitúe tamén un destino urbano en si mesmo, como xa mencionamos, unha das 269 cidades Patrimonio da Humanidade, e como destino de turismo cultural; gastronómico, co amplo recoñecemento da calidade da gastronomía galega e dous restaurantes con estrela Michelin; e educativo, coa USC como máximo expoñente.

Cultural	Visitas a museos de Santiago de Compostela (2018)	476.190
	Talleres de artesanía (2018)	39
	Rodaxes (2018)	32
	Actividades Auditorio de Galicia (2018)	863
	Público do Auditorio de Galicia (2018)	155.512
	Asistentes ao Nadal (2018)	25.000
	Asistentes ao Entroido (2018)	20.000
	Asistentes á Ascensión (2018)	37.000
	Asistentes ao Apóstolo (2018)	110.000
Patrimonio	Bens rexistrados como BIC (2018)	16
	Visitantes ao Patrimonio Histórico-Artístico da USC (2016)	2.958
Gastronómico	Restaurantes con 1 Estrela Michelin (2022)	2
	Restaurantes Bid Gourmand (2022)	12
	Guía Michelin	4
	Restaurantes 1 Sol Repsol (2022)	1
	Restaurantes dous soles Repsol (2022)	2
	Soletes Repsol	17
	Recomendados Guía Repsol (2022)	14
	Restaurantes en Santiago de Compostela (2022)	196

Fonte: Elaboración propia a partir de varias fontes

Con todo, convén sinalar que facer un seguimento anual do número de visitantes á cidade non é sinxelo, dado que non existe unha serie histórica oficial deste dato. Cóntase con estimacións para anos soltos, obtidas de datos terciarios como os informes UrbanTur, o Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela, o Plan estratéxico de turismo ou o Plan de xestión do monte do Gozo, aínda que non existe unha coherencia entre estes que permita homoxeneizar os datos de maneira sistemática.

O último informe anual do CETUR dispoñible sobre o turismo en Santiago de Compostela, aínda que non achega cifras totais de turistas, si nos pode dar unha idea dos motivos e do perfil do turista na cidade:

O motivo principal que aduce o 41 % dos turistas enquisados para viaxar a Santiago é o das vacacións ou o lecer. Este foi o primeiro motivo

de viaxe en todos os informes anuais do CETUR dispoñibles (2005-2018), con porcentaxes superiores ao 50 % en moitos dos anuarios. Con todo, a peregrinación foi gañando terreo como motivo para viaxar a Santiago grazas á importante promoción realizada ao camiño durante os últimos anos, e situouse no motivo esgrimido polo 40,8 % dos enquisados. A curva ascendente sinálanos que esta porcentaxe aumentou nos últimos anos.

O terceiro motivo para viaxar a Santiago é o de traballo. Cómpre lembrar que Santiago é a capital da comunidade autónoma de Galicia, o que crea un fluxo de traballadores constante que acode á cidade.

Existe tamén un fluxo de visitantes debido aos congresos, xornadas, encontros ou charlas, que o informe cifra nun 1,5 %. Gran parte deste fluxo vén provocado pola actividade da Universidade de Santiago de Compostela (USC), situada entre as 500 mellores do mundo, que organizou case 200 congresos para o período 2010–2019, segundo os datos recollidos na web da USC.

Así pois, a modo de resumo, o perfil do visitante da cidade, segundo a última enquisa (2018) do Centro de Estudos e Investigacións Turísticas (CETUR), dependente da USC, é o dun home, entre 31 e 45 anos, asalariado na súa maioría (50 %) de procedencia nacional, que viaxa só (31,7 %) e acode á cidade por peregrinación ou por motivos de vacacións ou lecer (41 %), con estancias dunha ou dúas noites, preferiblemente en albergues ou hostels, que gastou de media (en 2018) 45,01 € ao día e que valora de maneira moi positiva (4,08 sobre 5) o aloxamento e a estancia na cidade, xa que o 93 % manifesta a súa idea de volver.

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
2005	20.064	21.880	33.676	39.267	49.541	54.082	60.234	86.229	58.783	48.386	35.090	27.484
2006	22.305	24.187	30.627	46.271	49.226	51.266	57.284	72.381	52.335	48.452	29.142	27.126
2007	21.625	24.088	29.874	47.969	53.836	55.399	65.402	81.753	67.645	59.831	37.847	27.766
2008	22.996	27.182	38.065	42.426	59.286	50.918	60.775	74.338	57.403	52.247	31.861	25.095
2009	22.945	29.330	28.124	43.799	54.272	54.430	64.777	85.326	65.030	54.375	32.861	27.116
2010	19.893	30.867	40.464	56.175	69.673	72.389	78.715	93.815	82.391	78.507	46.302	34.916
2011	17.796	20.239	28.446	44.553	53.561	59.255	67.779	81.296	68.972	52.660	27.975	21.780
2012	16.367	21.216	27.693	46.908	57.897	58.124	57.956	78.599	68.493	55.060	29.101	22.138
2013	21.045	20.779	34.340	38.932	63.727	63.495	66.320	87.655	70.537	57.156	30.124	22.426
2014	18.528	21.481	27.639	48.873	65.316	69.242	75.599	96.362	82.302	66.875	34.450	27.798
2015	19.047	21.098	34.859	62.017	79.235	84.642	92.012	115.365	97.213	77.833	38.417	30.629
2016	22.185	26.840	47.055	55.199	87.961	94.133	96.940	119.061	103.752	91.041	44.228	31.909
2017	24.031	30.220	39.383	66.163	90.891	92.215	94.492	116.002	108.687	97.087	50.266	34.438
2018	24.321	28.634	40.468	59.894	79.127	78.065	85.661	106.517	87.164	75.978	40.390	33.458
2019	25.765	30.495	41.778	67.290	89.366	82.543	85.649	102.562	95.477	84.509	45.052	39.754
2020	31.314	37.815		0			28.954	48.447	25.638	18.064	5.222	6.584
2021	4.251	3.502										
Promedio 2005-19	21.261	25.236	34.833	51.049	66.861	68.013	73.973	93.151	77.746	66.666	36.874	28.922
%	3%	4%	5%	8%	10%	11%	11%	14%	12%	10%	6%	4%

N.º de viaxeiros por mes. Fonte: elaboración propia a través de datos da enquisa de ocupación hostaleira do INE.

Segundo a Enquisa de ocupación hostaleira, durante o últimos tres lustros observamos un crecemento no número de viaxeiros en forma de parábola conforme avanza o ano. En xaneiro rexístrase tradicionalmente o menor número de viaxeiros, que crece de maneira exponencial ata o mes de agosto, marcando o vértice da parábola e descendendo de maneira abrupta ata volver alcanzar o mínimo de xaneiro.

Os datos medios para os anos dispoñibles, excluindo 2020 e 2021 polos seus valores totalmente atípicos provocados polo estalido da pandemia da covid-19 e as restricións impostas á circulación de persoas, permítenos acou-
tar as tempadas turísticas en Santiago, que quedan da maneira seguinte:

Tempada alta	Tempada media-alta	Tempada media-baja	Tempada baja
> 70.000 viaxeiros	> 50.000 viaxeiros	> 30.000 viaxeiros	< 30.000 viaxeiros
Xullo, agosto e setembro	Abril, maio, xuño e outubro	Marzo e novembro	Xaneiro, febreiro e decembro

Distribución das tempadas turísticas en Santiago de Compostela. Fonte: elaboración propia.

No Plan estratéxico de turismo de Santiago de Compostela 2017-2022 tiña entre os seus retos a desestacionalización da demanda, mediante a captación de novos fluxos turísticos e a priorización de novos produtos. Na seguinte táboa obsérvanse os efectos positivos que tivo o Xacobeo 2010 sobre o número de viaxeiros e como a partir deste evento se experimenta unha desestacionalización, pois **o número de meses que superan os 70 000 visitantes aumenta con intensidade ata que, a partir de 2015 e de maneira consolidada, serán seis meses consecutivos os que superen esa barreira, algo que anteriormente só ocorría en agosto.** Así mesmo, o mes de abril, que tradicionalmente tiña cifras de tempada media-baixa, tamén se consolida desde 2015 como un mes de tempada media-alta con cifras superiores a 50 000 viaxeiros. Os meses de novembro, decembro e marzo, e en menor medida, febreiro, pasan de ter cifras inferiores a 30 000 viaxeiros a superalas de maneira regular.


O crecemento no número de viaxeiros nos seis meses que, a partir de 2015, conforman a tempada alta foi exponencial e moi rápido, xa que se pasou de valores próximos aos 65 000 viaxeiros a situarse ao redor dos 85 000 e, nalgúns casos, superando o número de persoas empadroadas en Santiago, o que supón un aumento superior ao 30 % na maioría dos meses, nun lapso de apenas seis anos.

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dic
2005	20.064	21.880	33.676	39.267	49.541	54.082	60.234	86.229	58.783	48.386	35.090	27.484
2006	22.305	24.187	30.627	46.271	49.226	51.266	57.284	72.381	52.335	48.452	29.142	27.126
2007	21.625	24.088	29.874	47.969	53.836	55.399	65.402	81.753	67.645	59.831	37.847	27.766
2008	22.996	27.182	38.065	42.426	59.286	50.918	60.775	74.338	57.403	52.247	31.861	25.095
2009	22.945	29.330	28.124	43.799	54.272	54.430	64.777	85.326	65.030	54.375	32.861	27.116
2010	19.893	30.867	40.464	56.175	69.673	72.389	78.715	93.815	82.391	78.507	46.302	34.916
2011	17.796	20.239	28.446	44.553	53.561	59.255	67.779	81.296	68.972	52.660	27.975	21.780
2012	16.367	21.216	27.693	46.908	57.897	58.124	57.956	78.599	68.493	55.060	29.101	22.138
2013	21.045	20.779	34.340	38.932	63.727	63.495	66.320	87.655	70.537	57.156	30.124	22.426
2014	18.528	21.481	27.639	48.873	65.316	69.242	75.599	96.362	82.302	66.875	34.450	27.798
2015	19.047	21.098	34.859	62.017	79.235	84.642	92.012	115.365	97.213	77.833	38.417	30.629
2016	22.185	26.840	47.055	55.199	87.961	94.133	96.940	119.061	103.752	91.041	44.228	31.909
2017	24.031	30.220	39.383	66.163	90.891	92.215	94.492	116.002	108.687	97.087	50.266	34.438
2018	24.321	28.634	40.468	59.894	79.127	78.065	85.661	106.517	87.164	75.978	40.390	33.458
2019	25.765	30.495	41.778	67.290	89.366	82.543	85.649	102.562	95.477	84.509	45.052	39.754
2020	31.314	37.815		0			28.954	48.447	25.638	18.064	5.222	6.584
2021	4.251	3.502										

> 70.000 viaxeiros	> 50.000 viaxeiros	> 30.000 viaxeiros	< 30.000 viaxeiros
----------------------------------	----------------------------------	----------------------------------	----------------------------------

Clasificación dos meses segundo o número de viaxeiros. Fonte: elaboración propia a través de datos do INE.


Número de viaxeros anos 2013 y 2019 y diferencia porcentual



Diferenza entre o número de viaxeiros entre 2013 e 2019. Fonte: INE. Elaboración propia.

En canto ao grao de madurez do destino, utilízase o establecido na teoría do ciclo de vida dos destinos turísticos de Richard Butler, a cal, de forma resumida, establece varias etapas no “ciclo de vida útil” dun destino turístico: exploración, implicación, desenvolvemento, consolidación, estancamento e, por último, dependendo da xestión que se realice, declive ou rexuvenecemento.


Volvendo á evolución mensual do número de viaxeiros na cidade (visitantes que polo menos pasan unha noite nunha instalación hostaleira do municipio) desde 2005, segundo os datos da Enquisa de ocupación hostaleira, en 15 anos pasouse de cifras próximas a 500 000 viaxeiros anuais a unha tendencia que rolda os 800 000 anuais, é dicir, oito veces a poboación empadroada na cidade no ano 2020. Isto implica, como xa se adiantaba, que nos meses deste período pasou a noite, polo menos, unha cantidade de persoas equivalente ao 20 % dos habitantes de Santiago de Compostela.



Comparativas anuais de viaxeiros estranxeiros vs. nacionais

Comparando o crecemento dos viaxeiros nacionais fronte aos estranxeiros, obsérvase que os que recibe Santiago de Compostela foron principalmente de orixe nacional. Nun primeiro momento, a evolución de ambos é bastante similar, aínda que o turismo predominante é o nacional, co Xacobeo 2010 como punto álxido no número de viaxeiros de procedencia española. Desde 2011, o número de viaxeiros estranxeiros experimenta unha tendencia á alza, que se intensificará a partir do ano 2014, gañando case 100 000 persoas en 2015, e superando lixeiramente a cifra de nacionais durante os tres anos seguintes. Esta tendencia chega ao seu punto álxido en 2017, ano a partir do cal descenderá abruptamente, deixando novamente o viaxeiro nacional como fluxo claramente predominante. Coa chegada da covid-19 e as restricións á mobilidade internacional, o número de viaxeiros internacionais cae abruptamente co que aumenta a diferenza entre ambos os tipos de viaxeiros.


	Enero	Febrero	Marzo	Abril	Mayo	Junio	Julio	Agosto	Septiembre	Octubre	Noviembre	Diciembre
2005	22%	24%	36%	42%	53%	58%	65%	93%	63%	52%	38%	30%
2006	24%	26%	33%	50%	53%	55%	61%	77%	56%	52%	31%	29%
2007	23%	26%	32%	51%	57%	59%	70%	87%	72%	64%	40%	30%
2008	24%	29%	40%	45%	63%	54%	64%	79%	61%	55%	34%	27%
2009	24%	31%	30%	46%	57%	57%	68%	90%	68%	57%	35%	29%
2010	21%	33%	43%	59%	73%	76%	83%	99%	87%	83%	49%	37%
2011	19%	21%	30%	47%	56%	62%	71%	85%	72%	55%	29%	23%
2012	17%	22%	29%	49%	61%	61%	61%	82%	72%	58%	30%	23%
2013	22%	22%	36%	41%	66%	66%	69%	91%	73%	60%	31%	23%
2014	19%	22%	29%	51%	68%	72%	79%	101%	86%	70%	36%	29%
2015	20%	22%	36%	65%	83%	89%	96%	121%	102%	81%	40%	32%
2016	23%	28%	49%	58%	92%	98%	101%	124%	108%	95%	46%	33%
2017	25%	31%	41%	69%	94%	96%	98%	120%	113%	101%	52%	36%
2018	25%	30%	42%	62%	82%	81%	89%	110%	90%	79%	42%	35%
2019	26%	31%	43%	69%	92%	85%	88%	105%	98%	87%	46%	41%



Evolución mensual da porcentaxe de viaxeiros respecto á poboación empadroadada en Santiago de Compostela (anual). Fonte: INE. Elaboración propia.

Analizando agora a porcentaxe de viaxeiros respecto ao número de habitantes censados cada ano en Santiago, obsérvase que, tradicionalmente, co comezo da tempada media-alta se rexistraban valores que roldan o 50 % da poboación empadroadada, que se incrementan caste ata o 80 % nos puntos álxidos da tempada alta. En 2014, por primeira vez, rexistrouse un mes no que o número de persoas que pasou a noite na cidade superou o número de persoas empadroadas nela. Nos seguintes anos, este fenómeno foi cada vez máis frecuente, chegando a encadear tres meses consecutivos con máis viaxeiros que habitantes en 2016 e en 2017. Unha ollada ás cifras entre 2017 e 2019 dos meses da tempada media-alta e alta mostra o preto que está Santiago de Compostela de alcanzar un fito: **encadear seis meses (de maio a outubro) nos que o número de viaxeiros sexa superior ás persoas empadroadas na cidade.**

Ao realizar unha predición da evolución de tendencias a través dos datos da Enquisa de ocupación hostaleira, os resultados obtidos mostran que, de non producirse a pandemia da covid-19, que supuxo a paralización indefinida do turismo mundial, en 2020 poderían ser cinco os meses nos que os turistas superasen aos foráneos, e, en 2021, coa celebración do Xacobeo, este fenómeno podería producirse durante medio ano.



Modelo de evolución da porcentaxe de viaxeiros respecto á poboación total do Santiago de Compostela. Fonte: INE. Elaboración propia.

A este número cada vez máis elevado de turistas que pasan a noite na cidade, débese engadir o coñecido como excursionismo: turistas que visitan a cidade, pero non durmen nela. Non existe unha fonte de datos que cuantifique o número anual de excursionistas en Santiago de Compostela e que moito menos nos ofrezca unha desagregación mensual. Para coñecer esta cifra, hai que basearse nas estimacións que outros documentos e plans estratéxicos fixeron para anos concretos. O Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela ofrece este dato para o ano 2016, como a diferenza entre o número de visitantes estimados á Catedral (3 millóns para ese ano) e a suma do número de viaxeiros da Enquisa de ocupación hostaleira máis os viaxeiros estimados en vivendas de alugueiro turístico, para obter un total estimado en 2016 de 1794 883. Estimando que a distribución mensual de excursionistas ese ano se comportou da mesma forma que a distribución de viaxeiros, obtéñense os seguintes datos mensuais:

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xun	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
% viaxeiros mensual 2016	3%	3%	6%	7%	11%	11%	12%	15%	13%	11%	5%	4%
N.º viaxeiros mensual 2016	22.185	26.840	47.055	55.199	87.961	94.133	96.940	119.061	103.752	91.041	44.228	31.909
N.º estimado excursionistas mensual 2016	53.846	53.846	107.693	125.642	197.437	197.437	215.386	269.232	233.335	197.437	89.744	71.795
TOTAL	76.031	80.686	154.748	180.841	285.398	291.570	312.326	388.293	337.087	288.478	133.972	103.704

Estimación do número mensual de excursionistas e do número total de turistas mensual. Fonte: INE e Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela. Elaboración propia.


É dicir, en agosto de 2016, a cidade podería recibir catro veces máis turistas que habitantes tiña empadroados ese ano (95 966, INE), supoñendo unha media de 12 525 turistas diarios. Durante xullo e setembro, acolleu unha cifra algo superior a tres veces a súa poboación. O informe UrbanTur 2016 cuantifica que cada día chegan nove turistas por cada 100 residentes, o que supón a cuarta cifra máis alta das 22 cidades que analiza este informe, tras Granada, Barcelona e San Sebastián, cidades que rexistraron protestas por esta presión turística.

Os datos son claros: co alongamento da tempada alta é máis sinxelo vivir do turismo en Santiago de Compostela e isto está a ter implicacións importantes na cidade, principalmente, no centro histórico, o punto que máis sofre esa presión turística, mediante a perda de poboación nesta área e a transformación do seu tecido comercial. O Plan de xestión da cidade histórica xa advertía en 2015 de ambos os procesos:

“Entre as datas con datos de referencia (anos 1970, 1986 e 2015) rexistrouse unha caída drástica de poboación no centro histórico de Santiago, desde 14 087 residentes a 12 567 e 10 477 residentes respectivamente (...). Esta circunstancia é relevante desde o punto de vista do uso das edificacións e da perda de dinámica no centro histórico da cidade”. Ademais, o citado documento ofrece as causas que explican esta perda poboacional, concretamente:


- As altas taxas de envellecemento e sobreenvellecemento
- A dinámica demográfica cunha baixa taxa de renovación
- Os numerosos estudantes non empadroados
- O alugueiro de pisos a turistas
- Reconversión de pisos para outros usos
- Abandono por carencia de dotacións e servizos, como a falta de comercio especializado e de proximidade

Evolución da poboación residente no centro histórico de Santiago, anos 1975, 1986 y 2015




Fonte: Plan de xestión da cidade histórica de Santiago 2015

O propio Plan de xestión da cidade histórica profunda neste último punto no apartado dedicado á actividade económica da área, no que se advirte da perda de diversidade do tecido comercial e a substitución do comercio tradicional por outro fortemente orientado ao turismo, que ademais provoca episodios de saturación, coas consecuentes molestias para os habitantes da zona: “En xeral, detéctase unha perda de vitalidade comercial na cidade histórica, especialmente en canto á redución do número e diversidade de actividades presentes na zona, que se corresponden pola contra cunha crecente concentración de servizos administrativos e dunha forte acumulación de establecementos ligados ao turismo nalgunhas zonas, que provoca espazos de saturación espazo-temporal destas (...) Especial relevancia alcanzan nesta zona os establecementos relacionados coa hostalería e o lecer, coincidindo coas zonas máis frecuentadas por turistas e excursionistas, a pesar de que son utilizados tanto polas persoas residentes na cidade histórica como por residentes noutras áreas da cidade e visitantes”.



Mapa de actividades do centro histórico de Santiago de Compostela. Fonte: Plan de xestión da cidade histórica 2015

Pero estes episodios puntuais e localizados de masificación turística en Santiago de Compostela non só teñen impacto na cidade, senón que ademais deixan unha pegada negativa na percepción que os visitantes teñen da cidade, facendo que esta perda atractivo turístico. Indicios de que isto está a pasar na cidade pódense apreciar no documento Santiago de Compostela-Estratexias de reactivación poscovid, elaborado polo grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade ao que a capital de Galicia pertence. Nunha enquisa realizada para o informe, a resposta maioritaria dos turistas que visitaron a cidade nos últimos tres anos indica como elemento que menos lles gustou da visita á cidade foi a masificación, aínda que matiza o informe que se debe “á aglomeración que se produce en meses determinados do ano na Catedral de Santiago. Esta aglomeración prodúcese neste recurso, pero non no conxunto da cidade. Pero produce esta percepción negativa”.



Fonte: Estratexias para a reactivación do turismo cultural e patrimonial (escenario poscovid-2019) Santiago de Compostela. Cidades Patrimonio da Humanidade


Tamén se debe aquí analizar a resposta da cidadanía de Santiago a estes episodios de masificación. En destinos turísticos onde este fenómeno é especialmente relevante, como Venecia ou Barcelona, xeráronse tensións cos habitantes locais a conta da actividade turística e as súas repercusións negativas nas devanditas cidades. En Santiago de Compostela son palpables actitudes en contra do modelo turístico actual e, sobre todo, contra o incivismo por parte dalgúns visitantes da cidade, especialmente

nos barrios polos que transcorren os últimos quilómetros do camiño de Santiago Francés, o que levou á elaboración dun Decálogo de boas prácticas para o final do camiño elaborado por asociacións do Barrio de San Pedro e dirixido aos peregrinos, no que se reclama, entre outras cousas, evitar berros e cánticos, baixarse da bicicleta en tramos nos que está prohibido e respecto ao patrimonio da cidade.

Pero este decálogo non foi a única actuación por parte dos habitantes de Santiago de Compostela. Durante os últimos meses celebráronse asembleas contra a turistificación da cidade e proliferaron nas redes sociais contas temáticas, vídeos recriminando a turistas a súa actitude incívica (mesmo tirando auga contra un nutrido grupo de peregrinos que accedía á cidade), imaxes e comentarios en contra deste turismo:

Tentando cifrar esta percepción contraria ao turismo na cidade e a falta dun estudo que profunde na percepción do turismo por parte da cidadanía, a enquisa realizada por Sondaxe en maio de 2021 sobre os principais problemas da cidade percibidos pola cidadanía sinalaba que un 1,8 % da poboación enquisada e un 2,3 % vían como principal problema da cidade a masificación turística na zona vella e a economía demasiado dependente do turismo, respectivamente, o que supoñería que **un 4,1 % da poboación vería como principal problema da cidade factores directamente relacionados co turismo**. Malia todo, esta enquisa hai que tomala con certa cautela, xa que foi realizada en plena campaña de vacinación pola covid-19, e estaban vixentes unha serie de restricións á mobilidade internacional.


Principales problemas de Santiago de Compostela



Fonte: Sondaxe


Pero, ademais da poboación empadroada, no caso de Santiago de Compostela, existe un colectivo que se pode ver seriamente prejudicado polo aumento do turismo e os alugueiros, e que xa empezou mobilizacións por estas subas: os estudantes da USC, que, aínda que foron diminuindo sensiblemente o seu número desde 2009, superan as 15 000 persoas anualmente.

Evolución do prezo medio do alugueiro en Santiago de compostela (€/m²)



Fonte: Idealista. Elaboración propia.


Alumnos da USC matriculados nos dous campus de Santiago cursos 2009-18



Fonte: USC en cifras. Alumnado matriculado por campus en titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo e graos

Tradicionalmente, existía unha complementariedade entre o curso universitario (de setembro a maio) coa tempada alta turística (xullo, agosto e setembro), de modo que moitos aloxamentos (tanto pisos como residencias) unha vez que se acababa o curso universitario eran utilizados por turistas, que daban novamente paso en setembro aos estudantes.


A extensión da tempada alta que vimos anteriormente provoca un solapamento co curso universitario, dando lugar a unha competición entre estudantes e turistas polo mesmo espazo de aloxamento.



Duración do curso escolar e comparativa coa evolución da duración das tempadas turísticas. Elaboración propia.

Segundo os datos do portal AIRDNA, que realiza un seguimento das propiedades que aparecen nas webs de AirBnb e Vrbo, a xullo de 2022, só un 39 % das VUT de ambas as plataformas ofertaría durante un período de entre un e tres meses (os de verán, presumiblemente), mentres o 44 % ofertaríase durante máis de seis meses (o 29 % máis de 9 meses e o 15 % entre 6 e 9 meses).

Propiedades segundo o tempo que se ofertan para o alugueiro



Fonte: Airdna


Neste sentido, hai que destacar a creación da Plataforma pola Regulación de Vivendas de Uso Turístico de Galicia, conformada por representantes veciñais, hostaleiros, inmobiliarias e asociacións de estudantes Erasmus, que ten como obxectivo promover a regulación deste tipo de aloxamentos.

A clausura dalgunhas delas por parte do concello baseándose nunha modificación do Plan especial de 1997, co amparo de varias sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desembocou nun conflito entre o Concello e a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia (AVITURGA).

A conxunción dos factores expostos (masificación, descontento da veciñanza, problemas para alugar por parte dos estudantes e conflito entre concello e propietarios dos pisos turísticos) tivo durante o ano 2022 (especialmente nos meses de verán, de maior afluencia turística) unha importante cobertura nos medios de comunicación non só locais ou rexionais, senón tamén a nivel nacional e internacional con medios como a Nación de Arxentina facéndose eco da situación na cidade. Isto contribuíu a unha erosión da imaxe de Santiago de Compostela, tanto como unha cidade para habitar, prexudicando o obxectivo de consecución dos 100 000 habitantes empadroados, como a visión de Santiago como un destino turístico atractivo, quedando na retina como un destino exclusivamente de peregrinación.

En canto á capacidade para dar aloxamento ao fluxo de viaxeiros, o número de establecementos hostaleiros abertos en Santiago de Compostela comportouse dunha maneira estable durante o período 2005-2021, nunha media duns 160 abertos, aínda que co estalido da pandemia este número se reduciu exponencialmente, coa incerteza de como se atopará este tecido hostaleiro cando se restableza o fluxo de turismo mundial.

Evolución do número de establecementos hostaleiros abertos en Santiago de Compostela 2005-2021




Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE

A esta oferta hostaleira, hai que sumar outros tipos de aloxamento como os albergues ou os pisos de aluguer turístico, ofertados por particulares a través de plataformas dixitais como Airbnb. O estudo *As vivendas de uso turístico en Santiago de Compostela* cuantifica os anuncios nestas plataformas en 717 para o ano 2017 e 1240 en 2018.

En canto ás prazas de aloxamento ofertadas nos establecementos hostaleiros durante este período, atopamos unha certa estabilidade entre os anos 2012 a 2016 ao redor das 7500, que descendieron co inicio da pandemia a algo máis da metade das prazas dispoñibles o ano previo (2019). Tamén aquí hai que sumar as prazas dos albergues turísticos e dos aloxamentos turísticos non regrados, que o Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela cuantifica, para o ano 2018, en 1478 e 3188 respectivamente, das cales 2677 figuraban no portal Airbnb. Así pois, o número total de prazas dispoñibles para 2019 en Santiago de Compostela cuantifícase en 12 640, das que aproximadamente o 58 % pertencen á oferta hostaleira. Este mesmo documento sinala que a presión potencial de prazas turísticas por cada 1000 habitantes da cidade se sitúa en 138,8.

Evolución do número de prazas en establecementos hostaleiros en Santiago de Compostela 2005-2021



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

En conclusión, seguindo a teoría de Butler, podemos considerar que Santiago se atopa na fase de desenvolvemento, en canto ao rápido aumento do número de turistas no período analizado, aínda que estaría finalizándoa, pola aparición dos primeiros signos de desencanto na poboación local, e trazos propios da fase de consolidación, como unha orientación da economía local cara ao turismo, un número de persoas pasando a noite que empeza a superar cada vez con maior frecuencia o número de poboación residente na cidade (cunha clara tendencia a producirse a metade do ano).

7.2.2. Atractores turísticos. Situación actual


Segundo o informe UrbanTur de 2016, Santiago de Compostela é a sexta cidade en canto á capacidade de atracción da oferta de produtos de lecer e sitúase como 4ª no apartado de atractivo das grandes iconas de turismo cultural, unicamente superada por Barcelona, Madrid e Granada.

Historicamente, a mellor forma de medir os atractivos turísticos de Santiago de Compostela foi acudir ás enquisas anuais a turistas realizadas polo Centro de Estudos Turísticos (CETUR) da Universidade de Santiago de Compostela, nas que existe unha pregunta específica sobre cales son os atractivos turísticos da cidade. Na gráfica extraída da última enquisa, realizada en 2018, revela que para os turistas consultados o atractivo da cidade está intimamente relacionado co Camiño de Santiago que, á súa vez, é o principal medio de coñecemento da cidade. Así pois, a meta do Camiño, a catedral e a súa con-


torna, é o principal atractivo da cidade para un 88,7 % dos enquisados, mentres que en terceira posición aparece o propio Camiño, cun 42,6 %, e en segunda posición o conxunto da cidade histórica.

Estes datos, sumados aos de medio de coñecemento da cidade, permiten afirmar que o turismo, en Santiago de Compostela, non se pode entender sen a influencia do Camiño de Santiago e que, sen o tirón deste, especialmente a partir de 1993 coa creación da marca Xacobeo e a súa promoción, as cifras de visitantes en Santiago de Compostela serían completamente diferentes.

Con todo, estes datos revelan un problema: a concentración do atractivo turístico de Santiago de Compostela nos apenas 2 km² da zona histórica, coa catedral e os seus arredores como máximo atractivo.



Principais atractivos turísticos de Santiago . Fonte: CETUR.



Atractivos turísticos de Santiago de Compostela. Fonte: Elaboración propia a través de varias fontes.

7.2.3. Sostibilidade do modelo turístico vixente

En 2019, antes do estalido da pandemia, rexistráronse problemas de conxestión na cidade nos meses de maior afluencia de turistas, por exemplo, en relación co estacionamento. Trátase de problemáticas que poderían agravarse en 2021, de cumprirse a previsión de aumento de visitantes, impedida pola irrupción da covid-19.

A masificación turística é un reto xeneralizado para a cidade, xa que afecta a boa parte dos seus ámbitos de xestión. **O Concello de Santiago de Compostela é consciente da ameaza que isto supón para a vida na cidade e por iso leva tempo implementando medidas para paliar os seus efectos adversos na urbe. Estas medidas vertébranse en dous eixes principais: o control dos pisos turísticos e a xestión sostible do turismo que visita a cidade.**

Para o primeiro eixe, está a prepararse unha normativa específica para limitar a proliferación descontrolada deste tipo de aloxamento. Para iso, realizouse un estudo previo, titulado *As vivendas de uso turístico na cidade histórica*, datado en 2017, no que se identificaban os principais problemas deste tipo de aloxamento (competencia desleal contra o sector turístico regrado, redución dos ingresos tributarios, redución dos inmobles destinados a vivenda e aumento do prezo dos alugueiros e baleirado demográfico con diminución da actividade social e económica das zonas máis afectadas polo turismo, segundo as conclusións do informe), con foco específico na cidade histórica, e tentábanse cuantificar e medir a súa evolución. Así mesmo, ante a proliferación destas, o concello decretou en 2019 a suspensión dun ano de licenzas aos novos alugueiros turísticos, con obxecto de controlar o seu aumento antes da regulación definitiva. Esta medida contou cun amplo apoio dos grupos representados no pleno municipal. Accesoriamente, desde a Concellería de Vivenda, está a iniciarse un programa específico de inspección e control destas vivendas que provocan a alteración do mercado do alugueiro.

Para o segundo eixe, a ferramenta principal é o Plan de sostibilidade turística para a cidade de Santiago de Compostela, cuxa memoria, de 2020, toma en consideración aspectos e obxectivos como a desestacionalización, a sostibilidade ou a participación da poboación local. Como complemento a este plan, poñerase en marcha unha **Oficina de Estratexia de Turismo Sostible**.



7.2.4. Instrumentos de planificación

O **Plan estratéxico de turismo de Santiago de Compostela** 2017-2022 actualiza os dous plans anteriores na materia: o primeiro de 2003, que estivo vixente ata 2008, e o elaborado para o período 2009-2015. A finalidade do plan é dotar a Santiago dunha guía de traballo para consolidala como un destino turístico sostible, con base nunha serie de retos para a cidade no ámbito turístico e buscando da colaboración e o traballo conxunto de todas as entidades públicas e privadas que teñan relación co turismo. Establece cinco retos:

- **Gobernanza:** crear os mecanismos e instrumentos necesarios para mellorar a colaboración e a comunicación entre os actores relevantes no turismo de Santiago.
- **Descentralización turística:** crear novos polos de atractivo turístico que desconxestionen o centro histórico.
- **Desestacionalización da demanda:** promocionar novos produtos turísticos que aumenten as visitas a Santiago de Compostela fóra da tempada alta e que se afasten da concepción tradicional de Santiago como un destino relixioso, así como un incremento do tempo de estancia medio dos visitantes, a mellora das carencias percibidas para os peregrinos (longas colas para entrar á catedral, compostelá...) ou a profesionalización do sector turístico.
- **Sostibilidade do feito turístico:** potenciar Santiago como un destino verde, controlar a capacidade de carga, mellorar a mobilidade dos visitantes, lograr unha transformación sostible do sector turístico, controlar os pisos turísticos, realizar campañas de concienciación sobre o respecto á cidade dirixidas aos visitantes, implantar novas fiscalidades turísticas.
- **Investimento do fenómeno de xentrificación turística:** impulsar políticas de vivenda ou potenciar o transporte urbano.

Entre os retos identificados por este plan conseguíronse melloras nos tres primeiros, aínda que se debe seguir profundando en gobernanza e descentralización. Con todo, a sostibilidade e a xentrificación turística seguen sendo desafíos pendentes na cidade. Pola contra, emerxen novas problemáticas como o solapamento entre a tempada alta turística e o curso académico que xeran competencia polo mesmo espazo e rompen o beneficioso equilibrio que anteriormente se producía.

Pola súa banda, o Plan de sostibilidade turística, de 2020, establece cinco eixes de actuación aliñados cos ODS:

- **Gobernanza, estratexia e activación do sector turístico.** Crear organismos e instrumentos (Pacto Local, Observatorio, Estratexia) que permitan definir unha nova estratexia turística e mellorar as capacidades de xestión e seguimento.
- **Destino intelixente, mobilidade sostible e accesibilidade.** Mellorar a xestión dos fluxos turísticos e mellorar a experiencia, a seguridade das persoas e a saúde. Evitar conflitos.
- **Cidade histórica e estratexia verde.** Promover infraestruturas verdes e solucións baseadas na natureza como medidas de adaptación ao cambio climático e mellora da sostibilidade. Revitalizar as actividades produtivas urbanas e a economía creativa e poñer en marcha un proxecto vinculado á tradición gastronómica de Santiago e Galicia.
- **Transición ecolóxica sector turístico.** Mellorar a xestión ambiental das empresas turísticas para reducir o impacto do sector. Introducir medidas de sensibilización.
- **Renovación do márketing e creación de novos produtos e experiencias sostibles.** Aproveitar mellor

o potencial como destino de turismo cultural e gastronómico.

Este plan non dispón dun diagnóstico propio, senón que se recolle as achegas doutros plans anteriores. Un aspecto salientable nese sentido é que o plan propón a redacción doutros plans temáticos (en materia de mobilidade, economía circular aplicada ao turismo, cambio climático aplicado ao turismo e márketing), cos que coordinar unha estratexia global.

O **Plan de xestión da cidade histórica de Santiago de Compostela** contén, entre os seus obxectivos estratéxicos, o de “reorientar o modelo turístico reforzando a conservación e o coñecemento do patrimonio e a relación amigable coas persoas residentes”, que, á súa vez, inclúe as seguintes indicacións para os instrumentos urbanísticos:

- Ordenar o espazo público para permitir o control de accesos e a limitación de capacidade.
- Regular o uso da vivenda de uso turístico establecendo zonas non compatibles, zonas con restricións ou limitadas a determinadas vivendas e zonas con maiores tolerancias. Regulación dos requisitos urbanísticos das VUT.
- Regular e favorecer o alugueiro de cuartos en fogares.

A EDUSI ocúpase tanxencialmente deste ámbito temático, neste caso, na súa liña de actuación ‘A9. Desenvolvemento e promoción de activos culturais e naturais orientados ao turismo’.

A. Análise xeral | A2. Marco de Gobernanza

A singularidade de Santiago de Compostela como capital da Comunidade Autónoma de Galicia, Cidade Patrimonio da Humanidade e final das rutas de peregrinación, provoca que a gobernanza en temas de políticas económicas e de turismo sexa complexa, ao mesturarse plans dos distintos niveis da Administración, especialmente no que se refire ao Camiño de Santiago e o Xacobeo, pois intervén un gran número de actores, tanto de carácter público como de carácter privado.

En primeiro lugar, as Administracións públicas con competencias son as seguintes:

- **Nivel nacional (AXE):** Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; Ministerio de Traballo e Economía Social; Ministerio de Industria, Comercio e Turismo; Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.
- **Nivel autonómico (Xunta de Galicia):** Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo; Consellería

de Economía, Empresa e Innovación; Consellería de Emprego e Igualdade, Consellería de Facenda e Administración Pública.

- **Nivel local (Administración local):** Concello de Santiago de Compostela. Para unha xestión coordinada das políticas económicas e turísticas, resulta de grande importancia incluír unha serie de municipios vinculados a Santiago con presenza, material ou potencial, nestes ámbitos temáticos: Ames, Teo, Padrón, Oroso, O Pino, Boqueixón, Vedra e Brión.

No Concello as atribucións corresponden ao alcalde, quen, facendo uso da súa potestade, pode delegalas en membros da comisión de goberno. Estas son as concellerías que teñen atribucións específicas en materia de economía e turismo:

- **Alcaldía** (competencias en promoción económica, desenvolvemento industrial, traballo e emprego, comercio e Axenda Urbana).

- **Concellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo. Delegado do Ano Santo 2021 (Servizo de Turismo: Sociedade Municipal Información e Comunicación Local, S.A. Incolsa-Turismo de Santiago).**

- **Concellería de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración local** (Servizo de Xestión Tributaria, Recadación e Inspección. Atención ao Contribuínte, Programas Europeos, Coordinación Xestión de Axudas).

O pleno, á súa vez, como órgano fiscalizador da actividade dos órganos de goberno, ten comisións que estudan, informan e consultan os temas que se someten ao pleno, e xestionan todas as funcións que o pleno lle delegue directamente. Así, a comisión que ten voz en cuestións de economía e turismo é a seguinte:

- **Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e especial de contas.**

Por outra banda, aparece o **Consello Sectorial de Turismo**, un órgano de tipo consultivo, de gran relevancia por ser unha canle de participación dos actores sociais relevantes en temas de turismo, nunha cidade onde a importancia do turismo é capital.

Por último, o Concello ten participación en varios organismos externos de gran relevancia nas actividades económicas e turísticas da cidade:

- **Economía: Sociedade para a Promoción de Iniciativas Emprendedoras (UNINOVA); Sionlla Biotech.**

- **Turismo: Sociedade municipal de xestión do Transporte urbano de Santiago (TUSSA); Auditorio de Galicia; Xestión de recintos deportivos. Sociedade Mixta Deportiva (XADE).**

En segundo lugar, temos outros actores, tanto públicos como privados, que non son Administración pública, pero que tamén teñen gran relevancia no turismo e a economía de Santiago de Compostela:

- **Actores públicos: RENFE, AENA, Transporte Metropolitano de Galicia, Turismo de Galicia, Galicia Calidade, Q de Calidade, Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), Instituto Galego da Promoción Económica (Igapé), Axencia Galega**

de Innovación (GAIN), Universidade de Santiago de Compostela (USC), rede Woman Emprende

- **Actores privados: Asociación Área Empresarial do Tambre, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela; Clúster Turismo de Galicia; Clúster TIC; Clúster das Solucións Ambientais e Economía Circular; Clúster da Función Loxística de Galicia; Clúster da Madeira; BIOGA; Clúster Alimentario (Clusaga); Clúster Audiovisual Galego; Clúster Saúde de Galicia; FINSA; Fundación Catedral de Santiago ; Socitransa; Flixbus; Monbus; UTEGalicia; Aer Lingus; Air Europa; Air Nostrum; Easy Jet; Edelweiss air; Iberia; Lufthansa; Privilege Style; Ryanair; Vueling airlines; Michelin; Repsol.**

Débase destacar tamén, dentro do todo que é a Universidade de Santiago de Compostela, a importancia de departamentos específicos, que son os que concretamente participan en diversas áreas económicas e teñen a súa importancia na toma de decisións, como **a rede de centros de excelencia da USC (CiQUS, CiMUS, CiTIUS), diversos grupos de Investigación, como o Grupo de Análise e Modelización Económica (Game) do Instituto Universitario Galego de Estudos e Desenvolvemento (IDEGA), o grupo Innovación, cambio estrutural e desenvolvemento (ICEDE), o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) ou a área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC, que xestiona o edificio EMPRENDIA.**

B. Datos descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE

ECONOMÍA URBANA

DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

RANGOS municipios entre 50.000 y 100.000 habitantes

	VALOR	VALOR 1eiro CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3eir CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.ST.05 Superficie de solo previsto para actividades económicas (%)	7.1	4.5	13.2	26.1
D.19 Densidade de liñas de autobús e modos ferroviarios	-	-	-	-
D.22 Envellecemento da poboación				
D.22.a Índice de envellecemento da poboación (%)	21.1	13.5	16.1	19.7
D.23.b Índice de senectude da poboación (%)	19.7	12.9	14.8	19.5
D.23 Poboación estranxeira (%)	3.9	5.2	8.9	15.5
D.24 Índice de dependencia				
D.24.a Índice de dependencia total (%)	51.5	46.4	48.7	52
D.24.b Índice de dependencia infantil (%)	19.6	21.9	48.7	26.3
D.24.c Índice de dependencia de maiores (%)	32.3	20.1	24.3	30.6
D.26 Número de traballadores/as				
D.26.a Traballadores en sector agricultura (%)	1.0	0.4	1.1	2.1
D.26.b Traballadores en sector industria (%)	7.1	4.3	7.7	13.4
D.26.c Traballadores en sector construción (%)	4.1	4.5	6	7.5
D.26.d Traballadores en sector servizos (%)	87.9	73.9	81	87.9
D.27 Número de establecementos				
D.27.a Establecementos en sector agricultura (%)	0.6	0.2	1	2.3
D.27.b Establecementos en sector industria (%)	3.7	3.1	4.6	7.8
D.27.c Establecementos en sector construción (%)	4.0	5.1	6.5	8.1
D.27.d Establecementos en sector servizos (%)	91.7	79.6	86.1	89.8
D.28 Taxa de paro				
D.28.a Porcentaxe de parados total (%)	9.5	9.2	11.6	14.3
D.28.b Porcentaxe de parados entre 25 e 44 anos (%)	47.3	40.6	42.6	45.1
D.28.c Porcentaxe de paro feminino (%)	54.4	55.5	57.8	59.6
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Os datos descritivos da AUE presentan unha poboación moi envellecida, con índices elevados de envellecemento, senectude e dependencia de maiores. Como aspecto positivo móstrase unha porcentaxe de paro feminino por debaixo da media das cidades españolas. O paro xuvenil é, con todo, superior á media, como o é a porcentaxe de establecementos do sector servizos. **Como reto poderíase extraer a necesidade de transformar a economía local cara a unha menor dependencia do turismo e cara a unha maior integración dos mozos.**

B. Datos descritivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados

En relación coa economía urbana, a Rede Española de Desenvolvemento Sostible dispón dun conxunto relevante de indicadores sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Definición	Valor
Ratio 20:20 en desigualdade da renda (1)	5,48 %
Taxa de poboación en pobreza alta (2)	7,1 %
Taxa de pobreza infantil (3)	17,2 %
Taxa de poboación en risco de pobreza (4)	13,7 %
Agricultura ecolóxica (5)	0,25 %
Taxa de empregados en agricultura	0,8 %
Explotacións agrarias e forestais (6)	0,76 %
Superficies de cultivo	29,19 %
Fenda salarial en pensións (7)	30,93 %
Fenda salarial en asalariados (8)	22,23 %
Accidentalidade laboral (9)	3.792 / 100.000 hab.
Taxa de desemprego	11,77 %
Impacto da covid-19 no desemprego (10)	23,17 %
Taxa de desemprego xuvenil (11)	4,82 %
Taxa de parados de longa duración	4,3 %
Índice de dependencia por sector de emprego (12)	2,75
Taxa de crecemento do PIB	2,88 %
Taxa de crecemento da produtividade	1,31 %
Taxa de empregados en industria	6,11 %
Gasto en investigación, desenvolvemento e innovación	1,7 %
Patentes solicitadas	15,56 / 1.000 hab.
Superficie de solo prevista para actividades económicas	7,15 %
Turismo sostible (13)	4,13 / 100 hab.

- (1) Ratio 20:20 en desigualdade da renda: cociente entre a renda do 20 % máis rico e o 20 % máis pobre.
 (2) Taxa de poboación en pobreza alta: poboación con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 40 % da mediana.
 (3) Taxa de pobreza infantil: poboación menor de 18 anos con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 40 % da mediana.
 (4) Taxa de poboación en risco de pobreza: poboación con ingresos por unidade de consumo por debaixo do 60 % da mediana.
 (5) Agricultura ecolóxica: superficie de agricultura ecolóxica fronte á superficie de agricultura total.
 (6) Explotacións agrarias e forestais: % de solo de explotacións agrarias e forestais que se calcula respecto á superficie de todo o termo municipal.
 (7) Fenda salarial en pensións: proporción de percepcións salariais entre homes e mulleres por provincia.
 (8) Fenda salarial en asalariados: proporción de percepcións salariais entre homes e mulleres por provincia.
 (9) Accidentalidade laboral: ratio de accidentes con resultado de baixa por cada 100 000 afiliados á Seguridade Social por provincia.
 (10) Impacto da covid-19 no desemprego: diferenza de persoas desempregadas entre setembro de 2019 e setembro de 2020.
 (11) Taxa de desemprego xuvenil: porcentaxe de menores de 25 anos desempregados fronte ao total de desempregados.
 (12) Índice de dependencia por sector de emprego: índice de vulnerabilidade a partir da diversidade de emprego.
 (13) Turismo sostible: cociente de estancias ao día por cada 100 habitantes.

Indicadores Urban Audit relacionados.

Tamén hai que destacar, en relación con este ámbito temático, a información contida nalgúns indicadores da base de datos de Urban Audit:

Definición	Valor	Año
Taxa de desemprego (1)	11,77 %	2018
Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa (2)	88,17 %	2018
Taxa de actividade (3)	56,7 %	2018
Proporción de emprego en servizos (4)	88,13 %	2017
Proporción de emprego en industria (5)	6,09 %	2017
Número de estancias turísticas anuais	1.514.429	2017
Número de prazas dispoñibles en establecementos turísticos (6)	8.811	2017

- (1) Taxa de desemprego: cociente entre o número de parados e o número de activos.
 (2) Proporción de ocupados entre 20-64 anos sobre a poboación activa: cociente entre os ocupados de 20-64 e a poboación activa nese rango de idade.
 (3) Taxa de actividade: cociente entre o total de activos e a poboación de 16 e máis anos.
 (4) Proporción de emprego en servizos: estimacións xeradas a partir de informacións provenientes do Directorio Central de Empresas (DIRCE).
 (5) Proporción de emprego en industria: estimacións xeradas a partir de informacións provenientes do Directorio Central de Empresas (DIRCE).
 (6) Número de prazas dispoñibles en establecementos turísticos: número de persoas que poden permanecer durante a noite nas camas instaladas no establecemento, ignorando as camas suplementarias que poidan crearse a pedimento do cliente. O termo aplícase a unha cama individual. A cama dobre cóntase como dúas prazas.

C. Análise DAFO | c1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. Excesivo peso do sector servizos, que supón un 84 % das empresas, o 87 % do VAB e o 87 % do emprego. Isto determina, ademais, que o tecido empresarial de Santiago estea formado nun 94 % das sociedades por microempresas. O sector industrial ten pouco peso no municipio (7,4 % do VAB) e o primario é economicamente irrelevante (0,5 % do VAB).

D2. As grandes empresas da área de Santiago pertencen a sectores maduros (madeira, aluminio, enerxía, lácteo, servizos urbanos ou venda de automóviles), cunha implantación xa afastada no tempo. Aínda que é certo que están moi consolidados, non parecen emerxer novos actores económicos e algunhas experiencias neste sentido fracasaron (como Blu:Sens).

D3. Boa parte das principais industrias da área urbana sitúanse fóra do municipio de Santiago. Nun contexto institucional en que non existen instrumentos de planificación nin mecanismos de cooperación para articular estratexias comúns, as decisións sobre política económica quedan en mans de políticas sectoriais da Xunta de Galicia ou das propias empresas.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. Os sectores económicos da cidade presentan unha produtividade maior que os doutras cidades de Galicia, xa que, sendo o quinto municipio en poboación da comunidade, é o terceiro en canto ao PIB.

F2. A innovación presenta na área de Santiago varios puntos fortes: por unha banda, a existencia dun incipiente sector das TIC cun grupo de empresas xa consolidado; en segundo lugar, a presenza da Universidade, cun gran potencial investigador e formador de perfís profesionais cualificados; e, en terceiro lugar, a existencia de políticas públicas de promoción que xa están a impulsar a día de hoxe a creación dun polo biotecnolóxico na cidade.

F3. A condición de capital de Galicia e a súa situación xeográfica central, tanto para as grandes infraestruturas de transporte como respecto do conxunto do sistema urbano, supoñen un grande atractivo para a implantación de empresas.

D4. Incapacidade de crear empresas innovadoras a partir dunha poboación con moi bo nivel de formación e con acceso a centros de investigación de calidade.

F4. Santiago de Compostela dispón dunha marca turística diferenciada, coñecida a nivel mundial e cun forte compoñente cultural, que lle proporcionan os seus camiños de peregrinación. Ademais, os viaxeiros que chegan á cidade declaran, na súa maioría, a súa vontade de volver.

D5. Irrelevancia do sector primario nun territorio sometido décadas atrás a profundos procesos de concentración parcelaria con fins agrarios. Escaso cooperativismo agrario.

D6. Excesiva concentración espacial do sector turístico na cidade central.

D7. O perfil do viaxeiro que chega á cidade non é o que xera unha maior rendibilidade e ademais tende a non alongar a súa estancia durante varios días.

C. Análise DAFO | c2. Análise Externa

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. Excesiva dependencia económica de sectores maduros que, nalgúns casos, poderían ter unha limitada capacidade de adaptación ante transformacións futuras.

A2. Incerteza sobre o futuro do actual sector hostaleiro, debido aos efectos derivados da pandemia de covid-19 e á falta de escenarios claros de futuro que limitan a capacidade de adaptación das empresas e das administracións.

A3. A extensión e a consolidación da tempada alta (que conseguiu desestacionalizarse) ameaza con producir problemas de conxestión turística na cidade e está a romper o equilibrio que permitía que os mesmos aloxamentos albergasen os estudantes durante o curso académico e os turistas durante o verán, que era moi eficiente desde o punto de vista da economía de recursos e de evitar a conxestión.

A4. O fenómeno do overturism supón un gran risco porque pode situar a cidadanía en contra do turista e, ao mesmo tempo, empeorar a experiencia do turista na cidade. A xentificación turística dá lugar a unha desnaturalización do espazo urbano, que é o principal atractivo da cidade de Santiago.

A5. O incremento de rendibilidade que producen as vivendas de uso turístico sobre o uso de vivenda habitual ou de alugueiro a estudantes tende a incrementar os prezos das vivendas e a expulsar os residentes desde os barrios centrais a localizacións máis periféricas.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. Posibilidade de xerar un tecido empresarial innovador a partir dun fortalecemento das interrelacións entre Universidade e empresas locais.

O2. Interese crecente a nivel internacional pola produción local de alimentos, a soberanía alimentaria e o consumo de produtos km 0, como motor para unha reactivación do sector primario que permita poñer en carga produtiva o territorio.

O3. Pertencer á rede de cidades Patrimonio da Humanidade posibilita o establecemento de alianzas entre cidades que reforcen o perfil de Santiago e o seu posicionamento internacional.

O4. A existencia dun territorio ambiental e patrimonialmente interesante na periferia rural do municipio de Santiago, así como nos concellos limítrofes, permitiría impulsar estratexias de desconcentración e descentralización do turismo que, sen expulsar o turista e aumentando a duración das súas estancias, eviten a masificación do centro urbano e permitan reactivar o territorio.

O5. Posibilidade de reforzar o tecido de cooperativas residenciais para implantar novas políticas de vivenda que fagan fronte á conversión de vivendas en aloxamentos turísticos.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Economía Urbana

RETO

01.

Necesidade de xerar unha maior integración entre a universidade e o tecido empresarial para fomentar un reforzamento e transformación da estrutura económica da cidade e a súa área de influencia, favorecendo a emerxencia de novos sectores económicos con capacidade de desenvolvemento futuro e xeradores de emprego de calidade.

A cidade de Santiago ten potencialmente un enorme capital humano dispoñible para a creación dun tecido empresarial diversificado e innovador, pero non parece estar a aproveitalo suficientemente.

RETO

02.

Necesidade de reforzar a planificación e a gobernanza a nivel supramunicipal para xerar unha acción coordinada (horizontal e verticalmente) en materia de solo, infraestruturas e promoción de novas actividades económicas, recoñecendo a área urbana como o verdadeiro ámbito territorial da economía compostelá.

Unha parte moi relevante dos sectores industriais vinculados á cidade sitúanse fóra do municipio de Santiago nun contexto de ausencia dunha cooperación, coordinación e planificación conxunta.

RETO

03.

Posibilidade de transformar e reforzar o sector primario a través da promoción do consumo de alimentos de produción local, que se apoie na potente hostalería local. Posibilidade de complementar este proceso con novas fórmulas de explotación forestal que, en conxunto coa transformación do sector agrario, permitan poñer en carga produtiva o territorio de Santiago.

O peso económico do sector primario é practicamente irrelevante en Santiago, que, con todo, dispón dun vasto territorio, transformado na súa estrutura da propiedade para optimizar o uso agrario e isto nun contexto de crecente interese polo consumo de alimentos de km 0. Por outra banda, o sector industrial da madeira é o de maior envergadura na cidade.

RETO

04.

Necesidade de desconxestionar a cidade mediante unha descentralización do aloxamento turístico á periferia municipal ou a outros municipios adxacentes, para conseguir que a cidade central alcance un certo equilibrio, que os beneficios económicos do turismo sirvan para reactivar territorios menos dinámicos e que a duración das estancias turísticas sexa maior.

O fenómeno do overturism, vinculado ao incremento de viaxeiros e á extensión da tempada turística, está a conxestionar o centro urbano, o que implica unha crecente conflitividade cos residentes na cidade, que en moitos casos empezan a verse prexudicados polos efectos colaterais do turismo masivo e continuo

RETO

05.

Necesidade dunha política pública de vivenda que evite estes procesos de desprazamento da poboación e garanta o uso residencial nos espazos centrais da cidade. Posibilidade de apoiarse nas cooperativas de vivenda para despregar este tipo de políticas.

O parque residencial dos barrios centrais da cidade (centro histórico, Ensanche, Barrio de San Pedro etc.) está a sufrir a presión para a súa transformación en vivendas de uso turístico, o cal podería expulsar a poboación local destes barrios cara a localizacións periféricas



08

Vivenda


A. Análise xeral | A1. Ámbitos temáticos AUE

8.1 PARQUE DE VIVENDA


8.1.1. Caracterización do parque de vivenda no municipio

Segundo os datos do Censo de Poboación e Vivenda de 2011 (Instituto Nacional de Estatística), existían nesa data no municipio de Santiago de Compostela un total de 56 176 vivendas familiares. De entre estas, **37 111 (66 %) correspóndese con vivendas baleiras, 9553 (17 %) con vivendas secundarias e 9512 (17 %) con vivendas baleiras.**


A distribución de vivendas principais segue unha serie de patróns claros: por unha banda, nas zonas de recente urbanización, con elevadas porcentaxes de vivenda de protección, como é o caso do Polígono de Fontiñas, a vivenda principal supera porcentaxes do 90 %. Noutros polígonos residenciais máis antigos e as áreas periurbanas de vivenda unifamiliar estas porcentaxes sitúanse nunha pinza entre o 60 e o 90 % de vivendas principais. Na cidade histórica e nas rúas históricas de Vista Alegre e o Barrio de San Pedro descenden ao 40-60 % posiblemente porque haxa un maior número de vivendas que se destinan ao alugueiro a estudantes e/ou turistas. Isto último acentúase no **Ensanche e na contorna das avenidas de Ferrol e Vilagarcía, onde a vivenda principal descende ata o 30-40 %, ao tratarse de áreas da cidade cunha forte tradición de alugueiro a estudantes.**



Porcentaxe de vivenda principal. Fonte: Instituto Nacional de Estatística, Censo de Poboación e Vivendas, 2011.



Porcentaxe de vivenda secundaria. Fonte: Instituto Nacional de Estatística, Censo de Poboación e Vivendas, 2011..




Porcentaxe de vivenda baleira. Fonte: Instituto Nacional de Estatística, Censo de Poboación e Vivendas, 2011.


En coherencia cos datos de vivendas principais, a distribución das secundarias é practicamente o negativo perfecto desas, de maneira que no Ensanche e as áreas próximas ao Campus Sur o número de vivendas secundarias sitúase entre o 40-50 %. Destaca tamén a zona de Piñeiro e o eixe da estrada de Ourense (N-525) con porcentaxes mesmo maiores.

Por outra banda, a vivenda baleira que, segundo os datos do Censo, alcanza unha porcentaxe preocupante (17 %), distribúese a través dos diferentes tecidos urbanos e barrios da cidade, cunha menor presenza en áreas de recente urbanización como o Polígono de Fontiñas ou Santa Marta, e mesmo no Ensanche. Ademais, alcanza porcentaxes de arredor do 30 % en áreas próximas aos polígonos industriais, ao norte, e á estrada AC-841, ao sur, xunto ao límite co municipio de Teo.

En canto á **vivenda de uso turístico, con datos pouco consolidados procedentes do INE experimental, si se pode comezar a intuír unha distribución en catro zonas diferenciadas:** a cidade histórica, onde se concentra a maior parte deste tipo de vivendas; nun segundo nivel, as rúas históricas adxacentes a esta; en terceiro lugar, os tecidos de cidade compacta que rodean as dúas zonas citadas e unha serie de núcleos rurais situados no eixe do Camiño Francés, por unha banda, e do outro lado do Sarela arredor do monte Pedroso, pola outra; finalmente queda o resto do termo municipal, con porcentaxes moito menores de vivenda turística. Esta distribución territorial fálanos dunha **clara concentración espacial da vivenda de uso turístico que podería derivar en fenómenos non desexados de desprazamento da poboación residente e dunha turistificación respecto á cal os efectos sobre a vivenda son uns dos máis relevantes, pero non os únicos.**



Porcentaxe de vivenda de uso turístico. Fonte: Instituto Nacional de Estatística, 2020.



Prezo medio do alugueiro de vivenda. Fonte: Instituto Nacional de Estatística, 2020.

Os datos sobre prezo medio do alugueiro de vivenda permiten facer unha primeira distinción, moi evidente, entre a cidade consolidada e a periferia urbana e rural, xa que son claramente superiores os prezos por metro cadrado no centro urbano. Isto pódese deber a dous factores: unha variabilidade nos prezos en función da centralidade e o acceso a servizos das vivendas, pero tamén a que as vivendas periféricas, ao ser maioritariamente unifamiliares e con superficies totais moito maiores, presenten un menor prezo por unidade de superficie. Dentro do tecido urbano compacto obsérvanse diferenzas que responden a factores de localización e/ou características das vivendas. **Os prezos máis altos (superiores a 10 €/m² ao mes) danse nas áreas máis prestixiadas do Ensanche e nas áreas residenciais de construción máis recente: Galeras, Santa Marta, Restollal etc. Por outra banda, obsérvanse prezos menores nos polígonos residenciais máis envellecidos e cun parque de vivendas en peores condicións de habitabilidade: Salgueiriños, Vite, Pontepedriña etc.**

Por outra banda, o Instituto Galego de Estatística (IGE) ofrece unha serie de datos, procedentes das enquisas a fogares, que permiten afinar a caracterización do parque de vivenda. A grandes liñas, dous terzos das vivendas de Santiago son plurifamiliares fronte a un terzo unifamiliar. En canto ao tamaño das vivendas, só un 14 % do parque posúe un tamaño inferior a 60 m², mentres que o 41 % sitúase entre 60-90 m² e o 45 % supera os 90 m². Respecto á tipoloxía de fogar, os fogares unipersoais supoñen un 22 % e os de parellas sen fillos un 25 %, ambos con evolución á alza, mentres que os de parellas con fillos eran un 28 % en 2019 e con evolución á baixa, cuestión que, máis alá do cambio de modelo de familia, podería relacionarse con que este tipo de familias, con maiores necesidades de espazo e elevados gastos, estean a desprazarse a outros municipios da área urbana. **É dicir, moi probablemente o mercado de vivendas estea pouco adaptado ás necesidades presentes dos fogares santiagueses, xa que presenta vivendas grandes habitadas maioritariamente por persoas maiores soas e ás que, por prezo, dificilmente poderían acceder as novas familias novas.**

Fogares segundo a superficie da vivenda (2020)	Porcentaxe	Número
Ata 60 m ²	13,99	5.537
De 60,01 a 90 m ²	41,05	126.248
De 90,01 a 120 m ²	24,24	9.595
Máis de 120 m ²	20,73	8.205

Fogares segundo a clase de vivenda e tipo de edificio (2020)	Porcentaxe	Número
Vivenda unifamiliar	35,22	13.941
Edificio con máis dunha vivenda	64,78	25.644

Fogares segundo a antigüidade da vivenda (2020)	Porcentaxe	Número
Menos de 10 anos	3,88	1.537
De 10 a 19 anos	18,98	7.513
De 20 a 49 anos	48,85	19.338
De 50 ou máis anos	28,29	11.197

Fogares segundo o réxime de tenencia da vivenda (2020)	Porcentaxe	Número
En propiedade sen hipoteca	50,75	20.091
En propiedade con hipoteca	17,14	6.787
En alugueiro	23,20	9.183
Cedida ou outro	8,90	3.523

En canto á idade do parque residencial, un 77,14 % ten máis de 20 anos de antigüidade e o 28,29 % máis de 50. **En xeral, trátase de vivendas ben equipadas**, xa que a práctica totalidade posúe equipamento básico, un 64 % ten garaxe e unha 53 % terraza, patio ou xardín. Unha pequena porcentaxe das vivendas presenta problemas de falta de espazo (15,24 %) ou de luz natural insuficiente (13,29 %). Con todo, **son máis as que mostran problemas de humidades (22,84 %) ou de illamento térmico ou acústico insuficiente (22,12 %).**

Por último, e respecto á vinculación entre as vivendas e o espazo público e/ou as dotacións e equipamentos de barrio, destaca na enquisa a fogares que **o 38 % das vivendas presente problemas relacionados coa accesibilidade**, unha circunstancia moi limitador para determinados colectivos como as persoas con diversidade funcional ou as persoas maiores. A isto hai que sumar que un 30,8 % atopa deficiencias no acceso ao transporte público e un 32,87 % insuficiencia de contedores de reciclaxe. A porcentaxe de fogares que declaran problemas no contorno das súas vivendas por insuficiencia de espazos públicos abertos ou de servizos sanitarios, ou por delincuencia ou vandalismo, é claramente menor (entre o 10-15 %).

Fogares que dispoñen de determinados servizos exteriores na vivenda (2020)	Porcentaxe	Número
Terraza, patio ou xardín	52,69	20.858
Tendal	74,86	29.635
Recollida selectiva de residuos	88,10	34.875

Fogares que dispoñen de determinados equipamentos (2020)	Porcentaxe	Número
Equipamento estándar*	98,07	38.820
*Considérase equipamento estándar o conxunto formado por frigorífico, lavadora e televisor	89,54	35.443
Microondas	49,11	19.440
Lavalouza	35,21	13.937
Secadora	44,60	17.653
Cámara de fotos	25,89	10.247
Reprodutor/gravador DVD, Blu-ray	97,75	38.694
Teléfono móbil	68,11	26.961
Teléfono fixo		

Fonte: IGE, 2020.

Problemáticas dentro das vivendas (2020)	Porcentaxe	Número
Fogares sen problemas na vivenda	50,63	20.042
Fogares con determinados problemas na vivenda		
Falta de espazo	15,24	6.032
Ruídos (tráfico, negocios, veciños...)	16,07	6.361
Luz natural insuficiente nalgunha habitación	13,29	5.262
Deficiencias de illamento térmico ou acústico	22,12	8.757
Humidades	22,84	9.040

Problemáticas asociadas á contorna das vivendas (2020)	Porcentaxe	Número
Deficiencias no acceso ás vivendas (iluminación, beirarrúas, acceso para discapacitados...)	38,18	15.114
Deficiencias noutro mobiliario urbano (bancos, papeleiras, marquesiñas...)	26,31	10.413
Delincuencia ou vandalismo	14,26	5.644
Presenza de lixos	20,83	8.246
Insuficiencia de contedores de reciclaxe	32,87	13.013
Insuficiencia de espazos abertos públicos para o lecer (parques...)	11,71	4.634
Deficiencias nos servizos de transporte (paradas, rutas, frecuencias...)	30,80	12.194
Insuficiencia de servizos sanitarios de atención primaria	12,05	4.770

Fogares segundo a carga que supoñen os gastos totais da vivenda (2020)	Porcentaxe	Número
Unha carga pesada	38,38	15.191
Unha carga razoable ou ningunha carga	61,62	24.393

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Fogares segundo a tipoloxía do fogar (2020)									
Unipersoal	19.77	16.74	21.93	23.59	26.28	21.15	22.05	23.35	22.07
Parella con fillos	34.45	39.01	37.73	32.45	32.5	28.81	34.67	31.37	28.23
Parella sen fillos	23.32	21.71	24.03	24.14	21.63	24.03	24.7	22.88	25.65
Monoparental	11.38	11.02	7.83	8.93	10.7	14.64	10.29	12.2	11.84
Outro tipo	11.08	11.52	8.47	10.89	8.89	11.38	8.29	10.19	12.21

Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos

15.99 12.59 19.41 19.84 14.97 20.56 14.94 18.4 17.94


Idade media dos fogares unipersoais

57.64 55.3 59.36 60.8 52.82 61.89 54.71 57.8 57.84

	2019	2020	2021
Pensións	123	124	126
Vivendas turísticas	6	3	3
Vivendas de uso turístico	512	681	736

Fonte: IGE, 2020.

Como xa se sinalou nas análises correspondentes aos ámbitos 2 (modelo de cidade) e 6 (cohesión social) do presente documento, o Atlas da Vulnerabilidade Urbana identifica en Santiago dúas áreas estatisticamente vulnerables (en diante AEV), correspondentes á zona monumental e á avenida de Lugo, onde se atopa unha vulnerabilidade urbana asociada ao estado da edificación.



Año da edificación e tipoloxía edificatoria. Fonte: Observatorio Metropolitano de Galicia

Na AEV correspondente á zona monumental a idade da edificación é en boa parte anterior a 1940. Trátase dunha parte da cidade na que operan numerosas salvagardas de tipo patrimonial, o que redunda en altos custos de rehabilitación e longos prazos de tramitación e de construción, aínda que é certo que nesta área están a funcionar diversos programas de axudas á rehabilitación, por parte de diversas administracións. Na AEV da Av. de Lugo a edificación é maioritariamente das décadas de 1960-70.



Edificios catalogados na cidade histórica. Fonte: Xeoportal

Segundo os datos do propio Observatorio, a porcentaxe de vivendas baleiras nos dous ámbitos é sensiblemente inferior ao do conxunto da cidade (490 viv., un 9 %), aínda que si é elevado o número delas que se atopa en estado ruinoso, malo ou deficiente (1010 viv., un 18 %). A inmensa maioría son vivendas plurifamiliares (94 %) e aínda que non hai datos sobre a dispoñibilidade de ascensores, a idade da edificación e o feito de que un 27 % teñan catro ou máis plantas fai pensar que o número delas sen ascensor poida ser significativo.

Definición	Valor
Número de vivendas en áreas estatisticamente vulnerables (AEV)	5.460
Vivendas familiares	5.460
Vivendas principais	3.630
Vivendas secundarias	215
Vivendas baleiras	490
Vivendas unifamiliares	310
Vivendas en edificios de vivenda plurifamiliar	5.150
Vivendas con superficie menor de 30 m ²	10
Vivendas sen cuartos de aseo con inodoro	10
Vivendas sen baño ou ducha	10
Vivendas en edificios en estado ruinoso, malo ou deficiente	1.010
Vivendas en edificios anteriores a 1940	1.030
Vivendas en edificios de catro ou máis plantas	1.455
Vivendas principais en edificios de catro plantas ou máis sen ascensor	s.d.
Vivendas principais con calefacción individual	1.920
Vivendas principais con calefacción colectiva	s.d.
Vivendas principais sen calefacción	s.d.
Superficie media útil por habitante	59,22

8.1.2. Demanda de vivenda

Segundo os datos proporcionados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), en xuño de 2021 constan no Rexistro de Demandantes de Vivenda un total de 739 persoas. De entre estas, a maior parte (443) correspóndese con demandantes de vivenda en alugueiro, unha cuarta parte (160) son demandantes de vivenda para compra e, por último, constan 136 demandantes de vivenda en alugueiro con opción a compra. Por outra banda, do total de demandantes, 520 sono de vivenda de promoción pública e 219 de vivenda de promoción privada.

Tipo de vivenda	Com- pra	Alugueiro	Alugueiro opción de compra	TOTAL
Vivenda de protección oficial promoción pública	62	312	123	497
Vivenda de promoción pública Núcleos rurais e centros históricos	11	8	4	23
Vivenda de promoción privada réxime especial	14	6	6	26
Vivenda de promoción privada réxime xeral	44	100	3	147
Vivenda de promoción privada réxime concertado	29	17	0	46
TOTAL	160	443	136	739

Demandantes de vivenda no municipio de Santiago de Compostela. Fonte: Instituto Galego da Vivenda e Solo, Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da C. A. de Galicia, 2021.

Por tanto, o número de demandantes de vivenda rexistrados en Santiago supón un 0,77 % sobre o total de poboación empadroada. Esta cifra sitúa a capital en quinta posición entre as sete cidades galegas: lonxe das primeiras, que son Vigo (1,82 %), Lugo (1,15 %) e Pontevedra (1,12 %); en cifras similares ás cidades da Coruña (0,85 %) e Ferrol (0,71 %); e moi por riba de Ourense (0,27 %). Dos municipios da área urbana só Ames (0,32 %) e Brión (0,68 %) presentan porcentaxes relevantes de demandantes de vivenda, en valores similares aos de municipios metropolitanos da área da Coruña (como Oleiros, Culleredo, Cambre ou Arteixo).

Ano	Variación neta do parque de vivendas	Nova super- ficie residen- cial (m2)	Vivendas nova planta	Vivendas en rehabilitación	Vivendas en demolición
2010	692	137.159	708	7	23
2011	281	57.243	279	8	6
2012	61	11.203	40	28	7
2013	25	5.001	25	8	8
2014	11	4.479	15	5	9
2015	43	7.013	45	14	16
2016	100	23.558	105	29	34
2017	100	21.745	94	19	13
2018	243	51.759	233	20	10
2019	210	47.757	206	15	11
Total	1.766	366.917	1.750	153	137

Año	Número de transaccións inmobiliarias por réxime de vivenda		Número de transaccións inmobiliarias por tipo de vivenda	
	Libre	Protexida	Nova	2ª man
2010	788	148	464	472
2011	563	38	337	265
2012	621	126	431	316
2013	544	17	246	315
2014	518	30	127	421
2015	370	11	54	327
2016	530	48	52	526
2017	611	80	96	595
2018	741	22	92	671
2019	732	39	127	644
Total	6.018	559	2.026	4.552
Valor taxado de vivenda libre (terceiro trimestre 2021)			Valor (€ /m2)	
Ata cinco anos de antigüidade			1.952,20	
Máis de cinco anos de antigüidade			1.640,70	

Por outra banda, para a caracterización do mercado de vivenda en Santiago, os datos do IGE permiten detectar algunhas tendencias. En canto á variación neta do parque de vivendas, pódese ver como entre os anos 2010 e 2012 o crecemento do parque residencial pasou de 692 a 61 vivendas, unha redución superior ao 91 %. De aí seguiría descendendo ata facerse practicamente nulo en 2014 (once vivendas). En 2016 e 2017 recupérase un ritmo de crecemento de 100 vivendas/ano, superándose as 200 en 2018 e 2019. Aínda que os números son modestos, o número de vivendas rehabilitadas incrementouse desde 2015, situándose entre as 15-30 vivendas/ano, o que pode ser un bo sinal para a recuperación das bolsas de vivenda en mal estado que aínda existen no municipio.

En canto ás transaccións inmobiliarias, cómpre destacar en primeiro lugar que, das 6577 realizadas entre 2010 e 2019, o 91,5 % (6018) son de vivenda libre e o 69,2 %, de vivenda de segunda man. Deste xeito, **a vivenda protexida perdeu o seu papel no mercado inmobiliario, nun período que coincide co fin das axudas públicas á compra de vivenda; e, por outra banda, a vivenda de segunda man converteuse en auténtica protagonista dese mesmo mercado, xa que, aínda que en 2010 representaba o 50 % das transaccións, en 2019 xa supoñía un 84 %.**

8.1.3. Políticas públicas en materia de vivenda e xestión de solo residencial

O desenvolvemento urbano de Santiago de Compostela desde a aprobación do **Plan xeral de 1990 caracterizouse por un forte protagonismo da iniciativa pública na xestión do solo, tanto de vivenda como de actividades económicas.**

Os principais axentes públicos foron o propio Concello de Santiago, que levou a iniciativa de planeamento en diversos plans parciais de finais dos 90 e principios dos 2000 (SUP-5 Choupana, SUP-3 Pontepedriña, SUNP-6 San Lázaro, SUP-2 Cornes, SUP-6 Santa Marta, SUNP-20 Amanecida); o Instituto Galego de Vivenda e Solo, que mediante convenios co Concello levou a iniciativa en desenvolvementos residenciais como o SUNP-5 A Muíña, SUNP-15 Ponche Pereda-Conxo, SUNP-9 Belvís, SUP-7 Pontepedriña II, SUNP-13 Estrada da Estrada, SUNP-16 Volta do Castro, SUNP-2 Salgueiriños, SUNP-3 Canelas-Mallou, SUNP-7 O Avío, SUNP-12 Lamas de Abade, SUNP-31 San Marcos – Sector 1 e SUNP-27 Piñeiro. Por último, tamén tivo un papel relevante a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Santiago de Compostela, S.A. (EMUVISSA), que na primeira década dos 2000 desenvolveu sectores como o SUNP-1 Meixonfrío, SUNP14 Tras Paxonal ou o SUNP-22 Castro de Abaixo. Mención á parte merece a actuación do Polígono de Fontiñas, a principal operación de vivenda pública realizada no termo municipal de Santiago, aínda que a súa orixe, na que participou o daquela Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo, é anterior ao Plan xeral de 1990.

A empresa EMUVISSA disolveuna o Concello a finais do ano 2012, co que a cidade renunciou a un dos seus principais instrumentos para a intervención no mercado de solo e da vivenda.

Vinculado ao xa exposto, cómpre sinalar que Santiago de Compostela é, a día de hoxe, a cidade de Galicia con maior número de cooperativas de vivenda activas: 32 no municipio de Santiago (un terzo das rexistradas en Galicia), ás que habería que sumar outras dúas no de Ames (pertencente á área urbana e co que a cidade comparte mercado inmobiliario); o segundo é Vigo, con 30, e o terceiro A Coruña, con 13. O resto de cidades mostra cifras moito menores. Este feito probablemente sexa unha consecuencia da tradición de xestión pública de solo que esta cidade tivo desde o Plan xeral de 1990 e a pesar de que a maior parte destes solos desenvolvéronse hai anos e a maior parte das cooperativas probablemente se disolveron. En calquera caso, a existencia dun tecido social cooperativo en materia de vivenda pode ser un facilitador clave para a implantación futura de novas iniciativas deste tipo.

8.1.4. Instrumentos de planificación

O Plan xeral de ordenación municipal de 2007 contiña solo programado para 27 584 novas vivendas: 6476 en plans parciais e de sectorización e nas unidades de xestión en solo urbano en execución, procedentes do plan anterior. O solo urbano consolidado regulado por ordenanza dispoñía dunha capacidade para 5015 novas vivendas; o solo urbano non consolidado tiña unha capacidade para 2209 novas vivendas; e o solo urbanizable delimitado polo plan contiña previsións para 13 885 novas vivendas. Ademais do solo programado, o plan contiña unha reserva adicional de solo para outras 5728 vivendas, situada en solo urbanizable non delimitado. Por outra banda, a capacidade residencial dos núcleos rurais, considerando exclusivamente o potencial por consolidación, elevábase a 3875 vivendas. Desta forma, o teito total de capacidade do modelo alcanzaba as 37 188 novas vivendas.

Dentro do conxunto de novas vivendas previstas, a revisión do PXOM prevía a reserva de solo para 9363 vivendas sometidas a algún réxime de protección pública no solo urbano non consolidado e no novo solo urbanizable inmediato, a sumar á capacidade remanente recollida nos sucesivos protocolos subscritos co IGVS con planeamento en desenvolvemento, que supoñía 3211 vivendas. En total, solo para 12 574 vivendas de protección pública equivalente a algo máis do 45,5 % da capacidade de solo programado polo plan. As reservas legais obrigadas de vivenda protexida en solo urbanizable diferido sumaban outras 1144 vivendas.



Distrito	Polígono	% sup. residencial destinada a VPO
Distrito 1	P-1 CANCELAS-MALLOU	30
	P-2 SALGUEIRIÑOS DE ARRIBA	40
	P-3 SUBESTACIÓN DE SAN CAETANO	25
	P-5 ALMÁCIGA I	40
	P-25 SALGUEIRIÑOS II	100
	P-41 RÚA DA QUEIMADA	30
	P-42 CRUCEIRO DA CORUÑA	30
Distrito 2	P-11 CASTIÑEIRIÑO	40
	P-14 AGRO DAS BARREIRAS	30
	PERI-A COMBARRO SUR	25
Distrito 3	PERI-B	25
	P-22 BURGO DAS NACIÓNS-UNIVERSIDADE	100
Distrito 4	P-39 CASAS DO REGO	20
	P-34 ENSANCHE	20
Distrito 5	PERI-2R NOGUEIRA	82
	P-38 MILLADOIRO	35
Distrito 6	PERI 3R SAN MARCOS	20
Distrito 7	PERI-1R OUTEIRO	20

Porcentaxe de superficie residencial con destino a vivenda de protección en solo urbano non consolidado. Fonte: Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela, 2007.

Sector		Nº vivendas VPO
SUD 1	MALLOU	2.613*
SUD 2	CANCELAS-A MUÍÑA	1.132
SUD 3	AMIO NORTE	1.843*
SUD 4	A PULLEIRA	2.220*
SUD 6	MULAS DE ABAIXO-MEIXONFRÍO	44
SUD 7	VITE DE ARRIBA	48
SUD 8	TORRENTE	64
SUD 9-10	ESTRADA DE VIGO-CHOUCHIÑOS	122
SUD 11	MUÍÑO DE VIDÁN	16
SUD 12	SANTAS MARIÑAS-SAR	53
SUD 13	SAR-MONTE GAIÁS	30
SUD 14	MONTE DO SEIXO	71
SUD 15	CASTIÑEIRIÑO	19
SUD 16	AGRA DOS CAMPOS-ARÍNS	340
SUD 17	MONTE DO GOZO-ARÍNS	95
TOTAL		8.710

*En solo de promoción pública

Vivenda de protección previstas en solo urbanizable delimitado. Fonte: Plan xeral de ordenación municipal de Santiago de Compostela, 2007.

8.2 ACCESO Á VIVENDA

8.2.1. Poboación en risco de exclusión do acceso á vivenda

Como consta na Memoria de xestión de 2020 dos Servizos Sociais do Concello de Santiago, estes agrupan as persoas sen fogar ou en risco de exclusión en catro categorías: sen aloxamento (roofless), sen vivenda (houseless), residentes en vivendas inseguras e residentes en vivendas inadecuadas.

O obxectivo xeral deste departamento municipal é o de favorecer o acceso a unha vivenda digna, como factor imprescindible para a mellora da calidade de vida, a través de procesos participativos e colaborativos entre todos os axentes implicados. Os obxectivos específicos son: a) o traballo coordinado co Instituto Galego da Vivenda e Solo; b) a intervención con familias en situación ou en risco de desafuzamento; c) a intervención socioeducativa na área da vivenda; d) a intervención coas persoas sen fogar; e) o apoio económico para o pago de determinados aspectos relacionados coa vivenda; f) convenios de colaboración con entidades sociais da cidade.

As prestacións existentes en materia de vivenda son as seguintes:

- **Prestación para cobertura de necesidades básicas:** gastos asociados ao alugueiro de vivenda, pago de cotas de préstamo hipotecario ou pago de habitación en vivenda compartida. Ademais, axudas asociadas ao contrato de nova vivenda en alugueiro.
- **Prestación de habitabilidade e pobreza enerxética, e equipamento básico:** débedas asociadas a pobreza enerxética, gastos asociados a altas de contratos de subministración, gastos asociados a débedas de comunidade de propietarios, gastos por endebedamento previo e equipamento básico da vivenda.

En canto aos pisos de titularidade municipal xestionados mediante convenios de colaboración, existen dous conveniados con FEAFES (pisos de transición á vida autónoma), tres con Cáritas Diocesana (un dentro do programa Alares e dous no programa Abeiro), dous máis con Cáritas Interparroquial (dentro do programa Fogares Abertos), un cedido a Arela (programa Caixaproinfancia) e dous a ASPAS (programa Visa Autónoma). Existen, por tanto, un total de dez pisos de titularidade municipal conveniados.

Por outra banda, existe un traballo en rede dos servizos sociais de Santiago co IGVS, que ten por obxecto a participación nas comisións provinciais de vivenda, onde se produce a aprobación de listas de adxudicación de vivenda pública por réxime ordinario e a adxudicación directa de vivenda pública atendendo a criterios de emerxencia social; tamén a participación en reunións de coordinación para prevención de desafuzamentos. Existe, ademais, un protocolo

de prevención de desafuzamentos e atención ás persoas afectadas ente os concellos de Santiago, Ames e Teo.

O apoio á procura de vivenda para persoas sen fogar prodúcese en coordinación coa traballadora social do programa municipal, para buscar aloxamento alternativo para as persoas que pasan a noite na rúa, xunto cun seguimento continuado.

Durante o ano 2020 o programa atendeu para cuestións de información e orientación en materia de vivenda a 74 persoas e xestionáronse axudas ou prestacións relacionadas coa vivenda a 18 persoas. En canto aos desafuzamentos, producíronse 25 procesos que afectaron a 61 persoas (13 delas menores de idade), sendo as zonas máis afectadas Ensanche 2 e Vite (con 7 e 5 desafuzamentos respectivamente, case a metade do total). Realizáronse 845 entrevistas, 184 visitas domiciliarias e 3 acompañamentos.

8.2.2. Plans e programas de axuda ao acceso á vivenda

O **Plan AVIVA Compostela** (Plan de mobilización de vivenda baleira) constitúe un programa que pretende facilitar o acceso a unha vivenda digna ás persoas que o necesitan e poñer en valor a cidade construída.

Dentro deste programa, créase unha bolsa de vivendas privadas baleiras susceptibles de ser alugadas, nas que os propietarios e propietarias poden facilitar a información sobre os seus pisos e explicar os motivos polos que non as dedican ao alugueiro.

Os datos que se recollan a través desta bolsa servirán para definir un programa completo e ambicioso para fomentar o alugueiro, a través de axudas municipais que serán compatibles coas que teñen en marcha a Xunta de Galicia e ás que poderían acceder os propietarios e propietarias na próxima fase do Plan de MOBILIZACIÓN DE VIVENDA BALEIRA.



A. Análise xeral | A2. Marco de Gobernanza

As políticas de vivenda supoñen un reto, desde o punto de vista da gobernanza, na medida en que implican a intervención pública sobre un conxunto de bens que son á vez obxecto dun dereito básico recoñecido na Constitución e bens de mercado, de tal maneira que sempre existen dous suxeitos fundamentais que hai ter en conta e que poden ou non coincidir: os residentes e os propietarios.

En calquera caso, e debido tanto á súa capacidade reguladora como á súa capacidade de acción directa ou indirecta, as Administracións públicas sempre son un actor fundamental en materia de vivenda. Teñen competencia en vivenda os seguintes organismos:

- **Nivel nacional (AXE): Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.**
- **Nivel autonómico (Xunta de Galicia): Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.**
- **Nivel local (Administración local): Concello de Santiago.** Para unha xestión racional da vivenda a escala de área urbana, que é a que se corresponde con maior precisión á dimensión real do mercado inmobiliario compostelán, é fundamental a coordinación cos municipios limítrofes que contan cunha maior capacidade de recepción de vivendas, que, neste caso, serán os de Ames, Teo e Oroso.

O **Consortio de Santiago** desempeña un papel importante nas políticas de vivenda, singularmente na rehabilitación das situadas en zonas que presentan vulnerabilidade por estado da edificación.

As competencias da Administración municipal exércense a través das seguintes concellerías e organismos:

- **Concellerías: Concellería de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade (Servizos de licenza e disciplina urbanística, expropiación e patrimonio, rehabilitación e vivenda); Concellería de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente, Parques e Xardíns (Servizos Sociais).**
- **Comisións municipais: Comisión de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos; Comisión da área social, Cultura, Participación, Igualdade e Transparencia.**

Por outra banda, aparecen unha serie de organismos de tipo consultivo, con gran relevancia pola súa función de comunicación entre o Concello, os axentes implicados e a sociedade civil:

- **Consellos municipais: Consello Municipal de Xuventude e Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade.**

Finalmente, hai que destacar unha serie de organizacións e asociacións implicadas en materia de vivenda, que ademais contan coa particularidade de dispoñer de vivendas cedidas polo concello para o desenvolvemento dos programas sociais destas:

- **Asociacións e ONG: Cáritas Interparroquial de Santiago, FEAFES, ASPAS, Cáritas Diocesiana e Arela.**

B. Datos Descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE

VIVENDA				
DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS				
		RANGOS municipios entre 50.000 y 100.000 habitantes		
	VALOR	VALOR 1ero CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3ero CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)		23.1	33.5	44.6
D.ST.01 Densidade de vivenda prevista nas áreas de solo de desenvolvemento (viv./ha)	23.0	14.8	21.9	29.3
D.22 Envellecemento da poboación				
D.22.a Índice de envellecemento da poboación (%)	21.1	13.5	16.1	19.7
D.23.b Índice de senectude da poboación (%)	19.7	12.9	14.8	19.5
D.29 Parque de vivenda (viv./1000 hab.)	582.7	423.9	489.0	565.5
D.30 Tipoloxía de vivenda	-	-	-	-
D.31 Vivenda protexida	-	-	-	-
D.32 Variación do número de fogares 2001-2011 (%)	28.9	25.8	35.9	52.9
D.33 Crecemento do parque de vivenda 2001-2011 (%)	24.4	16.7	22.2	31.5
D.34 Vivenda secundaria (%)		4.5	8.0	19.7
D.35 Vivenda baleira (%)		11.7	15.2	21.5
D.36 Accesibilidade á vivenda	-	-	-	-
D.37 Figura do plan urbanístico vixente no municipio	PGOM	-	-	-
D.38 Data da figura de plan urbanístico vixente	2008	1994	2001	2007
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Da lectura dos datos descriptivos da Axenda Urbana Española (AUE) despréndese que a cidade de Santiago de Compostela presenta unha poboación moi envellecida, con índices de envellecemento e senectude por riba do terceiro cuartil, o que moi probablemente ten que ver co desprazamento das parellas novas con fillos aos municipios periféricos. Por outra banda, presenta unha baixa densidade de poboación en solo urbano, que pode ter unha dobre explicación: a ampla dotación de zonas verdes e a existencia dunha trama de núcleos rurais de baixa densidade herdanza do modo histórico de asentamento da poboación. Ademais, constátase que o Concello conta cun Plan xeral máis recente que a media de cidades españolas.

Dos datos comparativos da AUE destaca a problemática do desprazamento de poboación nova aos municipios periféricos, que dá lugar a unha área urbana con poboación moi segmentada, favorecendo que no municipio central se concentre a poboación maior.

B. Datos Descriptivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados

En relación coas políticas de vivenda hai un conxunto relevante de indicadores da Rede Española de Desenvolvemento Sostible sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Denominación	Valor
Índice de acceso á vivenda (1)	4,17 %
Vivenda protexida (2)	3,77 %
Vulnerabilidade urbana (3)	18,74 %

- (1) Índice de acceso á vivenda: proporción do prezo da vivenda libre fronte á renda bruta anual por fogar.
 (2) Vivenda protexida: proporción entre o número de cualificacións de vivendas acumuladas de 1991 a 2019 fronte ao total de vivendas.
 (3) Vulnerabilidade urbana: % poboación que vive en seccións censuais vulnerables.

Indicadores de Urban Audit relacionados

Definición	2015	2016	2017
N.º total de fogares	36.381	36.908	37.102
Tamaño medio do fogar (pers./fogar)	2,60	2,60	2,56
Proporción de fogares dunha persoa sobre o total de fogares (%)	28,69	28,99	29,12
N.º de vivendas convencionais (catastro)	52.106	52.034	-
			2011
N.º de vivendas convencionais (censo)			36.381
Proporción de vivendas baleiras (%)			16,93

C. Análise DAFO | c1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. Elevado prezo do alugueiro debido, en parte, á inexistencia dun parque público deste tipo de vivenda e a dificultade para aumentar o parque residencial a prezos alcanzables.

D2. Existencia dunha ampla porcentaxe de vivenda baleira no municipio (17 %).

D3. Desaparición da empresa municipal de vivenda, de maneira que se ve limitada a capacidade do Concello para intervir no mercado inmobiliario.

D4. Escasa capacidade de despregar políticas sociais relacionadas coa vivenda debido á carencia de inmobles residenciais propiedade do Concello ou conveniados.

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. Capacidade do Concello e dos seus equipos técnicos para a xestión de solo en desenvolvemento das previsións contidas no plan.

F4. Capacidade para despregar amplos programas de axuda á rehabilitación e renovación do parque residencial, como se veu facendo nas últimas décadas.

F3. Existencia dun tecido social cooperativo en materia de vivenda.

C. Análise DAFO | c2. Análise Externa

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. Presión da vivenda turística sobre determinados espazos centrais da cidade, singularmente no centro histórico.

A2. Os novos modelos de vivenda turística, xunto á extensión da tempada turística non admiten facilmente o dobre uso das vivendas como alugueiro para estudantes durante o curso e a turistas no verán, o que reduce a eficiencia no uso do parque residencial do municipio.

A3. Os novos tipos de familia, máis cambiantes e con menos membros, fan difícil a adaptación do parque de vivendas existente ás súas necesidades.

A4. Risco de que os plans e programas de rexeneración urbana e rehabilitación induzan á xenetrificación e/ou turistificación dos ámbitos rehabilitados.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. Posibilidade de mobilizar as vivendas baleiras para mellorar o acceso á vivenda.

O2. Existencia de solo edificable residencial propiedade do municipio que podería ser a base para un parque público de vivenda en alugueiro.

O3. Dispoñibilidade de solo clasificado no PXOM como urbanizable, ben conectado coa cidade existente, para desenvolver novas políticas de vivenda.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Vivenda

O diagnóstico en materia de política social e igualdade de oportunidades poderíase resumir nas seguintes cuestións fundamentais:

RETO

01.

Necesidade de aumentar o parque de vivendas, ben sexa mediante a xestión de novos solos ou mediante a mobilización de vivenda baleira. en ambos os casos se requirirá o establecemento de fórmulas e instrumentos de xestión que favorezan a creación dun parque público de vivenda en alugueiro que permita arrefriar as subas de prezos e o acceso á vivenda de colectivos vulnerables.

O encarecemento do prezo da vivenda está a expulsar parellas novas con fillos a outros municipios da periferia metropolitana. Ademais, existen determinados grupos poboacionais con dificultade de acceso á vivenda. Por outra banda, existen solos programados polo Plan xeral sen desenvolver e, segundo o Censo, existe unha bolsa de vivendas baleiras que supón o 17 % do parque residencial.

RETO

02.

Necesidade de xerar novos tipos de vivenda e de compoñer unha oferta máis diversificada tipoloxicamente, a través dos novos desenvolvementos ou mediante a transformación do parque existente na cidade consolidada. Introducir criterios de diversidade social nos espazos onde actúe a iniciativa pública de forma directa ou indirecta.

As novas tipoloxías de familia, caracterizadas por un menor tamaño medio do fogar e por relacións máis cambiantes, fan difícil que un parque de vivendas antigo e de gran tamaño se axuste ás súas necesidades e á súa capacidade económica.

RETO

03.

Necesidade de crear instrumentos que permitan despreparar políticas públicas de vivenda e que integren e fomenten o tecido asociativo.

O Concello dissolveu en 2012 a Empresa Municipal de Vivenda, no contexto do estalido da burbulla inmobiliaria, que fora un instrumento fundamental para a xestión pública de solo. Por outra banda, o tecido social cooperativo da cidade segue sendo moi sólido e a cidade é a primeira de Galicia en cooperativas de vivenda.

RETO

04.

Necesidade de continuar e ampliar os programas de axudas públicas que permitan a mellora da eficiencia enerxética e da accesibilidade universal ás vivendas, evitando que nos procesos de rehabilitación se produza un desprazamento dos residentes por outros de maior poder adquisitivo.

A pesar dos grandes esforzos levados a cabo nas últimas décadas, aínda quedan bolsas de vivenda en mal estado en áreas como o centro histórico ou a avenida de Lugo, entre outras, correspondentes aos tecidos urbanos anteriores á década de 1980.

RETO

05.

Necesidade de protexer o uso residencial como prioritario nas zonas sometidas a presión turística.

Existe un risco de turistificación do centro histórico que se está estendendo a outras áreas adxacentes e que se pode ver favorecido pola expulsión dos mozos e dos grupos sociais vulnerables das áreas centrais da cidade, o que produce unha retroalimentación moi negativa para poder manter a vitalidade social e urbana da cidade.



09

Era Dixital

A. Análise xeral | A1. Ámbitos Temáticos AUE

9.1 SOCIEDADE DO COÑECEMENTO E SMART CITIES

9.1.1. Dixitalización e innovación. Estado da cuestión no municipio

Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, a **dixitalización está moi xeneralizada entre os fogares santiagueses**: un 89 % dispón de conexión a internet e dun teléfono móbil con capacidade de acceso a internet e un 77 % ten ordenador na vivenda. As porcentaxes doutros aparellos conectados, como tabletas ou smart TV, sitúase arredor do 50 %. Ademais disto, aproximadamente un 85 % das persoas utiliza dispositivos electrónicos e navegan por internet con regularidade. Destes datos despréndese que **existe un grupo poboacional, de entre un 10-15 %, que non utiliza internet (ou non con regularidade) e non dispón do servizo nos seus fogares.**

Fogares que dispoñen de ordenador e de conexión a internet (2020)	% sobre o total	Número
Ordenador	76,98	30.470
Conexión a internet contratada	89,06	35.254
Fogares que dispoñen de determinados dispositivos electrónicos (2020)		
Ordenador	76,98	30.470
Ordenador portátil	62,59	24.775
Ordenador de escritorio	32,06	12.689
Tableta, PDA ou similares	47,96	18.986
Teléfono móbil con capacidade de acceso a internet	89,07	35.259
Consola de videoxogos con capacidade de acceso a internet	21,39	8.468
Smart TV	50,77	20.098
Utilización		
Persoas que navegaron por internet os últimos 3 meses (2020)	86,04	81.542
Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos 3 meses (2020)	72,35	68.566
Persoas que utilizaron algún dispositivo electrónico os últimos 3 meses (2018)	85,15	76.658

Fonte: IGE.

O grao de dispoñibilidade de dispositivos conectados que actualmente ten a cidadanía fai que, en termos xerais, **non exista a necesidade unha dotación de dispositivos públicos para garantir o acceso**. Como exemplo baste dicir que, segundo datos do Concello, os 63 ordenadores con acceso a internet existentes nas bibliotecas públicas xeraron 696 sesións da internet en 2019, mentres o número de sesións wifi alcanzaba as 300 609.

Acceso a internet nas bibliotecas públicas de Santiago de Compostela (2019)	
Número de ordenadores de uso público	81
Número de ordenadores de acceso a internet	63
N.º de sesións na internet	696
N.º de usuarios da internet	1.263
N.º de horas semanais dispoñibles da internet	124
N.º de sesións wifi	300.609



Por outra banda, a Universidade de Santiago de Compostela supón hoxe para a cidade un motor de dixitalización e innovación: ata once titulacións (un 25 % da oferta total) pertencen ao ámbito das ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas (as denominadas STEM). Pero, ademais, a USC dispón de 1910 investigadoras/es e 299 grupos de investigación e dunha rede formada por dez institutos, once centros propios de investigación, dous centros mixtos e cinco centros singulares de investigación.

Titulacións STEM	
Número de titulacións STEM ofertadas pola universidade de Santiago de Compostela no Campus de Santiago de Compostela no curso 2021-2022	11
% sobre o total de titulacións ofertadas no campus de Santiago de Compostela no curso 2021-2022	25%
Número de prazas en titulacións STEM ofertadas no campus de Santiago de Compostela no curso 2021-2022	610
Investigación USC	
Número de investigadores na Universidade de Santiago de Compostela (2021)	1.910
Número de grupos de investigación na Universidade de Santiago de Compostela (2021)	299
Número de proxectos na Universidade de Santiago de Compostela (2021)	7.433
Número de publicacións en acceso aberto (2021)	27.397
Número de publicacións na Universidade de Santiago de Compostela (2020)	3.770
Número de teses lidas (2020)	253
Número de patentes da Universidade de Santiago de Compostela (2021)	166
Centros Singulares de investigación	
Centros singulares de investigación pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela (2021)	5
Número de investigadores nos centros singulares de investigación (2021)	227
Número de grupos de investigación nos centros singulares de investigación (2021)	44
Empresas de Base Tecnolóxica (EBT)	
Número de EBT creadas no ámbito da USC (2020)	25
Número de empregados EBT no ámbito da USC (2020)	376
Facturación (en millóns de euros) de EBT creadas no ámbito da USC (2020)	35,9
Centros de supercomputación	
Número de centros de supercomputación (2021)	1
Capacidade de cómputo pico do equipo (Gflops) (2021)	328.272
Capacidade de almacenamento total (TB) (2021)	4.787

Fonte: Universidade de Santiago de Compostela e CESGA. Elaboración propia

En canto á transferencia de coñecemento, pódese destacar que no ámbito da USC se crearon 25 empresas de base tecnolóxica (EBT) que xeran case 400 empregos e alcanzan unha facturación conxunta de 35,9 millóns de euros.

Neste sentido, e en colaboración coa USC, o Concello de Santiago participa na empresa Sociedade para a promoción de iniciativas emprendedoras (UNINOVA), destinada a ofrecer asesoramento, aceleración e soporte á creación de iniciativas empresariais fortemente innovadoras, para o que xestiona o edificio Emprendia, espazo de máis de 3000 m² para a incubación de empresas tecnolóxicas e que conta cun Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT), concedido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en 2010.

Datos sobre a sociedade UNINOVA	
Empresas apoiadas (consultado 2021)	> 60
Emprendedores asesorados (consultado 2021)	> 500
Proxectos europeos (consultado 2021)	> 15
Espazo de incubación (consultado 2021)	> 3.000 m ²
Programas formativos (2016)	3
Tramitacións de alta (Sociedades de Responsabilidade Limitada e Empresarios Individuais) xestionadas no PAIT de UNINOVA (2010-2016)	21
Porcentaxe de ocupación da zona leste no edificio Emprendia (2016)	72%
Porcentaxe de ocupación da zona oeste no edificio Emprendia (2016)	91%
Número de intercambios entre emprendedores (2010-2015)	62
Clasificación de organizacións intermediarias participantes no programa Europa Em-prende IV	8

Fonte: UNINOVA

Tamén hai que destacar a existencia na cidade do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), unha organización participada pola Xunta de Galicia e o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e que, complementariamente coa Universidade, desenvolve un labor fundamental en materia de investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da información.

Como polos de innovación habería que destacar dúas iniciativas moi relacionadas: o Campus Vida da USC e o Biopolo tecnolóxico da Sionlla (Sionlla Biotech). O primeiro deles é o Campus de Excelencia Internacional que, aglutinando o traballo desenvolto pola USC no campo das Ciencias da Vida, aspira a converterse nunha referencia internacional na docencia, a investigación, a transferencia e a creación sostible de riqueza, equidade e valores sociais. O segundo

é unha iniciativa público-privada (con participación do Concello, a Universidade, a Cámara de Comercio e a Asociación Área Empresarial do Tambre; e con financiamento do Igape) que pretende crear espazos para albergar empresas biotecnolóxicas e un conxunto de laboratorios e servizos comúns adaptados ás súas necesidades.

En canto ao ámbito estritamente privado, débese destacar que na cidade de Santiago existen 22 empresas con distintivo PEME Innovadora, que realizan unha contribución importante en materia de innovación e dixitalización.

Por último, hai que sinalar que Santiago de Compostela conta desde o ano 2014 coa distinción “Cidade da Ciencia e a Innovación”, renovada en 2021 polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Trátase dun galardón que se outorga “ás cidades que se distinguen polo seu compromiso e aposta pola I+D+i, apoiando a innovación nos

seus territorios, definindo políticas, potenciando estruturas, institucións e empresas locais cun forte contido científico, tecnolóxico e innovador”. As cidades distinguidas forman parte da rede INNPULSO de cidades da ciencia e a innovación, un foro de encontro e de definición de políticas locais innovadoras, actualmente formado por 63 cidades, onde se comparten experiencia e proxecto e se potencia a colaboración entre concellos.

9.1.2. Instrumentos de planificación

No ámbito das cidades intelixentes, o Concello de Santiago de Compostela conta principalmente co proxecto **SMARTIAGO**, que mediante compra pública de innovación pretende poñer en funcionamento servizos innovadores en tres campos moi concretos: a xestión de RSU e limpeza viaria; a mobilidade e acceso de vehículos de residentes, visitantes e carga e transportistas ao centro e centro histórico; e a iluminación pública e conservación de fachadas de elevado valor patrimonial. Á súa vez, estas propostas están recollidas na liña de actuación ‘A4. TIC para a mellora da calidade de vida’ da **EDUSI**.

Táboa. Accións da EDUSI de Santiago de Compostela en materia de dixitalización

O 4 - TIC para a mellora da calidade de vida

Infraestrutura TIC para a Administración electrónica e a innovación.

Ambos os instrumentos (proxecto SMARTIAGO e EDUSI) contribúen ao cumprimento do obxectivo estratéxico 9.1 da Axenda Urbana Española: favorecer a sociedade do coñecemento e avanzar cara ao desenvolvemento das cidades intelixentes (smart cities).

Ademais, **o Concello participa no proxecto “Plataforma de goberno aberto**, colaborativa e interoperable” (ciudadesabiertas.es) xunto con Zaragoza, Madrid e A Coruña, que foi seleccionado pola entidade pública empresarial Red.es no marco da convocatoria de axudas para o desenvolvemento do programa de cidades intelixentes da Axenda Dixital para España. O proxecto inclúe actuacións nos ámbitos da transparencia, dos datos abertos e da participación.

9.2. ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E FENDA DIXITAL

9.2.1. Administración electrónica. Servizos dispoñibles e utilización por parte da cidadanía

O **Plan estratéxico de administración electrónica, transparencia e bo goberno de Santiago de Compostela**, redactado en 2015, formulaba catro liñas estratéxicas de actuación: L1. Deseño dun modelo de gobernanza para a Administración electrónica (14 actuacións); L2. Fomento da cidadanía dixital (11); L3. Adecuación dos procesos e sistemas internos á tramitación electrónica (14); e L4. Mellora e renovación das infraestruturas e equipamentos (5).

Previamente á implantación do devandito plan existían algúns servizos moi básicos, pero os trámites administrativos realizábanse integramente en papel. O plan está hoxe cumprido na súa práctica totalidade e permitiu unha transformación profunda da relación entre a cidadanía de Santiago e a súa Administración municipal.

Para dar resposta á necesidade que existía dunha modernización global da xestión municipal, considerando tanto aspectos técnicos como organizativos, o Concello arrincou en marzo de 2018 a implantación dunha solución de administración electrónica, neste caso, apoiada no concepto de dato único e na xestión documental baseada na clasificación arquivística desde o inicio, e que achega unha base única de tramitación de expedientes para todos os módulos que a compoñen. A solución de administración electrónica inclúe:

- Plataforma de administración electrónica, que integra a sede electrónica, un rexistro electrónico, un módulo de notificacións electrónicas, un taboleiro electrónico, un xestor de expedientes electrónicos e unha xestión documental de todos os compoñentes habilitantes de administración electrónica.
- Ferramenta de xestión de poboación.
- Ferramenta de xestión de ingresos.

O 28 de outubro de 2020 entrou en produción a sede electrónica e o resto de compoñentes da plataforma de administración electrónica. Respecto aos módulos verticais, o de xestión de poboación está en explotación desde 2019 e o de xestión de ingresos, que inclúe unha oficina tributaria virtual que complementa os servizos da sede electrónica, entrou en funcionamento en febreiro de 2021. Desde a entrada en produción da plataforma de administración electrónica, o catálogo contén 522 trámites, dos que 317 son a instancia de parte e están publicados na sede. O resto son trámites que se inician de oficio. Atópase en proceso a mecanización dos procedementos relacionados coa xestión de ingresos, contratación e xestión de subvencións. Tamén a implantación co módulo de arquivo e algunhas funcións adicionais, como o sistema de seguimento da atención á cidadanía. Os procedementos de licenzas, contratación e subvencións contan cun deseño específico, o resto dos servizos están integrados nun procedemento xenérico.

Na plataforma de Administración electrónica están rexistrados 242 usuarios distribuídos por 87 unidades administrativas. Desde o seu arranque ata abril de 2021 creáronse ao redor de 22 500 asentos de rexistro (un 60 % telemáticos) e 15 500 expedientes. Espérase que estas cifras evolucionen segundo se terminen de incorporar todos os tipos de trámite.

O Concello dispoñía previamente dun xestor de expedientes, que está á espera de integrar nunha nova plataforma. Do antigo xestor manterase o histórico e iranse completando os expedientes vivos. Durante o período de convivencia entre ambos, os expedientes xa iniciados seguiranse tramitando na anterior aplicación, aínda que para o rexistro de decretos e acordos, e para a comunicación de entrada e saída cos interesados utilízanse os servizos electrónicos da nova plataforma. A xestión de notificacións e comunicacións, tanto en formato electrónico como en formato papel mediante o módulo de notificacións da plataforma (GAN), realízase de modo centralizado nunha oficina de recente creación.

Durante a fase de implantación, un equipo de traballo do Concello deseñou a configuración

Por outra banda, entre as liñas de actuación da **Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado** inclúese a adquisición do equipamento informático e de telecomunicacións necesario para dar soporte ás necesidades da nova plataforma de administración electrónica. Ademais, prevé a creación dun novo portal web e unha intranet municipal que, aproveitando a estado da arte da tecnoloxía, incorporará un novo modelo de relación coa cidadanía, integrando todos os servizos baixo a premisa da transparencia, os datos abertos e a accesibilidade desde o deseño e por defecto.

e estableceu uns criterios básicos de tramitación. Chegados a este punto, estase en situación de iniciar un proceso de mellora continua que necesariamente implicará a incorporación de novos procedementos e a constante revisión dos existentes. Por outra banda, o Concello non conta neste momento con unidades administrativas con dedicación específica á calidade, a racionalización e a simplificación administrativa, nin a un aspecto clave da administración electrónica como é a xestión documental e arquivística.


Respecto ao portal de datos abertos, está creada a infraestrutura (portal, certos procedementos etc.) pero non se está conseguindo explotar toda a súa potencialidade debido á falta de integración a nivel interno dos datos xerados pola propia Administración local e á carencia de equipos humanos cualificados para a xestión e a explotación dos devanditos datos.

9.2.2. Identificación de fendas dixitais, estado da conexión de banda larga no ámbito municipal


En canto á fenda dixital, os datos máis recentes, desagregados por municipios, proceden do IGE e corresponden ao ano 2018. Dos datos obtidos para Santiago, despréndese que, en xeral, **a fenda dixital en Santiago de Compostela afectaba en 2018 a aproximadamente a unha de cada cinco persoas empadroadas na cidade.** De maneira máis detallada:

Brecha Digital en Santiago

IGE 2018



Porcentaxe de persoas que usan o móbil en Santiago de Compostela sobre a poboación total




Fonte: IGE. Elaboración propia

As persoas que en 2018 usaban o teléfono móbil, segundo a enquisa a fogares do IGE, alcanzaba no municipio o 88,13 % da poboación, o que deixa unha fenda de aproximadamente un 10 % da poboación que non o empregaba. Esta porcentaxe incrementouse desde o 2008, primeiro ano dispoñible na enquisa, no que a porcentaxe era do 75,03 %. Hai que ter en conta que o ano de lanzamento do primeiro iPhone, considerado como o primeiro teléfono intelixente (smartphone), é 2007. Desde o iPhone, o móbil deixa de ser unha simple ferramenta para chamar e convértese nun elemento multiúsos, hoxe practicamente imprescindible, que xerou unha corrente mundial de consumo desta tecnoloxía, que non se daba ata ese momento.

Por outra banda, a porcentaxe de persoas que non usaron nunca unha tableta ou un ordenador situábase en 2018 en 18,39 % da poboación. Os habitantes de Santiago divídense practicamente entre os que o usan practicamente a diario (usárono no último mes), que representan o 81,55 %, e os que non o usaron nunca (18,39 %), mentres que só un 5 % da poboación que o usou algunha vez o fixo hai máis dun mes.

Persoas segundo a última vez que usaron tableta ou ordenador en Santiago de Compostela



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Persoas de 16 ou máis anos que utilizaron internet para facer xestións ante a Administración ou organismos públicos nos últimos doce meses (2020)


	% sobre a poboación total que se conectou a internet	% sobre a poboación total	Número
Realizou xestións en liña	77,61	66,77	56.493
Obtivo información de páxinas web	77,10	66,33	56.123
Descargou formularios oficiais	75,76	65,18	55.149
Enviou formularios completados	76,43	65,75	55.635
Descargou documentos xerados a pedimento da cidadanía	51,54	44,34	37.518

Fonte: IGE.


Ademais, as relacións coa Administración en Santiago están a dixitalizarse. Segundo a mesma fonte, o 71,59 % das persoas que realizaron algunha xestión coa Administración ou con organismos públicos nos doce meses previos á realización da enquisa fixoo usando internet, o que representa un 60,06 % sobre a poboación total.

Por último, o número de fogares que teñen conexión a internet aumentou exponencialmente na cidade desde 2008, pasando dunha porcentaxe inferior ao 50 % a preto do 90 %. Este dato está relacionado co boom das conexións wifi e o aumento de contidos de entretemento na internet a nivel global experimentado a finais da primeira década do S.XXI.

Porcentaxe total de fogares con conexión a internet en Santiago de Compostela



Con todo, Santiago de Compostela ten unha parte sensible da súa poboación sen conexión de banda larga. Segundo o mapa de zonas brancas e grises de conexións de nova xeración (NGA) do Ministerio de Axenda Dixital para o ano 2020, a zona histórica da cidade está dentro da denominada como zona branca de conexión de nova xeración, isto quere dicir que non ten cobertura de redes de banda larga e tampouco teñen previsión de recibila por parte dun operador nun prazo de tres anos con base en plans de investimento cribles. Esta zona contén 1912 vivendas, un 4 % do total municipal.



Zona branca de conexións de nova xeración (NGA) en Santiago de Compostela . Fonte: Ministerio de Axenda Dixital.

A. Análise xeral | A2. Marco de Gobernanza

As políticas de dixitalización e innovación implican, xeralmente, a necesidade dunha intensa colaboración público-privada, que favoreza a xeración de sinerxías entre ambos os sectores.

As administracións públicas competentes nesta materia son:

- **Nivel nacional (AXE):** Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital; Ministerio de Ciencia e Innovación; Ministerio de Universidades; Ministerio de Educación e Formación Profesional; e Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.
- **Nivel autonómico (Xunta de Galicia):** Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- **Nivel Local (Administración local):** Concello de Santiago

As competencias da Administración municipal exércense a través das seguintes concellerías e organismos:

- **Concellerías:** Concellería de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local; Concellería de Educación, Mocidade e Políticas Lingüísticas; e Concellería de Centros Socioculturais, Barrios, Obras e Relacións Veciñais.
- **Comisións municipais:** Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas; Comisión da área Social, Cultura, Participación, Igualdade e Transparencia.

Por outra banda, aparecen unha serie de organismos de tipo consultivo, con gran relevancia pola súa función de comunicación entre o Concello, os axentes implicados e a sociedade civil:

- **Consellos municipais:** Consello Municipal de Participación Cidadá.

Así mesmo, como organismos externos en materia de innovación e a nivel local, neste caso participados polo Concello, aparecen dous grandes actores. En primeiro lugar, a **Sociedade para a promoción de iniciativas emprendedoras**, S.L. (UNINOVA), xestora do edificio Emprendia (Incubadora de Empresas Innovadoras) e participante en **Sionlla Biotech**, empresa que desenvolverá o biopolo tecnolóxico da Sionlla. En segundo lugar, **CERSIA Empresa**, organización que ten como obxecto a promoción económica. Para isto, entre outras actuacións, desenvolve un programa de incentivos para a creación de empresas innovadoras. Ambos os organismos externos, encádranse dentro das competencias adscritas a alcaldía.

Ademais, existen unha serie de actores relevantes a nivel autonómico, como é o caso de **Gain, Axencia Galega de innovación; Igape; Amtega; ou Retegal.**

Finalmente, hai que destacar un conxunto de actores implicados en materia de dixitalización e innovación: **Universidade de Santiago de Compostela, Centro de Supercomputación de Galicia, Gaíás Tech, Orange, Telefónica, Vodafone, Red.es, CITIC ou CITIUS.**

B. Datos Descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE

ERA DIXITAL

DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

	VALOR	VALOR 1eiro CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3eiro CUANTIL
		RANGOS municipios entre 50.000 y 100.000 habitantes		
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.06 Densidade de poboación en solo urbano (hab./ha)	45.1	47.9	67.4	88.9
D.08 Densidade de vivenda (viv./ha)	26.3	23.1	33.5	44.6
D.22 Envellecemento da poboación				
D.22.a Índice de envellecemento da poboación (%)	21.1	13.5	16.1	19.7
D.23.b Índice de senectude da poboación (%)	19.7	12.9	14.8	19.5
D.26 Número de traballadores/as				
D.26.a Traballadores no sector da agricultura (%)	1.0	0.4	1.1	2.1
D.26.b Traballadores no sector da industria (%)	7.1	4.3	7.7	13.4
D.26.c Traballadores no sector da construción (%)	4.1	4.5	6.0	7.5
D.26.d Traballadores no sector servizos (%)	87.9	73.9	81.0	87.9
D.27 Número de establecementos (2019)				
D.27.a Establecementos no sector da agricultura (%)	0.6	0.2	1.0	2.3
D.27.b Establecementos no sector da industria (%)	3.7	3.1	4.6	7.8
D.27.c Establecementos no sector da construción (%)	4	5.1	6.5	8.1
D.27.d Establecementos no sector servizos (%)	91.7	79.6	86.1	89.8
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Os datos descritivos da Axenda Urbana Española permiten caracterizar Santiago de Compostela como unha cidade que conta cunha poboación moi envellecida, con índices de envellecemento e senectude por riba do terceiro cuartil, moi dependente do sector servizos e cun peso do sector da construción inferior á media das cidades españolas. Todos estes datos derivan da relación que a cidade ten cos municipios da súa periferia, xa que se conforman un modelo territorial que expulsa as parellas novas cara á periferia, así como ás actividades de construción, mentres que tende a concentrar o sector servizos no centro urbano. Tamén destaca a baixa densidade de poboación en solo urbano, resultado da evolución do modelo histórico de asentamento.



Para o ámbito da dixitalización poderíanse sinalar dous retos a partir destes datos: a posibilidade de transformar o potente sector servizos da cidade cara á innovación e a economía dixital; e a necesidade de integrar as persoas maiores nestes procesos de transformación económica e social.

B. Datos Descritivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados.

En relación coa dixitalización e a innovación hai un conxunto relevante de indicadores da Rede Española de Desenvolvemento Sostible sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Definición	Valor
Comunicacións móbiles de banda larga (1)	28,23 / 1.000 hab.
Comunicacións de fibra óptica (2)	10,30 %
Gasto en investigación, desenvolvemento e innovación (3)	1,7 %
Patentes solicitadas	7,15 / 1.000 hab.

(1) Comunicacións móbiles de banda larga: n.º de estacións base UMTS (3G) e LTE (4G) por cada 10 000 hab.

(2) Comunicacións de fibra óptica: penetración de liñas FTTH- liñas por cada 100 habitantes.

(3) Gasto en investigación, desenvolvemento e innovación: % orzamento municipal dedicado á política de gasto en I+D+i.

C. Análise DAFO | c1. Análise Interna

DEBILIDADES

Factores limitantes

D1. Existencia dunha fenda dixital que exclúe do uso das novas tecnoloxías a aproximadamente un 15 % da poboación municipal.

D2. Existencia dunha zona branca de conexión de nova xeración que deixa fóra da cobertura de redes de banda larga zonas tan centrais da cidade como o centro histórico ou a contorna do parque de Belvís.

D3. Falta de persoal cualificado para poder despregar a dixitalización en toda a súa amplitude e para aproveitar as posibilidades que ofrece.

D4. Carencias en canto a integración e dixitalización de procesos internos. Proliferación de distintas plataformas para cada servizo concreto, o que fai que se perda a posibilidade de aproveitar as sinerxías entre procesos.

D5. Falta de integración da dixitalización nos instrumentos de planificación propios doutros ámbitos temáticos (urbanístico, social, ambiental, mobilidade etc.).

FORTALEZAS

Factores facilitadores

F1. A inmensa maioría dos fogares de Santiago están dixitalizados e conectados á rede.

F2. Existencia de iniciativas económicas baseadas na innovación, como a creación dun polo biotecnolóxico que, ademais, sirva para fortalecer alianzas público-privadas.

F3. Elaboráronse plans de administración dixital e logrouse un nivel de execución destes próximo ao 100 %, o que demostra a capacidade do Concello para adaptarse aos cambios tecnolóxicos.

F4. A relación da Administración local coa cidadanía está a día de hoxe dixitalizada na cidade de Santiago na súa práctica totalidade.

C. Análise DAFO | c1. Análise Externa

AMEAZAS

Factores limitantes

A1. Dependencia excesiva de grandes multinacionais para o desenvolvemento de estratexias electrónicas, que pode levar á implantación indiscriminada de solucións estándar de smart city, que deriven na compra de servizos que non respondan adecuadamente ás necesidades concretas da cidade.

A2. Necesidade de grande investimento en formación e capacitación das persoas en novas tecnoloxías, tanto do persoal municipal como da cidadanía.

A3. Risco de perda de sociabilidade entre a poboación debido ás novas pautas de comportamento social que implica o desenvolvemento e a extensión das TIC.

OPORTUNIDADES

Factores facilitadores

O1. A Universidade pode ser un motor para os procesos de dixitalización na medida en que constitúe unha comunidade moi integrada nos devanditos procesos e con coñecementos, capacidades e estruturas para darlles soporte e para xerar innovación. Ademais, pola configuración física dos campus, trátase dunha comunidade moi integrada no conxunto da cidade.

O2. Posibilidade de optimizar o funcionamento interno do Concello e o rendemento do persoal municipal mediante a automatización de tarefas e a análise de datos.

O3. Posibilidade de extraer e analizar grandes cantidades de datos a través da dixitalización que permitan unha toma de decisións moito máis informada.

O4. Posibilidade de mellorar a xestión da cidade por medio das novas tecnoloxías e de ofrecer datos abertos á cidadanía e ás empresas que lles permitan un coñecemento máis profundo da cidade.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Dixitalización e Innovación

O diagnóstico en materia de dixitalización e innovación poderíase resumir nas seguintes cuestións fundamentais:

RETO

01.

Posibilidade de converter os campus en polos de dixitalización onde despregar iniciativas de innovación, participación e/ou coñecemento da realidade que logo se poidan despregar ao resto da cidade.

A Universidade é hoxe un motor de dixitalización e de innovación e dispón de dous campus moi ben integrados na cidade e dunha comunidade de estudantes, docentes e investigadores que constitúen un grupo social altamente dixitalizado.

RETO

02.

Necesidade de conectar a planificación dos procesos de dixitalización co resto de instrumentos para identificar necesidades concretas e ámbitos onde as novas solucións dixitais poidan achegar un valor engadido real á cidade.

As iniciativas de dixitalización non están integradas nos instrumentos de planificación pertencentes a outros campos temáticos e teñen o risco de converterse na aplicación de solucións preconcebidas en lugar de responder a necesidades concretas da cidade.

RETO

03.

Necesidade de dixitalizar a recollida de datos xerados dentro do propio Concello e de integralos nunha plataforma única que permita a súa análise masiva para optimizar os procesos administrativos, posibilitar unha toma de decisións moito máis informada e ampliar a transparencia. Isto requirirá formar equipos municipais con alta cualificación.

A aplicación do Plan estratéxico de Administración Electrónica permitiu dixitalizar amplamente a relación entre o Concello e a cidadanía. Con todo, falta moito por facer en canto á dixitalización e automatización dos procesos internos da Administración local, a xeración e análise de datos e a transparencia

RETO

04.

Necesidade de dispoñer de mecanismos facilitadores (procedementos, persoal, formación etc.) da relación da cidadanía coa Administración para que non se vexa marxinada unha vez se despreguen na súa totalidade os procesos de dixitalización. Necesidade de contar cunha infraestrutura física que permita a conectividade de todo o territorio.

A existencia dunha bolsa de cidadáns, que podería situarse arredor do 15 %, que non utiliza internet nin ten conexión co mundo dixital, supón un risco de que se poidan quedar desconectados respecto da Administración, o que incrementa a súa vulnerabilidade. Ao mesmo tempo existen zonas da cidade con conexión á rede de mala calidade.





10

Instrumentos e Gobernanza

A. Análise xeral | A1. Ámbitos Temáticos AUE

10.1 MARCO NORMATIVO E DE PLAN

10.1.1. Ordenanzas municipais

No referido á normativa xeral, o Concello de Santiago de Compostela dispón de 63 ordenanzas municipais, organizadas en trece ámbitos temáticos:

ÁMBITO TEMÁTICO	ORDENANZA	DATA BOP
Urbanismo	Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o mantemento de edificacións	2006.06.29
	Resolución de actualización de harmonización das normas sobre declaración de zonas saturadas	2017.04.05
	Regulamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela	2016.02.23
	Ordenanza reguladora do informe de avaliación de edificios	2015.06.16
	Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería	2013.10.21
	Ordenanza reguladora da instalación de ascensores	2012.07.30
	Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa	2015.06.16
	Ordenanza municipal reguladora da publicidade e rótulos	2014.03.31
	Ordenanza reguladora das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas en execución do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica	2006.05.22
	Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no Concello de Santiago de Compostela	2006.05.22

ÁMBITO TEMÁTICO	ORDENANZA	DATA BOP
Urbanismo	Ordenanza reguladora do rexistro municipal de soares e edificacións que é necesario rehabilitar no concello de Santiago de Compostela	2006.05.22
	Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais	2010.11.23
	Instrucións sobre criterios aplicables en materia de cabida, ocupación e capacidade de evacuación de establecementos públicos	2016.12.30*
	Instrución sobre criterios aplicables en materia de medidas cautelares de peche, iniciación de procedementos sancionadores, tipificación de infraccións e determinación de sancións en establecementos públicos e actividades de lecer	2017.01.13*
	Decreto de axuste de módulos en terrazas	2013.03.05
	Bases da convocatoria de axudas para rehabilitación de locais na zona histórica	2006.07.12
Turismo	Regulamento do Consello Municipal de Turismo e Cidade de Santiago de Compostela.	2016.05.26
	Ordenanza reguladora do proxecto municipal de acollida temporal en vivendas municipais	2001.05.29
	Regulamento de funcionamento do servizo de atención domiciliaria e comunitaria á infancia do Concello de Santiago de Compostela	2010.06.02
Servicios sociais	Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela	2012.03.13
	Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar do Concello de Santiago de Compostela	2014.02.07
	Ordenanza reguladora do funcionamento da Casa das Asociacións de Benestar Social	2009.04.30
	Ordenanza de garantía básica cidadá do Concello de Santiago de Compostela	2016.08.31
Secretaría	Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela	2017.10.03
	Regulamento orgánico de goberno e de administración do Concello de Santiago de Compostela	2012.03.06
Réxime interior	Regulamento de provisión de postos de traballo do Concello de Santiago de Compostela	2006.06.22
	Regulamento municipal de seguridade para a protección de datos de carácter persoal	2004.09.24
	Estatuto da capitalidade (Lei 4/2002)	25.06.2002**
	Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Santiago	1997.09.26
	Regulamento de organización e funcionamento da comisión de investigación e resolución de casos de acoso psicolóxico no traballo	2009.08.10

ÁMBITO TEMÁTICO	ORDENANZA	DATA BOP
	Regulamento de utilización do fondo de recursos	-
Relacións veciñais	Regulamento de réxime interno do Consello de Relacións Veciñais	2001.08.21
	Regulamento de participación cidadá	1999.01.09
	Regulamento de elección de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais	2001.08.21
	Regulamento do corpo de Policía Local do Concello de Santiago de Compostela	2013.04.18
Tráfico e Policía local	Ordenanza do sistema de ordenación e regulación do servizo da ORA e aparcamento de residentes	2012.04.23
	Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública	2006.05.22
	Ordenanza reguladora de actividades, instalacións e ocupacións na vía pública do Concello de Santiago de Compostela	2013.01.16
	Decreto sobre a regulación de actividades artísticas temporais en espazos públicos	2013.11.25
Lingua galega	Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago	1989.04.15
	Regulamento do Consello Municipal de Normalización lingüística	2000.09.28
Educación e xuventud	Regulamento do Consello municipal de mocidade do Concello de Santiago de Compostela	2001.11.21
	Regulamento da escola infantil municipal de Conxo	2004.08.11
	Regulamento do Consello municipal de educación do Concello de Santiago de Compostela	2000.11.29
Cultura	Regulamento do Consello de Compostela Cultura	2008.06.19
Contratación, servizos comunitarios e medio ambiente	Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potable	1996.08.16
	Regulamento do servizo de transporte urbano en automóbiles de alugueiro con condutor	1990.09.08
	Regulamento municipal da Praza de Abastos	2006.09.06
	Regulamento do servizo municipal de retirada e transporte de cascallos e de explotación do vertedoiro municipal	1995.05.13
	Regulamento do Mercado de Gando de Santiago de Compostela	2006.09.06
	Regulamento de venda ambulante do Concello de Santiago de Compostela	2013.03.14
	Regulamento do servizo de saneamento	2006.10.25
	Ordenanza xeral reguladora de publicidade estática e dinámica	2005.01.25
	Ordenanza xeral reguladora de protección do medio ambiente urbano. Libros II e III	2007.02.17
	Ordenanza municipal non fiscal reguladora de plantacións forestais e corta de árbores	2002.10.03

ÁMBITO TEMÁTICO	ORDENANZA	DATA BOP
	Ordenanza reguladora do uso de hortas municipais constituídas en espazos públicos e do outorgamento das súas autorizacións de uso	2008.05.16
	Ordenanza do servizo de transporte colectivo en autobús da cidade de Santiago de Compostela	2014.08.04
Contratación, servizos comunitarios e medio ambiente	Ordenanza xeral reguladora de posesión e custodia de animais	2003.06.25
	Ordenanza xeral reguladora de convivencia, residuos e limpeza viaria	2009.04.17
	Regulamento do Consello municipal de medio ambiente	2000.09.19
	Regulamento do cemiterio municipal	2000.03.04
Centros socio-culturais	Regulamento de centros socioculturais	2011.03.25
Atención á cidadanía	Instrución para a aplicación do capítulo IV (queixas e suxestións) do Regulamento do Pleno	2008.12.01*

*Data de aprobación en pleno municipal. **Data de publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG)

Destaca, por tanto, dentro do catálogo de ordenanzas municipais, o conxunto formado polas pertencentes ao ámbito do urbanismo, que configuran un grupo de 16 ordenanzas moi actualizadas, xa que corresponden todas elas ao período 2006-2017. De tal forma que o urbanismo resulta ser unha cuestión fortemente regulada no Concello de Santiago de Compostela e que destaca pola súa orientación á rehabilitación e mantemento das edificacións existentes, en coherencia co extraordinario valor patrimonial do parque edificatorio co que conta a cidade. Dentro deste grupo, tamén teñen unha grande importancia as ordenanzas relacionadas coa regulación de usos no espazo público e o ornato de bens inmobles e actividades. Isto último probablemente sexa consecuencia do marcado carácter turístico da cidade, e explique a razón pola que, con todo, só existe unha ordenanza concreta no ámbito do turismo, xa que se entende que a regulación destas actividades se debe producir a través da normativa urbanística.

Outro ámbito fortemente regulado é o formado pola contratación, servizos comunitarios e medio natural, tamén con 16 ordenanzas. Neste caso trátase dun conxunto de normas moito máis desactualizado, varias delas das décadas de 1990 e 2000, polo que se fai necesaria unha actualización normativa que incorpore novas preocupacións, como a adaptación e mitigación do cambio climático ou a economía circular. Algo similar ocorre coas catro ordenanzas relativas a relacións veciñais, con normas de 1999-2001 que non integran unha visión contemporánea da participación pública, desde un punto de vista máis deliberativo.

En canto ao grupo dedicado a tráfico e Policía Local, poderíase dicir que, aínda que se trata de normas relativamente recentes (2006-2013), adoecen dunha visión excesivamente enfocada ao tráfico e á circulación fronte á perspectiva máis ampla da mobilidade e o espazo público.

Finalmente, débese destacar o ámbito dos servizos sociais, bastante desenvolto e relativamente actualizado. Aínda que, sendo conscientes do perfil demográfico do municipio, probablemente reclame un desenvolvemento máis amplo das temáticas relacionadas coa inclusión e os servizos ás persoas maiores. Así mesmo, resulta rechamante o escaso desenvolvemento regulatorio dedicado ao campo da cultura, de grande importancia para a cidade.

Ademais, o Concello conta coas seguintes ordenanzas fiscais:

Nº ORDENANZA	ORDENANZA	DATA BOP
0.00	Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público	-
1.01	Imposto sobre bens inmobles	-
1.02	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	-
1.03	Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana	-
1.04	Imposto sobre construcións, instalacións e obras	-
1.05	Imposto sobre actividades económicas	-
2.06	Contribucións especiais	-
3.07	Taxa pola expedición de documentos administrativos	-
3.08	Taxa pola licenza de autotaxi e demais vehículos de alugueiro	-
3.09	Taxa polas licenzas e outros servizos urbanísticos	-
3.10	Taxa pola apertura e verificación de establecementos	-
3.11	Taxa polo servizo de extinción de incendios	-
3.12	Taxa de Cemiterio Municipal	-
3.14	Taxa polo saneamento e depuración de augas residuais	-
3.15	Taxa pola subministración de auga e conservación de contadores	-
3.16	Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos	-
3.17	Taxa polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais	-
3.18	Taxa pola retirada e recollida de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais	-

3.24	Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal	-
3.25	Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral	-
3.26	Taxa pola prestación de servizos especiais de vixilancia de espectáculos e transportes	-
3.28	Taxa pola prestación de servizos municipais asociados á celebración de matrimonios civís	-
3.29	Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil	-
3.30	Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar	-
4.27	Prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades nos pavillóns deportivos	-
4.30	Prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música	-
4.31	Prezo público pola venda de libros, impresos e publicacións e pola realización de actividades, xornadas, cursos ou similares	-

En canto ás ordenanzas fiscais, pódese dicir que a cidade conta cun catálogo completo, pero escasamente innovador na integración de novas perspectivas, como poden ser as climáticas, ambientais, de xénero etc., que combinen as penalizacións e os incentivos para favorecer determinados eixes de transformación da cidade. Neste sentido, a instrución sobre contratación intelixente, responsable, integradora e sostible (cláusulas IRIS) derivado da Axenda 2030 da cidade supoñerá un paso moi positivo. Por outra banda, tamén sería conveniente un desenvolvemento máis amplo das contribucións (fronte aos impostos e taxas) como mecanismos para a recuperación de plusvalías nun contexto no que a transformación da cidade existente debe primar sobre o crecemento urbano.

10.1.2. Planeamiento urbanístico municipal

O Concello de Santiago de Compostela conta cun Plan xeral de ordenación municipal aprobado no ano 2007 (DOG do 22 de outubro de 2007) e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, pero non á recente Lei 2/2016, de febreiro, do solo de Galicia e ao seu regulamento (Decreto 143/2216, do 22 de setembro).

Trátase dun plan xeral que revisa o de 1990 e que, a pesar de ser aprobado nun contexto de burbulla inmobiliaria, formulaba unha previsión de crecemento razoablemente contida. Con todo, non esgotou as súas previsións e o solo clasificado como urbanizable parece suficiente para cubrir a demanda efectiva durante os próximos anos. As escasas perspectivas de crecemento si poden significar unha dificultade para que o sector público poida capturar plusvalías que axuden aos procesos de transformación urbana, que se deberán focalizar máis sobre a cidade existente.

O modelo urbano proposto no Plan, máis alá do seu estado de adaptación á cambiante lexislación urbanística autonómica, considérase vixente nas súas liñas mestras e aliñado cos obxectivos da Axenda Urbana Española, debido á importancia conferida ao vector ambiental e á aposta pola cidade compacta e multifuncional.

10.2. PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, TRANSPARENCIA E GOBERNANZA

10.2.1. Participación cidadá e orzamentos participativos

O Concello comezou en 2015 un proxecto piloto de orzamentos participativos; esta proba piloto estaba dirixida á mocidade, que puido decidir en que se gastaban 100 000 € do orzamento municipal do ano 2016, baixo o nome “A mocidade compostelá decide”. Para o proceso do ano 2016, destinado a decidir o orzamento de 2017, ampliouse este proceso á sociedade en xeral, para o que se habilitou unha web específica (<https://decide.Santiagodecompostela.gal/> - /) para os orzamentos participativos. Definiuse un orzamento global de 1100 000 €, con 100 000 € a maiores, destinados a actividades para a mocidade, a semellanza do proxecto piloto. Este modelo de orzamentos participativos, de maneira resumida, consta de catro fases diferenciadas:



- **Recollida de propostas:** calquera persoa rexistrada na web municipal de orzamentos participativos ou a través das diferentes asembleas que se realicen ao longo da cidade durante o período pode presentar unha proposta de actuación para someter a votación.
- **Recollida de apoios:** tras o peche do período de recollida de propostas, ábrese un tempo de votación en liña, a través da mesma páxina, para votar as diferentes propostas presentadas na fase anterior. As que máis votos obteñan pasan á seguinte fase.
- **Avaliación técnica:** persoal técnico municipal avalía as propostas que máis apoios solicitaron e clasifícanas en viables ou non viables, e asígnanlles, en caso de ser viable, un orzamento estimado para a súa realización.
- **Decisión:** tras a avaliación técnica, ábrese o proceso de votación definitivo entre as propostas que foron consideradas viables polo persoal técnico municipal. A votación lévase a cabo de maneira en liña ou presencial a través das diferentes asembleas. O límite para o número de propostas que se inclúan no orzamento municipal está no límite de gasto asignado a cada edición de orzamentos participativos. As máis votadas entrarán no orzamento do Concello que se presenta e debe ser aprobado polo Pleno municipal. Cada persoa debe votar un mínimo de tres propostas e un máximo de cinco, en orde de importancia.



A continuación, detállase o orzamento que o Concello de Santiago de Compostela puxo ao dispor da cidadanía a través deste programa. Os anos refírense a cando se realiza o proceso participativo, de forma que os resultados se aplican aos orzamentos do ano seguinte. Diferénciase entre investimento e actividade:

- **Investimento:** todo aquilo que o Concello pode adquirir cando a súa duración prevista é superior a un ano. Para que poidan ser admitidos neste proceso, deben de ser competencia municipal, non infrinxir ningunha lei en vigor e o seu valor non pode ser superior ao valor total do orzamento dispoñible para o programa.
- **Actividade:** gasto corrente destinado ao consumo de bens e servizos, que se desenvolve en 12 meses ou menos e que pode incluír gastos de adquisición de bens ou servizos externos.


Para unha repartición equitativa dos investimentos en todo o municipio, a partir da edición de 2017, realizouse unha división da cidade en zonas. A zona rural da cidade, por motivos de desigualdade, sempre tivo unha porción de orzamento dentro deste programa, mentres que o resto das zonas da cidade foron rotando segundo as edicións. A maior partida da categoría de investimentos vai destinada ás que comprenden o total da cidade.

Así mesmo, desde a experiencia piloto de 2015, dótanse dun orzamento de 100 000 € as actividades relacionadas coa mocidade e a partir do 2017, a mesma cantidade destinouse para decidir actividades nas festas do apóstolo.


	2015 (Piloto)	2016	2017	2018
Inversiones en toda la ciudad	-	1.000.000 €	400.000 €	400.000 €
Inversiones en la zona norte	-	-	225.000 €	-
Inversiones en la zona este	-	-	-	225.000 €
Inversiones en la zona sur	-	-	225.000 €	-
Inversiones en la zona noroeste	-	-	-	225.000 €
Inversiones Rural	-	-	-	450.000 €
Inversiones rural norte	-	-	225.000 €	-
Inversiones Rural sur	-	-	225.000 €	-
Actividades para la juventud	100.000 €	100.000 €	100.000 €	100.000 €
Fiestas del Apóstol	-	-	100.000 €	100.000 €
TOTAL	100.000 €	1.100.000 €	1.500.000 €	1.500.000 €

Orzamento detallado dos orzamentos participativos. Fonte: elaboración propia a partir dos datos das edicións.

A porcentaxe de investimento decidido pola cidadanía a través dos orzamentos participativos respecto aos investimentos municipais reais, reflectidos nos orzamentos consolidados de cada ano, foi aumentando paulatinamente con cada edición de orzamentos participativos:



O número de propostas presentadas na primeira fase dos procesos participativos experimentou un aumento exponencial entre 2016 e 2017, para reducirse lixeiramente na edición de 2018, cando se decidía o orzamento de 2019. Este número inicial vai diminuindo a través das distintas fases do proceso, ata chegar á votación final, na que se poden chegar a votar un total aproximado de 140 propostas.



A participación nestes procesos tamén experimentou un incremento segundo se ían sucedendo novas edicións dos orzamentos participativos. Para ter dereito a votar, é necesario ter máis de 16 anos (con idade límite de 35 anos para participar no orzamento específico para a mocidade) e estar empadroado na cidade ou cursar estudos en calquera centro educativo do municipio, incluída a USC. En total, entre as tres edicións celebradas ata o momento, **o número de persoas con dereito a voto nestes procesos participativos ascendeu a 4753 persoas, o que supón arredor do 5 % da poboación empadroada en Santiago de Compostela.**

Proceso	Nuevas inscripciones	Participantes totales	Votos emitidos	Votos sobre participantes totales (%)
2016	1.726	1.726	1.498	87%
2017	1.850	3.576	2.054	57%
2018	1.177	4.753	2.502	53%

O número de votos emitidos aumentou ao longo destes procesos participativos, pero ao comparar estes cos votantes totais rexistrados no sistema vese que a porcentaxe de participación das persoas rexistradas foi diminuíndo segundo se ían sucedendo novas edicións. Para a edición de 2018, pouco máis da metade das persoas que podían votar exerceron o seu dereito, o que **en termos prácticos supuxo que o 2,5 % da poboación empadroada en Santiago de Compostela decidiu o 27 % do orzamento de investimentos reais do Concello para orzamento de 2019.**

En canto ao número de propostas elixidas ao longo das edicións, que depende da partida destinada aos orzamentos participativos e do custo de execución de cada unha das propostas, percíbese que o número de opcións elixidas nos distintos procesos participativos foi moi similar. A media de votos recibidos por cada proposta foi superior ao centenar en cada unha das edicións. Foi en 2018 cando máis votos foron necesarios de media para que a proposta resultase elixida. Este dato presenta dous grandes matices: o primeiro é que, ao estar dividido en ámbitos, non se necesita en todos os lugares o mesmo número de votos para que unha proposta resulte elixida; o segundo, que non todos os votos valen o mesmo, xa que cada persoa con dereito a voto debe de elixir como mínimo tres opcións, indicando a súa preferencia por cada unha das opcións que apoia e, en función de en que posición elixa unha proposta, asígnaselle un número de puntos diferente (en orde descendente de 5 a 1). Así, é perfectamente posible que unha proposta con menos votos “brutos” sexa elixida en detrimento dunha con máis votos, pero menos puntos. O custo estimado de cada unha das propostas elixidas estivo cerca dos 70 000 € nas dúas primeiras edicións e algo menor na terceira.

Proceso participativo	Nº de propostas elegidas	Promedio de votos por proposta	Costo estimado promedio por proposta
2016	25	111	69.108,10 €
2017	24	108	74.475 €
2018	24	147	62.419,47 €

Media de propostas elixidas, votos por proposta e custo estimado das propostas elixidas nos distintos procesos participativos. Fonte: elaboración propia a través dos datos de Compostela Decide.

Con los datos expuestos, se puede hacer un balance de la experiencia de los presupuestos participativos en Santiago de Compostela:

Se trata del ayuntamiento con mayor inversión participativa por habitante de Galicia.

- **Escasa participación respecto á poboación total da cidade:** o número de participantes rexistrados na plataforma participativa foi á alza durante cada unha das edicións, pero representa unha porcentaxe modesta respecto á poboación empadroada.
- **Abstencionismo:** a porcentaxe de persoas que exerceron o seu dereito a voto fronte ao total de persoas que teñen dereito a votar inscritas na plataforma sufriu un descenso ao longo das distintas edicións do proceso participativo.
- **Baixo número de votos necesarios para que as propostas saian elixidas:** cos matices anteriormente descritos, o número de votos necesarios para que un proxecto saia elixido é moi baixo, o cal pode ser un punto a favor, xa que permite que haxa oportunidades para cada proposta, pero ao mesmo tempo supón unha debilidade, pois provoca que o proceso sexa moi susceptible a campañas organizadas que, dado o carácter vinculante dos orzamentos participativos, poden dar lugar a investimentos “absurdos”, de alcance moi limitado ou de escaso interese para a gran maioría da poboación.

Adicionalmente, revisando os investimentos que resultaron elixidos ao longo dos distintos procesos realizados, detéctanse algunhas propostas que, aínda que foron declaradas viables (de acordo cos criterios recollidos no regulamento dos orzamentos participativos), atendendo a criterios de planificación urbana, poden ser desaconsellables. Este podería ser o caso da proposta elixida en 2018, “Centro sociocultural en Galeras”, cun investimento estimado de 225 000 €. A rede de centros socioculturais de Santiago alcanza xa os 44 e estase estudando unha reorganización ou conversión dalgúns deles, polo que engadir un novo centro sociocultural non parece algo recomendable, aínda que a súa construción sexa abordable en termos económicos. O mesmo ocorre con diversas propostas rexistradas, que poden supoñer unha alteración da mobilidade na cidade, como carrís bici ou peonalizacións, nas que se deberían ter en conta factores máis globais para determinar a viabilidade.

En canto ao proceso e a plataforma participativa, en Santiago de Compostela optouse por un modelo de orzamentos participativos mixto, no que a presencialidade desempeña un papel importante no proceso. Así mesmo, un grupo motor, composto principalmente por asociacións, que dá o visto e prace ao regulamento, dinamiza a participación, promove a reflexión colectiva, identifica as necesidades xerais, avalía o proceso e dá orientacións para anos futuros. Así mesmo, existe unha comisión de seguimento que vela polo desenvolvemento e a execución das propostas aprobadas e fai un seguimento global dos orzamentos participativos.

A plataforma queda como un lugar en liña, para visualizar e votar as propostas (aínda que tamén se pode realizar de maneira presencial), cunha visión xeral do proceso. Na análise comparada con outras plataformas, vemos que a de Santiago non dá acceso (sen necesidade de estar rexistrado polo menos) aos comentarios realizados polo persoal técnico municipal na fase de valoración, como si ocorre na plataforma participativa da Coruña.

Tras este breve balance, e a pedimento dun documento que analice pormenorizadamente a experiencia dos orzamentos participativos na cidade compostelá, identifícanse varios puntos de mellora (PM) na experiencia participativa, para os cales se suxiren estes cambios:

- PM1: Aumentar a participación e concienciar da importancia dos orzamentos
- PM2: Engadir máis requisitos que os económicos para declarar viables proxectos de grande investimento ou que poidan ter un efecto global na cidade, como edificios municipais, elementos que afecten á mobilidade...
- PM3: Mellorar o acceso á información referente aos orzamentos participativos, cifras, informes de técnicos e un maior acceso á información despois de saír elixida: prazo de execución, orzamento final, contratista...

10.2.2. Datos abertos. Sistema de información xeográfica municipal

O Índice de Transparencia dos Concellos (ITA), elaborado por Transparencia Internacional España, conta con 80 indicadores relativos á Lei de transparencia, divididos en seis grandes áreas: Transparencia activa e información sobre a corporación municipal (21 indicadores); páxina web, relacións cos cidadáns e a sociedade, e participación cidadá (15 indicadores); transparencia económico-financeira (11 indicadores); transparencia nas contratacións, convenios, subvencións e custos dos servizos (12 indicadores); transparencia en materias de urbanismo, obras públicas e medio (12 indicadores); e dereito de acceso á información (9 indicadores).

Cubrir a información de cada un dos indicadores admite tres valores numéricos: 0, se o descrito no indicador non se cumpre; 0,5 se se cumpre parcialmente; e 1 se se cumpre. Ao finalizar de cubrir a información, estes valores súmanse e, en función da puntuación total obtida, Transparencia Internacional valóraos entre 1 e 100, e elabora unha clasificación, tanto a nivel global, como a nivel de cada unha das áreas.

En 2017, último ano de publicación deste índice ata a data, Santiago obtivo 91,9 puntos a nivel global (por riba da media, que ese ano foi de 89,7), polo que se situou na posición 66 da clasificación dos 110 concellos analizados. As puntuacións por área foron as seguintes:

ÁREAS DE TRANSPARENCIA	PUNTUACIÓN MEDIA (Entre 1 e 100)
Transparencia global:	91,9
A) Transparencia activa e información sobre a corporación municipal	85,7
B) Páxina web, relacións coa cidadanía e a sociedade, e participación cidadá	93,3
C) Transparencia económico-financeira	100,0
D) Transparencia nas contratacións, convenios, subvencións e custos dos servizos	87,5
E) Transparencia en materias de urbanismo, obras públicas e medio	100,0
F) Dereito de acceso á información	88,9

Fonte: Transparencia Internacional

A gran marxe de mellora de transparencia para o Concello de Santiago situábase en 2017 na área de transparencia activa e información sobre a corporación municipal, na que non só obtén a súa peor puntuación media, senón que se sitúa 7 puntos por debaixo da media global dos concellos. Na páxina web do Concello ofrécese un portal específico para datos abertos (<https://datos.Santiagodecompostela.gal/es>), dividido en 22 categorías de datos e que ofrece 59 conxuntos de datos diferentes, que se van actualizando periodicamente. Estes datos ademais teñen habilitados unha API de CKAN, que lles permite aos desenvolvedores acceder a eles e actualizalos de maneira automática.



Categorías do portal de datos abertos de Santiago de Compostela. Fonte: captura de pantalla do portal

Desta experiencia cos datos abertos, xurdiu a maiores a app maisbus, que permite coñecer os itinerarios de transporte de autobuses de Santiago de Compostela, así como as paradas e o horario a tempo real.

Outra funcionalidade de datos abertos do Concello é a páxina de orzamentos abertos, que permite coñecer en detalle o orzamento municipal, xa sexa como unha visión global, o referente a políticas concretas, a pagos ou investimentos, e un visor sobre en que se gasta o diñeiro dos impostos do contribuínte. Isto é accesible a través da páxina web <https://orzamentoaberto.Santiagodecompostela.gal/gl/>

A cidade tamén conta co seu propio sistema de información xeográfica municipal, o chamado Xeoportal (<https://xeoportal.Santiagodecompostela.gal/>). Este portal está dispoñible en tres idiomas, castelán, galego e inglés, e está dividido en varias categorías, que se mostran e detállanse a continuación:



Menú principal do Xeoportal do Concello de Santiago de Compostela. Fonte: captura de pantalla do portal

- **Visor web:** ferramenta de visualización que permite ver e analizar a información xeográfica do concello de Santiago de Compostela. Ofrece unha visualización flexible das capas da cartografía municipal, PXOM, catastro ou da rede de servizos, e permite a procura concreta dun enderezo ou unha referencia catastral.
- **Destacados:** permite ver e localizar unha serie de capas de información xeográfica, como a regulación dos usos do solo, o mapa escolar, a titularidade das vías ou os parques públicos, que non aparecen directamente no visor.
- **Descarga:** permite descargar cartografías de catro categorías diferentes (cartografía, histórica, plan e servizos).
- **Plan urbanístico:** visor do PXOM coas capas do plan, ortofotos e servizo WMS da Dirección Xeral do Catastro. Tamén dá acceso ao visor de urbiThings e ás últimas novidades en planeamento do Concello.
- **Ligazóns:** permite acceder a ligazóns referidas a datos espaciais non contidos no Xeoportal, pero que poden ser complementarios e de interese.
- **Servizos OGC:** permite consultar os enderezos dos servizos web dispoñibles no Concello, como servizos de mapas web (WMS) ou servizos web de catálogo (CSW).

10.2.3 Gobernanza multinivel

O **Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela** nacia en 1991 (RD 260/1991, BOE 05.03.1991) como reformulación dun organismo similar que existía desde 1964. Está adscrito administrativamente ao Ministerio de Facenda. A presidencia de honra correspóndelle ao rei de España e a presidencia ao presidente do Goberno. Son tamén membros os ministros/as de Cultura e Deportes, Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, Fomento, Economía e Empresa, Facenda, o presidente da Xunta de Galicia, o delegado do Goberno en Galicia, o arcebispo de Santiago, o reitor da USC e o alcalde de Santiago de Compostela.

O seu obxectivo é o de impulsar e coordinar todas as accións que deban realizar en Santiago de Compostela as administracións e entidades que o compoñen, dirixidas á preservación e revitalización do patrimonio cultural da cidade, nos seus aspectos histórico-artísticos e arquitectónicos, á difusión dos valores europeístas e ao desenvolvemento e potenciación das actividades turísticas e culturais vinculadas ao itinerario xacobeo.

Para conseguir estes obxectivos o Real Padroado promove a execución de obras, servizos e instalacións en xeral, a construción e establecemento de medios adecuados de transporte e comunicación urbanos e interurbanos, así como a promoción de iniciativas e proxectos culturais dirixidos á potenciación da cidade na súa condición de lugar de encontro europeo.

O **Consortio de Santiago** créase en 1992 como órgano executor das accións marcadas polo Real Padroado. Ten a condición de entidade de dereito público de carácter interadministrativo, de titularidade municipal, con personalidade xurídica propia e con patrimonio propio. Está presidido polo alcalde de Santiago e forman parte del representantes das diferentes administracións públicas do Real Padroado. Os seus órganos de goberno e administración son o Consello de Administración, a Comisión Executiva, a Presidencia e a Xerencia.

Como ente interadministrativo desenvolve políticas de recuperación urbana, de actualización de infraestruturas e equipamentos e de recuperación do espazo público, para a conservación e posta en valor do patrimonio histórico na convicción de que este pode ser o motor da transformación contemporánea da cidade. Ademais, o Consorcio promove políticas de acción cultural e de estudo e interpretación da historia da cidade e do fenómeno xacobeo. O compromiso cooperativo das administracións públicas implicadas responde ao obxectivo de articular un proxecto urbano de fortalecemento social, cultural e turístico para a capital de Galicia. Forman parte do seu patrimonio o Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, o Multiúsos Fontes do Sar, a nova sede do Museo das Peregrinacións e de Santiago, a Casa do Cabido, o parque de Vista Alegre, a Escola de Altos Estudos Musicais, a Casa de Europa, o Centro de Estudos Avanzados, o Museo de Historia Natural, o Albergue de Peregrinos de San Lázaro e o parque forestal da Selva Negra-Monte Pedroso.

Creado no marco da crise sanitaria provocada pola covid-19, o **Consello Económico e Social**, constituído o 22 de xuño de 2020, pretende ser o motor da acción política e o consenso en Santiago de Compostela, ao servir de ponte entre a Administración municipal e o resto de actores relevantes a nivel local. Está presidido polo alcalde de Santiago de Compostela, e integrado polos grupos políticos municipais, a Universidade de Santiago de Compostela, sindicatos (UXT, CC. OO., CIG, Unións Agrarias e Sindicato Labrego Galego) e entidades comerciais e empresariais (Compostela Monumental, Área Empresarial do Tambre, Asociación Punto Compostela, Fundación Santiago Centro, Hostalería Compostela, Confederación de Empresarios de Galicia, Cámara de Comercio e Círculo Financeiro de Santiago).

Conta con catro grupos de traballo, entre os que destaca a Mesa de Formación e Inserción Laboral, para a identificación da demanda laboral e a formulación de actividades formativas ao redor dela, e os grupos interconectados de cohesión territorial, económica e social. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Recibir información sobre os criterios e as liñas xerais do anteproxecto de orzamento municipal para os efectos do seu coñecemento en relación coas materias socioeconómicas.
- Elaborar informes, ditames ou estudos, de oficio ou a instancia do Concello de Santiago, en calquera asunto de carácter económico e social.
- Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no debate de asuntos de transcendencia nos ámbitos económicos e sociolaborais, co fin de potenciar o desenvolvemento económico e a creación de emprego, a implantación de novas actividades e o desenvolvemento das xa existentes.
- Propoñer solucións e criterios de actuación orientados á promoción económica e á creación de emprego no municipio de Santiago.
- Coñecer as medidas de planificación económica e social que se elaboren polo Concello de Santiago e que afectan de forma xeral aos intereses do municipio.
- Emitir anualmente, dentro do primeiro semestre de cada ano, un informe sobre a situación económica e social do municipio.


O **Consello Municipal de Turismo e Cidade** naceu en 2016 (BOP 26.05.2016), substituindo o Consello Sectorial de Turismo (BOP 11.11.2008), que levaba sen reunirse desde xullo de 2010. Xorde como un instrumento para o diálogo, a colaboración e o asesoramento da política turística municipal, e configúrase como un órgano de participación e debate no proceso de toma de decisións da política turística local. Ten o obxectivo de incrementar a cooperación entre os diferentes axentes públicos e privados de diversos ámbitos (transporte, aloxamentos, gastronomía, oferta complementaria, infraestructura, servizos públicos, promoción, comercialización etc.) que participan na cadea do sistema turístico, de maneira que actúen cuns obxectivos e estratexias comúns e con actuacións coordinadas (por exemplo, na configuración dos negocios e produtos turísticos e na súa promoción e comercialización), para garantir a calidade e a competitividade turística da cidade. Entre as súas funcións están as seguintes: servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no desenvolvemento da política turística do Concello de Santiago; propoñerlles aos órganos municipais competentes criterios de actuación no desenvolvemento do turismo e participar no seguimento da xestión

municipal; informar e ser informado sobre temas específicos do sector e propoñer alternativas aos problemas existentes na área de turismo; emitir informes, formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais correspondentes; presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello ou establecer canles de relación con outras administracións e organizacións relacionadas co turismo.

O Pleno é o seu órgano de decisión e formación da vontade do Consello. Está formado polo alcalde-presidente da corporación e por representantes dos grupos municipais e veciñais, o director-xerente de INCOLSA, a Catedral de Santiago, a Cámara de Comercio, a asociación/colectivo máis representativo do sector hostaleiro/hospedaxe, a asociación/colectivo máis representativo do sector da restauración, a USC, a Axencia de Turismo da Xunta de Galicia, o técnico da Concellería de Promoción Económica, Comercio, Emprego e Turismo, o responsable técnico do Plan de xestión da cidade histórica, o sector dos congresos (Santiago de Compostela Convention Bureau), o Centro de Estudos Turísticos da USC, os cursos internacionais da USC, o sector cultural da cidade (Xerencia do Auditorio

de Galicia), os guías turísticos (APIT Galicia), AGAVI, asociacións de comerciantes da cidade, Cidade da Cultura, as organizacións de representación das persoas consumidoras e usuarias que inclúan no seu ámbito de actuación os servizos turísticos e un experto en turismo designado polo propio Pleno do Consello.

O **Consello Municipal de Medio Ambiente** (BOP 19.09.2000) é o instrumento clave de participación e debate dos diferentes actores sociais de Santiago e canle de transmisión das inquietudes da poboación relacionadas co medio. Conta con comisións de traballo para temas específicos para gañar en operatividade. Nestas comisións, elabóranse as propostas que posteriormente serán elevadas á reunión do Consello. Este órgano de participación está formado por máis de 30 persoas para favorecer a representatividade e o consenso. É función dos membros do Consello propoñer alternativas concretas aos problemas ambientais existentes para que logo sexan tratadas polos órganos municipais competentes.



O **Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade** (BOP 13.03.2012) ten por obxecto servir de órgano consultivo e de participación no ámbito dos servizos sociais en todas as cuestións referentes ás súas competencias e buscar a mellor solución para conseguir a maior calidade de vida para o conxunto da cidadanía. Os membros deste consello son estes: o alcalde ou alcaldesa (ostentando a Presidencia), o concelleiro/a que teña atribuídas as competencias en familia, benestar social, muller e emprego (vicepresidencia), o/o secretario/a xeral do concello (secretaría) e unha serie de vogais que representan os grupos políticos da corporación, os sindicatos con representación, a Administración autonómica con competencias nas materias, a Cámara de Comercio e Confederación de Empresarios, a Universidade de Santiago, os colexios profesionais de avogados, psicólogos, traballadores sociais e educadores sociais, as forzas e corpos de seguridade, a Administración de xustiza e as federacións, confederacións e asociacións máis representativas. O Consello conta con sete comisións sectoriais: familia, infancia e mocidade; emprego; igualdade e muller; emigración e inmigración; discapacidade; maiores; e saúde. Os seus fins son canalizar a participación da cidadanía a través das entidades, organizacións e institucións máis representativas nos sectores de actuación da Concellería; promover e facilitar o intercambio e a posta en común para propoñer solucións ante as novas necesidades que xurdan; e promover o carácter integral das políticas nestas áreas de actuación e facilitar a súa coordinación e transversalidade.

O **Consello de Relacións Veciñais** (BOP 21.08.2001) trata de garantir a participación e a decisión dos veciños na xestión dos asuntos municipais, desde un enfoque de equidade, solidariedade, cooperación e inclusión social. Canaliza as peticións e as consultas da cidadanía e dos colectivos e entidades, e rexistra as súas peticións, queixas, suxestións, iniciativas e propostas, realizando os trámites administrativos necesarios. É o departamento encargado de habilitar as diversas fórmulas para dinamizar a participación da cidadanía.

O **Consello Municipal da Mocidade** (BOP 21.11.2001) é un organismo de asesoramento, consulta, proposta e participación da xuventude no ámbito territorial do municipio. De acordo con o seu carácter esencialmente participativo e a finalidade prevista, a súa actuación refírese a cuestións tales como promover o coñecemento mutuo e o debate entre as diversas entidades xuvenís nos ámbitos que lle son propios (emprego, uso de espazos, orientación profesional, saúde, cultura, deporte, educación, lecer etc.); servir de canle de mediación cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para a mocidade; analizar as súas necesidades e demandas para propoñer respostas desde a Administración local; propoñer actuacións e acordos entre as distintas áreas municipais e a calquera institución que incida coas súas accións no sector xuvenil; promover o asociacionismo xuvenil no municipio etc.

O **Consello Municipal de Saúde** é un órgano colexiado de participación para a consulta e seguimento da xestión sanitaria no ámbito municipal. O seu regulamento data de 2003 e está formado polo alcalde, a concelleira de Políticas Sociais e representantes dos grupos da Corporación, a administración sanitaria da área de Santiago e da Xunta de Persoal, os colexios profesionais de médicos e psicólogos, as asociacións de persoas usuarias e o Consello de Relacións Veciñais. En 2019 aprobou o Plan integral de atención ás persoas sen fogar e a longo prazo deberá elaborar un plan municipal de saúde.

O **Consello Municipal de Educación** (BOP 29.11.2000) ten como finalidade o asesoramento, consulta,

proposta e participación sobre educación non universitaria no municipio. A súa actuación refírese a cuestións como os convenios e acordos de colaboración coa Consellería ou calquera outra Administración; actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos e extraescolares, ou acerca da ocupación real das prazas escolares; emprazamento de centros docentes no municipio; programas de conservación, vixilancia e mantemento dos centros docentes, fomento de actividades, programación de investimentos etc.

Outros instrumentos son o Consello de Compostela Cultura (BOP 29.05.2008), cuxo obxectivo é o seguimento da política cultural que se desenvolve no ámbito municipal; o Consello Municipal de Normalización Lingüística (Pleno 28.09.2000) que ten como finalidade promover o diálogo social sobre a política lingüística; o Consello Municipal de Accesibilidade, que lles dá voz ás entidades vinculadas ás discapacidades sensoriais, psíquicas e cognitivas, e físicas, así como ás enfermidades mentais e aos colexios profesionais de arquitectos, apareladores, psicólogos e informáticos; o Consello Municipal de Cooperación e Solidariedade (BOP 17.07.2018), para o asesoramento e seguimento das accións en materia de cooperación para o desenvolvemento, educación para a cidadanía global e acción humanitaria; e o Consello Municipal de Persoas Maiores, que se dissolveu en 2012 pero que desde a Axenda 2030 se propón a posibilidade de recuperar, dada a dimensión deste grupo poboacional en Santiago.

Por último, o **Consello Director de Compostela Rupestre**, constituído en febreiro de 2019 polos concelleiros de Santiago, Ames, Brión, Teo e Val do Dubra e a Deputación da Coruña para levar a cabo o proxecto do Parque Compostela Rupestre, supón unha visión conxunta do territorio, desde o punto de vista do patrimonio e un organismo de cooperación horizontal entre municipios da área urbana compostelá que senta un bo precedente en materia de gobernanza.

B. Datos Descriptivos | B1. Datos Descriptivos AUE

INSTRUMENTOS E GOBERNANZA DATOS DESCRIPTIVOS RELACIONADOS

RANGOS municipios entre
50.000 y 100.000 habitantes

	VALOR	VALOR 1º CUARTIL	VALOR MEDIO	VALOR 3º CUANTIL
D.01 Variación da poboación 2007-2017 %	2.9	0.6	5.6	13.6
D.04 Superficie de solo non urbanizable %	82.7	49.8	72.3	85.1
D.ST.02 Porcentaxe de áreas de solo en desenvolvemento %	31.6	30.8	53.4	99.4
D.ST.03 Porcentaxe de solo urbanizable delimitado %	30.4	22.1	47.4	82.2
D.22 Envellecemento da poboación				
22.22 Índice de envellecemento da poboación (%)	21.1	13.5	16.1	19.7
22.23 Índice de senectude da poboación (%)	19.7	12.9	14.8	19.5
D.37 Figura do plan urbanístico vixente no municipio	PGOM	-	-	-
D.38 Data da figura de plan urbanístico vixente	2008	1994	2001	2007
D.39 Axenda urbana, plan estratéxico e smart cities	-	-	-	-

Os datos descritivos da Axenda Urbana Española para o ámbito da gobernanza destacan no caso de Santiago de Compostela o envellecemento da poboación, con elevados índices de envellecemento e senectude (por riba do terceiro cuartil). Por outra banda, sinálase que o Concello conta cun plan xeral máis recente que a media de cidades españolas.

De cara ao establecemento dun sistema de gobernanza débese garantir que os intereses e as necesidades das persoas maiores estean convenientemente representados nos mecanismos e os instrumentos que se desenvolvan.

B. Datos Descriptivos | B2. Outros Datos

Indicadores REDS relacionados.

En relación coa economía urbana, a Rede Española de Desenvolvemento Sostible dispón dun conxunto relevante de indicadores sobre o municipio de Santiago de Compostela:

Definición	Valor
Participación electoral (1)	68,67 %
Participación e colaboración cidadá (2)	48,48
Solidez e autonomía da institución municipal (3)	65,62 %
Índice de transparencia (4)	33,85
Índice de transparencia económico-financeira (5)	48,15
Proxectos de cooperación e desenvolvemento (6)	0,09 € per cápita
Índice de datos abertos (7)	50
Redes para lograr os Obxectivos (8)	45,13 %
Vivenda protexida	3,77 %

(1) Participación electoral: proporción de participación nas municipais e nacionais de 2019 fronte ao total da poboación censada.

(2) Participación e colaboración cidadá: índice DAM de participación e colaboración cidadá elaborado por Dyntra a nivel municipal.

(3) Solidez e autonomía da institución municipal: proporción orzamentaria entre ingresos de recursos propios fronte ao total dos ingresos.

(4) Índice de transparencia: índice DAM de transparencia municipal elaborado por Dyntra a nivel municipal.

(5) Transparencia económico-financeira: índice DAM de transparencia económico-financeira elaborado por Dyntra a nivel municipal.

(6) Proxectos de cooperación e desenvolvemento: orzamento por habitante destinado a proxectos de cooperación e axudas ao desenvolvemento (2014-2018).

(7) Índice de datos abertos: índice DAM de open data elaborado por Dyntra a nivel municipal.

(8) Redes para lograr os obxectivos: presenza en redes nacionais e internacionais de cidades para lograr os obxectivos relacionados co desenvolvemento sostible.

C. Análise DAFO | c1. Análise Interna

DEBILIDADES Factores limitantes

D1. Desactualización dalgunhas partes concretas do corpo normativo municipal, con escasa incorporación de novas perspectivas conceptuais e/ou técnicas (climáticas, de xénero, diversidade, mobilidade etc.)

D2. Proliferación de normativas dispersas en lugar de ordenanzas que traten de maneira integral grandes ámbitos temáticos e se revisen de maneira recorrente, manténdose constantemente aliñadas aos cambios nos marcos normativos xerais.

D3. Carencia de mecanismos de coordinación horizontal entre municipios da área urbana.

D4. Ausencia dun marco de planificación territorial a escala metropolitana que permita compatibilizar plans municipais.

FORTALEZAS Factores facilitadores

F1. Existencia dun corpo normativo municipal amplo, variado e razoablemente actualizado, especialmente en materia urbanística.

F2. Existencia de instrumentos e experiencias de participación pública que permiten avaliar e corrixir os procesos e expor novas políticas.

F3. Existencia de plataformas de datos abertos, información xeográfica e transparencia que reforzan as posibilidades de alcanzar unha cidadanía informada.

F4. Existencia de organismos de gobernanza multinivel mediante a coordinación vertical entre administracións moi consolidados no tempo e dotados de importantes orzamentos e capacidades executivas, singularmente referido ao Consorcio de Santiago.

F5. Existencia dun amplo abanico de organismos consultivos municipais en diversas temáticas.

C. Análise DAFO | c2. Análise Externa

AMEAZAS Factores limitantes

A1. Risco de abandonar iniciativas de participación cidadá con posibilidades de desenvolvemento, como os orzamentos participativos, debido á insatisfacción coa súa desempeño no pasado recente.

A2. Ausencia de participación pública por descoñecemento entre a sociedade civil das canles existentes.

A3. Risco de ineficacia e de dispersión na toma de decisións pola proliferación de órganos consultivos sen continuidade no tempo e sen unha articulación clara coa xestión municipal cotiá.

A4. Inestabilidade dos marcos legislativos de orde superior, por exemplo, en materia urbanística.

OPORTUNIDADES Factores facilitadores

O1. Posibilidade dun desenvolvemento normativo das contribucións especiais que permita unha recuperación de plusvalías en procesos de transformación urbana da cidade existente ou en casos como a realización de obras públicas que favorezan a adaptación climática e a redución de vulnerabilidade das edificacións e espazos públicos fronte a diversos riscos.

O2. Posibilidade de manter no tempo iniciativas de participación, de difusión de datos abertos e de transparencia que permitan melloras incrementais nos procesos e plataformas implementados e que axuden a consolidar progresivamente hábitos de participación entre a cidadanía.

O3. Posibilidade de dotar o Consello Económico e Social dun certo carácter transversal e de consolidalo como un interlocutor amplamente lexitimado entre a Administración municipal e a sociedade civil.

O4. Posibilidade legal de desenvolver organismos de coordinación horizontal (área metropolitana, mancomunidade, consorcio etc.) con carácter global ou restrinxido a temáticas de interese a escala de área urbana.

D. Diagnóstico: Retos Principais en Materia de Gobernanza

Os aspectos fundamentais do diagnóstico en materia de gobernanza son os seguintes:

RETO

01.

Necesidade establecer certos eixes temáticos (mobilidade, acción climática, economía circular etc.) en materia de ordenanzas municipais, que permitan agrupar regulacións garantindo a coherencia normativa, a capacidade de actualización e adaptación aos cambios lexislativos e facilitar a introdución de novas perspectivas.

O Concello de Santiago conta cun amplo corpo normativo, razoablemente actualizado en ámbitos como o urbanístico, pero desactualizado noutros ou con carencias á hora de incorporar novos marcos conceptuais e/ou técnicos. Existe certo risco de dispersión normativa ao proliferar a regulación de aspectos parciais.

RETO

02.

Posibilidade de utilizar a política fiscal como panca para inducir transformacións e novos hábitos de comportamento entre a cidadanía. Posibilidade dun desenvolvemento normativo das contribucións especiais que faciliten a recuperación de plusvalías en procesos de transformación sobre a cidade consolidada.

As ordenanzas fiscais presentan unha formulación escasamente innovadora e transformadora en relación coas políticas municipais. Nun contexto de escaso crecemento urbano faise difícil para o Concello capturar plusvalías que axuden a financiar os procesos de transformación urbana

RETO

03.

Necesidade de consolidar experiencias de participación para reforzar a sociedade civil e, ao tempo, introducir na Administración municipal unha cultura do seguimento e avaliación de políticas que permita melloras progresivas e incrementais na acción pública.

Existencia de experiencias innovadoras de participación e de mecanismos de transparencia e información que poderían reforzar a sociedade civil compostelá e a lexitimación das institucións municipais.

RETO

04.

Necesidade de explorar fórmulas de cooperación entre municipios da área urbana, institucionalizadas ou non, que permitan reforzar políticas como a planificación territorial, a dotación de servizos, as políticas económicas etc., configurando, xunto coa exitosa gobernanza multinivel, un marco de toma de decisións con capacidade de operar sobre todos os temas fundamentais que afectan á cidade de Santiago.

Existencia dunha gobernanza multinivel exitosa e sostida no tempo, a través do Consorcio de Santiago, que garante unha eficaz coordinación vertical entre Administracións (estatal, autonómica e local) fronte a unha ausencia de experiencia en coordinación horizontal entre municipios.

Axenda Urbana de Santiago

Análise e Diagnóstico



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

